

TESE DE DOUTORAMENTO

ESPAZOS PROTEXIDOS E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL: UNHA ANÁLISE COMPARATIVA DE ESTUDOS DE CASO GALEGOS E INTERNACIONAIS

Daniel del Río Franqueira

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2018



DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE

Espazos protexidos e desenvolvemento territorial: unha análise comparativa de estudos de caso galegos e internacionais

D./Dna. Daniel del Río Franqueira

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

- 1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
- 2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
- 3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
- 4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Santiago de Compostela 10 de outubro de 2018

Firmado por DEL RIO FRANQUEIRA DANIEL -
47380273C el día 10/10/2018 con un
certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Asdo: Daniel del Río Franqueira





AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR / TITOR DA TESE

Espazos protexidos e desenvolvemento territorial: unha análise
comparativa de estudos de caso galegos e internacionais

D./Dna. José Antonio Aldrey Vázquez

D./Dna. Rafael Mata Olmo

INFORMA/N:

*Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna. **Daniel del Río Franqueira**, baixo a miña dirección, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.*

En Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018



Asdo: José Antonio
Aldrey Vázquez

En Madrid, 18 de outubro de 2018



Asdo: Rafael Mata Olmo

DANIEL DEL RÍO FRANQUEIRA

**ESPAZOS PROTEXIDOS E DESENVOLVEMENTO
TERRITORIAL:
UNHA ANÁLISE COMPARATIVA DE ESTUDOS DE
CASO GALEGOS E INTERNACIONAIS**

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2018



Memoria realizada no Departamento de Xeografía da Facultade de Xeografía e Historia, baixo a dirección do profesor Dr. José Antonio Aldrey Vázquez e o Dr. Rafael Mata Olmo, para obter o Grao de Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela.





Á miña nai.



“A educación é o gran motor do desenvolvemento persoal. É a través da educación como a filla dun campesiño pode converterse en médica, o fillo dun mineiro pode converterse en xefe de mina, e o fillo de labregos pode chegar a ser presidente dunha gran nación”

(Nelson Mandela)



Agradecementos

Quizais este sexa o capítulo máis importante da tese, agradecer o apoio de todos aqueles que formaron parte da mesma, en diferentes momentos e lugares.

En primeiro lugar, à miña nai, o referente máis importante da miña existencia. Sen ti nada disto tería sido posible.

Aos meus directores. Aldrey, grazas por acompañarme dende o minuto un. Se non fose pola túa calidade humana e profesional este traballo non tería chegado a bo porto. Grazas por guiarme dende o primeiro momento no que entrei pola porta desta facultade. Grazas a Rafael pola túa colaboración e axuda, e por devolverme a esperanza na Xeografía cando cheguei a Madrid. Non todo estaba perdido.

Grazas a eses profesores do Departamento que foron referente para min, grazas Rafael e Maribel por ensinarme a vivir a Universidade con paixón. Grazas a Alberto por considerarme un compañeiro máis cando me incorporei. Grazas tamén a Mochi por ser o mellor docente deses cinco anos de estudo, e a Marcos, e especialmente a Nue, non puideron ter mellor compañeira de despacho para empezar esta aventura. Grazas a Val por crer en min. Por darme o primeiro empuxón. Por lanzarme ao Xurés e ao Quercy. Por aceptar a miña idea romántica de África. Grazas a Dominic por introducirme no mundo R e Latex. Grazas a José Ignacio por tantos e tantos consellos e debates, por partillar coñecementos. E a Dani por compartir os meus últimos cafés na atalaia.

Grazas aos meus amigos, que son a miña Familia. Aqueles que estiveron sempre: Loli, Jessy e Helena. Dá igual o lonxe que esteamos que sempre estamos cerca. Grazas a Tania por aparecer dende Villasenín e animarme a estudar xeografía. Grazas aos que atopei na facultade: Antía, Helena, Carmeta, Ana, e fóra dela... Marta, David, Adrián, Sandra, Lety. Grazas a Ángel e ás Albas polo seu apoio. Grazas a Sabrina, máximo expoñente da amizade universitaria. Grazas a David

por aparecer na miña Ruta. Grazas a Manu por compartir o Pindo e a comarca comigo. E grazas Marina por ensinarme a *saír do sistema*.

Grazas a Marta por compartir o seu embarazo comigo, e a Mariña 2.0. Se a tese é coma un parto, moito te entendo. Grazas a Ana e a Mariña, sei que non logrades entender o que fago, pero intentádelo. E iso, xa me chega.

Grazas a Jesús por descubrir o Quercy comigo. Grazas pola paciencia e apoio, grazas polas traducións, polos correos e por sempre estar aí. Grazas por desfrutar de tantas paisaxes e cancións xuntos.

Grazas a tódolos que aguantastes a miña convivencia. Grazas a Toño, Alba e Anxo, a familia madrileña. Grazas a Tamara polo deporte, polo Bierzo, e polas infinitas veladas. Grazas a Milu e Mial por formarmos o noso fogar con horta, por aturar tanta inestabilidade, e a Alba polos seus abrazos e traducións.

Grazas, Fran. Grazas polas nosas cápsulas de felicidade. Grazas por vivir comigo o teu nacemento como escritor, e por ensinarme a elixir entre Cabalos e Lobos. Grazas por protexerme dos leóns namibios cando ruxen na noite, mesmo se moitas veces non son os maiores medos.

Grazas a Estevo polas saídas, polas praias e polas desconexións. Grazas por ter sempre un sorriso. Por coñecerte antes de coñecerte.

Grazas a Romana por aturar tódalas miñas inquietudes e disquisicións. Grazas polos codo-barras e por ser o espello no que me miro. Es a Xoia galega. O futuro nunca foi Máis noso.

Merci Toulouse. Grazas á Fundación Barrié pola estancia. Sen o voso apoio non tería sido posible. Merci à Sebastian por axudarme con tódolos trámites, polos teus consellos e atención.

Tangi Windhoek. Grazas a Wilkes pola súa axuda cando me lancei á aventura africana. Grazas Fenny, por mostrarme o teu país e a túa cultura. Es a persoa máis inspiradora que coñezo. E grazas a Laura por facer a miña estancia moito máis fácil. Es o meu sol catalá nas montañas de Spitzzkope.

Mersi Teherán. Grazas Marhaba. Grazas a María e Adrián por compartir comigo a descuberta do mundo persa, os seus recunchos e os seus choques culturais. E a Lucie por facerme sorrir tanto en Farsi.

Seguro que me esquezo de alguén. Non mo teñades en conta. Grazas

ESPAZOS PROTEXIDOS E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL: UNHA ANÁLISE COMPARATIVA DE ESTUDOS DE CASO GALEGOS E INTERNACIONAIS

Os espazos protexidos foron a estratexia empregada por excelencia para loitar contra os problemas derivados da actividade humana, tales como a contaminación, o quecemento global ou a perda de biodiversidade. Cada país foi desenvolvendo as súas figuras específicas de protección, compartindo moitas veces nomenclatura, aínda que obxectivos diferentes.

Tradicionalmente estes espazos viñéronse implantando dende o exterior, sen ter en conta aos habitantes deses territorios, dando lugar a un forte rexeitamento por parte da poboación e a un incremento da conflitividade. Os espazos protexidos vense como algo imposto, que incrementa as restricións e que non contribúe positivamente ao desenvolvemento dos veciños e veciñas. A isto únese que a súa xestión estaba encamiñada á consecucións de obxectivos máis “naturais” como a recuperación de especies ou a restauración de hábitats, limitando ao mesmo tempo as actividades que a poboación local podía realizar. A información e as políticas de comunicación tamén eran deficientes, e dada esa dicotomía entre sociedade e natureza, a poboación apenas tiña cabida nas accións dos xestores.

Co paso do tempo, a filosofía detrás desas figuras de protección foi mudando, ao mesmo tempo que mudaba a visión da relación entre a sociedade e a natureza. Pasouse dunha protección contra á poboación a outra para á poboación, na que aos residentes se lles recoñece cada vez máis o seu papel como actores fundamentais do modelado deses espazos a protexer, incrementando o interese pola parte máis social da conservación. Os espazos protexidos deixan de verse como figuras illadas e búscase unha conexión dos mesmos tanto co sistema territorial no que se inscriben,

como entre eles, creando novas redes internacionais que favorezan o intercambio de experiencias e os nexos existentes entre os mesmos.

O presente traballo achégase a tres modelos de protección, en tres países diferentes, mostrando como se adaptan ao novo paradigma de conservación da natureza, e en que medida recollen nas súas políticas dous dos piares fundamentais nos que se deben sustentar os espazos protexidos: a participación da poboación local tanto na xestión como na planificación, e a utilización destes instrumentos como ferramentas para conducir ao desenvolvemento sostible en xeral, e á mellora do benestar dos veciños en particular. Os tres modelos seleccionados para a análise foron o Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés, situado ao sur da provincia de Ourense, en Galiza; o *Parc Naturel Régional des Causses du Quercy*, no departamento francés do Lot; e a *Conservancy* de Salambala, na rexión namibia de Zambenzi.

A metodoloxía escollida é o método mixto, combinando elementos cualitativos e cuantitativos, empregando os aspectos máis positivos de ambos. Para iso realizamos enquisas e entrevistas, tanto informais como semidirixidas en profundidade, datos que foron analizado a través do entorno de linguaxe R.

Mediante unha comparativa dos tres casos de estudo, a través dunha análise das súas características, da percepción da poboación local e do discurso que se creou sobre os mesmos, búscase coñecer cales deles conseguiron implantarse con maior éxito e crear unha identidade ao redor dos mesmos.

Palabras chave: espazos protexidos, categoría V, parque natural, conservancy, identidade, participación, poboación local.

Cómo citar: Del Río Franqueira, D. (2018): Espazos protexidos e desenvolvemento territorial: unha análise comparativa de estudos de caso galegos e internacionais. Tese de doutoramento, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela.

ESPACIOS PROTEGIDOS Y DESARROLLO TERRITORIAL: UN ANÁLISIS COMPARATIVO DE ESTUDIOS DE CASO GALLEGOS E INTERNACIONALES.

Los espacios protegidos han sido la estrategia empleada por excelencia para luchar contra los problemas derivados de la actividad humana, tales como la contaminación, el calentamiento global o la pérdida de biodiversidad. Cada país ha desarrollado sus figuras específicas de protección, compartiendo muchas veces nomenclatura, aunque objetivos diferentes.

Tradicionalmente estos espacios se implantaron desde el exterior, sin tener en cuenta a los habitantes de esos territorios, dando lugar a un fuerte rechazo por parte de la población y a un incremento de la conflictividad. Los espacios protegidos se ven como algo impuesto, que incrementa las restricciones y que no contribuye positivamente al desarrollo de los vecinos y vecinas. A esto se une que su gestión está encaminada a la consecución de objetivos más “naturales” como la recuperación de especies o la restauración de hábitats, limitando al mismo tiempo las actividades que la población local podía realizar. La información y las políticas de comunicación también eran deficientes, y dada esa dicotomía entre sociedad y naturaleza, la población apenas tenía cabida en las acciones de los gestores.

Con el paso del tiempo, la filosofía detrás de esas figuras de protección fue cambiando, al mismo tiempo que cambiaba la visión de la relación entre la sociedad y la naturaleza. Se pasó de una protección contra la población a otra para la población, en la que a los residentes se les reconoce cada vez más su papel como actores fundamentales del modelado de esos espacios a proteger, incrementando el interés por la parte más social de la conservación. Los espacios protegidos dejan de verse como figuras aisladas y se busca una conexión de los mismos tanto

con el sistema territorial en el que se inscriben, como entre ellos, creando nuevas redes internacionales que favorezcan el intercambio de experiencias y los nexos existentes entre los mismos.

El presente trabajo se acerca a tres modelos de protección, en tres países diferentes, mostrando cómo se adaptan al nuevo paradigma de conservación de la naturaleza, y la medida en la que recogen en sus políticas dos de los pilares fundamentales en los que se deben sustentar los espacios protegidos: la participación de la población local tanto en la gestión como en la planificación, y la utilización de estos instrumentos como herramientas para conducir al desarrollo sostenible en general, y a la mejora del bienestar de los vecinos en particular. Los tres modelos seleccionados para el análisis fueron el Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, situado al sur de la provincia de Ourense, en Galiza; el *Parc Naturel Régional des Causses du Quercy*, en el departamento francés del Lot; y la *Conservancy de Salambala*, en la región namibia de Zambenzi.

La metodología elegida es el método mixto, combinando elementos cualitativos y cuantitativos, empleando los aspectos más positivos de ambos. Para ello realizamos encuestas y entrevistas, tanto informales como semidirigidas en profundidad, siendo los datos analizados a través del entorno de lenguaje R.

Mediante una comparación de los tres casos de estudio, a través de un análisis de sus características, de la percepción de la población local y del discurso que se creó sobre los mismos, se buscará conocer cuáles consiguieron implantarse con mayor éxito y crear una identidad alrededor de los mismos.

Palabras clave: espacios protegidos, categoría V, parque natural, conservancy, identidad, participación, población local.

Cómo citar: Del Río Franqueira, D. (2018): Espazos protexidos e desenvolvemento territorial: unha análise comparativa de estudos de caso galegos e internacionais. Tesis Doctoral, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela.

PROTECTED AREAS AND TERRITORIAL DEVELOPMENT A COMPARATIVE ANALYSIS OF GALICIAN AND INTERNATIONAL CASE STUDIES

Protected areas have been the main strategy to fight against problems arising from human activity, such as pollution, global warming or loss of biodiversity. Each country has developed its own strategies, often sharing nomenclature, but having different objectives.

Traditionally, these spaces have been introduced from outside without taking into account the inhabitants of those territories. This led to a strong rejection among the population as well as an increase of conflict. Protected areas are considered as something imposed that makes restrictions tighten up and that do not contribute positively to the development of the people. Besides, its management was aimed both at nature conservation and restoration of habitats, limiting the activities the population could do. There was also a lack of information and communication, and given this dichotomy between nature and society, other activities hardly figured at the actions of the managers.

Over time, the philosophy behind these kinds of preservation has changed, while the relationship between society and nature also changed. “A protection against the population” changed to “a protection for the population”, in which people are considered as actors playing a critical role in the shaping of these protected areas. This makes people increase their interest in the most social part of the conservation. Protected areas are not viewed as something isolated anymore. Indeed, it is intended to connect them both with the territorial system they belong and among themselves. As a result, new international networks enhancing the exchange of experiences are created, as well as connections among different areas.

The present work compares how three models of protection -in three different countries- are adapted to the new paradigm for nature conservation. It also analyses to what extent two of their fundamental pillars are taken into account in their policies: 1) The participation of local population both in management and planning and 2) The use of these categories as tools leading to sustainable development, generally and to welfare improvement of the population, particularly. We chose three different models for this purpose: the *Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés*, located in the south of Ourense (Galiza), the *Parc Régional des Causses du Quercy*, situated in the french department of Lot, and the Salambala Conservancy, in the Zambezi region of Namibia.

The methodology used is the mixed method, as it allows us to use the most positive aspects of both the qualitative and quantitative method, as well as to address their deficiencies. I conducted surveys and interviews, both informal and in-depth semi-structured. Data were analysed using R language environment.

Comparing the three case studies through the analysis of their characteristics, the perception of the local population and the discourse created about themselves, we shall determine which of them were more successfully introduced and which of them succeeded in creating an own identity around.

Keywords: protected areas, category V, natural park, Conservancy, identity, participation, local population.

How to cite: Del Río Franqueira, D. (2018): Espazos protexidos e desenvolvemento territorial: unha análise comparativa de estudos de caso galegos e internacionais. Tese de doutoramento, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela.

Índice Xeral

Índice Xeral	xv
Índice de figuras	xxi
Índice de táboas	xxv
Acrónimos	xxvii
1 Presentación	1
1.1 Introducción	1
1.2 Hipótese de partida e obxectivos	3
1.3 Estrutura	4
I ESPAZOS PROTEXIDOS E DESENVOLVEMENTO. UNHA REALIDADE COMPLEXA	5
2 Espazos protexidos. Evolución e contrastes	7
2.1 Relación Ser Humano - Natureza	8
2.1.1 Ética e natureza	8
2.1.2 O novo paradigma	16
2.2 Significado e evolución	21
2.2.1 Definición	21
2.2.2 Evolución	24
2.3 Tipoloxía internacional	28
2.3.1 Categoría Ia	31

2.3.2	Categoría Ib	31
2.3.3	Categoría II	32
2.3.4	Categoría III	32
2.3.5	Categoría IV	33
2.3.6	Categoría V	33
2.3.7	Categoría VI	34
2.4	Outros espazos protexidos	35
2.4.1	A Rede Natura 2000	36
2.4.2	Sitios Ramsar	40
2.4.3	Reservas da Biosfera	42
2.4.4	Patrimonio da Humanidade	43
2.4.5	Xeoparques	45
2.4.6	Parques transfronteirizos	47
2.5	A situación en Galiza, Francia e Namibia	48
2.5.1	España e Galiza	48
2.5.2	Francia	54
2.5.3	Namibia	59
2.6	Conclusións	64
3	Espazos protexidos como ferramenta	67
3.1	O concepto de desenvolvemento sostible e vinculación cos espazos protexidos	68
3.1.1	Historia	69
3.1.2	Un concepto intencionadamente ambigüo	74
3.1.3	Desenvolvemento sostible na lóxica dos espazos protexidos	79
3.1.4	Espazos protexidos como ferramenta para acadalo?	80
3.2	Xestión dos espazos protexidos	86
3.2.1	Planificación	88
3.2.2	Xestión	90
3.2.3	Información	92
3.2.4	Plans	94
3.2.5	Avaliación	96
3.3	A construción social do espazo protexido	98

3.3.1	Recoñecemento da poboación local como centro das políticas de ordenación do territorio e espazos protexidos . . .	98
3.3.2	Recoñecemento dos espazos protexidos como espazos socializados	101
3.4	Retos	108
3.4.1	Diferencias entre a teoría e a realidade do desenvolvemento sostible	108
3.4.2	Carencia ou mal funcionamento dos documentos de xestión	109
3.4.3	Planificación sectorial e non integral	110
3.4.4	Non se ten en conta á poboación nin o lado social da protección	111
3.4.5	Outros problemas de xestión	112
3.5	Conclusións	113
II METODOLOXÍA E ÁREAS DE ESTUDO		115
4	Metodoloxía	117
4.1	O método mixto	117
4.1.1	Saídas de campo	121
4.2	Enquisas	122
4.3	Entrevistas	125
4.3.1	Entrevistas informais	125
4.3.2	Entrevistas semidirixidas en profundidade	126
4.4	Análise de datos	127
4.4.1	Análise descritiva	128
4.4.2	Análise de texto	129
5	Presentación das áreas de estudo	135
5.1	Baixa Limia - Serra do Xurés	135
5.1.1	Localización	135
5.1.2	Medio natural	137
5.1.3	Medio social	138

5.2	Causses du Quercy	143
5.2.1	Localización	143
5.2.2	Medio natural	146
5.2.3	Medio social	147
5.3	Salambala	151
5.3.1	Localización	151
5.3.2	Medio natural	153
5.3.3	Medio social	154
III RESULTADOS E DISCUSIÓN		159
6	Análise de resultados	161
6.1	Enquisas	162
6.1.1	Discusión	179
6.2	Entrevistas: análise estadístico	181
6.2.1	Análise de Tokens	182
6.2.2	Nube de palabras	183
6.2.2.1	Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés	185
6.2.2.2	<i>Parc Naturel Régional</i> des Causses du Quercy	189
6.2.2.3	<i>Conservancy</i> de Salambala	192
6.2.2.4	Discusión	196
6.2.3	Frecuencia de palabras	198
6.2.3.1	Discusión	214
6.3	Análise convencional	215
6.3.1	Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés	216
6.3.1.1	Carencia de discurso único.	217
6.3.1.2	O proceso participativo	223
6.3.1.3	Obxectivos e marco de referencia	237
6.3.1.4	Problemas	243
6.3.1.5	Percepción	252
6.3.1.6	Síntese de ideas	260
6.3.2	<i>Parc Naturel Régional</i> Causses du Quercy	260

6.3.2.1	O Quercy: unha visión unánime	260
6.3.2.2	Un proceso de construción único	264
6.3.2.3	Información e educación: claves no éxito	273
6.3.2.4	O proceso de concertación	279
6.3.2.5	Construción dunha identidade ligada ao patrimonio	281
6.3.2.6	Problemas	288
6.3.2.7	Síntese de ideas	290
6.3.3	<i>Conservancy</i> de Salambala	291
6.3.3.1	Poboación local e percepción da <i>conservancy</i>	291
6.3.3.2	Idea e significado desta figura	296
6.3.3.3	Poboación local: obxectivo central	301
6.3.3.4	Outros obxectivos	306
6.3.3.5	Os beneficios: elemento central do discurso	309
6.3.3.6	Apropiación	312
6.3.3.7	A caza: unha actividade regulada	316
6.3.3.8	Problemas	318
6.3.3.9	Síntese de ideas	321
6.3.4	Discusión	322
7	Conclusións e recomendacións	329
7.1	Conclusions	330
7.1.1	The new paradigm: a theory far from reality.	330
7.1.2	A large number of protected areas which does not always add up.	331
7.1.3	Good management: a key factor for the survival of the park.	333
7.1.4	Sustainable development: who benefits most?	334
7.1.5	The local population: 50 % of the protection.	335
7.1.6	Identity: A key factor. Building <i>parkitants</i>	337
7.1.7	The need for political will and collaboration between civil administrations.	338
7.1.8	Being adaptable: the key to success.	339
7.2	Recomendacións	340
7.2.1	Parque natural Baixa Limia – Serra do Xurés.	341

7.2.2	<i>Parc naturel régional</i> des Causses du Quercy.	343
7.2.3	<i>Conservancy</i> de Salambala	344
7.3	Liñas futuras de investigación	345
	Bibliografía	347
	Índice de apéndices	369
	Apéndices	371



Índice de figuras

2.1	Relación ser humano - Natureza	11
2.2	Royal National park	12
2.3	Evolución espazos protexidos	27
2.4	Superficie protexida a nivel mundial	30
2.5	Sitios e superficie Rede Natura 2000	38
2.6	Número e superficie das ZEPAs	39
2.7	Superficie protexida en España	49
2.8	Superficie protexida en Francia	55
2.9	Superficie protexida en Namibia	61
3.1	Obxectivos do desenvolvemento sostible	78
4.1	Estratexia	121
5.1	Localización do parque natural Baixa Limia - Serra do Xurés	136
5.2	Figuras de protección na Baixa Limia Serra do Xurés	136
5.3	Vaca de raza cachena no Xurés	140
5.4	Paisaxe de Olelas	141
5.5	Sebes tradicionais	141
5.6	Aldea en Muños	142
5.7	Localización das Causses du Quercy	144
5.8	Figuras de protección das Causses du Quercy	145
5.9	Saint-Cirq-Lapopie	149
5.10	Montfaucon	149
5.11	Rocamadour	150
5.12	Cova de Padirac	150

5.13	Localización de Salambala	152
5.14	Figuras de protección do Salambala	152
5.15	Casa tradicional	155
5.16	Establecemento turístico Camp Chobe	156
5.17	Elefante pastando	156
5.18	Pescador no Río Chobe	157
6.1	Vive no parque	162
6.2	Tipo de protección	163
6.3	Relación coa figura	164
6.4	Actitude ante o parque	165
6.5	Opiniós sobre os efectos	166
6.6	Planificación	170
6.7	Opiniós sobre a xestión	172
6.8	Preguntas xerais	175
6.9	Demandas dos habitantes	176
6.10	Concienciación co Medio Ambiente	177
6.11	Nube de palabras	184
6.12	Árbore de conexións no Xurés	187
6.13	Árbore de conexións no Quercy	191
6.14	Árbore de conexións en Salambala	194
6.15	Dispersión léxica 1	199
6.16	Dispersión léxica 2	199
6.17	Dispersión léxica 3	199
6.18	Dispersión léxica 4	200
6.19	Dispersión léxica 5	200
6.20	Dispersión léxica 6	200
6.21	Dispersión léxica 7	201
6.22	Dispersión léxica 8	201
6.23	Dispersión léxica 9	201
6.24	Dispersión léxica 10	202
6.25	Dispersión léxica 11	202
6.26	Dispersión léxica 12	202

Índice de figuras

6.27	Dispersión léxica 13	203
6.28	Dispersión léxica 14	203
6.29	Dispersión léxica 15	203
6.30	Dispersión léxica 16	204
6.31	Dispersión léxica 17	204





Índice de táboas

2.1	Novo e vello paradigma	20
2.2	Clasificación 10 tipoloxías	29
2.3	Nova clasificación UICN	30
2.4	Rede Natura 2000	37
2.5	Sitios Ramsar	41
2.6	Reservas Biosfera	42
2.7	Patrimonio da Humanidade	45
2.8	Xeoparques	46
3.1	Planificación	89
3.2	Xestión	91
3.3	Xestión da información	93
3.4	Nome dos plans	94
4.1	Métodos cualitativos e cuantitativos	119
6.1	Tokens e frases	182
6.2	Palabras máis repetidas	183



Acrónimos

- CBNRM** Community-based Natural Resource Management 63
- CDB** Convenio Diversidade Biolóxica 23
- FEADER** Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural 37
- FEDER** Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 37
- FSE** Fondo Social Europeo 37
- ICONA** Instituto de Conservación da Natureza 49
- IGE** Instituto Galego de Estatística 138
- LICs** Lugar de Interese Comunitario 37
- LIFE** L'Instrument Financier pour l'Environnement 37
- MaB** Man and Biosphere 42
- NACSO** Namibian Association of CBNRM Support Organisations 96
- OCDE** Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico 76
- ONGs** Organización non gubernamental 64
- PNR** Parc Naturel Régional 54
- PNUMA** Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento e Medio Ambiente 71
- PORN** Plan de Ordenación dos Recursos Naturais 50

PRUX Plan Rector de Uso e Xestión 50

UICN Unión Internacional de Conservación da Natureza 14

UIPN Unión Internacional de Protección da Natureza 14

UNESCO Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura 40

WDPA World Database of Protected Areas 48

ZECs Zona de Especial Conservación 37

ZEPAs Zona de Especial Protección para Aves 36







1

Presentación

1.1 **Introdución**

Durante moitos anos empregáronse os espazos protexidos como única ferramenta para loitar contra o cambio climático, o quecemento global, a perda de biodiversidade, e en xeral, contra todo efecto negativo producido polas actividades realizadas polo ser humano.

Ao longo do último século foron xurdindo por todo o planeta multitude de figuras de protección de diferente tipo, dende os grandes parques nacionais a outros instrumentos con menor entidade ou protección. Ao mesmo tempo que se implantan, a poboación que se ve afectada polas mesmas toma posición en función das repercusións que ten na súa contorna. Estes espazos poden conceptualizarse como medio ambiente e paisaxe, e son resultado dunha longa historia na que os habitantes foron partícipes, e aos cales se senten particularmente vinculados. Pero ata que punto se ve esa protección como algo positivo que xera dinámicas de desenvolvemento nese territorio? Tamén podemos preguntarnos se se produce unha desconexión entre eses “novos” espazos e os habitantes que posibilitaron a súa existencia ou hai un divorcio entre poboación e figura.

Cando os plans son analizados, obsérvase que na teoría hai unha forte vinculación da protección e o desenvolvemento sostible, aínda que na realidade non sempre é así, xa que en non poucos casos implican un gran número de restricións que en lugar de beneficalo, contribúen ao seu deterioro e perda de valores.

A nivel global, a concepción sobre os espazos protexidos muda, pasando de ser un simple ben a conservar (unha especie de museo), a ser un recurso dinamizador das áreas ás que afecta, posibilitando a realización de numerosas actividades que contribúen a xerar riqueza, manter poboación, etc. Figuras como as paisaxes protexidas, parques naturais, reservas da biosfera ou *Conservancies* son un claro exemplo dese modelo. Pero en moitas ocasións esa industria paralela á protección non se xera ou é moi deficiente e os habitantes ven esa figura como unha ameaza, xa que se lles impide a realización dun grande número de actividades ás que estaban acostumados e, ao mesmo tempo, que posibilitaron a existencia dese medio protexido.

A poboación local pode chegar a mostrar un profundo desarraigo se os aspectos negativos son maiores que os positivos, entendendo os primeiros como custes e os segundos como beneficios. Precísase unha forte participación cidadá na planificación e xestión, que vaia dende o proceso de declaración ao de redacción dos plans, onde se decide que se vai facer e como, até os usos e obxectivos do espazo, xa que teñen dereito a opinar sobre os cambios a introducir. Para conseguir que o proceso de construción do espazo sexa contemporáneo á construción do parque, a implicación cidadá é imprescindible.

Moitas veces, quen diseña os plans de desenvolvemento e xestión que afectan aos diferentes parques están moi desligados da realidade, e non coñecen como funcionan os territorios sobre os que se asentán. Cando a teoría se afasta da realidade, a poboación deixa de sentirse identificada co territorio e este perde a súa identidade, pois hai un desacompasamento entre o que o espazo é (na actualidade) e o que ese territorio era (no pasado).

Durante moito tempo, as investigacións realizadas estaban ligadas ás ciencias naturais (hábitats, especies, etc.) pero cada vez son máis as disciplinas das ciencias sociais que se centran no seu coñecemento, ao igual que está a ocorrer no contexto internacional, onde antropólogos, sociólogos, xeógrafos ou economistas teñen como obxecto de estudo estas figuras. E é aí onde este traballo ten cabida, mergullándonos no lado social da protección, dende a xeografía, e comparando diferentes modelos.

Así, analizamos esas cuestión no parque natural da Baixa Limia -Serra do Xurés, por ser o parque natural galego con maior poboación vivindo dentro dos

límites, o *Parc Naturel Régional* des Causses du Quercy, no Lot (Francia) e a *Conservancy* de Salambala en Namibia, por ter ámbolos modelos un forte recoñecemento internacional, e por ser as súas datas de creación próximas ás do caso galego.

1.2 Hipótese de partida e obxectivos

Tendo en conta as premisas apuntadas, a nosa hipótese de partida é a de tratar de verificar se se producen beneficios para a poboación local coa introdución das figuras de protección, partindo dos seguintes presupostos:

- A teoría sobre as categorías analizadas di que o seu fin é contribuír ao desenvolvemento sostible. Pero entendemos que moitas veces na práctica, eses beneficios para o desenvolvemento non se producen. Por iso analizaremos polo miúdo a percepción que a poboación ten sobre este particular.
- Aqueles espazos nos que a poboación participa da súa implantación e xestión, conducen a unha mellora da súa percepción, así como a conseguir os obxectivos marcados. Neste senso abórdanse espazos con procesos participativos diferentes, para tentar verificar a validez da hipótese exposta neste punto.
- Pensamos que a participación conduce á creación dunha identidade, mentres que a carencia de procesos de participación pública, ou de existir sen unha implicación real da poboación local, non dá lugar á mesma. Para a verificación desta hipótese levaremos a cabo un estudo sobre o terreo en tres ámbitos territoriais ben diferentes, comprobando se existiu participación pública real e se esta influíu ou non na creación dunha identidade.
- Finalmente, pensamos que ten que haber unha forte vontade política para que as figuras de protección cumpran os seus obxectivos. Neste senso abordaremos entrevistas con responsables políticos, de xestión e veciños dos espazos protexidos para afondar no tema e comprobar se existe a vontade política de protección real e mellora da calidade de vida dos habitantes deses territorios.

E como obxectivos que tentaremos conquistar para a verificación das hipóteses expostas, propoñémonos:

1. Coñecer como é a percepción dos habitantes dos espazos que contan con figuras de protección ambiental.
2. Analizar en que medida esas persoas participan da planificación e da xestión.
3. Entender como afecta a protección ao desenvolvemento.
4. Ver sobre que conceptos se establece o discurso de protección.
5. Saber se se crea unha nova identidade ligada á figura de protección.

1.3 Estrutura

Para o desenvolvemento da investigación a estrutura do traballo terá un capítulo introdutorio e 3 bloques, compostos cada un por dous capítulos.

O primeiro bloque correspóndese co marco teórico, composto á súa vez por dous capítulos. No primeiro deles (capítulo II) analizamos a base filosófica da relación entre sociedade e natureza e como isto influíu na evolución do concepto de espazo protexido e na súa xestión. Tamén estudamos as diferentes categorías establecidas pola UICN e aquelas que forman parte de redes internacionais da protección. Nese mesmo capítulo, abordamos a historia e lexislación en cada un dos países nos que se encontran os casos de estudo. O seguinte capítulo (III) analiza a relación dos espazos protexidos co desenvolvemento sostible, as directrices de xestión así como o papel da poboación local na súa construción.

O segundo bloque está composto por dous capítulos. No primeiro deles (capítulo IV) establecemos a metodoloxía empregada, e no segundo facemos unha análise das características de cada un dos espazos estudados (capítulo V).

No terceiro bloque mostramos o resultado do traballo realizado e a súa discusión (capítulo VI), para rematar coa presentación das conclusións e recomendacións prácticas (capítulo VII).

PARTE I

ESPAZOS PROTEXIDOS E DESENVOLVIMENTO. UNHA REALIDADE COMPLEXA



2

Espazos protexidos. Evolución e contrastes

Os espazos protexidos foron vistos tradicionalmente como unha ferramenta para combater a degradación do medio ambiente, a contaminación dos solos, da atmosfera ou das augas, así como loitar contra a perda de biodiversidade e protexer determinadas paisaxes (Smith 2013). Co tempo, a idea orixinal foi mudando e deu lugar a unha visión máis ampla da protección da natureza e compatible co desenvolvemento sostible. Para comprender e analizar mellor o lugar que ocupan estas áreas no contexto actual e como foron mudando, será preciso comezar por unha aproximación multidisciplinar dos mesmos. Aínda que habitualmente os aspectos predominantes nos estudos sobre o tema están ligados ás ciencias biolóxicas (especialmente en Galiza, derivados dunha visión tradicional da protección), neste caso centrarémonos nunha abordaxe dende unha óptica máis social. É necesario saber por que xurdiron os espazos protexidos, en base a que ideas (representadas pola relación entre ser humano e natureza)¹ e con que fin, ademais de entender como foron evolucionando ao longo do tempo e cales son as expectativas futuras.

¹Estudos representados pola Ética Ambiental, que é a disciplina en filosofía que estuda a relación moral dos seres humanos, e tamén o valor e status moral do medio ambiente e os seus contidos non humanos. Definición da Enciclopedia filosófica de Stanford (2017): <https://plato.stanford.edu/entries/ethics-environmental/>

2.1 Relación Ser Humano - Natureza

2.1.1. Ética e natureza

Para analizar o funcionamento do actual sistema de espazos protexidos e o seu lugar no mundo é necesario retroceder ao momento no que se empezou a cuestionar a relación entre sociedade e natureza. Esta convivencia foi mudando ao longo do tempo do mesmo xeito que as visións da interacción entre ambos tamén foron evolucionando. Déleage (1993) corrobora esa noción afirmando que a forma de actuar dos seres humanos co ecosistema depende do que (eles) pensen da súa relación coa natureza, o que ten unha clara repercusión nas políticas de conservación, recoñecéndose que os humanos veñen interactuando co medio ambiente e modificándoo durante milleiros de anos (Kopnina 2016). Rodríguez Luna (2012) na súa tese menciona unha noción aceptada amplamente, definindo a natureza como unha idea construída socialmente, e cada cultura establece unha relación coa mesma en función do significado que lle sexa dado. De aí que a gran diversidade cultural proporcione unha similar diversidade de relacións entre poboacións e entorno. *“As diferentes concepcións da natureza tradúcense por diversas proposicións de protección ou de xestión. Trátase, ás veces, en nome da biodiversidade, de protexer á natureza das accións da sociedade, de conservar as especies da ruptura de toda ordenación. Noutros casos, a protección de espazos e especies non exclúe a intervención humana”* (Veyret 2007, p.15).

Natureza e sociedade son dous termos, dúas realidades que se veñen interrelacionando dende os inicios da historia da humanidade. As primeiras migracións polos cambios no clima e as súas consecuencias na abundancia de recursos, o paso de sociedades cazadoras a outras que practicaban a agricultura e a gandería, ou a revolución agrícola e industrial, son fenómenos que tiveron fortes consecuencias para o medio ambiente e para a vida das persoas. Como afirman Aisher & Damodaran (2016), esta relación sociedade-natureza é unha das temáticas máis interdisciplinares que podemos atopar, e sobre a cal nas seguintes páxinas intentaremos contextualizar as ideas principais e a influencia na conservación da natureza.

2.1. Relación Ser Humano - Natureza

A grandes trazos existen tres correntes que explican esa relación a través da visión e comportamento das persoas cara á natureza. Estás son a ética antropocéntrica, ética biocéntrica e ética ecocéntrica (Depraz 2008a, González Oreja 2008, Arsene s.f.)². Cada unha delas dará lugar a diferentes políticas e formas de xestión dos espazos protexidos, que á súa vez serán enmarcadas dentro dos tres grandes paradigmas sobre a protección da natureza (Depraz 2008a). Aínda así, outros autores coma Phillips (2003) prefiren falar só de dous paradigmas, o vello e o novo paradigma.

Esa relación entre xente e o medio - coñecida como ética ambiental - é imprescindible para entender a forma na que estas figuras son vistas pola sociedade e os gobernos, e o máis importante, en como se traduce iso no seu rol de elemento de ordenación do territorio e ferramenta de desenvolvemento. Os obxectivos e os medios para acadalos, a forma de implementalos no terreo ou a gobernanza serán compoñentes que van depender deses conceptos.

Como noutros moitos campos de estudo como a medicina, socioloxía ou o dereito, a base destas representacións ten unha forte compoñente relixiosa (Cooper & Carling 1999) e tamén filosófica. Chuvieco Salinero (2012) menciona que a actitude da poboación diante da natureza será diferente en función das súas crenzas sobre a mesma. Non se produce o mesmo resultado se a natureza é concibida como algo sagrado que se se emprega unicamente como un elemento para o seu uso e disfrute.

Un exemplo claro é a cultura chinesa (Jenkins 1998) coas súas tres relixións maioritarias establecendo relacións diferentes coa natureza. O confucianismo, representado pola relación de respecto co conxunto, o taoísmo avogando pola non interferencia coa natureza e o budismo, defendendo a harmonía, a interdependencia e non molestia da mesma. Como di a mesma autora e a pesarmos desas crenzas, China é un dos países máis degradados aínda contando con esa base cultural. Se ben as diferenzas son claras, é xusto dicir que a visión occidental, xudeo – cristiana foi a que maior implantación acadou. *“As razóns que xustificaron a conservación da natureza seguiron unha traxectoria ben definida en función da tanxibilidade*

²Inglis (2008) na súa tese engade un cuarto tipo, a *sentient* (sensible) caracterizada por que as diferentes especies que teñen capacidade de sentir, valoran inconscientemente outros elementos, como comida, plantas, etc., diferenciándose da antropocéntrica en que este valor non está ligado ao que poidan proporcionar ao ser humano

física ou inmediata dos valores e servizos aportados polos distintos compoñentes naturais e o transcurso das distintas tendencias filosóficas que foron dominando o pensamento humano en xeral e a relación home-natureza en particular” (Esteve Selma 2015, p.48).

Estas nocións sobre a natureza non xorden independentes unhas doutras nin ao mesmo tempo en tódalas culturas. É dicir, nun mesmo momento e nun mesmo lugar poden coexistir, dando lugar á cohabitación de diferentes políticas de protección da natureza nun mesmo país, nunha mesma rexión e incluso dentro dun mesmo espazo protexido. Son froito dun proceso longo e fortemente condicionado polo espazo xeográfico e cultural no que se atopa cada sociedade. Como consecuencia máis inmediata dese conxunto de diferentes imaxes, dá lugar a distintos paradigmas medioambientais, é dicir, a unha serie de ideas que condicionan e estruturan o pensamento dunha época, ou o que é o mesmo, un marco teórico dominante que condicionará as diferentes políticas.

Son tres os paradigmas³ ou correntes predominantes na protección da natureza: dende a que defende a non participación do ser humano na xestión, xa que a meta da conservación só se alcanzará coas mulleres e homes fóra deses espazos (D’Amico 2015) a outro no que se aposta pola súa convivencia e unha forte implicación da poboación⁴. Entre esas dúas opcións atópase a que reclama a protección da natureza para desfrutar dela. Depraz (2008a) resúmeo en protección para a sociedade, contra a sociedade e coa sociedade. A Figura 2.1 esquematiza esas visións.

A primeira corrente das tres citada anteriormente, chamada antropocéntrica, postula que a natureza está ao servizo da sociedade e esta pode ser utilizala sen ningún tipo de preocupación para conseguir os seus fins. Considera que só os seres humanos teñen valor intrínseco (Meinard et al. 2016), valor por si mesmo (Saner & Bordt 2016), o cal vén dado pola súa superioridade moral (González Oreja 2008). Gutiérrez (2013) expón sobre isto que o valor vai asociado ao beneficio que poidan brindar aos seres conscientes, ao ser humano. Todo o que non ten valor intrínseco, o que non é ser humano, ten valor instrumental (Mathews 2016) sendo as persoas o único elemento verdadeiramente importante no mundo (Martínez de Anguita et al. 2008). Á súa vez esta visión é dividida en dúas correntes, a primeira

³Antropocéntrico, biocéntrico e ecocéntrico.

⁴Phillips (2003) fai unha comparación entre dous paradigmas, amplamente aceptada.

2.1. Relación Ser Humano - Natureza



Figura 2.1: Relación ser humano - natureza

considera que os recursos son ilimitados, polo que para protexelos dáselle unha equivalencia contable (taxas, dereitos, solucións fiscais) transformando a natureza nun elemento de mercado máis para ser consumido, mentres que a segunda mantén que ningún recurso é inesgotable, polo que avoga por restrinxir e limitar o uso, mediante diferentes políticas e leis.

O antropocentrismo lígase ao paradigma naturalista sensíbel, dominante entre a segunda metade do S.XIX e o período de entreguerras. Tamén é coñecido como o modelo americano, pois a súa orixe establécese coa declaración de Yellowstone como parque nacional (Bishop et al. 1995, Depraz 2008a, Depraz et al. 2012, D'Amico 2015). Caracterízase por unha idea romántica e idealizada da natureza, tendo que ser protexida para que poida ser contemplada polo ser humano, pero illada do ser humano (Smith 2013). Está moi marcado polas correntes artísticas naturalistas e do romanticismo. Así, un gran número de países empezan a identificar e protexer os elementos denominados *pintorescos e emblemáticos* do seu territorio (Phillips 2003, Depraz 2008a), é dicir, que representan algo máis do que son por si mesmos, do seu valor en tanto que espazo, senón que implica tamén unha representación dunhas determinadas imaxes asociadas a eles.

Dentro deste paradigma declaráronse en Europa os primeiros espazos protexidos de Alemaña, Reino Unido ou Francia, sendo un dos exemplos máis claros a petición de protección de Fontainebleau. Búscase, entón, que os lugares a protexer

teñan un valor político e identitario, que sexan un símbolo da nación ou do país (Paül Carril et al. 2015a). Dentro desta corrente decláranse os primeiros parques nacionais do mundo, sendo Yellowstone (1872) o que se constituíu antes ca ningún outro (Selman 2009, Paül Carril & Pazos Otón 2010, Esteve Selma 2015). Ao igual que en Fontainebleau, neste caso buscábase exaltar o pintoresco dese espazo, o identitario. Unha forma de reflexar e manter o que os primeiros colonos atoparon cando se dirixían ao Oeste, a pesares de que en si mesmo, sen esas representacións ligadas á descuberta, o espazo xa tiña un gran valor. Dese conxunto de ideas xorde o principio de *Wilderness*⁵, o cal deriva da expansión dos colonos cara ao Pacífico. Ao mesmo tempo que xorde esa noción ligada á identidade do pobo americano, a crecente presión turística e a necesidade de preservalo axudaron a protexelo.



Figura 2.2: Royal National park

A noción de parque nacional pronto é o máximo expoñente desta corrente que se acaba expandindo rapidamente polo resto do mundo. Nun primeiro momento prodúcese nos denominados países novos como o eran Canadá, Australia (The Royal National Park, 1878), do que temos unha imaxe na Figura 2.2, ou Nova Zelandia (Tongarino, 1894) para posteriormente dar o paso a Europa. En Suecia

⁵O salvaxe

2.1. Relación Ser Humano - Natureza

o primeiro parque data de 1909 (Madaleno 1999), 1914 en Suíza ou 1918 en España (Ordesa e Monte Perdido así como Covadonga), para máis tarde instauranse no resto das colonias dos países europeos, que é onde había grandes espazos "baleiros". O exemplo máis evidente atópase no continente africano, onde foron declarados un gran número de parques nacionais (Newmark 2008). Como afirma De Rojas Martínez-Parets (2006), esta figura era un motivo de orgullo nacional e a declaración dun deles parecía a máxima distinción que se podía outorgar a un lugar.

Unha segunda concepción da relación sociedade – natureza é a chamada ética biocéntrica (Leopold 2005) a cal establece que o valor da natureza é intrínseco, teno por ela mesma con independencia de que poida ser utilizada ou non polos humanos. Esta representación é defendida por exemplo por Arne Naess, quen tamén é fundador da corrente da *Deep Ecology*. A aspiración última é unha total equidade entre as diferentes especies, pois os elementos que compoñen o medio ambiente nacen, crecen, reproducense e morren, independentemente de que nos sexan útiles (valor instrumental) para o ser humano ou non. González Oreja (2008) expón que o feito de estar vivos outórgalles valor e obrigação moral de conservalos. Dáse unha clara oposición á súa utilización e artificialización, ás veces, levada ao extremo en tanto que podería levar consigo a inexistencia de calquera forma de protección, posto que se aposta pola mínima intervención sobre a natureza. A preservación é a idea central derivada desta ética é que dá lugar ao segundo paradigma.

Este episteme postula unha total dicotomía entre sociedade e natureza, e considera ao ser humano e as súas actividades como a causa de tódolos danos. A forma de impedir que esta se vexa menos modificada é mediante unha serie de prohibicións e restricións que darán lugar a un illamento dos espazos protexidos, como sinala o termo inglés *Fortress Conservation*. Neste contexto é importante a aparición de *A Silent Spring*, de Rachel Carson (1962) que deu orixe aos primeiros movementos ecoloxistas despois das súas fortes críticas á contaminación, e que bebeu dos mesmos postulados. “As áreas naturais protexidas deben ser mantidas por enriba dos intereses das poboacións locais e sen que medie necesariamente unha conexión coas políticas de desenvolvemento local e rexional. Esta visión nega tamén toda posibilidade de balance entre conservación e produción” (Toledo 2005, p.69).

Xorde paralelamente a ecoloxía profunda mencionada anteriormente, cuxa máxima é a idea de que o ser humano é un máis no conxunto da natureza, non está nin por riba nin por baixo, fundamentando a súa crítica no forte crecemento económico e ao mesmo tempo nada respectuoso co medio ambiente. Igualmente comezan a crearse os primeiros organismos internacionais relacionados coa conservación da natureza, caracterizados por levar a cabo políticas ambientais moi restritivas. En 1923 e 1931 celébranse as Conferencias de París, as cales tamén propoñen unha visión moi preservacionista sobre a natureza (Cabalar Fuentes 2010). “*Como consecuencia, a maioría das áreas protexidas partían do pensamento de que a biodiversidade tiña que ser protexida das ameazas humanas, o que daba como resultado a exclusión dos residentes nas súas terras*” (Hirschnitz-Garbers & Stollkleemann 2010, p.322), dando lugar a unha forte dicotomía entre poboación local e o espazo protexido.

Así, chégase ao nacemento da Unión Internacional de Protección da Natureza (UIPN), un dos fitos máis importantes na historia dos espazos protexidos. Xorde entre 1946 e 1947 cunha aproximación moi preservacionista, centrándose principalmente na xestión dos elementos naturais. O seu cambio de nome en 1956 por Unión Internacional de Conservación da Natureza (UICN), é sinónimo do comezo dunha nova visión sobre os espazos protexidos. A esta corrente pertence a xestión da meirande parte dos grandes parques nacionais europeos citados anteriormente, como os suecos ou os primeiros de Suíza, onde apenas tiveron cabida na súa creación fins que non fosen os estritamente científicos. Fálase nestes casos dos *fillos de Yellowstone* (Phillips 2002) por intentar reproducir o mesmo sistema de protección.

Pero ese modelo illacionista pronto tornou en obsoleto. Científicos, políticos, especialistas e poboación local fixéronse conscientes dos efectos negativos da xestión dos espazos protexidos como un ente alleo a súa contorna e dende unha visión preservacionista, sendo reclamadas novas políticas e ferramentas que axudasen a superar esas ideas. “*A xestión medioambiental necesita varias ferramentas. Os instrumentos económicos, éticos, legais ou técnicos son aplicados para solventar conflitos ou problemas en moitos casos sen haber unha teoría subxacente que permita establecer relación entre eles. Como se observa que entre eles hai relación, modelos máis amplos e específicos poden desenvolverse para proporcionar solucións integradas*” (Martínez de Anguita et al. 2008, p.154).

2.1. Relación Ser Humano - Natureza

Esas novas preocupacións atópanse representadas a través dos partidarios da visión ecocéntrica, da que Callicot é un dos seus referentes, aquela que suxire que os humanos son parte da natureza e participan nela como un compoñente máis (Gutiérrez 2013). Para os difusores desta ética, o valor está no conxunto de elementos (ecosistemas) e non en cada compoñente por separado. O valor que ten é o que a sociedade proxecta nela. Así apóstase pola súa conservación, tanto dos ecosistemas naturais como daqueles dos que a poboación é responsable, permitindo a intervención da sociedade para manter a riqueza existente, recoñecéndose a súa convivencia e interrelación. Como menciona Mathevet et al. (2016), o ser humano vive nunha comunidade socioecolóxica na que as decisións se toman tendo en conta en como repercutirán (estas) na natureza, merecendo esta á protección pola súa dimensión transcendental (Hedlund-de Witt 2012).

A ética ecocéntrica é a base do último paradigma, chamado integrador, o cal vén a superar a visión radical na que só os temas ecolóxicos tiñan importancia á hora de declarar e xestionar un espazo protexido (Phillips 2003). Partindo dun enfoque certamente sectorial chégase a outro onde os actores locais teñen un maior papel na xestión e planificación deses espazos (Smith 2013). Este avance na idea de fondo foi mudando e consolidándose ao longo das últimas décadas do século XX, paralelamente a orixe das teorías sobre a desenvolvemento sostible. Relevantes foron traballos e eventos como o informe *Beyond the limits* (1968), seguindo coa Conferencia de Estocolmo (1972) e consolidándose co Informe Brundtland, *Our Common Future* (1987). Estas cuestións tamén se afianzaron, en parte, a través dos diferentes congresos sobre espazos protexidos da UICN que se celebraron en Bali (1982), Caracas (1992), Durban (2003) e Sydney (2014). Todos eles foron focalizando a atención cada vez máis no papel da poboación local tanto na planificación coma na xestión.

Ligada a esas ideas, a Estratexia Mundial da Conservación (1980) marca un antes e un despois na historia da protección da natureza, posto que estende a idea de que conservación e desenvolvemento non teñen por que seren excluíntes. Supón unha redefinición da gobernanza dos espazos protexidos e busca baixar a toma de decisións ao chanzo máis baixo, á poboación local, ademais de recoñecerse o dereito das comunidades locais a xestionalos, como explica Esteve Selma (2015).

Mencionamos eses tres paradigmas dada a relevancia do *espírito de Yellowstone* como punto de inflexión na relación ser humano e natureza, pero moitos autores dividen unicamente entre paradigma segregador e integrador, polos obxectivos que se marcan, polo xeito no que se xestionan e pola súa relación coa poboación local. Como suxiren (Irman et al. 2014) son tamén tres as orientacións das persoas en relación á natureza. Eles, así como Hedlund-de Witt (2012), descríbenas como egoísta, socio – altruísta e ecocéntrica: *“A xente que salienta a importancia e o valor do medio ambiente para o beneficio dun mesmo parece que ten unha orientación negativa; aqueles que entenden a importancia do medio ambiente e o seu uso e protección para os seres humanos en xeral teñen unha orientación socio-altruísta; e, por último, aqueles que poñen o acento no valor intrínseco do medio ambiente e ecosistemas teñen unha orientación ecocéntrica. Esas orientacións guían o seu nivel de conservar o medio ambiente”* (Irman et al. 2014, p.291).

E interesante é tamén a idea aportada por Bauman (2007), quen utiliza unha metáfora que nos parece certamente axeitada para referirse á relación da sociedade coa natureza, en paralelo ás éticas presentadas. Emprega os termos garda bosques, xardineiro e cazador para explicar como nos involucramos co entorno. O garda bosques ten como función principal preservar a natureza fronte á acción humana, para manter o seu equilibrio natural, afirmando que está mellor cando non se toca. O xardineiro ten os coñecementos sobre o terreo, planifica o que quere e despois lévao á realidade, mentres que ao cazador non lle importa o equilibrio citado anteriormente, só quere cazar (consumir) as súas presas.

En resumo, todas estas ideas e visións teñen unha gran influencia no devir actual deses espazos protexidos e en como se xestionan, pois aínda que hai unha evolución teórica, o certo é que esta non se dá na realidade ao mesmo tempo nin do mesmo xeito nos diferentes lugares do mundo. Por iso mesmo é preciso contar con coñecementos teóricos de todas elas.

2.1.2. O novo paradigma

Como se mencionou anteriormente e aínda que se expoñen tres éticas e os paradigmas aos que deron lugar, moitos autores resumen a filosofía detrás dos espazos protexidos en dous tipos. Phillips (2003) presenta un cadro-resumo que

2.1. Relación Ser Humano - Natureza

foi empregado por numerosos investigadores (Sheppard 2006, Depraz 2008a) para diferenciar este antigo e moderno paradigma de protección da natureza. Fálase da década dos 70s (Shafer 2015) como o momento no que os expertos comezan a darse conta de que o modelo de Yellowstone non é o máis axeitado para xestionar estas figuras, especialmente naquelas áreas máis poboadas e transformadas pola acción do ser humano. Comezan así a cuestionarse o que fora durante máis de cen anos o paradigma dominante (Hirschnitz-Garbers & Stoll-kleemann 2010). *“As políticas máis avanzadas en materia de conservación da natureza apostan por un cambio importante no tratamento dos temas medioambientais, evolucionando dende unha filosofía proteccionista de carácter restritivo, no marco de “visións illacionistas” dos espazos protexidos, a unha conservación en sentido máis amplo, compatible co uso racional dos recursos, sobre a base de novos modelos de desenvolvemento e xestión territorial, orientados a integrar os espazos protexidos no seu entorno territorial”* (Troitiño Vinuesa et al. 2005, p.229).

Bishop et al. (1995) sintetizan algunha desas críticas que máis tarde conducirán ao novo paradigma, como son a arbitrariedade coa que moitas veces se establecen os seus límites ou a agresividade das políticas de protección, entendida esta como lexislación dura fronte ás ameazas da poboación. A evolución dáse en numerosos aspectos, como se observa na Táboa 2.1, dende os obxectivos ata a forma de financiamento, aínda que ao que se prestará máis atención aquí será á percepción da poboación local e ao seu papel na gobernanza. Fálase do paso dos espazos protexidos contra a xente aos espazos protexidos para e coa xente. Especialmente relevante é o cambio na súa concepción, posto que comezan a ser vistos como unha auténtica ferramenta de ordenación do territorio, especialmente a categoría V e VI (explicadas no seguinte capítulo), ás que pertencen os parques naturais españois, os parques naturais rexionais franceses ou as reservas da biosfera. Contrariamente ao paradigma anterior, focalizado na conservación dos aspectos naturais, pásase a outro que compatibiliza usos diferentes dentro deles. Ese mesmo feito fai que se pase dunha visión sectorial a outra integradora, onde o desenvolvemento sostible é os tres axiomas que o conforman – económico, ambiental e social – conflúen nun mesmo espazo. Ante tal cambio, numerosos autores resumen esta evolución como a superación do modelo Yellowstone (Sheppard 2006, Depraz 2008a, Miller et al. 2011, Du et al. 2015).

Por outra banda a visión illada do espazo protexido é superada, e isto dáse a dous niveis. Tanto a nivel local, pois ao seren vistos como un elemento de ordenación do territorio profundízase no coñecemento do marco xeográfico no que se circunscriben, como a nivel internacional, creándose grandes redes de espazos protexidos, sendo un claro exemplo a Rede Natura 2000, as Reservas da Biosfera ou a Convención Ramsar. A súa xestión como espazos inconexos coa contorna pronto mostrará as dificultades para acadar mesmo os obxectivos meramente ligados á conservación de especies, hábitats ou ecosistemas, producíndose casos nos que non só non se acadan os obxectivos marcados senón que leva consigo unha degradación dos valores polos que ese espazo foi protexido. *“O obxectivo da designación a miúdo estaba centrado na exclusión da xente e as actividades xa que eran vistas como incompatibles cos máximos niveis de illamento da fauna. Sen embargo, aínda que é o caso nas áreas máis remotas e con máis alta protección ao redor do globo, hai un recoñecemento xeral á profunda influencia dos humanos nos ecosistemas da terra, significando que as áreas protexidas, establecidas para manter un certo status quo, requirirán normalmente unha xestión activa, que implica e recoñece as necesidades e intereses da poboación local”* (Smith 2013, p.2).

Estes cambios teóricos son importantes para o deseño das políticas na protección da natureza e a súa integración no territorio. Aínda que supón un gran avance e unha forma de repensar a nosa relación co medio ambiente, o certo é que a súa tradución na realidade non se dá tan rápido como sería desexable. Moitos espazos protexidos, a pesares de teren unha lexislación con raíces neste novo paradigma, seguen sendo xestionados en base ao modelo anterior. Superar esa visión chamada museística, orientada ao illamento dos espazos e focalizada nos aspectos meramente naturais⁶ está a resultar máis complexo do que se esperaba.

En moitos países séguese a establecer novos espazos protexidos sen ter en conta á poboación local, xerando un forte rexeitamento cara a esa nova figura. Ao mesmo tempo xorden numerosos conflitos e os veciños e veciñas véñense deslexitimados en canto ao uso dun territorio que lles pertencía. Existen grandes exemplos nos que a poboación local carece de voz na toma de decisións e na utilización dos

⁶Fálase de espazos protexidos, non de espazos naturais protexidos. Enténdese que ningún espazo é natural, no significado de prístino, xa que a actividade humana alterou o medio ambiente mesmo nos lugares máis inaccesibles (quecemento global, contaminación atmosférica, etc.).

2.1. Relación Ser Humano - Natureza

recursos naturais en tódolos continentes, producíndose os casos máis extremos cando esta poboación é expulsada do perímetro protexido e recolocada noutras áreas, especialmente nas zonas próximas a esa fronteira, creando unha forte presión sobre o espazo protexido. As decisións son tomadas dende unha aproximación *Top-down*, sen ter en conta que o espazo está habitado e mesmo sen ter en conta as estruturas administrativas que o compoñen. É dicir, decídese dende o exterior do espazo protexido e sen a participación da poboación local. *“Neste arquetipo, a xente xeralmente era excluída para deixar á natureza imperturbable. Este modelo de xente fóra protexe efectivamente zonas núcleo dentro das paisaxes dos espazos protexidos, pero ignora as correntes ecolóxicas e socioeconómicas dentro e fóra das fronteiras do espazo protexido”* (Du et al. 2015, p.8154).

Este é un dos puntos clave do novo paradigma, onde os habitantes pasan a ser un actor fundamental do espazo, tendo como máxima expresión de modelo as áreas protexidas xestionadas por poboacións indíxenas en países como Australia, Brasil, Namibia ou Botsuana. Máis alá de recoñecérselle o dereito ao aproveitamento dos recursos cos que contan no interior do perímetro, vénselles a recoñecer a súa labor como xestores do territorio. Iso ten máis significado se cabe, en espazos catalogados como categoría V e VI da UICN, dado que presentan un alto valor cultural ao tratarse de paisaxes protexidas⁷. A seguinte cita vén a confirmar esta idea da necesidade de partillar coa poboación local metas paralelas á conservación. *“Os enfoques que levan parello os espazos protexidos - Conservación de base coa meta do desenvolvemento económico en áreas máis distantes de espazos protexidos van axudar ás comunidades rurais ao mesmo tempo que reducen a presión humana”* (Wittemyer et al. 2008, p.125). Ao que Vodouhê et al. (2010) engaden afirmando que os espazos protexidos deberían ser un factor importante que xerara ingresos nas poboacións que viven dentro ou nas proximidades dos mesmos, e Therville et al. (2016) falan dunha apertura aos cidadáns en xeral, deixando de ser a conservación unha mera política do Estado ou de expertos en medio ambiente.

⁷Definición de paisaxe implica presenza humana, segundo a Convención Europea da Paisaxe (Consejo de Europa 2000).

Tabla 2.1: Novo e vello paradigma

	Como eran	Como son
Obxectivos	<p>Para a conservación. Establecidos para a protección da vida silvestre e beleza escénica. Xestionados principalmente para os visitantes e os turistas Valorados como “salvaxes”. Para a protección. Goberno central.</p>	<p>Manexados tamén con obxectivos sociais e económicos. Establecidos por razóns económicas, culturais e científicas. Xestionados coa xente local na mente. Valorados pola importancia cultural do que se coñece como “silvestre”. Tamén para a restauración e rehabilitación. Por moitos actores. Xestionado con, para e ás veces por xente local. Xestionados para cumprir as necesidades da poboación local. Planeados como parte dun sistema nacional, rexional e internacional. Desenvolvidos como redes (zonas estritamente protexidas, zonas de transición e corredores). Ben para a comunidade, interese internacional. Xestionados adaptativamente a longo prazo. Con consideracións políticas. Pagadas por diferentes fontes. Xestionados por persoas con diferentes capacidades.</p>
Gobernanza		
Poboación local	<p>Planeados e xestionados contra a xente. Xestionados sen ter en conta as opinións locais.</p>	
Contexto	<p>Desenvolvidos de xeito separado, como espazos illa.</p>	
Percepcións	<p>Un ben nacional e de interese nacional.</p>	
Técnicas de xestión	<p>De forma reactiva, nunha curta escala de tempo. De xeito tecnocrático.</p>	
Finanzamento	<p>Pagados polos contribuíntes.</p>	
Capacidade de xestión	<p>Xestionados por científicos e expertos en recursos naturais.</p>	

Fonte: Adaptado de Phillips (2003)

2.2. Significado e evolución

Outro elemento importante e significativo do novo paradigma, ligado a esa apertura da protección é a superación da idea de conservación dende unha aproximación das ciencias biolóxicas. Toledo (2005) afirma que a xestión e toma de decisións por parte de persoas ligadas a esa rama é un dos puntos clave para entender o mal funcionamento dunha elevada porcentaxe de espazos protexidos, ao mesmo tempo que apuntala no tempo a ética biocéntrica. Pola contra, o novo paradigma preconiza a inclusión de toda unha nova serie de disciplinas que ata o momento non se tiñan en conta ou aparecían pouco presentadas. As ciencias sociais (Beltran & Santamarina 2016) adquiren aquí especial relevancia e antropólogos, sociólogos, etnógrafos, xeógrafos e economistas comezan a formar parte dos estudos e da xestión. Mesmo disciplinas ligadas ás ciencias da saúde como a psicoloxía se involucran no estudo de procesos que se dan dentro dos mesmos.

Supón, xa que logo, un punto de inflexión. A entrada de todas esas novas disciplinas e o recoñecemento da súa necesidade aventuran unha preocupación maior e máis profunda sobre a protección, isto é, tódolos procesos cohabitando coa xestión da natureza. É dicir, as relación das persoas coa natureza, co espazo, a forma na que se toman as decisións ou todas aquelas actividades ligadas á transmisión de información e educación. Aceptar que profesionais non ligados á bioloxía e as enxeñarías teñen funcións importantes leva consigo unha visión máis ampla da cuestión e un enriquecemento das prácticas levadas a cabo.

Así, todo o mencionado anteriormente é resumido na Táboa 2.1, na cal se exemplifica o cambio de concepción sobre estas figuras e as políticas que hai detrás deles.

2.2 Significado e evolución

2.2.1. Definición

Como se observa neste primeiro apartado, a idea de espazo protexido foi mudando (Tolón Becerra & Lastra Bravo 2008) conforme cambiaron os obxectivos e a base filosófica e científica sobre a que se asentaban. A definición actual e o que representan dista moito das primeiras reservas de caza declaradas polos nobres europeos. Así, o concepto máis estendido e aceptado é o que a UICN emprega

nos seus documentos oficiais, acuñado por Dudley en 2008. É unha adaptación da elaborada polo mesmo organismo en 1994 no Congreso Internacional de Parques que tivo lugar en Caracas. O forte crecemento tanto en número como en superficie das últimas décadas do século XX dera lugar a unha idea un tanto difusa do que significaban, o cal unido á multitude de contextos sociais e culturais nos que se produciron, fixeron necesaria a estandarización e homoxeneización dunha única definición que englobase as grandes características dos mesmos. En 1994 quedou así:

“Unha área terrestre ou mariña especialmente dedicada á protección e ao mantemento da diversidade biolóxica, e dos recursos naturais e culturais asociados, xestionada mediante medios legais ou efectivos de calquera tipo” (Dudley 2008, p.4).

A raíz desta primeira, Dudley (2008) desenvolve a que hoxe en día é a definición máis aceptada. Supón, como se apreciará, unha ampliación da idea orixinal e prístina de figura de protección e da súa integración no mundo actual.

“Un espazo xeográfico claramente definido, recoñecido, dedicado e xestionado, mediante medios legais ou outro tipo de medios eficaces para conseguir a conservación a longo prazo da natureza e dos seus servizos ecosistémicos e os seus valores asociados” (Dudley 2008, p.10).

A segunda definición é máis concreta dentro da amplitude que presentan ambas, e da mesma despréndese unha evolución tanto nos obxectivos como na concepción, así como unha clara alusión ao desenvolvemento sostible. Cada vez son máis os chamados *Social Conservacionist*, que entenden a protección compatible co seu uso sustentábel, co fin de mellorar o benestar da poboación ou a redución da pobreza (Miller et al. 2011).

Por outra banda, elimínase a referencia á biodiversidade, cambiándoa polos servizos ecosistémicos, o que entronca coa nova etapa que está a xurdir dentro da concepción dos espazos protexidos. Aínda así, sendo a definición de Dudley a máis utilizada e recoñecida internacionalmente, non tódolos documentos legais a recollen e son numerosos os Estados e administracións que seguen mantendo as súas propias ou adaptando a primeira. De feito, unha das maiores críticas que recibe e a falla de concreción e a arbitrariedade dalgúns aspectos, derivadas desa loita aínda presente entre as diferentes correntes da conservación da natureza.

2.2. Significado e evolución

Segundo o Convenio Diversidade Biolóxica (CDB) un espazo protexido é unha “*área xeograficamente definida que está designada ou regulada e xestionada para lograr obxectivos específicos da Conservación*” (Secretariado de la Convención sobre la diversidad biológica 1992, Art.2). Esta definición é moito máis ampla que as dúas anteriores, ao mesmo tempo que non se explícita cales son os obxectivos desa conservación. Tamén está ausente a referencia á entidade legal dos mesmos, o cal limita a capacidade de actuación sobre eses espazos.

Outros exemplos desa translación parcial a diferentes lexislacións son, por exemplo, a definición a nivel galego e a nivel do Estado Español.

En Galiza, o Capítulo II, *Artigo 8 da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza* define os espazos naturais protexidos como “*aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza como derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales*”. Como se observa, está ausente calquera referencia á xestión dos mesmos, ao igual que non está presente ningunha referencia aos obxectivos. E isto prodúcese cando a definición de 1994 leva case unha década vixente a nivel internacional.

A nivel español a definición é algo máis completa. O Proxecto de Lei para modificar a Ley 42/2007 di no seu artigo 28 o seguinte: “*Terán a consideración de espazos naturais protexidos os espazos do territorio nacional, incluídas as augas continentais, e do medio mariño, xunto coa zona económica exclusiva e a plataforma continental, que cumpran polo menos un dos requisitos seguintes e sexan declarados como tales: a) Conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo; b) Estar dedicados especialmente á protección e mantemento da diversidade biolóxica, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturais asociados*”. Unha vez máis, toda referencia á lexislación e á xestión está ausente, situación que ocorría tamén no caso galego. Do mesmo xeito, a falla de referencias a eses dous conceptos, implica explicitamente a ausencia de calquera consideración referente ao desenvolvemento sostible e o futuro dos recursos.

Por iso podemos afirmar que as definicións adoptadas por moitos organismos, non reflexan a evolución na comprensión dos seus obxectivos e das súas dinámicas internas, elemento importante á hora de proceder á súa xestión.

2.2.2. Evolución

Como se dicía nas primeiras follas, dende que o ser humano habita a terra, foina modificndo segundo as súas capacidades para poder adaptarse e sobrevivir (Diego Liaño & García Codron 2007). A través dos incendios, das canalizacións da auga ou da adecuación da terra para a agricultura, e da introdución de novos cultivos e domesticación de animais (entre outras accións), deron lugar a novos ecosistemas e a un incremento da biodiversidade. É dicir, o ser humano foi modelando os elementos, creando diferentes paisaxes de incalculable valor ambiental, social, económico e cultural, e establecendo diferentes mecanismos para “protexer” determinados espazos dende ben antigo (De Jesús Hernández López & Hernández López 2015).

Tolón Becerra & Lastra Bravo (2008) resumen esta evolución en tres etapas, aínda que mencionan que o establecemento dunha cuarta podería ser inminente. Como viñemos expresando dende o comezo do texto, o punto de partida é a declaración de Yellowstone como primeiro espazo protexido moderno.

O outro punto importante deuse en 1972 cando se pasa dunha visión máis proteccionista a outra de tipo conservacionista. Aínda que só semelle un cambio de nome, o certo é que implica un gran paso para a integración dos espazos naturais na planificación territorial e o comezo da fin dos espazos illa. É aí onde se visualiza o cambio de paradigma do que se falou anteriormente. O traballo recente de Tolón Becerra & Lastra Bravo (2008) axúdanos a resumir esas etapas.

- **PRIMEIRA ETAPA:** caracterizada por ser a de maior duración, pois prolóngase dende a declaración de Yellowstone como parque nacional ata 1972, cando se produce o cambio de paradigma. As súas características principais son a prevalencia do parque nacional como figura imperante sobre calquera outra. Destacan pola súa pequena superficie e pola carencia de redes de espazos protexidos. Como se dixo anteriormente, o illamento na súa xestión e os fins recreativos son a súa marca insignia.
- **SEGUNDA ETAPA:** vai dende 1972 ata 1992, cando ten lugar o Cumio de Río. Caracterízase por un forte crecemento do sistema de espazos protexidos. Tamén pola proliferación de diferentes tipoloxías e pola aparición dos

2.2. Significado e evolución

parques naturais e os seus equivalentes en numerosos países. Hai unha ampliación da finalidade dos mesmos, dando lugar a unha maior preocupación por aspectos científicos, educativos e económicos, dos que a figura citada anteriormente fai a súa bandeira. Desta fase son tamén as primeiras redes internacionais como a Convención Ramsar ou as Reservas da Biosfera, as cales supoñen un salto cualitativo e de eficiencia na planificación internacional polo seu intento de dar coherencia a unha política de protección da natureza que ata o momento non ía moito máis alá das fronteiras nacionais. E como moitas desas figuras se atopan en zonas transfronteirizas, dan lugar á creación de novos actores xeopolíticos (Giraut & Antheaume 2003).

- TERCEIRA ETAPA: pódese dicir que é a etapa de “madurez” dos espazos protexidos, cun crecemento máis sostido e equilibrado. Non é casualidade que se tome como referencia o ano 1992 xa que é cando se produce o Cumio de Río, un fito do desenvolvemento sostible. Esta fase caracterízase por unha maior integración das figuras no territorio así como estratexia de desenvolvemento sostible. Un elemento importante é a elaboración dunha tipoloxía internacional coa intención de simplificar a amalgama á que durante máis de 100 anos deran lugar as políticas dos diferentes países. Así mesmo prodúcese a consolidación das redes internacionais de espazos protexidos que xurdiran na etapa anterior.
- CUARTA ETAPA: algúns autores falan xa dunha nova fase que se caracteriza pola vinculación dos espazos protexidos cos servizos ecosistémicos e de como estes poden repercutir positivamente na calidade de vida da poboación. Aínda que o número e superficie segue a medrar, o maior incremento dáse nas áreas protexidas mariñas, que ata o momento estiveran nun segundo plano.

Aínda que existen estas etapas ben diferenciadas, o número de espazos vaise incrementando paulatinamente ao longo das diferentes fases, sendo significativamente máis acelerado no último terzo do século XX (Palomo et al. 2014). Wittemyer et al. (2008) mencionaban que nas últimas décadas a superficie destinada á protección da natureza aumentara un 500 %. Esa expansión prodúcese tamén

a nivel numérico, espacial, xeográfico e conceptual (Watson et al. 2014) xerando como resultado unha variada tipoloxía de espazos. Como escribe Dinica (2016), ese crecemento dáse maioritariamente nos países desenvolvidos ata a Segunda Guerra Mundial, e é a partir dos 70s cando os países en vías de desenvolvemento toman o relevo e comezan a incrementar a súa rede de espazos protexidos. E para comprender este forte crecemento é sumamente importante ter en mente que a creación de áreas protexidas foi a estratexia máis desenvolvida por parte dos conservacionistas (Toledo 2005) co fin de evitar a perda de biodiversidade.

Para analizar a evolución emprégase a base de datos (WDPA 2017)⁸ mundial da UICN, a cal rexistra o conxunto de espazos protexidos a nivel global, proporcionando información tan relevante como a categoría á que se adscriben ou a súa superficie. Dado o forte crecemento e a diversidade de tipoloxías, a pesares de que se buscou unha unificación de criterios dende 1994 (explicarase no seguinte capítulo), a información referente á categoría pode conter unha porcentaxe de erros elevada, así como na evolución anual, xa que depende da metodoloxía seguida por cada país.

O número de espazos protexidos terrestres alcanza 206.107 en maio de 2017 segundo a WPAD, o que supón case o 15 % da superficie mundial e máis de 50.000.000 km². Na Figura 2.3 represéntase a evolución en número e superficie dende a década de 1820, e como se observa e adiantaba antes, o crecemento é máis acelerado dende 1950, e sobre todo dende 1970 ata a primeira década do 2000. Neses 30 anos o ritmo de crecemento mantívose en torno ao 80 %, non chega a superar os índices de finais do século XIX superiores ao 150 %, pero temos que ter en conta que porcentaxes tan altas son debidas á baixa cifra inicial.

Ese crecemento tanto en número como en superficie denota unha maior atención do ser humano cara ao medio ambiente, o cal é claramente un éxito pero que tamén deu lugar a numerosos problemas.

En certos casos esta explosión tanto en termos nominais como de superficie conduciu ao que se deu en chamar *parques de papel*. Defínese así ao resultado de declarar un espazo protexido por parte dun goberno, mais sen unha estrutura e financiación que os fagan capaces de cumprir os obxectivos marcados. Un exemplo

⁸<https://www.iucn.org/theme/protected-areas/our-work/world-database-protected-areas>

2.2. Significado e evolución




Figura 2.3: Evolución espazos protexidos

claro é a Rede Natura 2000 en numerosos países europeos, ou as áreas mariñas protexidas. O feito de verse obrigados (os Estados) a acadar unha determinada porcentaxe de superficie protexida nun determinado límite de tempo, conduce moitas veces á súa declaración sen ningún tipo de planificación e xestión.

En moitas ocasións ese forte crecemento non se produce de forma homoxénea nin reflexa de maneira correcta a distribución da biodiversidade (Sheppard 2006). Como cada país tende a tomar decisións sobre os seus espazos, e estas dependen da súa capacidade política, da situación económica, social e ambiental, danse casos nos que hai rexións ecosistemas ou especies pouco representadas, mentres que outras están representadas en “exceso”.

Por outro lado tamén xorden problemas coa capacidade de financiamento de moitas áreas protexidas e coas aptitudes e ferramentas dos xestores, pois habitualmente o perfil dos xestores conduce a unha xestión que pouco ou nada ten que ver cos obxectivos marcados inicialmente. A falla de financiación é outro gran problema, pois aínda tendo unha estrutura e uns obxectivos cun fin claro, as accións precisas non se levan a cabo pola falta de diñeiro, cando directamente non falta o

plan de xestión sobre o cal tomar decisións. E finalmente, como xa se mencionou anteriormente, tamén foi un problema severo a emerxencia dun conglomerado de diferentes categorías que, tendo moitas veces os mesmos obxectivos, presentan unha nomenclatura diferente.

É por iso que no seguinte apartado presentamos a evolución da tipoloxía internacional e como é a situación actual, facendo fincapé nas características máis importantes de cada unha delas.

2.3 Tipoloxía internacional

Ao longo do tempo foron xurdindo diferentes tipoloxías de protección (Troitiño Vinuesa 1995) en función do paradigma dominante, do país no que se instauraban ou mesmo segundo quen fose o que promovese a iniciativa. Esa evolución deuse tamén, en certa medida, polo paso dunha conservación chamada pasiva a outra de tipo activo, superando a visión museística que xa foi mencionada en subcapítulos anteriores. Así mesmo, xunto coa forma de xestión e obxectivos, tamén varía a súa extensión, o emprazamento ou as dificultades ás que se deben enfrontar os xestores. Elixir a categoría do espazo é algo que debe facerse con coidado, xa que a integración dos espazos protexidos no seu entorno, tanto a nivel ecolóxico como socioterritorial, depende da adecuación entre o tipo de protección e a forma de xestionalo.

Cada país foi creando unha clasificación diferente a medida que ían xurdindo novas visións e formas de entender a natureza (De Jesús Hernández López & Hernández López 2015). É por iso que se se analizan as lexislacións de cada estado pódense atopar enormes diferenzas, chegando ao extremo de que determinadas figuras de protección teñan o mesmo nome pero obxectivos totalmente diferentes (Mulero Mendigorri 1999). Por todo iso, ao longo do século XX fóronse dando pasos para tentar crear unha clasificación homoxénea que permitise comparalos entre si, sinalar estratexias globais de planificación e xestión, marcar obxectivos comúns ou regular actividades que se poden realizar ou non, referíndose González-Maya et al. (2010) a isto como o idioma común da protección.

Xa en 1933, na *Conferencia Internacional para a Conservación da Flora e Fauna Silvestres* celebrada en Londres, elabórase unha primeira clasificación con

2.3. Tipoloxía internacional

Tabla 2.2: Clasificación 10 tipoloxías

Grupo	Áreas
A. Categorías da CPNAP (Comisión de parques nacionais e áreas protexidas) que presentan especial interese	I. Reserva científica II. Parque nacional III. Monumento nacional/ fito nacional IV. Reserva de Conservación da Natureza V. Paisaxe protexida
B. Outras categorías importantes para a UICN	VI Reserva de recursos VII. Reserva antropolóxica VIII. Área de xestión multiusos
C. Categorías de programas internacionais	IX. Reserva da biosfera X. Sitio patrimonio mundial (natural)

Fonte: Dudley (2008)

catro tipos diferentes de espazos⁹. Máis tarde, en 1962, a UICN publica unha lista internacional de Parques Nacionais e Reservas Naturais, e en 1966 propón unha clasificación composta por tres tipos diferentes de espazos¹⁰. Esta última senta as bases do grupo de traballo da UICN que en 1974 expón a necesidade de mellorala, diferenciando entre 10 tipos diferentes de espazos como se ve na Táboa 2.2, os cales son asumidos oficialmente en 1978 (Castro Nogueira et al. 1999). En 1994, e despois dunha nova revisión das categorías anteriores, a Asemblea Xeral da UICN aprobou en Bos Aires a clasificación definitiva composta por seis tipoloxías (Táboa 2.3) e que aparecen representadas na Figura 2.4.

As novas categorías establécense en función dos obxectivos que se perseguen, diferénciase entre obxectivos principais, secundarios, parcialmente aplicables ou non aplicables. Así mesmo, froito dese intento de homoxeneización e internacionalización da nomenclatura intentouse chamar a cada área por un código (Ia, Ib, II, III, IV, V e VI) co fin de facilitar a comparación e evitar os problemas da nomenclatura tradicional (como parque nacional) e as diferentes definicións en cada país. Como se indicará na descrición de cada unha das figuras, e aínda que non hai unha xerarquía establecida como tal, observárase un aumento gradual da

⁹Parque Natural, Reserva Natural Estricta, Reserva de Flora e Fauna e Reserva con prohibición de caza e pesca.

¹⁰Parques Nacionais, Reservas Naturais e Monumentos Naturais.




Figura 2.4: Superficie protexida a nivel mundial

Tabla 2.3: Nova clasificación UICN

Categoría	Nome
Ia e Ib	Reserva natural estricta e Área Silvestre
II	Parque Nacional
III	Monumento natural
IV	Áreas de Xestión de Hábitats/ Especies
V	Paisaxe terrestre e mariña protexida
VI	Áreas protexidas para o uso sostible dos diferentes recursos naturais

Fonte: Dudley (2008)

2.3. Tipoloxía internacional

integración da poboación local e múltiples usos dos espazos protexidos fronte a unha protección máis estrita e uns usos máis limitados.

2.3.1. Categoría Ia

É un espazo protexido que pola súa concepción, forma de xestión e obxectivos está máis ligado ao paradigma segregador. Esta categoría engloba os espazos cunha protección moi estrita, destinados a salvagardar a biodiversidade e os trazos xeolóxicos e xeomorfolóxicos que o definen e que xurdiron a partires da forza da natureza, sen intervención do home (Dudley 2008). Hai un forte control e prohibición de actividades, así como de visitas e calquera acción que poida interferir no seu estado, mais o uso científico está permitido. Tamén se coñece como reserva natural estrita, e búscase conservar esa xeodiversidade e especies, así como os ecosistemas pouco modificados. Limítanse ao mínimo as modificacións a través dunha boa planificación, caracterizándose por unha gran variedade de especies naturais ou facilidade para alcanzalas así como ecosistemas moi ben conservados ou pouco alterados. Así mesmo, hai unha escasa intervención humana (de aí os seus caracteres naturais), polo que non é necesaria unha estratexia de conservación moi elaborada para alcanzar os obxectivos marcados. Como din Diego Liaño & García Codron (2007), os seus fins son principalmente científicos, e é difícil atopar espazos que non sufriran ningún tipo de modificación por parte dos seres humanos e que non necesiten accións para restaurar o medio.

2.3.2. Categoría Ib

Ao igual que no caso anterior está máis próxima á conservación pasiva. Esta categoría representa ás áreas de maior tamaño que a categoría Ib, pero que do mesmo xeito, manteñen en gran medida as súas características naturais debido a que a intervención humana foi moi escasa ou nula e non alteraron a súa naturalidade. Coñécese tamén como área natural silvestre. O obxectivo primeiro é o de conservar a longo prazo esas zonas pouco modificadas, sen introducir elementos ou infraestruturas que alteren as súas condicións naturais. Tamén é un obxectivo importante facilitar o acceso ao público, mais de tal modo que non interfira no seu estado, permitíndose o uso científico e educativo. Un dos puntos que máis a

distingue da anterior é a posibilidade de que os habitantes manteñan o uso sostible dos recursos tradicionais (en baixa densidade) e ao mesmo tempo facilitar que non se perdan os seus valores culturais. Isto implica que deba posuír un elevado grao de naturalidade e un tamaño que permita salvagardar hábitats dunha extensión mínima, na que se poidan desenvolver o conxunto de especies con facilidade.

2.3.3. Categoría II

Son, quizais, as áreas de maior recoñecemento internacional e o xerme da actual política de protección da natureza, tamén coñecidos como parques nacionais (Cabalar Fuentes 2010). Entre os máis coñecidos destacan o de Yellowstone nos Estados Unidos, Kruger en Sudáfrica ou Doñana en España. Therville et al. (2016) expoñen que se trata, xunto coas reservas naturais, da ferramenta á que máis se recorreu ao longo da historia na política de conservación. Están formada por grandes áreas naturais ou case naturais establecidas para protexer procesos ecolóxicos a gran escala, xunto co complemento de especies e ecosistemas característicos da área, que tamén proporcionan a base para actividades científicas, educativas e recreativas (Dudley 2008). O seu obxectivo principal é a protección dos hábitats e comunidades bióticas, mantendo a poboación das especies que os conforman (e a súa riqueza xenética) de forma compatible con usos como o recreativo e a educación. De aí que se permita o turismo de baixa densidade para dar lugar ao desenvolvemento das comunidades locais, ao igual que outros usos que non impliquen un deterioro do entorno, sendo a xestión dese turismo un dos puntos clave. Para poder ser encadrado dentro desta categoría, é necesario que conteña un tamaño suficientemente amplo como para permitir procesos ecolóxicos e que as comunidades sobrevivan por si mesmas, presentando exemplos representativos das principais rexións naturais, pouco modificadas ou con posibilidade de ser restauradas.

2.3.4. Categoría III

Os espazos protexidos desta categoría son tamén coñecidos como monumentos naturais, trátase de áreas protexidas de pequeno tamaño que buscan a conservación de espazos moi concretos, coma montañas, bosques, lagos ou lugares arqueolóxicos

2.3. Tipoloxía internacional

(Dudley 2008). O obxectivo principal é a biodiversidade e hábitats circundantes asociados a eles, así como protexer a variedade de paisaxes e os valores espirituais e culturais propios dos mesmos, podendo ser naturais pero tamén asociados a zonas alteradas por parte do ser humano. O elemento que as distingue das outras vén de que os valores aos que se fai referencia na protección orixínanse a través da percepción humana. Búscase pois, a conservación tanto dos valores ecolóxicos inherentes ao propio entorno natural como daqueles derivados da acción humana e dos valores culturais.

2.3.5. Categoría IV

Esta categoría presenta unha visión máis semellante ao novo paradigma. Trátase de áreas destinadas a manter, conservar e protexer especies e hábitats concretos. Moitas veces necesitaranse estratexias de intervención co fin de restablecer as condicións óptimas das mesmas. Prodúcese unha xestión activa (intervense directamente co fin de conseguir uns determinados propósitos) co obxectivo de manter tanto especies particulares, como poboacións e hábitats concretos, tanto ecosistemas naturais como aqueles froito da acción do ser humano. Estes hábitats poden ser artificiais e requirir unha forte intervención (por exemplo, se non hai cabalos no monte galego que coman a vexetación, suplilo co pastoreo), e por iso mesmo é compatible con usos humanos como a investigación. Hai unha orientación menos natural e máis cultural, aínda que os aspectos socioculturais poden estar ausentes. Por último, esa xestión activa non implica que poida haber un forte uso dos recursos xa que na base está destinada a manter as especies e hábitats (Dudley 2008).

2.3.6. Categoría V

É un espazo no que a poboación deixou as súas pegadas a través das actividades que realizou, dándolle valores culturais e paisaxísticos e, ao mesmo tempo, riqueza ecolóxica, biolóxica e biodiversidade. Para protexer toda esa riqueza é necesario que esa interacción persista, é dicir, que se manteñan as actividades tradicionais que deron lugar a esas paisaxes de forma equilibrada. Só desesa forma se conseguirá preservar todo o mencionado anteriormente. Ademais dese obxectivo de protección e conservación, tamén se busca o seu aproveitamento turístico e recreativo

(sempre e cando non se alteren as condicións de vida locais nin o medio) así como científico, ambiental e educativo, facendo que a poboación local participe en todas estas actividades. Polas súas características, moitas son utilizadas como zonas de amortiguación ao redor doutras figuras con protección máis estrita ou como corredor entre dúas. A diferenza da anterior, está vencellada a extensións máis amplas que a hábitats ou especies, permitíndose un uso intensivo dos recursos, polo que a naturalidade tamén é menor, e como expresan De Jesús Hernández López & Hernández López (2015) son a tendencia mundial actual, transitando dunha conservación pasiva a outra na que hai preocupación polo desenvolvemento sostible.

Como di Phillips (2002), ponse o énfase no uso racional dos recursos naturais, colocando á poboación local no centro da protección. En España coñécense como parques naturais, aínda que a categoría internacional denomínase como Paisaxe terrestre ou mariña. González-Maya et al. (2010) afirman que son a ferramenta ideal para integrar espazos protexidos con normas máis estritas no sistema social e económico das comunidades locais, especialmente en países en vías de desenvolvemento ou con estruturas legais e políticas máis febles.

2.3.7. Categoría VI

Esta última categoría é unha das máis interesantes e diferentes polo concepto de xestión que implica, tamén coñecida como área protexida para a xestión de recursos. De tamaño variable, tende a comprender espazos de maior superficie que as categorías anteriores. Nela predomina unha situación natural do medio aínda que tamén conta con valores culturais, e para a conservación destes ecosistemas propónse un uso sostible dos recursos naturais. De feito, o que marca a diferenza entre esta e a anterior é o grao de naturalidade (Phillips 2002).

Nesta categoría búscase que a xestión destes espazos xere beneficios para as comunidades locais e que permita o mantemento a longo prazo da relación tradicional entre estes e o espazo protexido, mediante non só beneficios económicos, senón tamén sociais e ecolóxicos. Unha relación “sostible” entre medio e poboación, estando tamén permitido o uso recreativo e turístico (en baixas densidades).

2.4. Outros espazos protexidos

Un punto importante é que non só se busca manter eses hábitats e valores culturais, senón que é sumamente importante conservar a forma tradicional de xestión dos recursos para non alterar o medio. Como é un espazo que conxuga tanto valores naturais como culturais, pode haber zonas nas que a protección sexa maior e implique un maior número de restricións. O feito de que dous dos seus eixes sexan o mantemento das paisaxes e o uso sostible dos recursos naturais para xerar beneficios ás comunidades locais, fai necesario que a súa xestión estea baixo formas de gobernanza máis participativas.

2.4 Outros espazos protexidos

Aínda que de primeiras poida semellar que afondar na análise destes espazos se escapa do marco teórico, a realidade mostra que é necesario, posto que os tres casos de estudo que se presentarán no seguinte capítulo contan con algún tipo de protección de tipo internacional. Como mencionamos, co tempo chegouse á conclusión de que non só había que actuar de xeito local senón que a natureza non coñece de fronteiras artificiais nin se comporta como espazos illa. Así, a creación de redes internacionais de espazos protexidos reveláronse imprescindibles para asegurar o éxito das diferentes medidas levadas a cabo en cada un dos estados. Como din Trillo-Santamaría & Paül (2016), a natureza non coñece de fronteiras, tendo esta nova estratexia paralelismos con outras políticas de diferentes ámbitos (turismo, defensa, emprego), onde tamén se puxeron en marcha estratexias a nivel internacional.

Depraz (2008a) afirma que os espazos protexidos a nivel internacional non se poden comparar cos espazos a nivel nacional, xa que moitas veces son unha forma de recoñecemento e publicidade que xorde de maneira voluntaria entre diferentes estados. E tamén, en moitas ocasións, supón unha superposición de figuras sobre outras xa existentes, coas conseguíntes oportunidades e problemas que xera.

Cada organismo internacional fomenta ou favorece un concepto de espazo protexido propio cuns fins concretos, como se explicará a continuación, sendo seguramente os máis coñecidos para o lector as *Reservas da Biosfera*, a *Rede Natura 2000* e os lugares *Patrimonio da Humanidade*. Sen embargo hai outros como os

Humidais Ramsar ou os *Xeoparques* que tamén están a gañar recoñecemento e importancia.

2.4.1. A Rede Natura 2000

A nivel europeo pódese atopar unha das políticas activas máis importantes da protección da natureza de todo o mundo. A Rede Natura 2000 é un dos programas máis recoñecibles de tódolos que ten levado a cabo a Unión Europea dende a súa formación, e mesmo se as políticas medioambientais dependen de cada país, é a Unión Europea quen establece as Directivas principais. O fin último deste proxecto consiste na creación dunha rede europea de espazos protexidos que representen os hábitats naturais e seminaturais máis importantes de cada unha das rexións bioclimáticas que a conforman (Cabalar Fuentes et al. 2016) así como asegurar a súa protección a longo prazo (Brescancin et al. 2018).

Ligada á forte pegada humana presente nos países que a conforman, un concepto importante como din Guignier & Prieur (2010), é que non buscan santuarizar eses territorios, xa que só uha minoría presentará protección estrita, buscando a maioría o equilibrio coas actividades económicas, a cultura e o patrimonio. E isto é importante, por tratarse a Unión Europea dun espazo fortemente transformado pola agricultura que, precisamente, incrementou a riqueza en biodiversidade.

Dous son os piares, e dúas son as Directivas máis importantes que sosteñen esta estratexia: a 79/409/CEE de 1979 e a 92/43/CEE de 1992 (De Uña 2008). A Directiva 79/409/CEE de 1979, tamén coñecida como *Directiva Aves*, ten como obxectivo principal o establecemento de Zona de Especial Protección para Aves (ZEPAs). Estes espazos están encamiñados a protexer a avifauna, os ovos e os hábitats nos que viven esas especies. No seu Artigo 1 establece que será cada estado membro o encargado de velar por que se cumpra, atendendo á listaxe que proporciona a Unión Europea. No seus anexos aparecen as especies e os países nos que están presentes para que cada un dos mesmos coñeza onde actuar, facendo especial atención ás aves migratorias dada a súa característica especial.

A Directiva 92/43/CEE de 1992, tamén coñecida como *Directiva Hábitats*, busca crear a nivel europeo unha rede de espazos protexidos co obxectivo garantir a biodiversidade a través da conservación dos hábitats naturais e a fauna e a flora

2.4. Outros espazos protexidos

silvestres dos Estados Europeos (Artigo 2). Para a conformación da mesma, os estados deben propor un listado de Lugar de Interese Comunitario (LICs) que a Unión Europea terá que validar. Os estados membros terán un prazo de 6 anos para aprobar os plans de xestión, e unha vez realizados e implantados, pasaran a chamarse Zona de Especial Conservación (ZECs). En España, por exemplo, son as Comunidades Autónomas as que teñen que facer eses plans, para que os territorios pasen de LIC a ZEC, mais non o están a facer coa velocidade que se requiriría como óptima.

Deste xeito, a Rede Natura 2000 obriga aos Estados membros a establecer a lexislación e instrumentos (plans) precisos para a boa xestión dos lugares baixo esa denominación, así como ferramentas para asegurar esa conservación e a restauración dos que estean en condicións de maior deterioro. Así mesmo, será financiado polos distintos tipos de fondos que xestiona a Unión Europea, pasando a formar parte de políticas máis amplas como as de desenvolvemento rural. Poderán obter recursos a través de fondos Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo Social Europeo (FSE) ou programas específicos como o L'Instrument Financier pour l'Environnement (LIFE). Trátase, en definitiva, de introducir estes espazos dentro doutras políticas, de integralas nas ferramentas de ordenación do territorio e desenvolvemento económico.

A suma de ZECs e ZEPAs dará lugar á REDE NATURA 2000. Europa conta con 1.147.956 km² de superficie formando parte desta rede, que ao mesmo tempo supón o 18,12 % do territorio (Táboa 2.4). O número total de espazos é de 27.312, sendo 23.726 ZECs e 5.572 ZEPAs. Como se verá máis adiante e a nivel de cada Estado, mesmo se a Rede Natura 2000 resulta da suma de ZECs e ZEPAs, as cifras

Tabla 2.4: Rede Natura 2000

	ZEC	ZEPA	RN2000
Número espazos	23.726	5.572	2.7312
Superficie km ²	884.469	725.433	1.147.956
Superficie (%)	13,84 %	12,38 %	18,12 %

Fonte: Axencia Europea Medio Ambiente (2018)

totais non corresponden á mesma. Isto é porque hai ZECs que tamén están baixo a categoría de ZEPAs. Son, aínda así, unhas cifras elevadas e que mostran claramente o éxito (polo menos en superficie) desta política, aínda que se se descende ao nivel de cada estado podemos apreciar fortes diferenzas.




Figura 2.5: Sitios e superficie Rede Natura 2000

Como se aprecia na Figura 2.5 e na Figura 2.6 o número de ZEPAS e ZEC en 2016 varía fortemente entre os diferentes países (sendo os de maior superficie os que teñen un maior número). Á cabeza están Alemaña e Suecia con 5.206 e 4.082 espazos dentro da Rede Natura 2000, sendo no primeiro caso 4.557 ZECs e 742 ZEPAs, mentres que Suecia presenta 3.986 ZECs e 544 ZEPAs. Se se fai a suma de ámbalas categorías dará como resultado un número maior que o total “real” da Rede Natura 2000, e isto é porque moitos territorios forman parte de ámbalas denominacións, como se apuntaba presentando as cifras europeas.

Como se observa nas mesmas figuras, hai unha gran desigualdade entre os países no que se refire á implantación da Rede Natura 2000. Se a media da Unión Europea en 2016 está no 18,12 % da superficie (Táboa 2.4) atopamos países que están moi lonxe desa cifra. Por unha banda, os países que maior superficie teñen

2.4. Outros espazos protexidos




Figura 2.6: Número e superficie das ZEPAs

catalogada dentro da rede son Eslovenia, Hungría e Bélxica, co 37'8 %, 36,6 % e 34,5 % respectivamente. Pola contra, tanto Dinamarca como Reino Unido (8,54 % e 8,34 % cada un) non acadan o 10 % da superficie, e neste mesmo contexto España (27,29 %) duplica a cifra de Francia (12,74 %).

Por iso, aínda que se conseguiu crear unha das redes de espazos protexidos máis grandes do mundo (Diego Liaño & García Codron 2007), son numerosas as críticas que se dirixen cara a falla de financiación, os problemas coa poboación local e a tardía presentación das ferramentas de xestión que permiten a transformación de LIC en ZEC, ou ao estado de conservación (Davis et al. 2016). De Uña Álvarez (2008) pregúntase se realmente son espazos protexidos ou unicamente un catálogo, xa que non existe un marco legal real de xestión nin moitas veces interese real dos gobernos estatais ou rexionais de poñelos en marcha. Así mesmo hai unha falla de recursos e financiación para asegurar esas políticas como teñen asegurado numerosos informes de EUROPARC-España (2012). Por último, e a pesares da necesidade de participación da poboación local, son numerosos os conflitos que se deron durante a súa elaboración en canto a usos dos espazos ou aos intereses

dos diferentes actores (Blondet et al. 2017) polo que queda claro que a pesares de ser unha figura recente, presenta os mesmos problemas que tipoloxías con máis tradición.

2.4.2. Sitios Ramsar

Recibe o nome do acordo firmado na cidade iraniana de Rámsar en 1971 e ten como obxectivo a protección e xestión de humidais e das aves que neles viven. Ao igual que os espazos dependentes da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), os países propoñen unha serie de lugares para incluír no listado (Lista de Sitios RAMSAR) que son avaliados por un comité que decide se se poden adscribir ou non. Como di Matthews (1993), os humidais están fortemente ligados ao nacemento dunha boa parte das civilizacións, como a exipcia ou a persa, e foron vistos como fonte de enfermidades e pragas dende a orixe das mesmas. Isto levou a que fosen fortemente alterados non só co obxectivo de acabar con eses males, senón co de transformalos en áreas produtivas para a agricultura, pois tamén son espazos dunha forte riqueza. E mesmo en datas máis próximas, leváronse a cabo políticas que produciron unha forte alteración das súas condicións, como é o caso da Lagoa de Antela na Baixa Limia, ou a outra escala, o Mar de Aral. Como di Turner et al. (2000) son espazos moi sensibles ao mesmo tempo que tamén están sometidos a unha gran presión, polo que a súa protección é fundamental. E o outro elemento relevante e que xustifica a súa protección é que son o hábitat de miles de aves migratorias (De Rojas Martínez-Parets 2006) e que precisan dunha atención especial, como xa se explicou coas ZEPAs na Rede Natura 2000.

Como se dicía anteriormente, os territorios obxecto de protección son os humidais, definidos pola Convención Ramsar como: “*Extensións de marismas, pantanos e turbeiras, ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, correntes ou estancadas, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de augas mariñas cuxa profundidade en marea baixa non exceda de 6 metros*” (Convención Ramsar 2006, Art.1).

Na década dos 70 primouse a conservación dos espazos designados baixo esta figura, ligando as políticas dos mesmos ao paradigma radical, buscando manter

2.4. Outros espazos protexidos

Tabla 2.5: Sitios Ramsar

España	Francia	Namibia
75	48	5

Fonte: Convención Ramsar (2018)

e/ou restaurar o estado ecolóxico dos mesmos. Nos 80s introdúcense as primeiras referencias ao desenvolvemento sostible e á visión dos mesmos como parte dun conxunto, non como territorios illados, elementos importantes para unha mellor planificación (Hettiarachchi et al. 2015). Dende finais dos 90s e xa no século XXI mostran concordancia coas tendencias doutros programas de conservación, incidindo no papel da poboación local na súa xestión así como nos múltiples valores que aportan á sociedade. De feito, os documentos máis recentes fan xa referencia aos beneficios para o benestar humano e aos servizos ecosistémicos, o cal dá conta de que as ideas derivadas do novo paradigma están tamén a callar neste tipo de figuras, facendo fincapé na súa xestión sostible para que a poboación se beneficie. Seguiu os das reservas da biosfera, pasando de ter un obxectivo máis conservacionista e centrado nos hábitats, a orientarse cara unha visión máis integradora, unindo conservación e uso racional dos humidais mediante accións locais, rexionais, nacionais e internacionais, contribuíndo ao logro dun desenvolvemento sostible en todo o mundo.

Ao mesmo tempo, e como xa se mencionou noutro tipo de espazos, os humidais e as especies que neles viven moitas veces non coinciden coas fronteiras creadas polo ser humano, polo que tamén se intenta implantar os Sitios Ramsar Transfronteirizos (Convención Ramsar 2016). De feito, a simple consideración dun espazo baixo esta categoría xa lle concede importancia internacional (Lausche 2012).

Se a súa implantación a nivel mundial é notoria, acadándose cifras importantes, son numerosos os autores que cuestionan o seu modelo. Mulero Mendigorri (2002) recolle algunhas críticas no referente á falla de concreción das medidas a implantar, a pesar de que na actualidade hai máis de 2.200 sitios Ramsar que cobren 2.100.000 km² en 169 países.

No caso dos países obxecto de estudo podemos apuntar que en 2018 España conta con 75 sitios, Francia con 48 e Namibia con 5 (Táboa 2.5).

2.4.3. Reservas da Biosfera

As Reservas da Biosfera son un tipo de espazos protexidos promovido dende 1971 pola UNESCO dentro do programa Man and Biosphere (MaB). Moi próximas ás categorías V e VI da clasificación internacional da UICN, beben das ideas da década dos 70, ligadas á crecente preocupación polo desenvolvemento sostible, contaminación e escaseza de recursos. En 1976 decláranse as primeiras reservas que darán lugar a unha rede mundial que en 2017 conta con 669 espazos distribuídos en 120 países. O obxectivo inicial é proporcionar unha base científica capaz de abordar os problemas da interacción da sociedade coa natureza (Fernández de Tejada 1996), algo que semella moi abstracto mais non deixa de ser a idea principal do primeiro subcapítulo, o xeito no que o ser humano se relaciona coa natureza.

Como mencionan Del Valle Melendo & García Atarés (2015), son novidosas porque non implican ningunha lexislación nova, pois só se ven afectadas pola lei de cada Estado. A diferenza da maioría de espazos protexidos, trátase de acordos voluntarios, semellante ao modelo francés de parque natural que será explicado máis adiante. A idea orixinal era fomentar a protección para evitar a perda de biodiversidade, mais a diferenza doutras tipoloxías de espazo protexido do momento, únense outros obxectivos relacionados co desenvolvemento sostible, e por ende, coa mellora das condicións de vida da poboación que vive dentro dos mesmos. De feito, tres son as liñas principais de actuación presentes: fomentar a conservación, o desenvolvemento, e a educación e investigación. Estas liñas están ligadas cun dos elementos que foi máis orixinal ao seu inicio, como é a zonificación en 3 categorías ben diferenciadas: zonas núcleo, tampón e de transición. Na primeira a protección é moi estrita e só permite a investigación co fin de conservar os ecosistemas, especies, etc. Na segunda tamén se permite o turismo sostible ou a educación, e na zona de transición outros usos como a agricultura, co fin de permitir o desenvolvemento

Tabla 2.6: Reservas Biosfera

España	Francia	Namibia
48	14	-

Fonte: Unesco (2018)

2.4. Outros espazos protexidos

económico e social da poboación que alí vive. Así, De Uña Álvarez (2007) critica a súa zonificación centrípeta, xa que orixinalmente pensouse nunha zonificación concéntrica, mais pronto se deron conta de que iso non era o máis axeitado, motivo polo cal non é raro atopar Reservas da Biosfera con varios núcleos diferentes.

O programa recibe un maior impulso co *Cumio de Río en 1992*, cita clave pola visibilidade que se lle deu ao desenvolvemento sostible e aos problemas que os diferentes gobernos deberían afrontar. Dadas as características das Reservas da Biosfera, considerouse que eran unha boa ferramenta para acadar os obxectivos do milenio. Mulero Mendigorri (2002) valora como positivo a continua revisión dos seus piares adaptándose ás correntes de protección internacional, e é así como xustifica que na primeira década predominase a función de conservación fronte á de desenvolvemento.

Coa *Conferencia de Sevilla*, en 1995, a figura sae reforzada procurando unha maior representatividade de tódalas biorrexións e impulsou a vinculación de conservación e desenvolvemento, fomentando que tódolos niveis da sociedade participen da xestión, cuestión que se considera clave para o éxito dunha boa gobernanza neste tipo de figuras (Lausche 2012).

En definitiva, pode dicirse que é unha das tipoloxías máis exitosas internacionalmente e que goza dun maior prestixio social, precisamente por esa conxunción de conservación, desenvolvemento e poboación local que foi exposta dende os seus inicios.

Como se observa na Táboa 2.6, dos tres países, España e o que conta cun maior número de Reservas da Biosfera.

2.4.4. Patrimonio da Humanidade

Contemporaneamente á aparición das Reservas da Biosfera xorde unha crecente preocupación polo patrimonio no seu sentido máis amplo. Co fin de dar protección e recoñecemento aos elementos máis importantes dos diferentes países, a UNESCO impulsa dende 1972, cando se celebrou a *Conferencia sobre Medio Ambiente Humano* en Estocolmo, a *Lista de Patrimonio da Humanidade*. Neste catálogo recóllense os elementos patrimoniais máis relevantes e simbólicos do mundo, que poden ser de tipo cultural, natural, mixto e inmaterial. Algo significativo aconteceu

tamén en 1992, data dende a que a UNESCO tamén recoñece as paisaxes culturais como patrimonio mundial (Landelle 2007), entendendo a paisaxe no seu sentido amplo, e recoñecendo o papel da poboación local na súa creación.

A esta lista pertencen elementos tan variados como a Sydney Opera House, O Camiño de Santiago ou as Cataratas Vitoria. Na actualidade hai un total de 1.052 lugares baixo esta designación, sendo 814 de tipo cultural, 203 de tipo natural e 35 de tipo mixto nun total de 165 países. Se ben están presentes por todo o mundo, son Europa e Norte América as zonas con maior representación, co 47 % dos mesmos.

Para entender ese crecemento e necesario coñecer cal é o fin principal do programa: “*Protexer os monumentos naturais constituídos por formacións físicas e biolóxicas ou por grupos desas formacións que teñan un valor universal excepcional dende o punto de vista estético ou científico; – as formacións xeolóxicas e fisiográficas e as zonas estritamente delimitadas que constitúan o hábitat de especies, animal e vexetal, ameazadas, que teñan un valor universal excepcional dende o punto de vista estético ou científico, – os lugares naturais ou as zonas naturais estritamente delimitadas, que teñan un Valor Universal Excepcional dende o punto de vista da ciencia, da conservación ou da beleza natural*” (Plaza Gutiérrez 1999, p.15). Definición da Convención sobre Patrimonio Mundial, recollida polo autor.

Cada un dos estados ten que comprometerse a identificar, protexer, conservar, rehabilitar e transmitir ás xeracións futuras o patrimonio cultural e natural (Lausche 2012). Isto implica políticas de restauración, se son precisas, de educación, sensibilización e promoción que serán revisadas por un Comité periodicamente. En senso amplo, o Estado comprométese a asegurar unha boa xestión a través das ferramentas e lexislacións necesarias, nomeadamente plans de xestión. Sobre o patrimonio, a UNESCO emite periodicamente veredictos analizando o estado de conservación dos mesmos, para saber se están en bo estado ou en perigo. Se a valoración é negativa, entran a formar parte da *Lista Patrimonio da Humanidade en Perigo*, reclamándolle aos estados que cumpran co acordado. Este principio de revisión foi novidoso no seu momento, supoñendo un cambio con respecto a outras categorías e o fomento pola preocupación dunha boa xestión.

A *Declaración de Budapest* (2002) vén a reforzar a idea de patrimonio como fonte de desenvolvemento sostible e a participación da sociedade civil. Así, postula que a cultura debe ser un elemento esencial para acadar o benestar da sociedade e a

2.4. Outros espazos protexidos

Tabla 2.7: Patrimonio da Humanidade

España	Francia	Namibia
46	43	2

Fonte: Unesco (2018)

participación da mesma é clave para a consecución dos obxectivos marcados polo programa. E no Manual de xestión de *Patrimonio Mundial Natural* (UNESCO 2014) queda patente, pois dedícase un capítulo á necesidade de concertación cos habitantes e a súa participación na xestión dos espazo.

Como se observa na Táboa 2.7, España conta con 46 sitios declarados patrimonio da humanidade, seguido de preto por Francia, con 43, e distanciados estes de Namibia, país que tan só posúe 2.

Ao igual que outras figuras, tamén presenta críticas, e mesmo se se acadaron grandes logros e unha forte presenza internacional, criticase que non implica que teñan que cumprir unhas normas ou leis específicas (por igual) xa que cada estado ten liberdade para aplicar a lexislación propia do país. Ademais, a maioría dos espazos Patrimonio da Humanidade (natural) teñen xa outro tipo de protección (Dudley 2008), co cal vén a superpoñer unha categoría diferente de protección. Ao igual do que sucede coas Reservas da Biosfera, son un elemento de prestixio e renome, de xeito que cada vez máis países tentan obter esta declaración para algún dos seus elementos patrimoniais, e a inclusión na Lista citada anteriormente supón unha forte promoción e valorización turística. Isto pode causar fortes problemas nos lugares nos que o turismo é demasiado numeroso, sendo máis evidente nas paisaxes culturais e no patrimonio cultural (por exemplo cascos antigos) e o crecente problema da súa museización.

2.4.5. Xeoparques

Na década dos 90 xurdiron os primeiros espazos encamiñados á protección e valoración da xeodiversidade en Europa, incrementándose nos últimos anos o coñecemento sobre a mesma (Costa-Casais & Caetano Alves 2015). Un xeoparque é un territorio cun patrimonio xeolóxico notable xestionado baixo os piares da xeoconservación, divulgación e desenvolvemento económico, especialmente co

xeoturístico, e como di a súa definición, non é unha figura de protección xeolóxica en si mesma. En 2000 créase a Rede Europea de Xeoparques, e en 2004 a Rede Global de Xeopaques da UNESCO, mais non é ata 2015 cando a UNESCO crea a categoría Global UNESCO Geopark. Estas redes internacionais veñen buscando a colaboración entre os diferentes territorios para mellorar as súas experiencias e xestión. A páxina web de Geoparques (2018) defíneo así: *“un xeoparque é un territorio que contén tanto un patrimonio xeolóxico singular como unha estratexia de desenvolvemento propia. Ten uns límites claramente definidos e una superficie suficiente para que poida xerar o seu propio desenvolvemento económico. Non é unha figura de protección xeolóxica nin o pretende – aínda que dende os xeoparques se poida contribuír á protección do patrimonio xeolóxico –; de feito, os xeoparques interésanse tanto pola calidade de vida dos seus habitantes como na súa riqueza xeolóxica”*.

Trátase dunha tipoloxía que nace do novo paradigma da conservación, xa que require dunha forte estratexia de desenvolvemento para poder ser aceptada. Así mesmo fomenta a participación da poboación local na toma de decisións e xestión, ademais de considerarse un laboratorio de ideas e experimentos para facer fronte a novos retos tanto sociais como naturais (por exemplo climáticos). Debe presentar unha aproximación *bottom-up* que busca a colaboración entre os diferentes actores do xeoparque, así como entre os diferentes xeoparques. Ao igual que o Patrimonio Mundial da Humanidade, vese sometido a revisións periódicas para analizar se se alcanzan os obxectivos expostos inicialmente e a súa non consecución pode levar aparelhada a suspensión do recoñecemento como xeoparque.

Como se aprecia na Táboa 2.8, Namibia non conta con ningún xeoparque, mentres que Francia e España teñen 7 e 12 respectivamente.

Tabla 2.8: Xeoparques

España	Francia	Namibia
12	7	-

Fonte: Geoparques (2018)

2.4.6. Parques transfronteirizos

O territorio dalgunhas das categorías citadas anteriormente forman parte de dous ou máis países, como poden ser algúns espazos da Rede Natura 2000 (Opermanis et al. 2012), Reservas da Biosfera transfronteirizas, Sitios Ramsar ou o Patrimonio da Humanidade. Isto ben a supoñer (na teoría) a cooperación entre diferentes estados e/ou rexións e a xestión conxunta deses espazos. Sen embargo, hai espazos que xorden especificamente para pór en marcha políticas de protección entre varios países, sendo os parques para a paz unha das máis recoñecibles.

Son espazos entendidos como ferramenta xeopolítica en zonas fronteirizas, coa finalidade de establecer cooperación entre diferentes países entorno ao eixe da conservación. Como se explicaba anteriormente, as fronteiras políticas son algo artificial e humano, pero que a natureza non comprende. O primeiro parque para a paz foi declarado entre Estados Unidos e Canadá (Waterton-Glacier), e a idea nace da firma do Tratado do *Protocolo de Cracovia en 1932*, entre Polonia e Checoslovaquia, para solucionar os problemas fronteirizos que xurdiran durante a primeira Guerra Mundial (Depraz et al. 2012).

En África, veñen a fomentar a cooperación entre diferentes estados en materia de protección da natureza, favorecendo a idea de cooperación e valorización xeopolítica da protección, onde dous ou máis estados únense para convertelos en vector de cooperación internacional e desenvolvemento local (Depraz et al. 2012). Esa vía ligada ao desenvolvemento vén acompañada con programas de educación, formación e sensibilización co fin de mellorar as condicións de vida da poboación que vive dentro. Ao mesmo momento, inténtase superar o trauma das fronteiras creadas artificialmente durante a colonización europea e que tan duras consecuencias tivo para as comunidades locais. Sobre os mesmos, Giraut & Antheaume (2003) tamén os ven como unha forma de posicionarse no mercado turístico internacional, unha vez os espazos protexidos entraron de cheo neste segmento de produtos.

Como ocorre con outras figuras, moitas veces hai superposición de instrumentos a outros xa existentes. Por iso, unha boa coordinación é requirida xa non só a nivel internacional, senón tamén a nivel nacional e rexional.

En resumo, son numerosas as tipoloxías e obxectivos destas figuras que se superpoñen a outras xa existentes, aos que tamén poderíamos engadir os espazos protexidos mariños, tema no que non mergullaremos por seren en moitas ocasións zonas nas que non reside poboación, e polo tanto, presentan problemáticas diferentes.

2.5 A situación en Galiza, Francia e Namibia

Para entender o funcionamento e a situación dos espazos nos que se realizará a investigación, é preciso coñecer máis de preto a situación destes en cada un dos países nos que se localizan, así como a lexislación pola cal se ven afectados. Como di a propia definición de Dudley (2008), eses medios legais son necesarios para asegurar esa conservación a longo prazo, por iso realizaremos un repaso dos mesmos en España, Francia e Namibia.

2.5.1. España e Galiza

España contaba en 2016 co 13 % do seu territorio terrestre protexido baixo algún tipo de figura, que chegaría ao 27 % se se ten en conta a superficie da Rede Natura 2000 (EUROPARC-España 2016b), subindo ao 28 % en 2018 segundo o World Database of Protected Areas (WDPA). Así mesmo, o 8 % da superficie mariña está baixo algún tipo de designación. O Estado conta cun total de 1.958 espazos protexidos, dos cales 15 son Parques Nacionais e 151 parques naturais. Segundo a mesma fonte, hai tamén 260 reservas naturais, 346 monumentos naturais e 57 paisaxes protexidas. A Figura 2.7 mostra a distribución desa superficie protexida.

Pódese dicir que España foi dos países europeos máis precoces en canto a lexislación sobre espazos protexidos, xa que en 1916 aprobouse a *Lei de Parques Nacionais*. Estudosos da temática falan de 3 etapas históricas na política protección neste país (Castro Nogueira et al. 1999, Font Garolera & Majoral Moline 1999). De 1900 a 1975, dende 1975 a 1989, e dende 1999 a actualidade. Baixo a Lei de 1916 e tan só dous anos despois declaráronse o Parque Nacional de Covadonga (hoxe coñecido como Picos de Europa) e o Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido (Morrillo & Gómez-Campo 2000). Como din Paül Carril & Pazos Otón (2010),

2.5. A situación en Galiza, Francia e Namibia




Figura 2.7: Superficie protexida en España

a declaración de Covadonga entronca dentro desa visión romántica de espazo protexido e é claramente un símbolo ligado ao que moitos consideran o xerme da idea de nacionalismo español, por ser alí onde “comezou” a reconquista católica fronte aos árabes. A súa xestión segue a tendencia do momento, da que Yellowstone era o modelo (Diego Liaño & García Codron 2007), unha visión museística e coa menor intervención do ser humano posible.

En 1917 promúlgase o *Real Decreto* polo que se crea a *Junta Central de Parques Nacionales* onde se introduce a creación doutro tipo de espazo protexido de menor rango que se deu en chamar *Sitio Nacional*. No mesmo sentido, vanse ditando posteriormente novas disposicións como en 1927, a *Real Orden* coa que se crean as figuras de *Sitio Natural de Interés Nacional* e *Monumento Natural de Interés Nacional*. En 1957 promúlgase a *Lei de Montes*, lexislación que vai substituír á aprobada en 1916, recibindo críticas pola supeditación destas figuras a unha lexislación cunha forte orientación cara a produción en detrimento da conservación en si mesma.

Un paso importante para comprender a segunda etapa é a creación do Instituto de Conservación da Natureza (ICONA) en 1971 (Mulero Mendigorri 2002). Ao

igual que coa *Lei de Montes*, os espazos protexidos pasan a estar baixo a supeditación do Ministerio de Agricultura, polo que se segue sen apostar por unha clara política de protección nin ten unha entidade por si mesma.

Xa en 1975, promúlgase a *Lei de Espazos Naturais Protexidos (15/1975 do 2 de maio)*. Un elemento significativo é a inclusión de novas categorías, xa que define as figuras de *Parque Nacional*, *Parque Natural*, *Reserva Integral de Interese Científico* e *Parque Natural de Interese Nacional*. Supón, xa que logo, un intento de aproximarse a unha tipoloxía máis moderna, cando menos a nivel teórico, aínda que se critica que non fose máis concordante coas ideas internacionais (Mulero Mendigorri 2002). A nivel galego, o primeiro parque natural declarado polo goberno estatal foi o de Monte Aloia en 1979, e en 1980 o parque natural das Illas Cíes, ámbolos dous baixo a Lei de 1975. De feito Mulero Mendigorri (1999), sobre esta lei reconece como un dos maiores logros a creación da figura de parque natural e a súa similitude co parque natural rexional francés.

En 1989 apróbase a *Lei 4/1989 de Conservación dos Espazos Naturais e a Flora e Fauna Silvestres*, neste caso coas seguintes catro categorías de protección: *Reservas naturais*, *Parques*, *Monumentos Naturais* e *Paisaxes Protexidas*. Supón unha multiplicación autonómica de normativas en relación coa protección da natureza, xa que a raíz da mesma, cada unha das Comunidades Autónomas é libre para desenvolver as súas propias competencias. Aínda así nace con problemas, como din Corraliza Rodríguez et al. (2002), polo apresurado da norma e pola contradición entre o que supón ceder esa competencia ás Comunidades Autónomas e que se declare Lexislación básica do Estado. Como resultado deu lugar a un crecemento do número de espazos protexidos espectacular (Cascos Maraña & Guerra Velasco 1999, De Rojas Martínez-Parets 2006) así como á diversificación de tipoloxías na súa clasificación (Pascual Trillo 2007). A lei do 1989 crea ademais a figura de Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) e Plan Rector de Uso e Xestión (PRUX) (Suárez Japón 1999) como instrumentos de xestión (Troitiño Vinuesa 1995). Sobre eles os mesmos autores opinan que o desenvolvemento destas ferramentas non foi adecuado, variando moito entre cada administración. Por outra banda, esa descentralización implicou que tanto a superficie como a eficacia na protección variase enormemente entre cada autonomía, sendo un elemento significativo a data na que se aproban cada unha das lexislacións autonómicas

2.5. A situación en Galiza, Francia e Namibia

(Mulero Mendigorri 2002), sendo a de Galiza unha das máis tardías ao aprobala en 2001.

A *Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade* supón unha actualización e revisión da anterior, adecuándoa ao contexto actual e ás normativas internacionais. Entre os elementos máis significativos engade unha nova categoría ás catro da norma anterior, *Área Mariña Protexida*, que vén a mostrar o recente interese por incluír os medios mariños nas estratexias de conservación da natureza (Ministerio Medio Ambiente 2007). Así mesmo, mostra unha clara preocupación pola conectividade entre os diferentes espazos e a creación de corredores para establecer unha auténtica rede (Artigo 15). Por outra banda tamén insta á creación dun *Inventario de Patrimonio Natural e da Biodiversidade*, coa finalidade de aglutinar información sobre a totalidade de espazos protexidos, e unha serie de indicadores que teñen como obxectivo facilitar o coñecemento da materia por parte da sociedade. Por último, e como se mencionaba anteriormente, prodúcese unha adecuación da norma ás figuras internacionais, especialmente á *Rede Natura 2000*. Esta lei vese modificada pola *Lei 33/2015*, que incorpora a información ambiental no rexistro da propiedade con fin de dar maior seguridade xurídica a estas figuras, información á que por outra banda vai ter acceso directo o *Catastro da Propiedade*.

A outra norma estatal significativa é a *Lei 30/2014 de Parques Nacionais*. O elemento máis importante é a delimitación das competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas, así como a elaboración de órganos de xestión nos parques supraautonómicos, onde se especifica que non pode haber solo urbanizable ou susceptible de selo dentro do perímetro do mesmo.

Se nos cinguimos a Galiza, a Lei promulgada en 1989 dálle ás Comunidades Autónomas a capacidade para legislar sobre espazos protexidos. Cada unha realízao nun momento diferente, sendo Galiza, como se mencionou, unha das que máis tarde o fai, no 2001 (Xunta de Galicia 2001). O máis importante da *Lei 9/2001 de Conservación da Natureza* é que propón unha nova clasificación de espazos protexidos, e que a raíz da mesma créase a *Rede Galega de Espazos Protexidos*. É moi significativa esa tardanza na aprobación da lei (Paül Carril et al. 2015b) para entender a actual situación dos espazos protexidos na nosa comunidade, cando a ausencia dunha base legal forte é unha das primeiras claves para que os espa-

zos protexidos funcionen ben. No capítulo 1 da *Lei 9/2001* de Conservación da Natureza, no seu primeiro artigo fai referencia a “*establecer normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e á adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ademais da da comunidade autónoma galega, difusión dos seus valores, así como a súa preservación para xeracións futuras*”. Sendo interesante que haxa unha ausencia de referencia á poboación que vive dentro. Establece que se inspira no fomento da participación pública de tódolos sectores involucrados e na súa cooperación, ademais da prevención e planificación. Introduce unha especial referencia ao desenvolvemento sostible “*favorecendo o uso de aproveitamentos respectuosos co medio*”. Semella, polo menos no papel, que cumpre con parte dos preceptos que intenta impulsar a UICN.

No capítulo 2 fálase do planeamento dos recursos naturais. Os plans de ordenación dos recursos naturais (PORN), dos que se indica que son os instrumentos que marcan os obxectivos, normas, límites e que “*prevalecerán sobre outros instrumentos de ordenación territorial*”. Aínda que se di “*que a elaboración dos PORN incluíra a consulta previa ás institucións e sectores afectados*”, correspondéndolle á Consellería de Medio Ambiente a iniciativa. Por último hai que mencionar ese “*terán unha vixencia indefinida, salvo indicación expresa en contrario*”, a diferenza dos equivalentes nos parques franceses, que teñen unha vixencia limitada. Vese ademais, que a pesares de ter pasado case unha década dende que a UICN expuxo a última lista de categorías, a tipoloxía pouco ou nada ten que ver coas recomendacións, polo que consideramos interesante mencionar as figuras máis importantes descritas na *Lei 9/2001* da que vimos falando.

1. *Reserva Natural*: o fin deste tipo de espazo protexido é a “*protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que, pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade merecen unha valoración especial*”. Dentro das mesmas poden declararse *reservas naturais integrais*, cando a protección precisada sexa a máxima requirida e implicando importantes restricións.
2. *Parque*: tipoloxía que na teoría afecta a “*áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas, que en razón da beleza das súas paraxes, da*

2.5. A situación en Galiza, Francia e Namibia

- representatividade dos seus ecosistemas ou da singularidade da súa flora, fauna, ou formacións xeo-morfolóxicas”* que son protexidas, facilitando a entrada de visitantes na medida en que poidan acollerse.
3. *Monumento Natural*: “*formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza*”, razóns polas cales deben ser protexidas. Dentro dos seus límites poderán realizarse actividades se non afectan aos valores polos cales foron protexidos.
 4. *Humidal Protexido*: “*extensións de augas, encoros, marismas, turbeiras, naturais ou artificiais, temporais ou permanentes (...) que cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica en conservación dos recursos naturais*”. Nestes espazos poderá limitarse o uso de actividades se así se require.
 5. *Paisaxe Protexida*: “*paisaxes (...) que polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou ben pola relación harmoniosa entre o home e o medio natural, sexan merecedores dunha protección especial*”. Destaca a incidencia na conservación das relacións naturais e socioeconómicas que deron lugar a ese tipo de paisaxe. É a descrición que máis se acerca ao parque natural analizado no traballo, máis como se ve, na lei non se fai referencia a este tipo de espazo protexido.
 6. *Zona de especial protección de valores naturais*: “*zonas con valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico que sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan protección específica*”, ou o que é o mesmo, un caixón de xastre. Todo espazo que é Rede Natura 2000 e non se atope baixo outro tipo de protección, englobarase dentro desta tipoloxía.
 7. *Espazo natural de interese local*: promovido polos concellos, serán eles quen se encarguen da súa xestión e conservación.
 8. *Espazo privado de interese natural*: espazos pertencentes a mans privadas, que non formarán parte da rede galega de espazos protexidos nin obrigatoriamente recibirán diñeiro público da Consellería de Medio Ambiente.

No Anexo A.26 presentamos un mapa dos diferentes espazos para entender a súa distribución e diversidade.

Como última referencia á lexislación galega e dado que será de gran utilidade para a análise posterior, engadir que a iniciativa para a declaración dun espazo protexido correspóndelle á Consellería de Medio Ambiente. Así mesmo, serán responsables da súa xestión, nomeando un director no caso dos parques naturais *“encargado da xestión do espazo natural protexido, e, en particular, da elaboración e propostas de presupostos e programas de xestión e o desenvolvemento do plan reitor de uso e xestión”*.

Hai numerosas críticas ao sistema de espazos protexidos en Galiza e como se construíu, Paül Carril & Pazos Otón (2010) indican que non hai unha planificación real sobre que espazos protexer, xa que simplemente se van engadindo novos espazos sen unha visión conxunta. Tamén De Uña Álvarez (2008) e Cabalar Fuentes et al. (2016) critican a falta de criterios na súa xestión, sendo só dous dos parques naturais os que teñen PRUX en vixencia, aínda que por Lei estean obrigados a aprobalo. Así mesmo, e a nivel estatal a evolución histórica e lexislación deu lugar a que España presente, como se mencionou anteriormente, unhas fortes diferenzas entre as súas Comunidades Autónomas. Segundo EUROPARC-España (2016a) Aragón conta co 4 % da súa superficie baixo algún tipo de protección, sendo en Galiza do 12 %, en Cataluña do 34 % ou en Canarias do 42 %, datos que veñen a confirmar esa forte desigualdade.

2.5.2. Francia

A diferenza doutros países, Francia non conta cunha lei específica sobre espazos protexidos (Guignier & Prieur 2010), o que fai máis complexo o seu estudo e mesmo a súa definición. Entón son as políticas sectoriais (medio ambiente, ríos, montes) e o Dereito asociado a elas os que permiten instaurar unha gradación da protección para os espazos xeograficamente definidos (Guignier & Prieur 2010). Landelle (2007) resúmeo que están integrados na Ordenación do Territorio e no Dereito do Urbanismo.

A pesares diso, non impediu que as figuras se multiplicasen con éxito ao longo do século pasado, contando en 2017 con 10 parques nacionais e 51 Parc Naturel

2.5. A situación en Galiza, Francia e Namibia




Figura 2.8: Superficie protexida en Francia

Régional (PNR). Así mesmo hai 167 reservas naturais nacionais, 136 reservas naturais rexionais e 8 parques naturais mariños (INPR 2017), supoñendo segundo o WDPA o 25,7 % da superficie terrestre en 2018. Á súa vez, a superficie baixo a protección da Rede Natura 2000 supón un total do 12,86 % do territorio e, ao igual que en España, hai grandes diferenzas entre as rexións, que van dunha superficie do 2,73 % do Nord-pas-de-Calais, ao 15 % de Córcega ou ao 34,29 % da rexión Languedoc-Rousillon¹¹. A isto únese outra singularidade propia do seu territorio, a cal é a gran variedade de paisaxes e ecosistemas derivados dos seus múltiples territorios de Ultramar (como podemos ver na Figura 2.8), facendo que se multipliquen as accións e estratexias na protección da natureza, por contar con ecosistemas moi diferentes.

Moitos autores establecen o punto de inflexión na historia da protección en Francia coa preocupación sobre o estado do bosque de Fontainebleau (Depraz

¹¹Datos obtidos do Inventaire National du Patrimoine Naturel en Maio de 2017 a través da súa páxina web: <https://inpn.mnhn.fr/espace/protege/stats>. Estes datos aparecen desagregados polas antigas rexións, xa que a base de datos non ten en conta as fusiões realizadas durante o goberno socialista de Hollande.

2008a), onde comezou o interese pola protección da natureza. Partícipe das ideas do momento, entronca coa visión romántica importada dos Estados Unidos, e ligada ao primeiro paradigma, foméntase a súa protección polo pintoresco, polo que representa para o país e a construción da identidade (Selman 2009). Aprobándose en 1887 a *Lei de Monumentos Históricos* dedicada aos monumentos deste tipo (Lerat 1992), sendo o xerme da lexislación que en 1906 se promulgará co obxectivo de asegurar a protección dos sitios e monumentos naturais de carácter histórico.

Case tres décadas despois, en 1930, promúlgase unha nova *Lei de protección dos monumentos naturais e dos sitios de carácter artístico, lendario ou científico*. Os adxectivos que acompañan ao nome da lei xa deixa entrever o carácter da mesma, unha vez máis, próxima aos postulados de Yellowstone.

En 1960 decrétase a primeira *Lei de Parques Nacionais*, que ten por obxectivo a protección da flora, da fauna, do solo, do subsolo e da atmosfera, datando o primeiro parque nacional declarado ao amparo desa lexislación en 1963 (parque nacional de Vanoise, nos Alpes). Se se analiza a data e se compara con outros países do entorno, obsérvase claramente un desfase de máis de cincuenta anos en canto á primeira declaración, con respecto a outros parques nacionais de países europeos ou en Estados Unidos (Parra 2010). Desta época datan tamén os primeiros Parques Naturais Rexionais franceses, aprobándose o decreto conducente á súa creación en 1967. Supón, polas características destes espazos, un cambio na xestión da natureza e de visión da protección e como di Landelle (2007), esa lei orixina multitude de instrumentos máis ou menos eficaces dedicados á xestión da natureza e das paisaxes.

En 1971 créase o primeiro Ministerio de Medio Ambiente, apuntalando a crecente preocupación pola temática de estudo, outorgándolle á mesma unha administración na que centralizar tódalas políticas.

Pode dicirse que a Lei máis importante ata o momento é a de *Protección da Natureza de 1976*, pois senta as bases da actual política de protección dos espazos naturais en Francia (Veyret 2001). É aquí onde se estipula cal é a función de cada administración, así por exemplo, correspóndelle ás rexións a posibilidade de tramitar a declaración de espazos protexidos como os parques rexionais, pero tan só Estado e concellos poden lexislar. “*En Francia, só o Estado e os concellos están facultados para establecer regulamentacións. Departamentos e Rexións*

2.5. A situación en Galiza, Francia e Namibia

(...) só poden establecer iniciativas e xestionar certas infraestruturas. É dicir, a protección da natureza (...) réxese pola regulamentación que emana da Lei Nacional e a actuación dos concellos” (Lerat 1992, p.29).

En 2006 apróbase unha nova Lei modificando as anteriores con dous elementos fundamentais. Os parques nacionais dividíranse en dúas zonas ben diferenciadas (zona central e de transición), sendo o responsable último da súa xestión o Estado. O outro elemento novidoso é a creación das reservas mariñas, como tamén aparecía reflexado na lexislación española do ano seguinte.

Como se dicía ao principio, a ausencia dunha Lei única de espazos protexidos fixo que se conciban como un elemento estruturante da ordenación do territorio, o cal fai que estea presente nas políticas de planificación espacial a diferentes niveis.

Como en Galiza, en Francia existen un gran número de figuras de protección, e como sucede aquí, Guignier & Prieur (2010) afirman que é complexo establecer, en xeral, correspondencias entre as categorías francesas e as da UICN, un problema compartido con numerosos estados. Por iso a continuación mencionamos as máis importantes e representativas:

1. *Parques Nacionais*: grandes espazos de regulamento estrito que se crean a proposición do Estado, concellos e investigadores. Ese regulamento impide actividades moi agresivas coa fauna, flora e/ou paisaxe, permitindo outras nas zonas periféricas encamiñadas a fomentar as políticas de desenvolvemento sostible nos espazos catalogados de transición (Landelle 2007). A reforma da lei de 2006 inclúe a paisaxe e o patrimonio cultural entre os obxectivos do parque, e por outra banda, muda esa zona periférica por outra chamada de adhesión, na que os municipios teñen posibilidade de incluírse, compartindo os obxectivos do parque e fomentando o desenvolvemento socioeconómico.
2. *Reservas Naturais*: zonas de menor extensión que os parques nacionais pero cunha lexislación restritiva similar en canto á realización de actividades. Ao igual que os primeiros, poden ter unha zona de amortiguación cunhas normas diferentes. Dende os anos 80 veñen a superar esa visión segregadora e son un modelo de integración de obxectivos, desenvolvemento sostible e

participación de actores a todos os niveis (Therville et al. 2016). Estas poden dividirse en tres tipos: reservas naturais nacionais, rexionais ou de Córcega.

3. *Paisaxes clasificados*: territorios declarados como tal polo valor paisaxístico. Son unha adquisición públicas mediante a creación de *Conservatoires*, organismos encargados de mercar e restaurar determinados territorios, principalmente no litoral e as ribeiras dos ríos. O primeiro deles créase en 1975 co fin de mercar solo próximo ás ribeiras mariñas e lacustres para a súa protección, recibindo tamén o nome de áreas protexidas por contrato.
4. *Parques Naturais Mariños*: figura existente dende 2006 que vén a mostrar a crecente preocupación polos medios mariños. De recente incorporación ao sistema de categorías de Francia, e a diferenza doutros espazos, non se fai referencia a ningún motivo específico para decidir que se protexe ou non (simplemente protección por valores excepcionais). Os seus plans de xestión redefínense como mínimo cada 15 anos.
5. *Zonas Ambientalmente Sensibles*: zonas sensibles nas que os agricultores se comprometen a respectar durante cinco anos determinadas condicións que lles son propostas para manter ou recuperar determinados valores, financiando a Unión Europea esas novas prácticas para compensar as posibles perdas.
6. *Parques Naturais Rexionais*: son os espazos por excelencia da protección e planificación da natureza en Francia e equivalentes aos parques naturais en España. Supoñen a coordinación de municipios, departamentos, rexións e Estado co fin de acadar o desenvolvemento dende a protección e a valorización do patrimonio. Son as rexións, precisamente, as encargadas de propor eses espazos, previo acordo dos municipios que os integran.

Un dos elementos máis recoñecibles da política natural francesa e que maiores éxitos lle deu é a protección contractual, dos que os PNR son un exemplo. Isto é, un acordo entre diferentes concellos e poboación local para establecer áreas protexidas. A figura máis representativa deste tipo de acordos é o parque natural rexional.

2.5. A situación en Galiza, Francia e Namibia

Para iso elabórase un plan de xestión chamado *Charte* que terá unha vixencia de 12 anos (Parra 2010), despois dos cales será revisado para ver se se lograron os obxectivos marcados, e de non ser así, a protección pode serlle retirada. O seu obxectivo fundamental é conxugar o desenvolvemento ao mesmo nivel que a protección (Landelle 2007). Numerosos autores falan do seu éxito (Veyret 2001, Depraz 2008a) pola implicación da poboación local e dos concellos. O seu número vai en aumento e estase a ver que funcionan como unha auténtica ferramenta de planificación e desenvolvemento rural nun país como Francia, no que este espazo ten unha forte impronta na historia.

A través dos sindicatos mixtos (órganos de administración) decídense as políticas a levar a cabo, baixo procesos de concertación entre tódolos actores e buscando a coherencia territorial. Eses factores, unidos ao carácter voluntario de formar parte ou non do mesmo buscando o desenvolvemento sostible dos territorios que os conforman e a cofinanciación entre diferentes actores públicos (Lajarge & Baron-Yelles 2011), son parte do seu éxito, que os obriga a obter amplos consensos na toma de decisións.

Outros espazos interesantes son as *Reservas naturais voluntarias*, que parten de particulares, e os *arrêtés de biotope préfectoraux*, destinados á protección de hábitats de determinadas especies.

Por último, hai que mencionar a *protección por adquisición*, o que se traduce pola compra por parte do Estado de terreos para protexer e/ou recuperar se o seu estado de conservación non é bo. O exemplo máis importante é o *Conservatoire du Littoral* que se encarga da xestión de terreos costeiros. Todas estas figuras podémolas ver nos Anexos A.27 e A.28.

Así, como xa observábamnos no caso galego, o número de espazos protexidos e as categorías establecidas son moi dispares, sendo diferentes das que se recomendaban a nivel internacional.

2.5.3. Namibia

Namibia é un dos países do continente africano que máis tarde acadou a independencia, pois tan só pasaron 28 anos dende que se emancipou de Sudáfrica en 1990. É un estado coñecido internacionalmente polas súas políticas destinadas

á conservación da natureza e, como din Weaver & Petersen (2008), ten un dos programas máis innovadores en xestión de espazos protexidos que existen a nivel mundial. Posúe ademais unha longa historia en canto á protección da natureza (Barnard et al. 1998), como a meirande parte das excolonias europeas. Como pasou noutros estados do globo, os primeiros espazos protexidos non estaban ligados ao que agora se entende por protección, senón máis ben orientados a servir de reservas de caza para os homes brancos como afirman Giraut & Antheaume (2003). Por conseguinte, as primeiras formas de protección no país levaron aparelladas a expulsión da poboación local, que tamén viña practicando técnicas de caza dende que se asentaron no territorio.

O punto de inflexión é a *Lei de 1996*, coa cal se lle dá dereito á poboación local para que xestionen de xeito sostible as áreas nas que residen (Lacey & Ilcan 2014), os animais que viven dentro das mesmas (como trofeos de caza e venda legal de animais) e o turismo (Suich 2013), contribuindo os beneficios destas actividades á mellora do seu nivel de vida. Esta lei reconece a propiedade dos residentes equiparándoa á dos propietarios privados - e brancos - que xa tiñan dereito a utilizar as terras e determinadas especies animais dende a *Lei de 1967* (Weaver & Petersen 2008). Esa nova lexislación deu lugar a un cambio de actitude na poboación local, no que a fauna deixa de ser vista como competencia e pasa a formar parte dun recurso para a obtención de beneficios. A creación das *Conservancies* é o estandarte desa nova política, como indicaremos máis adiante. Nestas décadas tanto o número de espazos protexidos como a súa diversidade foi incrementándose de xeito espectacular (Barnard et al. 1998) ata chegar ao modelo actual onde o 37,89 % da superficie ten algún tipo de protección en 2018 segundo o WDPa. Así, a rede de espazos protexidos de Namibia conta con 20 espazos de protección estatal (sendo a maioría parques nacionais, cubrindo o 12,7 % da superficie), composto ademais por outras figuras de distinto rango (*Transboundary areas, Tourism Concesion, Conservancy, Forest Conservancy e Freehold Conservancy*). Na Figura 2.9 podemos observar que gran parte do país está baixo algún tipo de protección e no Anexo A.29 as diferentes tipoloxías que hai.

O ministerio de Medio Ambiente e Turismo defíneas do seguinte modo:

2.5. A situación en Galiza, Francia e Namibia




Figura 2.9: Superficie protexida en Namibia

1. *Parque Nacional*: áreas pouco modificadas xestionadas directamente dende o Ministerio de Medio Ambiente e Turismo.
2. *Transboundary Area*: espazos protexidos que como o seu nome indica, pertencen a máis dun país.
3. *Forest Conservancy*: similar ás *Conservancies*, trátase de espazos forestais xestionados por comunidades locais.
4. *Freehold Conservancy*: figuras que se desenvolven en granxas privadas impulsadas polos seu propietarios e que asumen determinadas políticas de conservación.
5. *Tourism Concession*: territorios nos que o estado cede a xestión turística da natureza a empresas privadas ou comunidades.

Dende os anos 90 houbo unha multiplicación da superficie baixo algún sistema de protección, sendo a que menos se incrementou a referente aos parques nacionais. Pola contra, as *Conservancies* acumulan máis da metade do incremento, dende

que se rexistraran as catro primeiras en 1998. Entre os espazos máis recoñecidos a nivel internacional están o Parque Nacional de Ethosa (1907), o Parque Nacional Skeleton Coast (1971) ou o Parque Nacional do Deserto do Namib (1979).

A lexislación das áreas protexidas en Namibia comeza coa *Lei Nature Conservation Ordinance No.4 de 1975*, mentres o país estaba baixo o dominio de Sudáfrica, reproducindo o contido da súa Lei de 1927. Non é ata chegar á súa independencia en 1990 cando comeza a haber modificacións. Ata que se promulgou esa nova lexislación só se contemplaban dous tipos de categorías diferentes: as *Games Reserves e Natural Reserves*. Nas mesmas, a poboación que habitaba dentro desas figuras non podía participar na súa xestión, e mesmo non podían realizar as actividades que levaban facendo toda a súa vida, como cazar animais, cultivar a terra ou ter o gando onde sempre o tiveran. Presentaba pois, unha lexislación moi coercitiva que impedía case calquera intervención do ser humano neses espazos, seguindo o paradigma radical, ou o que é o mesmo, adoptaron o modelo Yellowstone. E todo iso nun contexto de *Apartheid*, no que era impensable que a poboación negra tivese ningún dereito de propiedade sobre a terra ou os recursos naturais (Barnard et al. 1998).

En 1996 apróbase a *Nature Conservation Amendment ACT* (Frederick Hoole 2010). Esta nova lei vén cambiar a situación e dálle dereitos legais de xestión e utilización á poboación local sobre os recursos naturais, en igualdade de condicións cos propietarios privados. As *Conservancies* son a realidade legal e territorial deses dereitos e desa coxestión entre poboación local e Estado, representando ademais a fórmula de protección máis próxima ao paradigma integrador, mencionado no primeiro subcapítulo.

As *Conservancies* son un tipo de espazo protexido considerado dos máis exitosos a nivel internacional (Pellis et al. 2015) tanto pola súa positiva repercusión na conservación de fauna, producíndose un forte incremento en numerosas especies como os rinocerontes negros, elefantes ou leóns, así como pola mellora das condicións de vida da poboación que vive nelas (Long 2004). Hai diferenzas entre as definicións dependendo de cada autor, aínda que sempre teñen en común os obxectivos marcados, simultaneando os naturais como os da mellora do nivel de vida da poboación que vive nelas (Berkers 2004). Unha *Conservancy* é unha área protexida, recoñecida legalmente polo goberno e fronteiras delimitadas, xestiona-

2.5. A situación en Galiza, Francia e Namibia

da pola comunidade co fin de mellorar a calidade de vida da poboación, en base ao uso sostible da fauna salvaxe e do turismo (NASCO 2015)¹².

Así mesmo presenta os seguintes trazos:

1. Xestionados por un grupo electo para servir aos intereses de tódolos seus membros.
2. Un lugar onde os residentes poden engadir beneficios chegados da fauna salvaxe e o turismo unidos ás actividades gandeiras tradicionais.
3. Un lugar onde a fauna salvaxe aumenta en número ao ser xestionada para aumentar a produtividade.
4. Un espazo onde o valor dos recursos naturais se incrementa, aumentando o valor da terra.
5. Un organismo a través do cal servizos e desenvolvemento poden ser canalizados e integrados.
6. Zonificado en múltiples usos para minimizar os conflitos e maximizar os intereses de todos os “interesados” (NASCO 2015).

O elemento fundamental destas estruturas é a toma de decisións por parte da poboación local que vive dentro das mesmas (Saarinen 2010). As *Conservancies* son a expresión institucional dos Community-based Natural Resource Management (CBNRM) en Namibia, concepto internacional de protección da natureza que representa unha aposta clara pola descentralización da toma de decisións, a participación da sociedade civil nas mesmas (Scanlon & Kull 2009) e a restitución dos dereitos da poboación local (Khumalo & Yung 2015). Por lei, son manexadas por Comités Locais de *Conservancy* co fin de redistribuír os beneficios da natureza entre a comunidade (De Vette et al. 2012). Therville et al. (2016) refírese ás ferramentas de conservación de base como un dos útiles máis integradores do novo paradigma de protección da natureza.

Unha vez aprobados os cambios nas normativas relativas á protección da natureza, a xestión da terra e dos recursos naturais volve a mans da poboación

¹²Namibian association community-based natural resource management Support Organisation

local (Kahler & Gore 2015). Estes, con axuda do goberno, de Organización non gubernamental (ONGs) e do sector privado, firman un acordo polo que se implanta a *Conservancy*, evidenciandou unha aproximación *bottom - up*, onde a propia poboación local é quen toma as decisións e xestiona os recursos. Iso refléxase no plan da *Conservancy*, onde se fai unha análise dos recursos e obxectivos, que é analizado anualmente.

O sistema de xestión estaría composto por un comité formado por xente da comunidade, que se encarga de tomar as decisións e da redistribución dos beneficios, que traballando conxuntamente con ONGs e Estado, deciden anualmente que tipo de accións levar e en que investir os beneficios.

Os elementos máis visibles destas ferramentas son a creación de empresas mixtas destinadas á explotación turística do territorio xunto con empresas privadas (*Joint Ventures*) así como a xestión da caza a través de concesións. Mentres, outros organismos estatais axudan ás comunidades a lograr eses acordos con empresas privadas para obter os máximos beneficios (sector turístico) así como a monitorizar o comportamento das especies existentes no perímetro de protección e cales cazar.

Por último, temos que dicir que a pesares dese recoñecemento internacional, hai autores que din que esa xestión dende abaixo non se realiza eficientemente (Schiffer 2004) e que o goberno e as ONGs manipulan á poboación local. Por outra banda, estudos en *Conservancies* particulares tamén mostran que a redistribución de beneficios non sempre se fai atendendo aos obxectivos marcados, producíndose loitas de poder locais.

Así, ao igual que os casos analizados anteriormente, Namibia presenta unha forte diversidade de tipoloxías que non concordan coa listaxe internacional. A pesares disto, podemos afirmar que os espazos protexidos son, en Namibia, un vector de desenvolvemento cun alto grao de implantación no territorio.

2.6 Conclusións

A preocupación pola natureza e a forma na que o ser humano se relaciona coa mesma é un tema recorrente ao longo da historia e abordable dende diferentes perspectivas. Hai quen defende a supremacía do ser humano sobre a natureza afirmando que só ten valor cando o ten para a xente (antropocentrismo), ouros

2.6. Conclusións

defenden que ten valor en si mesma (biocentrismo) e hai quen expón que o ser humano é un elemento máis da mesma (ecocentrismo). Estas ideas terán unha forte influencia nas principais políticas de espazos protexidos e o xeito no que se levaran a cabo.

Yellowstone e a súa declaración como parque nacional marcan o comezo da historia da protección da natureza. O seu modelo será reproducido ao longo do globo durante os seguintes 100 anos, buscando protexer o pintoresco, o excepcional, unha visión romántica da natureza.

Isto dá lugar ao primeiro dos paradigmas, chamado segregador, fronte ao integrador (xurdido nos 70s) que condicionarán a forma de xestionar os espazos e a súa relación coa sociedade. O primeiro defende espazos illados e sen a xente, onde se buscará a máxima naturalidade e a idea prístina do estado salvaxe da natureza. Pola contra, o máis moderno fundamentará os seus piares na integración destas figuras na sociedade e no territorio, fomentando a participación da poboación local, o desenvolvemento sostible e o intercambio con outros espazos protexidos. Aquí un punto clave é a década dos 70s, cando a preocupación polo medio ambiente e o desenvolvemento sostible fai que a concepción sobre a protección mude, e facilite a transición teórica entre un e outro paradigma.

Como cada país desenvolveu a súa lexislación sobre protección da natureza, a nomenclatura é moi variada, como tamén o son os seus obxectivos e a forma de xestión. Para poder establecer comparacións entre os diferentes países, a UICN desenvolveu unha serie de categorías que recollen os obxectivos de cada un. Ao mesmo tempo, o medio ambiente é elevado a unha política internacional, e ligado a ese novo paradigma xorden as redes internacionais de espazos protexidos. Estas novas figuras veñen a fomentar a colaboración internacional en canto á protección da natureza, facendo especial fincapé na súa utilización como ferramenta de desenvolvemento sostible, destacando as *Reservas da Biosfera*, o *Patrimonio da Humanidade*, a *Rede Natura 2000* ou a *Convención Ramsar*.

Por último, analizamos a lexislación de cada un dos países dos que forman parte os casos de estudo contemplados na tese: España, Francia e Namibia. Os dous primeiros terán unha lexislación máis “similar” pola súa historia próxima, mentres que Namibia presenta unha lexislación máis recente derivada da súa serodia independencia de Sudáfrica en 1990.

En resumo, asistimos a ampliación da idea de espazo protexido e dos seus obxectivos, así como un cambio na forma de entender estes elementos na sociedade, no territorio e na política. De ser reservas de natureza prístinas a ser concibidas como ferramentas de ordenación do territorio nos que a poboación poida vivir.



3

Espazos protexidos como ferramenta

Integrar os espazos protexidos nas políticas de desenvolvemento sostible e ordenación do territorio é unha das aproximacións máis empregadas para á análise das diferentes figuras de protección. Os cambios de paradigma mencionados no capítulo anterior, unido á proliferación de diferentes figuras con obxectivos ligados á mellora do benestar da poboación que vive dentro, deu lugar a un especial interese por coñecer como se inscriben eses novos espazos no sistema territorial. *“Ningunha sociedade escapa da necesidade de organizar o campo de operacións da súa acción partindo do seu espazo de vida. Un sistema de mallas, de nodos e redes toma lugar: concretización das interaccións políticas, económicas, sociais e culturais. O tema é controlar os intercambios e acceso aos recursos materiais ou simbólicos do medio, de impoñer un orde ao espazo e unha cohesión territorial”* (Mancebo 2010, p.192).

Moitos dos obxectivos das políticas medioambientais e da ordenación poden coincidir, aínda que en numerosas ocasións baixo lexislacións e instrumentos diferentes. E ao mesmo tempo esa ordenación comparte obxectivos coas teorías do desenvolvemento sostible, establecéndose a primeira como o centro dende o que conxugar tódalas políticas nun mesmo espazo. Precisamente, no presente capítulo abarcarase a relación dos espazos protexidos co desenvolvemento, en tanto que as novas políticas medioambientais colócaos como ferramentas de desenvolvemento e ordenación, facendo especial fincapé en coñecer o lugar que ocupa a poboación que os habita no discurso teórico.

3.1 O concepto de desenvolvemento sostible e vinculación cos espazos protexidos

Se analizamos o discurso atribuído ás figuras de protección que serán estudadas ao longo do documento, así como as directrices do novo paradigma, obsérvase que comparten numerosos paralelismos cos obxectivos do desenvolvemento sostible, e preséntanse aos propios espazos protexidos como unha das ferramentas empregadas para conseguilo (Plaza Gutiérrez 1999, Rakoto Ramiarantsoa & Rodary 2008). Como di Depraz (2008a) esta nova visión non só se abre a novos principios e actores, senón que tamén ao lugar que ocupan eses espazos protexidos na economía do territorio en particular, e na economía global en xeral.

Así mesmo, os fitos importantes da evolución histórica deste concepto, como o Día da Terra ou a Conferencia de Estocolmo (Lereboullet 2009) teñen a súa transposición e unha forte influencia nas políticas de protección da natureza, e máis concretamente na xestión desas figuras. Por iso, tanto as figuras Categoría V (Mose & Wixlbaumer 2006) como VI da UICN, ás que pertencen tanto os parques naturais galegos coma os *Parcs Naturelles Régionaux* e as *Conservancies* namibias, teñen por máxima a conservación do medio ambiente en conxunción coa consecución de obxectivos encamiñados a pór en marcha políticas e accións de desenvolvemento que permitan a mellora das condicións de vida da poboación que vive dentro. “*É habitual que as áreas protexidas incorporen entre os seus obxectivos a obtención de beneficios sociais colaterais aos derivados da conservación: a posibilidade de desenvolver actividades de ocio, a mellora das condicións de vida da poboación local, a xeración de emprego, a investigación ou a educación ambiental, están entre os máis comúns*” (De Rojas Martínez-Parets 2006, p.77).

No mesmo sentido exprésanse Vaccaro & Beltran (2014), destacando que nas últimas décadas deuse unha maior preocupación pola planificación e a xestión a nivel dos espazos protexidos, especialmente ligada á unión destes co desenvolvemento sostible, así como en tanto que ferramentas para atenuar os problemas aos que se enfronta o medio ambiente. Fálase pois, de espazos protexidos como motores de desenvolvemento, integrándoos no seu entorno tanto natural, coma social, económico e sobre todo, territorial (Galindo-Pérez-de-Azpillaga et al. 2013).

3.1.1. Historia

Para entender os obxectivos que se queren lograr a través da política ambiental e, máis concretamente a través dos espazos protexidos, é preciso facer unha revisión histórica do que se entende por desenvolvemento sostible. O adxectivo sustentábel aplícase hoxe en día a todo tipo de substantivos relacionados coa economía e co medio ambiente. O turismo sustentábel é unha estratexia levada a cabo en moitos países, búscanse cidades sustentábeis que melloren as condicións de vida da poboación residente e unha menor contaminación, á vez que proliferan os traballos duradeiros (do francés, durable). Unha palabra tan empregada e en voga que acabou por desvirtuar o seu significado. Como se verá, dende a década de 1970 a preocupación polo crecemento económico e os seus impactos no medio ambiente a longo e curto prazo comezan a cobrar importancia (Sanz Cañada 2007). E, estas preocupacións coinciden temporalmente cos cambios nas novas políticas sobre espazos protexidos mencionados no capítulo anterior.

Se ben é certo que é unha idea recente, os problemas derivados do proceso de crecemento económico e desenvolvemento sobre o deterioro do medio ambiente son algo perceptible dende os comezos da revolución industrial (Ojeda Rivera 1999b). Así, nos últimos séculos foise constatando unha crecente perda de biodiversidade e un aumento do consumo de determinadas enerxías (fundamentalmente fósiles) que evidencian o deterioro do sistema natural (Meadows 1996). Dende finais dos 60 asúmese a imposibilidade de manter o modelo de desenvolvemento que se viñera practicando nos países occidentais, concretándose na preocupación pola sobreexplotación de recursos naturais, o quecemento global, os danos na capa de ozono ou na extinción de especies, problemas que son á par intertemporais e globais (Sabogal Aguilar & Hurtado Aguirre 2009). E, do mesmo xeito, obsérvase o incremento das desigualdades entre os países desenvolvidos e aqueles que non o están, sendo moi difícil que os segundos acaden o nivel de benestar dos primeiros co nivel de consumo e contaminación que se empregou. Todo isto acaba escenificándose nunha preocupación maior polo crecemento económico, o desenvolvemento social e as consecuencias que estes dous elementos teñen para o medio ambiente.

En 1983 a *Secretaría das Nacións Unidas* promoveu á creación da que se chamaría *Comisión de Desenvolvemento e Medio Ambiente*, que terá por primeira actividade a redacción dun informe que analice o problema anunciado no parágrafo anterior. Como consecuencia, en 1987 publícase o documento *O noso futuro común*, tamén coñecido como *Informe Brundtland*, apelido este da Primeira Ministra de Noruega e encargada de dirixir esta comisión. É neste momento, cando xorde a definición de desenvolvemento sostible:

“Satisfacer as necesidades das xeracións presentes sen comprometer as posibilidades das xeracións do futuro para atender as súas propias necesidades” (World Commission on Environment and Development 1987, p.34).

Aínda que a teoría evolucionou, segue sendo o significado máis estendido e apoiado por parte da sociedade e os expertos ocupados do seu estudo. De todos xeitos, cada disciplina tendeu a darlle unha connotación diferente, habendo hoxe en día múltiples variantes do mesmo (ás que nos aproximaremos máis adiante). Tamén hai que recoñecer que se esa é a primeira definición oficial, na práctica, anteriormente o concepto xa estaba presente na forma na que os primeiros humanos se relacionaban co medio. Cando as sociedades de recolectores e cazadores comprendían que un espazo comezaba a esquilmarse, mudábanse a outro para seguir coa súa actividade, favorecido por seren unha sociedade nómade, para permitir que a poboación das diferentes especies se rexenerase. Dando un salto na historia, desenvolvemento pasou tamén a ser unha expresión empregada no campo económico, tendo un exemplo claro en termos como “países en vías de desenvolvemento”, para referirnos a aqueles estados que estaban en proceso de acadar o estado de benestar que tiñan os países desenvolvidos.

Pero para entender mellor a evolución, a continuación preséntanse algúns dos fitos que en conxunto, deron lugar a esta nova visión de relación entre economía, sociedade e medio ambiente:

- Malthus foi dos primeiros persoeiros que expuxo esta problemática na súa obra *Ensaio sobre o principio da poboación*. Aquí, mostraba a crecente preocupación por un aumento da poboación que crecía baixo un modo xeométrico, fronte aos alimentos que o facían de xeito aritmético. O que prognosticaba era un mundo no que as necesidades alimenticias da poboación

ción non serían cubertas pola capacidade de produción, conducindo isto a máis desigualdade e á degradación do medio ambiente.

- O *Club de Roma* é outro elemento interesante que precede ao concepto de desenvolvemento sostible. En 1968 créase un grupo formado por expertos en diferentes campos traballando sobre o crecemento económico. En 1971 publican *Os límites do crecemento*, tamén coñecido como *Informe Meadows*: unha obra onde é analizanda de novo a relación entre crecemento económico e crecemento da poboación e as súas necesidades. Prevían un aumento da contaminación e da degradación da natureza, así como un empobrecemento da poboación, mesmo pronosticando o colapso da terra se o crecemento seguía igual (Sabogal Aguilar & Hurtado Aguirre 2009).
- En 1971 iniciase o programa MaB, cuxo elemento máis visible é a creación das Reservas da Biosfera, figura de protección que mencionamos no capítulo anterior e que ten como obxectivo central o desenvolvemento socioeconómico da poboación que vive dentro dos seus límites. Precisamente Mulero Mendigorri & Garzón García (2005) aluden a esta figura para xustificar a longa historia que conecta espazos protexidos con desenvolvemento sostible, pois é o exemplo máis claro de todos.
- A *Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Humano* de Estocolmo en 1972 marca un antes e un despois na relación do ser humano co medio ambiente. Conduce á creación do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento e Medio Ambiente (PNUMA), (Sabogal Aguilar & Hurtado Aguirre 2009).
- As crises enerxéticas en 1973 e 1979, polo aumento dos prezos do petróleo e as consecuencias na industria de moitos estados fixo visible a forte dependencia deste recurso e a necesidade de obter novas fontes de enerxía que fosen máis respectuosas co medio ambiente e que sufran unha menor oscilación de prezos.
- Apróbase a *Estratexia mundial da conservación* (1980), co obxectivo de mellorar a calidade de vida da sociedade, pondo freo á destrución á que o mundo estaba sendo sometido.

- En 1987, como se mencionou anteriormente, publícase o *Informe Bruntland*, no que se avoga por un relación diferente co medio ambiente, evitando a sobreexplotación e degradación dos recursos para conseguir que no futuro a poboación poida vivir nel. Xorde aquí o concepto de desenvolvemento sostible que entrou de cheo no discurso político e na planificación medioambiental (Mulero Mendigorri & Garzón García 2005). Por outra banda, foi fortemente criticado xa que se produce unha aproximación occidental do desenvolvemento sostible, e por outro lado o principal obxectivo seguía sendo o crecemento económico, sen cuestionar o porqué de como se chegou ao modelo de crecemento que se estaba a criticar (Toro Sánchez 2007).
- O *Cumio da Terra* celebrando en Río en 1992 deu un empuxón significativo a tódalas políticas de desenvolvemento sostible e promulgou o que se coñece como os *Obxectivos do Milenio*. Igualmente, márcase a necesidade de colaborar a nivel internacional para facer realidade esa nova forma de relación coa natureza. Así mesmo, elabórase unha lista de 27 principios, dos cales catro están fortemente relacionados co que estamos a analizar neste traballo. Río 1992 supón un avance na normativa de desenvolvemento sostible, o cal debería integrarse nas solucións aos problemas entre medio ambiente, economía e sociedade. As axendas 21 vense coma o maior logro, onde se redactan as liñas sobre as que deberían guiarse os gobernos para alcanzar ese obxectivo (Toro Sánchez 2007).

Por iso nos parece interesante subliñar os principios da Declaración de Río sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento que máis aportan ao noso estudo:

O *principio* número I sitúa ao ser humano no centro do desenvolvemento sostible, algo que tamén concorda co novo paradigma presentado no capítulo anterior.

Os seres humanos constitúen o centro das preocupacións relacionadas co desenvolvemento sostible. Teñen dereito a unha vida saudable e en harmonía co Medio Ambiente.

O *principio* número IV refírese ao papel do medio ambiente nesta nova estratexia de desenvolvemento. Como se pode observar, avoga por situar á

natureza como un elemento central, e non illado do proceso de desenvolvemento, idea esta que nos recorda ao actual paradigma de protección da natureza:

A fin de alcanzar o desenvolvemento sostible, a protección do medio ambiente debe constituír parte integrante do proceso de desenvolvemento e non poderá considerarse de forma illada.

Así mesmo, o *principio XXII* sinala a importancia da poboación local e a súa implicación na ordenación do territorio e na toma de decisións:

As poboacións indíxenas e as súas comunidades, así como outras comunidades locais, xogan un papel fundamental na ordenación do medio ambiente e no desenvolvemento debido aos seus coñecementos e prácticas tradicionais. Os estados deberían recoñecer e apoiar debidamente a súa identidade, cultura e intereses e facer posible a súa participación efectiva no logro do desenvolvemento sostible.

E por último, o *principio XXVII* concédelle un destacado lugar á xestión da información e ao acceso da poboación local a esta, facilitando a participación e sensibilización dos veciños:

O mellor modo de tratar as cuestións ambientais é coa participación de tódolos cidadáns interesados, no nivel que corresponda. No plano nacional, toda persoa deber ter acceso adecuado á información sobre o medio ambiente da que dispoñan as autoridades públicas, incluída a información sobre os materiais e as actividades que encerran perigo nas súas comunidades, así como a oportunidade de participar nos procesos de adopción de decisións. Os Estados deberán facilitar e fomentar a sensibilización e a participación da poboación pondo a información a disposición de todos. Debe proporcionarse acceso efectivo aos procedementos xudiciais e administrativos, entre estes o resarcimento de danos e os recursos pertinentes.

- En 1997 apróbase o *Protocolo de Kioto* que se fai efectivo en 2005. Nel páctase a redución de gases de efecto invernadoiro, que son en gran medida, culpables do proceso de quecemento global froito da actividade humana pouco respectuosa co medio ambiente.

- O *Cumio de Johannesburgo en 2002*, do mesmo xeito que o de Río, foi importante. Vólvese reclamar a necesidade de conseguir un crecemento económico e desenvolvemento social que permitan de modo análogo protexer o medio ambiente. Igualmente fai fincapé na importancia da actividade agraria para acadar os obxectivos, e introduce un elemento interesante como é a capacidade do territorio para soportar actividades humanas. “*Á hora de planificar as actividades produtivas ou de deseñar os asentamentos urbanos, debe tomarse en consideración un factor limitante: a capacidade do entorno de asumir a presión humana sen que os seus recursos naturais, culturais ou estéticos se degraden de forma irreversible*” (Barreiro Fernández 2005, p.16). Naredo (2007) afirma que este evento evidenciou a falta de compromiso político que xa se intuía dende o *Cumio de Río*, mentres que Toro Sánchez (2007) considera que as melloras non foran suficientes.
- No *V Congreso de Parques Naturais* celebrado en Durban, Sudáfrica, en 2004, recoñécese a necesidade de integrar os espazos protexidos na dinámica do desenvolvemento sostible, apoiando as sinerxías derivadas de conservar os ecosistemas e fomentar as estratexias de desenvolvemento sostible, aproveitándose dos seus valores económicos para mellorar as condicións de vida da poboación local.
- En 2012 organízase o *Cumio de Río + 20*. Vén a reafirmar as ideas expostas no Cumio de 1992, facendo especial fincapé na necesidade de inscribir á poboación local dentro destas estratexias. Do mesmo xeito, ratifica a necesidade de rematar coa pobreza e axudarse do desenvolvemento sostible para conseguilo, fixando unha nova lista de obxectivos a acadar.

Con este breve repaso ás datas máis importantes nos últimos 50 anos, queda claro que é un concepto sobre o que se traballou abundantemente, e que protagonizou algúns dos fitos máis importantes do S. XX e XXI.

3.1.2. Un concepto intencionadamente ambigüo

Facer unha análise completa do significado do termo desenvolvemento sostible escápase do sentido global desta tese, mais consideramos preciso mencionar

algunhas das formas nas que diferentes autores se expresan sobre el, así como puntos que consideramos clave afectando aos espazos protexidos. Como se expuxo ao longo do primeiro capítulo, a idea de ligar espazos protexidos e desenvolvemento sostible é algo que veu gañando adeptos en tempos recentes, influenciado por esta nova corrente de preocupación polo medio ambiente. Como menciona Cancer Pomar et al. (1999) *"a aplicación de figuras de protección esixe manter os usos e aproveitamentos do grupo social que habita e xestiona o territorio. Como queira que interesa manter certos niveis de poboación para favorecer a conservación do medio natural, é necesario encontrar formulas de compensación (...) tales fórmulas han de ir encamiñadas a dinamizar o sistema socioeconómico, potenciando a creación de servizos e outras actividades, substituindo progresivamente o concepto de compensación polo de promoción"* (p.64). Isto é, compensar as limitacións que lles son impostas con certos beneficios, impulsando diferentes actividades que contrarresten as posibles perdas e axuden a crear unha imaxe máis positiva sobre a mesma, o que vén a apostar máis polas políticas descentralizadas de desenvolvemento sostible que polas políticas de vixilancia e restrición.

Podemos considerar o ecodesenvolvemento como un concepto precursor, pois viña a expor a nivel rexional, estratexias para afrontar os problemas a esa escala, clamando xa por unha maior participación da poboación local na toma de decisións.

Se ben é certo que a definición máis estendida é a que se acuña no informe Bruntland, cada autor en función do seu percorrido académico, ou do aspecto concreto no que se analice, pon énfase en determinados conceptos ligados á definición, como por exemplo, os conceptos de calidade e cantidade. Así, Ojeda Rivera (2004) define o desenvolvemento sostible como *"unha mellora ou despegue cualitativo de potencialidades. Fronte ao carácter lineal e cuantitativo do crecemento, o desenvolvemento é un concepto multidimensional – cuantitativo e cualitativo á vez- que incorpora os principios de equilibrio na distribución, autonomía nas decisións, calidade de vida"* (p.276). E encárgase de diferenciarlo do crecemento afirmando que *"crecemento económico sería o incremento no tempo dunha serie de indicadores cuantitativos convencionais como, por exemplo, o PIB real per cápita ou o nivel real de consumo per cápita"* (Ojeda Rivera 2003, p.53). Algúns economistas din que se non se ve ameazado por cuestións sociais ou ambientais, o crecemento é "sostible", fixando a idea de que o crecemento pode ser igual ao

desenvolvemento sostible, se este non afecta negativamente á sociedade e ao medio ambiente.

Sen embargo, esa mera división entre cuantitativo e cualitativo non é suficiente para definir o desenvolvemento, pois pode ser cuantitativamente positivo pero cualitativamente negativo. *“Localidades e rexións poden experimentar “desenvolvemento” en termos cuantitativos pero con problemas de dimensión cualitativa (...). Igualmente, localidades e rexións son testemuño de desenvolvemento cualitativo que é cuantitativamente problemático (...) como crecemento insuficiente de traballos (aínda que potencialmente de boa calidade)”* (Pike et al. 2007, p.1260), cita que vén a reforzar a idea de complexidade do termo, pois pode haber crecemento en calidade (que podería ser desenvolvemento) pero non o é por non ser cuantitativamente suficiente, e ao revés.

Mentres que Jiménez Herrero & Higón Tamarit (2003) falan dese desenvolvemento sostible como un proceso de cambio e transición non tan só de produción e consumo, senón tamén relacionado cunha nova forma de ser, de estar e coñecer, que vén a significar un cambio máis profundo no devir da sociedade, e non simplemente un cambio económico e unha nova forma de actuar. Pola contra, a UICN centra a súa definición no campo ambiental *“un tipo de desenvolvemento que permite a conservación dos recursos naturais, a preservación da biodiversidade xenética e o mantemento dos equilibrios ecolóxicos esenciais”* (Mancebo 2010, p.21). Este, por proximidade temática podería pensarse que é o máis adecuado no contexto que estamos a analizar, máis se ben é correcto e aceptado, consideramos que no noso estudo deixa de lado a parte económica e social¹.

Por outra banda, a Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) en 1998 pon especial fincapé na cohesión social e a equidade, termos que veñen a sinalar unha crecente preocupación pola redistribución dos beneficios, tanto económicos, coma sociais e ambientais. *“O desenvolvemento sostible implica que prestamos atención a consideracións máis xerais que o crecemento económico e o benestar material. O concepto engloba as preocupacións de equidade e cohesión social así como a necesidade de parar as ameazas contra os*

¹Que están presentes nas políticas de desenvolvemento sostible da UICN, pero que non aparecen nesta definición.

bens comúns da humanidade” (Mancebo 2010, p.22). Esa aparición das ideas de equidade e xustiza social darán lugar ao concepto de desenvolvemento humano.

Así mesmo, hai quen menciona que esa ambigüidade conceptual (Sabogal Aguilar & Hurtado Aguirre 2009) é unha ambigüidade consciente (Toro Sánchez 2007) tanto na teoría como nos instrumentos que se deberían encargarse de lograr os seus obxectivos e en saber que debe ser sostible. *“Pódese entender que é o desenvolvemento o que debe facerse sostible en relación a aquilo que lle serve de soporte-proveedor de recurso e servizos, isto é, os sistemas naturais (Biosfera); ou, polo contrario, que o desenvolvemento debe manter os seus mesmos trazos e instrumentos (soster o desenvolvemento), confiando en que, a través deles, poida corrixir os danos e impactos ambientais e sociais, dos cales é responsable”* (Toro Sánchez 2007, p.151). A través desta mesma ambigüidade, intencionada ou non, conseguiuuse unha ampla aceptación e, como se dicía ao inicio, a súa introdución no discurso da ordenación territorial e da protección do medio ambiente.

Estas diferenzas deron lugar a que xurdiran dúas teorías sobre o desenvolvemento sostible, unha que fala de desenvolvemento sostible forte e outra débil (Toca Torres 2011, p.196):

“A versión forte ou ecocéntrica pretende un equilibrio aceptable entre sociedade e ecosistema natural. Socialmente, implica unha redución da poboación humana e unha redistribución da riqueza dando máis aos pobres e menos aos ricos”.

"A versión débil ou antropocéntrica pon o ecosistema natural ao servizo da sociedade, o que xustifica o seu uso e esgotamento. En termos sociais significa que o ecosistema debe ser explotado ata que os pobres teñan a mesma riqueza que os ricos".

Visións que están fortemente ligadas aos paradigmas de protección da natureza tratados no primeiro capítulo, pois o que vén a dicir é que a primeira trata a seres humanos e outras especies ao mesmo nivel, mentres que na outra versión as outras especies están supeditadas ao interese das persoas, e que poden sobre utilizarse se o fin é acabar coas desigualdades sociais. En resumo, unha definición amplamente aceptada e complexa, pero que á súa vez foi perdendo o seu significado de xeito consciente, para poder colocarse no centro das diferentes políticas.

Capítulo 3. Desenvolvemento sostible e vinculación cos espazos protexidos

E se difícil é establecer unha definición única do concepto, difícil é tamén marcar obxectivos concretos sobre o mesmo, a pesares de que a ONU establece grandes bloques de logros a alcanzar. Podemos dicir que hai un “obxectivo” global: “O obxectivo básico sería facer viable e perdurable o benestar humano, mediante procesos de integración socioambiental” (Toro Sánchez 2007, p.149) ou como di Sabogal Aguilar & Hurtado Aguirre (2009): “persigue o benestar da sociedade sen comprometer o capital natural. E así o desenvolvemento económico involucra os límites do ecosistema e a equidade interxeracional, fronte ao ambiental debe haber estratexias de conservación e uso sostible”(p.212). Pero se nos baseamos no que di a ONU, o organismo internacional referente na temática, establécense dezasete obxectivos a acadar dentro da estratexia de desenvolvemento sostible², como se observa na Figura 3.1.



Figura 3.1: Obxectivos do desenvolvemento sostible Fonte: UNDP (2018)

O conxunto de obxectivos cobren a totalidade do espectro que abarca o desenvolvemento sostible, dende o fin da pobreza á educación de calidade, a utilización de enerxías non contaminantes, ou os dedicados á conservación dos ecosistemas

²<http://www.undp.org/content/undp/es/home/sustainable-development-goals.html>, visitada o 02/05/2018.

terrestres é mariños, así como a saúde ou o benestar. En todos eles, os espazos protexidos xogarán un papel fundamental como ferramenta para poder acadalos.

Difícil é tamén medilo e comparalo entre distintos territorios. Se cada autor ten unha definición, tamén a ten cada poboación ou sociedade. Deste xeito o que é desenvolvemento sostible nun lugar pode non selo noutro, e o que hoxe é sostible, mañá pode non selo, pois non só varía dunha cultura e dun espazo a outro, senón que tamén cambia ao longo do tempo. Así Pike et al. (2007) indican que os principios e valores do desenvolvemento poden variar territorialmente e no tempo e por iso é interesante coñecer coa maior profundidade posible as conexións que a poboación local ten co espazo por declarar. *“O desenvolvemento sostible non se dá “no medio de ningunha parte”, sobre un terreo novo e sen historia. Atopámonos sempre cara unha cultura e unha estrutura social preexistentes, así como cara un arsenal de iniciativas tanto do conxunto da política tecnolóxica, como a “franxa” da política medioambiental e políticas de ordenación”* (Mancebo 2010, p.95).

3.1.3. Desenvolvemento sostible na lóxica dos espazos protexidos

Nas últimas décadas a visión de sustentabilidade e a de espazos protexidos foron evolucionando de xeito paralelo e deixando atrás a idea de que estes deberían estar unicamente encamiñados a manter a biodiversidade do planeta, para integralos na sociedade (De Jesús Hernández López & Hernández López 2015). Supérase a xestión museística dos mesmos e faise compatible a conservación co desenvolvemento sostible (Gómez Mendoza 1999), de feito Mata Olmo et al. (1999) afirman que o éxito dos espazos protexidos dependerá de conciliar esas dúas ramas. Por outro lado, a vertente medioambiental entra de cheo na análise das relacións da poboación coa natureza, o novo paradigma de protección da natureza vén a mudar o lugar que ocupa a xente nesa relación e a súa función social, económica e cultural (Bejarano Bell 2011). Para xestionar ben esas figuras nesta nova fase, é preciso coñecer a concepción integradora e holística a longo prazo do desenvolvemento sostible, asentada sobre os temas económicos, sociais e ambientais, pero dándolle especial valor e interese á participación da poboación local na toma de decisións que poidan ter incidencia no seu territorio (Barreiro Fernández 2005). *“O desenvol-*

vemento sostible de espazos protexidos debería ser visto dende un contexto amplo, significando que temos que considerar as súas dimensións sociais, económicas, medioambientais, culturais, institucionais e de goberno, así como as interaccións entre elas" (Galindo-Pérez-de-Azpillaga et al. 2013, p.403). Só tendo en conta eses elementos á hora de xestionar, poderán acadarse os obxectivos marcados ás políticas de protección da natureza, ou noutras palabras, afírmase que o éxito non só depende da boa xestión dos espazos protexidos, senón tamén e especialmente, da capacidade da ordenación do territorio de asegurar a protección dos ecosistemas ao mesmo tempo que se mellora da calidade de vida dos veciños que viven dentro dos límites. Importante é aquí a participación dos habitantes do parque Troitiño Vinuesa (1995), pero tan ou máis importante é que se vexan actividades produtivas ligadas ao mesmo, así como unha verdadeira integración do espazos protexidos no territorio no que se establece.

E aínda que non é tema principal neste estudo, tamén se vinculan espazos protexidos e desenvolvemento sostible como solución a unha crecente preocupación polas desigualdades entre os países ricos e pobres, e o aumento da pobreza, que como expresa Jiménez Herrero & Higón Tamarit (2003), acaba deteriorando o medio ambiente do que depende o benestar da poboación. Así, a pobreza non pode considerarse soamente como unha ameaza para o medio ambiente, e por outra parte, a protección do medio ambiente non é unicamente un luxo reservado aos ricos, e é aquí onde os espazos protexidos tentarán solucionar eses conflitos.

3.1.4. Espazos protexidos como ferramenta para acadalo?

Os espazos protexidos tenden a localizarse en zonas deprimidas, situadas fóra das zonas de maior dinamismo económico, con tendencia ao avellentamento e abandono das actividades tradicionais, dando lugar a un medio fráxil (Troitiño Vinuesa et al. 2005). Nestas zonas considérase o desenvolvemento sostible como un obxectivo e é os espazos protexidos son a ferramenta institucional e política que pretende salvagardar os elementos a protexer favorecendo a mellora do benestar da poboación que vive dentro, intentando dar solución aos problemas derivados da marxinalización no actual sistema produtivo. "*Os espazos protexidos perfílanse como instrumentos para a protección da diversidade biolóxica e paisaxística, e*

os recursos naturais e culturais asociados (...). Deben considerarse como instrumentos básicos da ordenación e xestión do territorio e centros difusores das novas estratexias de desenvolvemento sostible" (Vacas Guerrero 2005, p.12). Así, os plans sobre os cales recae a xestión deberán crear estratexias que se beneficien dese status de protección para mellorar a calidade de vida dos seus habitantes (Plaza Gutiérrez 1999).

Coa difusión do novo paradigma de protección da natureza a nivel internacional, a inclusión das políticas de desenvolvemento sostible entre os seus obxectivos foron gañando adeptos ao longo de todo o mundo. Así, proxectos como o *MhB* e as reservas de biosfera actúan como unha especie de laboratorios onde se experimentan esas novas formas de relación entre sociedade, medio ambiente e economía. Numerosos autores, como por exemplo Depraz (2008b), falan dese fin como ferramenta de desenvolvemento sostible e afirma que os espazos protexidos están dotados dunha función social, pois introdúcense na maioría de estratexias de desenvolvemento sostible a través de dous xeitos. Por unha banda, como fin medioambiental – idea que permite xustificar a súa implantación nun medio rural – e doutra banda como un recurso para os territorios rurais sobre os que se implanta, pois como o mesmo autor di, están encamiñados a promover tanto as actividades relacionadas con proxectos ecolóxicos e científico como á calidade do cadro de vida. Isto implica a ligazón entre espazos protexidos e desenvolvemento sostible tanto coma fin como coma medio: o desenvolvemento sostible benefíciase da protección para mellorar as condicións de vida da poboación, e os espazos protexidos benefíciense dese desenvolvemento sostible para lexitimar a súa existencia.

Desa converxencia tamén fala Sanz Cañada (2007), recoñecendo a maior importancia nas políticas ambientais e de desenvolvemento sostible nos últimos anos, que fan que cada vez reciban máis atención por parte dos administradores do territorio, colocando estas dúas patas que converxen no centro do deseño territorial, e superando as visións máis sectoriais de antano. Así, para que a conservación da natureza teña resultados positivos, a política de protección debe englobarse nunha política máis ampla de desenvolvemento sostible, da que a primeira sexa un dos piares, e non como até o de agora, ser un elemento que na teoría si se acepta, mais na práctica non está presente.

Cando un espazos protexidos é declarado, algunhas das actividades realizadas anteriormente son prohibidas, e é aí onde a estratexia de desenvolvemento sostible aparece ligada á protección da natureza, co fin de contrarrestar as limitacións e incorporando ou adaptando novas fontes de riqueza que sexan compatibles tanto coa vertente natural, como a económica e social. Esa política integradora de conservación e desenvolvemento é demandada por científicos e axentes sociais, pero tamén imposta para *“lograr o respaldo das colectividades locais vinculadas historicamente a estes territorios, misión á veces nada fácil por tratarse dunhas iniciativas deseñadas e auspiciadas desde instancias político – administrativas externas”* (Mulero Mendigorri & Garzón García 2005, p.316). Ou o que é o mesmo, emprégase como “escusa” para lexitimar a súa instalación sobre o territorio e que os veciños non se opoñan de forma máis clara á protección. Aínda así, Troitiño Vinuesa et al. (2005) expresan que moitas veces vense eses espazos protexidos máis como un obstáculo que como unha facilidade para acadar ese desenvolvemento sostible.

Algúns dos elementos que pensamos é preciso sinalar nesta nova estratexia que emprega aos espazos protexidos como ferramenta son as seguintes:

- O territorio e o patrimonio como elementos chave no desenvolvemento sostible

Os espazos protexidos en tanto que son territorio e patrimonio, pasan a ser considerados en si mesmos como unha ferramenta de desenvolvemento sostible. Aguilar Criado & Amaya Corchuelo (2007) expoñen que dado que o territorio –que é considerado coma un ben cultural, patrimonio– é o resultado da expresión dunha sociedade e a súa cultura sobre un espazo, aparece cada vez máis nos novos discursos. Por iso eses tres termos (territorio, patrimonio e desenvolvemento) aparecen frecuentemente nas novas estratexias de desenvolvemento.

Ojeda Rivera (2004) considera a paisaxe como a síntese do patrimonio natural e cultural, que tamén é unha estratexia para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible. Ese binomio cultura – desenvolvemento é algo común a día de hoxe, ampliando así o significado e as formas de mellorar o benestar da poboación (Aguilar Criado & Amaya Corchuelo 2007). Fálase de patrimonio como factor de desenvolvemento, isto é, superar a visión monumental e histórica para ampliar o

termo á vertente tanto cultural como natural, o cal implica unha xestión integral de todo o territorio, tendo en conta o conxunto de aspectos que o definen así como a poboación que o modelou. Por iso afirman De Jesús Hernández López & Hernández López (2015) “*en lugar de patrimonializar a natureza volvéndoa un museo, obxecto de taxidermia, o que convén é revalorar aos moradores da paisaxe, dándolles visibilidade como creadores de paisaxe*” (p.83). E é precisamente nesa idea de natureza como patrimonio colectivo na que o Estado ten que protexer para a poboación e as xeracións futuras (Vaccaro & Beltran 2014) onde aparece a idea de desenvolvemento sostible. Mais tamén é aí onde se atopa un dos principais fallos na política de protección da natureza, nun Estado “valedor” da salvagarda da natureza fronte a unha poboación local que abusa dela. Esa análise tan básica das relacións natureza –poboación é a causante de moitos dos problemas de funcionamento dos espazos protexidos e como din Vaccaro et al. (2017), a patrimonialización (neste caso do territorio) é un proceso que ten dimensións culturais e sociais, simbólicas, institucionais, económicas e administrativas, por iso considerar o parque como patrimonio e dende unha óptica máis ampla pode conducir a favorecer esas políticas de desenvolvemento.

- Espazo multifuncional

O desenvolvemento sostible está nos espazos protexidos moi ligado ás novas políticas de desenvolvemento rural. En 1988 publicase *El futuro del mundo rural* por parte da Comisión Europea, e con el prodúcese un cambio, deixando de estar as zonas rurais unicamente destinadas á agricultura e á gandería para diversificar a súa base económica. Este cambio foi ratificado na *Conferencia de Cork* de 1996 e nesa liña exprésase Böcher (2008) quen considera que a agricultura xa non só vai sobre producir alimentos, pois é imprescindible para manter a biodiversidade, paisaxes, atractivo turístico etc., os cales deben ser utilizados como base para a realización doutras actividades económicas, visión que debe ser empregada tamén para reforzar os logros do desenvolvemento sostible.

- A importancia das actividades tradicionais e as limitacións

Se innovador é ese recoñecemento do territorio, e máis particularmente o espazos protexidos como patrimonio destinado a conseguir os obxectivos do desenvolvemento sostible, tamén é preciso que se manteñan os usos e actividades tradicionais

non só por xustiza social, senón para manter a riqueza de biodiversidade e paisaxística que é á súa vez, obxecto de protección. Deste modo, debería evitarse impoñer unha lista de prohibicións que acaben xerando unha forte oposición na poboación que vive dentro. Moitas veces a protección entra en competencia cos usos tradicionais do territorio e os recursos que nel hai, como a gandería e agricultura, e é aí onde está a clave do éxito, crear un espazo en oposición aos veciños ou pola contra, de xeito acordado e limitando a contestación (Vaccaro et al. 2017).

A falta de oportunidades de traballo dentro da figura incrementa os efectos negativos das restricións nos usos tradicionais (Fiallo & Jacobson 1995), sendo normal que tenda a haber unha forte descompensación entre o que a poboación demanda e precisa, e os obxectivos buscados polos xestores a través dunha visión clásica do parque (Troitiño Vinuesa et al. 2005). A implantación de espazos protexidos adoita levar consigo máis restricións de actividades ca implantación doutras novas que veñan a engadir valor ao territorio. Isto obsérvase claramente na zonificación dos parques, na colocación de sinais con mensaxes de prohibición ou tamén coa burocratización de procedementos que antes se realizaban de xeito privado, como cortar leña, limpar predios, etc. Certamente é máis visible e tanxible que as actividades que se poidan asentar e tende a crear unha imaxe negativa e limitadora sobre eles, o cal contribúe a desenvolver esa imaxe de “o parque” e “os veciños”, “eles” e “nós”. Esas limitacións non só xeran oposición e percepción negativa nos veciños que residen dentro do perímetro, senón que moitas veces afectan de xeito negativo ao medio ambiente e ao que se busca protexer. E isto atopámolo especialmente nas categorías de tipo V que estamos a analizar, e nas que a man do home foi un elemento clave no modelado da paisaxe, pois impídeselle seguir participando e tende a empeorar a calidade dos elementos a protexer.

- Turismo da natureza ou ecoturismo

En moitos casos pasa de tratarse aos espazos protexidos como lugares de produción (actividade primaria) a territorios de consumo, dedicados a satisfacer as necesidades das persoas chegadas de ambientes urbanos, sendo o turismo unha das actividades máis implantadas dentro dos seus límites (West et al. 2006). Tal visión ás veces conduce a un monocultivo do turismo que a longo prazo tampouco é beneficioso, pois para manter esas paisaxes é máis recomendable integrar as

actividades tradicionais nas estratexias de xestión, favorecendo tanto o desenvolvemento económico como o mantemento das estruturas que se están a protexer. Pola contra, se ese turismo da natureza – tamén coñecido como ecoturismo – se realiza dun xeito sostible e regulado, os beneficios poden ser moi positivos e os elementos negativos menos abundantes. O turismo moitas veces resultou un éxito en canto a número de visitantes, pois os espazos protexidos teñen un gran poder de atracción, pero en numerosas ocasións faise sen planificación, dando lugar a verdadeiros problemas por sobreexplotación dos recursos ou pola escasa redistribución dos beneficios, ao que é habitual que se engada a carencia de plans de uso público. E é ese éxito o motivo polo que moitos consideran o turismo como o único sector que pode salvar eses espazos en regresión.

- Poboación local no centro da estratexia do desenvolvemento sostible

Entre os principais eixes das políticas de desenvolvemento sostible, ao igual que o que ocorre coa de espazos protexidos en xeral, está a participación da xente na planificación das súas políticas. Así De Casabianca (1992) menciona que calquera proxecto con este fin precisa dunha fase previa de sensibilización, información, confrontación de ideas, afirmando que é a fase máis importante de todo o proxecto. Do mesmo xeito Loninger (2002) indica que un dos elementos máis importantes do desenvolvemento sostible é a presenza de ferramentas que faciliten a comunicación cos diferentes actores, así como o acceso á información. Para que duren é preciso que se fagan en colaboración e consenso coas poboación locais así como poñendo en marcha proxectos de educación e desenvolvemento dentro dos espazos (Toledo 2005). E isto oponse ao que se fixo nun primeiro momento, onde o Estado tendeu a usar a escusa do “interese xeral” mencionada anteriormente para declarar os espazos protexidos e mantelos á marxe dos seus usos tradicionais. Deste xeito, imponse á poboación local e centralízase a toma de decisións no referente á xestión dese territorio, o que acabou conducindo a un forte rexeitamento por parte dos veciños.

- Avaliación

É preciso avaliar as políticas de desenvolvemento sostible levadas a cabo no espazos protexidos cada certo tempo, o cal non implica só enumerar os obxectivos

conseguidos e os buscados. Hai que avalialo dentro do contexto social e político no que se dá, pois como di Mancebo (2010) este dáse dentro dun territorio que está poboado e ten unha historia, así como unha estrutura social e cultura, acompañada dunha política medioambiental e de ordenación do territorio. De aí que sexa moi difícil cuantificar o desenvolvemento sostible, e máis aínda, comparalo.

Sobre esta avaliación e as repercusións, Mulero Mendigorri & Garzón García (2005) afirman que foi moi exitosa como estratexia, pois axudou a favorecer unha opinión máis positiva no momento concreto da implantación dos espazos protexidos, por situarse moitos deles como se dixo anteriormente, en zonas de montaña en declive. Pero que a longo prazo só fixo medrar a opinión negativa, pois en moitos casos non houbo plans de desenvolvemento sostible ou fondos suficientes para levalos a cabo.

En resumo, asúmese que os espazos protexidos son ferramentas para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, mais hai un desfase entre o que a teoría di e o xeito no que se realiza a xestión. Como o novo paradigma promulgaba, só superando a visión illacionista (Troitiño Vinuesa et al. 2005) e involucrando á poboación na súa xestión se poderá transformar estas figuras en verdadeiras ferramentas de desenvolvemento sostible. E cando se fala de illados, non só no seu contexto máis inmediato, senón nun sentido máis global, pois deberían formar parte de redes internacionais para conseguir os obxectivos relacionados co medio ambiente e os desenvolvemento a nivel global (Fernández de Tejada 1996).

3.2 Xestión dos espazos protexidos

A superación da visión museística e illada do medio social no que se circunscriben os espazos protexidos trouxo consigo modificacións tanto na política de planificación como na de xestión, e vén a integrar conceptos ata o momento opostos, como son desenvolvemento e medio ambiente (Toro Sánchez 2007), e cada vez reclámase máis a integración da poboación local na planificación e xestión (Flint et al. 2013). Unha vez expuxemos como se introducen estas figuras como ferramentas destinadas a conseguir un desenvolvemento sostible, é preciso mostrar os aspectos máis salientables que inciden nesa xestión do territorio. Como di EUROPARC-España (2005) os espazos protexidos deben interpretarse no marco

3.2. Xestión dos espazos protexidos

dun modelo territorial e non como propostas illadas de conservación. Por iso, non chega unicamente con declarar un parque, senón que é preciso establecer estratexias e accións para a consecución dos obxectivos marcados, dentro dun modelo máis amplo de ordenación do territorio. Depraz (2008a) engade a isto que unha figura deste tipo debería reorientar a economía local cara unha mellor calidade, actuando como un instrumento de ordenación dos territorios rurais. E sobre a mesma idea García Alonso (2009) afirma que a inserción dos espazos protexidos no seu medio natural, social e territorial é un factor clave se pretende o logro do desenvolvemento sostible e ao mesmo tempo os fins das políticas de protección da natureza.

Se ben se recoñece a súa importancia a nivel internacional como un dos piares da conservación da natureza e dese desenvolvemento sostible mencionado anteriormente, temos que asumir que en numerosas ocasións eses espazos protexidos só existen na teoría, mais na práctica non se leva a cabo ningún tipo de xestión³. Isto é o que se coñece como *parques de papel*, aqueles que están recoñecidos legalmente por un estado, mais nos que non se concreta ningún tipo de planificación, xestión ou que carecen de obxectivos e fondos económicos ou traballadores para levar a bo porto as políticas de conservación. EUROPARC-España (2002) afirma que se en España a nivel teórico se conseguiron amplos avances, no que se refire a súa integración con outros elementos da ordenación do territorio queda moito por avanzar, e especialmente nos plans de xestión. Significativos son tamén os datos que dá sobre o tempo que tardan en aprobarse eses documentos, superando en moitas ocasións os dez anos.

Como xa mencionamos no capítulo II, cada tipo de figura ten uns procesos de planificación e xestión diferentes en función dos obxectivos marcados pola categoría á que pertencen. No caso das categorías V e VI, que son as analizadas, prestan especial atención ao papel do ser humano. É nesa relación entre natureza e sociedade, que dá como resultado as paisaxes que son obxecto de protección, onde se visualiza que non tan só os elementos naturais son protexidos, senón que é precisamente esa relación sociedade – natureza, derivada dunha historia, duns

³A necesidade que teñen certos gobernos de cumprir con determinada porcentaxe de superficie protexida nun período de tempo, como no caso da Rede Natura 2000, fai que moitos espazos protexidos sexan declarados mais que non leven aparelado ningún tipo de xestión.

valores e duns modos de vida o que se pretende coidar. Por todo iso, colocar á poboación local no centro da toma de decisións é un elemento primordial e fundamental, pois coñecer como a xente se relaciona co espazo favorecerá unha mellor xestión do mesmo (Nastran 2015).

Sexa cal sexa o obxectivo do espazo protexido, este sempre debe contar cunha boa política de planificación e xestión, con documentos nos que se tracen as accións a seguir, así como procedementos que avalíen se se están a conseguir ou non, por iso analizar as directrices que a UICN recomenda para estes conceptos é interesante.

3.2.1. Planificación

A planificación fai referencia ao proceso que dá lugar ao establecemento dun espazo protexido sobre un territorio, sendo unha parte fundamental de calquera estratexia de conservación, pois é neste punto onde se marcarán cales serán os límites do parque natural en cuestión, os obxectivos, a forma de xestión ou a zonificación. Para moitos autores esta é a parte máis importante de toda política medioambiental *“hai que ter en conta que a participación non implica só informar, non é pedir opinión, participar non é só consultar. O obxectivo último da participación é compartir a toma de decisións na planificación e xestión dos espazos”* (EUROPARC-España 2008, p.30). Esta cita recórdanos o que implica, pois moitas veces quédase na teoría, e á hora de implantalos, no mellor dos casos só se informa. Igualmente, a planificación é fundamental para dotar ás novas figuras desa vertente sostible e marcar uns obxectivos factibles.

Cando falamos da planificación en figuras de protección, falamos de planificación en cascada. Isto é, téñense en conta diferentes niveis administrativos á hora de marcar as directrices e obxectivos, que van dende o global ao rexional, pasando polo local. Nas últimas décadas a literatura sobre espazos protexidos veu incrementándose, e moitos autores e organismos internacionais acabaron postulando determinados conceptos e puntos clave que veñen a favorecer unha boa “planificación e xestión”. No noso caso, por atopalo máis adoitado, exporemos as directrices da UICN. Este organismo establece unha serie de principios ou recomendacións para mellorar a planificación, así como tratar de ter unha serie de ítems que permi-

3.2. Xestión dos espazos protexidos

tan comparar con independencia do tipo de figura ou do lugar xeográfico no que este situado, como mostramos na Táboa 3.1.

Tabla 3.1: Planificación

Directrices	
1.	A planificación debe basearse nas leis, costumes e valores da sociedade involucrada.
2.	Necesidade de contar cunha base xurídica sólida para os espazos protexidos de categoría V.
3.	É necesario contar cun enfoque sistemático para a selección de espazos protexidos de categoría V.
4.	Un espazo protexido de categoría V deberá planificarse con miras á súa vinculación con outros espazos protexidos e como modelo de sustentabilidade para a súa aplicación a outras escalas.
5.	Deberá considerarse a pertinencia doutras clasificacións internacionais da protección.
6.	A determinación dos límites do espazo protexido é unha parte esencial da planificación.
7.	Os sistemas de planificación deben ser o suficientemente flexibles para dar cabida a patróns. de propiedade das terras e funcións institucionais existentes cando estes poidan apoiar a conservación.
8.	É preciso contar cun sistema eficaz de planificación de uso da terra.
9.	A planificación debe involucrar a participación dun abanico de intereses locais, rexionais e nacionais.
10.	É preciso contar cun forte apoio político e social para o establecemento do espazo protexido.

Fonte: Adaptado de Phillips (2002)

Como se observa nestas dez recomendacións específicas para a planificación de figuras da categoría V, hai un especial interese en conciliar a protección da natureza coa presenza humana. Phillips (2002) establece que esta planificación debe asentarse tendo en conta a forma na que os veciños viven ese territorio e os seus vínculos co mesmo (Recomendación 1), unha das ideas centrais da tese.

Así mesmo, un punto ao que lle concede protagonismo é tamén o apoio tanto político como social, o que reafirma o argumento de que un parque non terá éxito se as persoas que viven dentro non se mostran favorables. E tamén sinala a necesidade do apoio político, e que moitas veces só está presente nos momentos iniciais, volvendo falar aquí do termo parques de papel.

Igualmente, faise referencia a súa integración en outro tipo de figuras de alcance internacional, o que é especialmente interesante na Categoría V. Algunhas das citadas no primeiro capítulo son altamente compatibles con estas, como as Reservas da Biosfera, pois todas elas comparten o punto principal desta figura, colocar á poboación no centro da protección e compatibilizala co desenvolvemento.

Outro dos elementos que se cita é o enfoque sistémico. Isto é, entender cada espazo protexido individualmente pero tamén como parte dun conxunto máis grande e interrelacionado. O que se transmite é a necesidade de establecer uns criterios mínimos aos que un territorio se debería ater para poder ser declarado

baixo algunha categoría. Semella un concepto básico, mais moitas veces non se emprega, dando lugar a territorios dunha mesma categoría que en realidade teñen obxectivos, superficies, ou formas de xestión que pouco ou nada teñen que ver entre si. Un exemplo interesante e que afecta a dous dos casos de estudo analizados neste traballo é o da Rede Natura 2000, da cal falamos no segundo capítulo.

Sobresae unha permanente referencia á poboación local e como afrontar a participación na planificación (Voll & Luthe 2014). Por iso é especialmente necesario ser conscientes da heteroxeneidade de actores (Brown 2002) que se reúnen no territorio e dos seus intereses diferentes e mesmo diverxentes. De aí que sexa indispensable establecer mecanismos nos que se chegue a tódolos grupos de poboación, tendo en conta a zona de residencia, idade, xénero, situación profesional etc. Só abarcando a totalidade de actores (Miller & Hobbs 2002) e obtendo o seu apoio o espazo protexido sairá a diante. Como di García Alonso (2009), grazas ás actividades desempeñadas polos actores locais deses territorios, mantéñense as características naturais e culturais a protexer, e só por iso deben ocupar un lugar central da protección.

3.2.2. Xestión

Se importante é a planificación, importante é tamén a xestión. Por este concepto enténdese o proceso polo cal tanto as políticas de protección da natureza como os obxectivos do espazo protexido se acordan, fixan, vixían e aplican nun territorio concreto. Se a xestión non é boa, hai un gran risco de que se tomen decisións contrarias ao funcionamento do territorio, o que podería implicar problemas na salvagarda da biodiversidade, das paisaxes, ou conflitos coa poboación que vive dentro, o que acaba repercutindo no devir do mesmo.

Unha vez máis, a UICN presenta unha serie de recomendación ou principios que resumimos na Táboa 3.2. E, como vimos dicindo ao longo do capítulo, o papel da poboación local volve ser un dos piares deste punto.

Como se observa na Táboa 3.2. as recomendacións dadas para a xestión desta figura van en consonancia coas propostas no apartado de planificación. Unha vez máis, poboación local e desenvolvemento volven estar no centro do discurso

3.2. Xestión dos espazos protexidos

Tabla 3.2: Xestión

Directrices	
1.	A conservación da paisaxe, da diversidade biolóxica e dos valores culturais é o núcleo do enfoque destas categorías.
2.	A xestión debe centrarse no punto de interacción entre natureza e poboación local, o vínculo entre territorio e espazo protexido
3.	Debe considerarse aos poboadores como xestores da paisaxe.
4.	A xestión debe emprenderse con e a través da poboación local, e principalmente por e para ela.
5.	A xestión debe basearse en enfoques cooperativos, como a coxestión e a equidade entre grupos interesados múltiples.
6.	Unha xestión eficaz necesita un ambiente político e económico favorable.
7.	A xestión de espazos protexidos de categoría V deberá preocuparse non só por protexelas senón tamén por melloralas.
8.	Cando hai un conflito irreconciliable entre os obxectivos da xestión, deberá dar prioridade á conservación das cualidades especiais do espazo protexido.
9.	As actividades económicas que non necesiten desenvolverse dentro da paisaxe protexida deberán situarse fóra do mesmo.
10.	A xestión debe cumprir cos máis altos estándares profesionais.
11.	A xestión debe ser flexible e adaptativa.
12.	O éxito da xestión debe medirse en termos ambientais e sociais.

Fonte: adaptado de Phillips (2002)

empregado polas institucións internacionais. Deste xeito, a metade dos principios fan referencia explícita a poboación local e outros actores, o que implica:

1. Coñecer as súas crenzas, valores, formas de relacionarse co territorio.
2. Analizar a poboación local coa máxima profundidade posible, pois os actores son moi heteroxéneos.
3. Ir máis alá do local e estudar actores externos pero con intereses no espazo protexido, isto é: turistas e visitantes, ONGs, administracións públicas ou empresarios.

A xestión recae non tanto na natureza en si mesma, senón na relación entre a natureza e poboación que deu lugar ao que se está a protexer. Trátase de manter en equilibrio o conxunto de accións e valores que deron lugar ás paisaxes a protexer, ao cal fai referencia o principio número tres, onde se fala da poboación como xestores. Esta é unha idea recorrente ao longo do texto, pois como se menciona no que chamamos novo paradigma, foron os veciños os que modelaron eses territorios

ao longo da historia, e recoñecer e favorecer a súa xestión constitúe un factor clave do éxito na xestión. Para iso é imprescindible educar e informar sobre o porqué da protección, para que eses actores sexan conscientes do que está a suceder no seu territorio.

Do mesmo xeito, o cuarto punto vén a confirmar a necesidade de que a protección repercuta dun xeito positivo nos beneficios dos habitantes deses territorios, involucrándoa nas súas estratexias de desenvolvemento. Isto require atender aos intereses de grupos de actores moi diferentes (quinto principio) implicando unha forte labor de comunicación e boa xestión da información co fin de tocar todas as sensibilidades. E por último, fálase de xestión adaptativa e flexible ante a posibilidade de facer fronte a diferentes escenarios, co fin de lograr unha maior eficacia, sempre contando co apoio político e financeiro suficiente.

3.2.3. Información

Por último, é preciso destacar o papel que se lle concede ao tratamento da información, sendo acceso por parte da poboación local un dos elementos fundamentais dunha boa xestión. A información é sumamente importante para que os habitantes do espazo protexido se sintan partícipes do mesmo, para que se conciban a eles mesmos como actores protagonistas. Breton (2009) afirma que non se lles pode pedir que adopten o mesmo discurso que as administracións ou os xestores, se non teñen os coñecementos precisos sobre os obxectivos, os problemas, ou as consecuencias de formar parte dunha figura destas categorías.

Moitos dos xestores de espazos protexidos teñen traxectorias científicas e consideran que facer visible esa información non é preciso, pero en realidade é moi necesario. Depraz (2008a) a propósito disto, critica que na maioría dos casos a información que se dá é racional – especialmente datos – cando a que máis fácil é comprendida é a emocional – por parte dos veciños – pola connotación social que ten. E como os actores teñen intereses diferentes, hai que innovar nas estratexias de comunicación e adaptalas aos mesmos, empregando novos útiles (Loninger 2002).

Phillips (2002) mostra nos traballos realizados para a UICN, unha serie de mecanismos para facer chegar aos veciños a información, así como dotalos dunha maior presenza no entramado do parque (Táboa 3.3). Como se apreciará no seguinte

3.2. Xestión dos espazos protexidos

Tabla 3.3: Xestión da información

Directrices	
1.	Abordar as necesidades da poboación local, visitantes e xestores
2.	Basearse nas especificidades do territorio e os vínculos entre natureza e poboación, entre pasado e presente.
3.	Crear unha conciencia e un sentido de responsabilidade da paisaxe.
4.	Espallar a información a través de diferentes mecanismos.
5.	Utilizar diferentes servizos e instalacións para comunicar.
6.	Facer á poboación local participe como guías, intérpretes, etc.
7.	Formar parte dun plan educativo ou interpretativo.

Fonte: adaptado de Phillips (2002)

capítulo, esa participación na construción do espazo protexido é un elemento imprescindible para que os propios veciños se identifiquen co mesmo, asignándolle á educación un papel fundamental (Breton, 2009). “*A educación foi considerada un paso inicial para mellorar a actitude da xente cara a conservación*” (Fiallo & Jacobson 1995, p.247).

Ante a falta de información, que adoita vir acompañada da falta de participación, tende a xerarse unha forte oposición, non tanto á protección en si mesma, como á súa instrumentalización (Troitiño Vinuesa et al. 2005). Cando non hai unha boa xestión desa información e non se conta coa poboación local xorden os conflitos, nomeadamente cando se trata dunha aproximación *Top-Down* (West et al. 2006). En casos coma ese, os veciños ven a protección imposta, como unha agresión ao seu cadro e xeito de vida habitual. E esta sensación prodúcese non só por esa falta de información, senón tamén polos seus intereses diferentes, así como por percepcións sobre o espazo que non son homoxéneas (Hirschnitz-Garbers & Stoll-kleemann 2010). Por iso é preciso contar cun bo sistema de resolución de problemas, aínda que é necesario dicir que a existencia deses conflitos non ten por que ser visto como algo negativo, pois estes veñen de poñer en común diferentes ideas e percepcións sobre o territorio en cuestión, de xogos de poder, pero que en tanto que se poñen en común, axudan a construír socialmente o espazo protexido

(Depraz 2008a). De aí que un bo acceso á esa información e a existencia de lugares de debate sexan un elemento imprescindible para a súa xestión.

3.2.4. Plans

Un dos elementos máis importantes do proceso de xestión é precisamente ter un marco regulador ao que axustarse, tanto para a consecución dos obxectivos como para a toma de decisións. Se se recorda o concepto de espazo protexido máis recoñecido internacionalmente, este fai referencia explícita á xestión dos mesmos, a cal se fai a través de plans nos que se analizan as características desas figuras e os obxectivos a acadar, así como o xeito de facelo. De Rojas Martínez-Parets (2006) defíneo como unha ferramenta técnica, e son un elemento fundamental para que a sociedade visualice que se quere conseguir coa protección.

A participación dos diferentes actores é importante pois así poderá visualizarse que intereses ten cada un, que grupos hai e que conflitos poden xurdir, sendo esta unha información altamente valiosa para o devir do parque e a súa boa xestión. Estas ideas serán plasmadas, xunto con outras de carácter técnico, nos diferentes documentos de xestión de cada un, recibindo nomenclaturas diferentes segundo o país (Táboa 3.4).

Cada un dos diferentes espazos protexidos susténtase sobre a lexislación da rexión ou estado no que se atopen (segundo o nivel de descentralización política que haxa, como se viu no capítulo anterior). Mais, dentro desa diferente lexislación, todos eles deben contar cunha análise do estado dese territorio (ambiental, social e económico). Isto pode ser condición *sine qua non* para aprobar esa figura de protección (Francia), ou ser posterior a súa protección (Galiza). Por outra banda, nese documento fíxanse as prioridades de xestión e os obxectivos, ou deberase

Tabla 3.4: Nome dos plans

País	Ferramenta
España	PORN e PRUX
Francia	Charte
Namibia	Plan de Xestión

Fonte: Elaboración propia

3.2. Xestión dos espazos protexidos

crear un plan paralelo no que en función dos resultados acadados no inicial, se establezan unhas estratexias e accións a seguir, cuestión pola cal é preciso un profundo estudo da situación do territorio. Non se trata de meros documentos descritivos e illados, senón que forman parte dun contexto, indo máis ala do que hai dentro do espazo a través deses plans, e realmente entender o que o fai singular e o contexto no que se inscriben:

En Galiza hai dous tipos :

- **PORN:** os plans de ordenación de recursos naturais son as ferramentas que, no caso galego e español, analizan as características físicas e humanas do territorio no que se asenta o parque (Troitiño Vinuesa et al. 2005). Sobre os PORN dise que son demasiado técnicos, só zonifican e tenden a non analizar as percepcións e relación que ten a poboación co territorio segundo afirma Troitiño Vinuesa et al. (2005), o que moitas veces é a base do fracaso dos mesmos (Troitiño Vinuesa 1995). Así mesmo tamén serve de marco sobre o que se asentarán as políticas de ordenación do territorio, os plans sectoriais e en xeral, a regulamentación dos recursos naturais (Martínez 2002), sendo obrigatorios dende a aprobación da *Lei de Conservación da Natureza de 1989*.
- **PRUX:** os plans reitores de uso e xestión marcan como se deben acadar eses obxectivos e a través de que accións. Un elemento a destacar é que dentro do territorio do parque, prevalecen sobre outro tipo de lexislacións e sobre calquera outro plan de ordenación territorial que poida afectar ao espazo. Son elaborados polos encargados de xestionar o parque (EUROPARC-España 2008), aínda que en numerosas ocasións con retraso.

En Francia:

- **CHARTE:** é un contrato entre o Estado, rexións, concellos e actores locais onde se deixan claros os obxectivos, financiación e regras de ordenación do territorio, revisado cada 12 anos (Veyret 2001). É o elemento máis singular do sistema de espazos protexidos francés. Trátase dun documento no que se analiza a situación do territorio protexido e as intervencións que nel se deben facer. A peculiaridade con respecto ao caso galego é que debe existir

antes de que ese espazo se protexa, e está sometido a unha revisión periódica (aproximadamente cada doce anos), na cal se actualizan os datos económicos, demográficos, ambientais, etc., así como o nivel de cumprimento dos obxectivos marcados. Se a avaliación non é positiva (por non acadar o que se marcara ou polo empeoramento dalgún dos indicadores iniciais), a protección pode serlle retirada e perder a condición de espazo protexido.

En Namibia:

- **PLAN DE XESTIÓN:** co apoio do Ministerio de Medio Ambiente e Turismo namibio, ONGs, e a Namibian Association of CBNRM Support Organisations (NACSO), fanse estudos das áreas que a poboación demanda protexer. A poboación local participa deses estudos, traballando e formándose, especialmente no reconto de animais salvaxes. Ao igual que no caso francés, está sometido a unha avaliación periódica (neste caso anual) que deberá ser presentada ao goberno para validar ou non a xestión que se realizou no período analizado.

A participación na poboación local na súa elaboración volve ser imprescindible para asegurar un maior éxito na consecución dos obxectivos marcados (Font Garolera & Majoral Moline 1999). Unha poboación ben informada e que axude aos diferentes organismos a zonificar, marcar obxectivos e estratexias, terá maior probabilidade de diminuír os conflitos e de lograr os fins de tal protección. Durante estes procesos adoitan aparecer elementos que dende fóra do parque non son perceptibles, ben sexan problemas ou recursos, así como un elemento que analizaremos máis adiante: a forma de entender ese espazo por parte dos veciños, factor clave no bo funcionamento da xestión. Precisamente sobre estes documentos Cascos Maraña & Guerra Velasco (1999) din que o maior problema adoita estar en que non hai unha análise multidisciplinar, o que implica descoñecer moitos aspectos que non son visibles a primeira vista, pero que son clave para o territorio.

3.2.5. Avaliación

Un dos elementos máis interesantes é ao mesmo tempo de maior importancia é a avaliación da xestión. Isto leva a analizar o que se realiza nos espazos protexidos en función dos plans e lexislación vixentes, especialmente en canto a obxectivos.

3.2. Xestión dos espazos protexidos

Como di EUROPARC-España (2010) a avaliación é indispensable pois axuda a:

- Mellorar a comunicación interna.
- Detectar problemas futuros.
- Comunicarse coa sociedade.
- Manter canles de comunicación de maior calidade.

Moitos son os métodos de análise e fórmulas presentadas para levar a cabo esta función (Nolte et al. 2010), aínda que todos eles presentan determinados ítems que lles son comúns. Deste xeito, unha boa memoria debe contar cunha análise pormenorizada de como funciona o ente en si mesmo, de como se atopan as finanzas e que resultados están a dar as políticas de protección do medio natural e cultural. Igualmente, deberá analizarse tamén a estratexia de comunicación, o uso público do parque ou as actividades realizadas para a educación e a información. Observamos, pois, que abarca un amplo espectro de temas. *"A avaliación non pode limitarse a unha síntese de información estatística destinada a dar datos a instancias de decisión e acción pública(...). O seguimento permite unha recollida de datos, un inventario. Os expertos permiten organizar os feitos recollidos segundo un punto de vista preciso e organizar os elementos de coñecemento. Pero a avaliación non é unha simple análise de diferenzas entre efectos buscados e os efectos obtidos, non é illable do seu contexto"* (Mancebo 2010, p.70).

Como di o autor anterior, non só se trata de expoñer datos e comparalos coas previsións iniciais, senón que é preciso analizalos dentro do contexto no que se inscribe o parque e buscar o porqué. Nas súas recomendacións a UICN, a través de Phillips (2002), menciona a necesidade de medir esa xestión en termos sociais e ambientais, algo que é de gran relevancia, pois vén a superar esa visión máis prístina da conservación, valorando elementos como o benestar social e económico, así como a calidade de vida.

Deste xeito, os resultados da avaliación dependerán de como se fixera esa planificación e xestión, pero sen obviar tamén que unha parte importante do seu funcionamento derivará da lexislación existente, dos recursos financeiros e do

persoal traballando no mesmo. Trátase pois, dunha cuestión fundamental para ver como evoluciona e que hai que modificar. Por iso esta avaliación é un elemento implantado en numerosas lexislacións, como aquelas dos *PNR* e as *Conservancies*, os cales se ven sometidos a un exame periódico que pode dar como resultado, se os obxectivos non se acadan, á supresión da protección para o territorio que contaba con esa figura (Garzón García & Mulero Mendigorri 2004).

3.3 A construción social do espazo protexido

Despois de analizar o papel dos espazos protexidos como ferramenta de desenvolvemento sostible, así como os procesos de planificación e xestión, vemos que en todos eles hai unha variable que se mantén na ecuación: a crecente importancia da poboación local na toma de decisións. Sobre isto Brown (2002) di que é importante, pero é fundamental que participen da implantación das mesmas. Os diferentes grupos que habitan o territorio teñen relacións co medio ambiente moi diferentes dependendo do xénero, idade, nivel de ingresos, e son (os veciños en xeral) os que máis rápido sofren as consecuencias máis negativas da conservación, se non se teñen en conta esas especificidades e a relación que teñen co territorio (Vaccaro et al. 2013).

3.3.1. Recoñecemento da poboación local como centro das políticas de ordenación do territorio e espazos protexidos

Como se observa no apartado anterior, preséntanse os espazos como unha verdadeira ferramenta de ordenación. Empregar estas figuras na estratexia territorial vén a superar esa visión illada da xestión, que implica ao mesmo tempo superar as políticas acordadas á mesma. Como din Beltran & Santamarina (2016), unha vez aparcada esa visión idealizada non alterada, as novas estratexias non van ir encamiñadas á restaurar esa natureza prístina que tanto auxe tivo en décadas pasadas, senón a permitir a convivencia coa poboación que a modelou.

Empregar estas figuras como ferramentas de ordenación fai que asumamos que os espazos protexidos forman parte dun sistema territorial (Davoudi et al. 2009), e no sistema territorial un elemento imprescindible é a poboación local. Deste xeito

3.3. A construción social do espazo protexido

aceptarase que a planificación, xestión e ordenación do territorio, non trata só sobre colocar, distribuír, ou recolocar actividades ou elementos do espazo, senón que engade a necesidade de coñecer aos actores que sobre el se estableceron, e os procesos que se dan entre eles e o territorio. Do mesmo xeito, o *V Congreso Mundial de Parques* que se desenvolveu en 2003 en Durban (Sudáfrica) veu a reclamar a integración de mecanismos de participación na creación e xestión desas figuras. Vaccaro & Beltran (2014) asume que foi unha maneira de recoñecer o lugar que debería ter a poboación local, e sobre todo, o recoñecemento de que até o momento non foran tidos en conta e que parte dos problemas presentes terían a súa base nesta ausencia.

Este discurso foi gañando adeptos, en consonancia coa propia adopción destas figuras como ferramenta de desenvolvemento e ordenación do territorio. Depraz (2008a) recalca que supón o fin das políticas sectoriais da protección que normalmente eran dirixidas por científicos con formación en bioloxía, ecoloxía, enxeñaría de montes, etc., e que é substituída por outra na que se comparte a xestión cos diferentes actores locais. Así, as novas formas de protección están marcadas pola inclusión da poboación local tanto na toma de decisión como nos beneficios dos espazos protexidos, facendo especial fincapé nas áreas protexidas dos países en vías de desenvolvemento (Navarrete Mazariegos & González Arenas 2003).

Paralelamente, as novas teorías sobre o desenvolvemento sostible tamén traen innovacións nas formas de xestión e planificación (Albuquerque 2007), polos múltiples campos aos que afecta. E tamén implican unha reestruturación do proceso de toma de decisións, favorecendo a cooperación entre os diferentes actores e entre os distintos niveis de administración. Así, consultar cos actores locais tanto a delimitación como a forma de xestionar os espazos protexidos, e tomar decisións conxuntamente é o que se busca na actualidade, fronte á política anterior de primeiro crear os parques e despois comunicarllo aos veciños. Esta idea vén a mudar a concepción do que é unha figura de protección así como o xeito de relacionarse co territorio no que se implanta.

Como tódolos territorios, os espazos protexidos están habitados por xente con diferentes percorridos e intereses. Sempre se trata, a implantación, dun proceso complexo dado que nun mesmo espazo hai poboación con diferentes enfoques e estratexias, que á súa vez teñen obxectivos diferentes. Tamén é diferente a poboación

ción que o habita, quen moitas veces teñen visións diverxentes ou inconexas entre si, como poderían ser cazadores e agricultores, propietarios de establecementos turísticos e gandeiros, etc. Por iso é importante o proceso de participación, pois axuda a atopar espazos de concertación onde os diferentes actores mostren as súas opinións e se informen (Rakoto Ramiarantsoa & Rodary 2008). Así, as estratexias teñen que ser dirixidas a cada espazo en particular, dándose respostas locais a territorios concretos, deseñando estratexias individuais para cada territorio, xa que cada un deles é diferente (Méndez Gutiérrez del Valle 2007). Os lugares de intercambio de opinións son importantes para que os diferentes actores se posicionen e relacionen, pois o parque non é en si mesmo un ente coherente e uniforme, senón que é a suma deses posicionamentos e das relacións xeradas entre os diferentes actores, que son os que crean a identidade do mesmo, tomando decisións dun xeito colectivo (Muchapondwa 2002).

A declaración dunha figura de protección nunca debería producirse contra ou fronte á poboación: facelo así sería un disparate e un auténtico contrasentido, cando precisamente foi este colectivo o que posibilitou a supervivencia duns territorios valiosos e que agora a administración quere preservar. Hai que facer un esforzo grande para integrar aos habitantes no proceso de declaración e logo na xestión dos mesmos, e só así se poderá encontrar un novo equilibrio nas relacións territoriais e sociais co entorno (Toledo 2005). Unicamente tendo en conta á poboación local tanto nos procesos de declaración como na xestión se poderá implantar unha verdadeira liña de conservación activa (Troitiño Vinuesa 1995) e a longo prazo (Troitiño Vinuesa et al. 2005). Así, cando se dá unha xestión por parte de actores externos ao propio parque, con intereses que adoitan diferir dos da poboación local, acostuma a haber máis efectos negativos ca positivos (Depraz 2008a). Igualmente, a xestión ten que estar orientada ao establecemento duns obxectivos a conseguir por unha planificación a longo prazo, onde os veciños teñen que ser informados e consultados para coñecer a súa opinión. É o que Albuquerque (2007) identifica como unha participación de *bottom-up*, e sobre o mesmo, Bejarano Bell (2011) afirma que a participación axuda a lexitimar as políticas sobre as que se participa, aínda que tamén presente problemas como a manipulación nas decisións por parte das persoas que están no poder.

3.3. A construción social do espazo protexido

Este novo rol da poboación local traerá consigo aspectos moi positivos para os veciños, pois axudará a comprender de que se trata esa nova figura, terán máis información e poderán participar do devir futuro do espazo. E, por outra banda, para o parque en si mesmo, pois coñecerase como funcionaba ese territorio, que relacións hai entre os actores e que problemas e sinerxías poden xurdir favorecendo unha mellor imaxe do mesmo para a poboación local. Como di Hirschnitz-Garbers & Stoll-kleemann (2010) a mala percepción dá como resultado *“xestores tendo dificultade para ter apoio para a súa conservación e a poboación local tendo dificultades en ter os seus intereses socioeconómicos aceptados no espazos protexidos”* (p.231), frase que sintetiza moi ben a idea do noso traballo.

En resumo, cada vez está máis aceptado ese papel central dos habitantes dos espazos protexidos, así como o seu papel na lexitimación das políticas de ordenación do territorio e protección da natureza (Silva Pérez et al. 2009), cando menos na teoría.

3.3.2. Recoñecemento dos espazos protexidos como espazos socializados

Ese papel crecente da poboación local non se debe só á necesidade de que “se sintan” partícipes das decisións, senón que ten un trasfondo máis profundo. Aceptar que os espazos protexidos son necesarios para ordenar o territorio, implica a necesidade de coñecelos dende unha aproximación social: *“a utilización de espazos protexidos como dinamizadores de recursos no medio rural debería levar aparellada a obrigaón de clarificar a forma de entender as relacións entre espazos protexidos e espazo social”* (Troitiño Vinuesa 1995, p.25). Isto é, saber sobre que piares se asenta ese territorio e a relación que hai entre a sociedade que vive nel e o medio natural, a cal nunca é visible a primeira vista. *“Os sistemas humanos e os sistemas ambientais conéctanse entre si por redes e cadeas de relacións de mutua dependencia (con evidentes elos críticos) e interactúan impulsados por forzas motrices que se manifestan a través de mecanismos de retroalimentación moi complexos e pouco coñecidos. E as decisións sobre as súas relacións, formas e momentos de actuación requiren dun profundo estudo sistémicos de cales son as raíces e os síntomas dos problemas globais para poder enfrontarse a eles”*

(Jiménez Herrero & Higón Tamarit 2003, p.28). E isto implica o recoñecemento do papel da poboación local como un actor máis dentro das diferentes políticas de conservación da natureza, así como das relacións co territorio que son menos visibles.

Numerosos autores afirman que a protección e a posta en valor dunha área protexida deben ser o resultado da interacción entre o Estado e as comunidades ás que lle afecta ese espazo (Lequin 2009). De feito, o novo paradigma de protección da natureza vén promulgando estas ideas, pois os territorios son un lugar socializado na medida na que as súas características físicas e aspectos culturais que lle son atribuídos se combinan nun mesmo sistema. É dicir, non se pode entender un espazo sen comprender a relación que hai entre este e a xente. É un espazo vivido, ou o que é o mesmo, froito dunha experiencia afectiva que xera como resultado de relacionarse con el, un conxunto de significacións e valores que o fan único e diferente.

- O parque como espazo social

E é aquí onde entra un concepto tan interesante como é o capital social, formado polos valores éticos e sociais, así como os coñecementos dentro dun territorio sobre os que se articulan as relacións entre os seus actores e destes co exterior (Durand & Giménez 2010). O coñecemento desas relacións é fundamental para que a estratexia de planificación e desenvolvemento saia adiante, ademais de facer que outros elementos como o capital natural, humano e económico evolucionen mellor.

Empregar estas relacións para analizar as diferentes políticas ambientais e de desenvolvemento conducirá a unha mellor xestión, unha diminución de conflitos, ademais de adiantarse a posibles problemas. Ojeda Rivera (2003) di que é preciso coñecer as dinámicas internas dos territorios para non romper os equilibrios entre cultura e natureza, así como non alterar os procesos históricos e culturais que lle deron forma (Jiménez Herrero & Higón Tamarit 2003) e non modificar o conxunto de relacións entre sociedade e medio ambiente.

Se ese territorio se reordena – pola introdución dunha nova figura– sen a conciliación necesaria, é seguro que se perderá a estabilidade sobre a que se construíu a identidade do lugar. Múdanse os marcadores, a imaxe externa e a idea de sentirse

3.3. A construción social do espazo protexido

participe dun proxecto. Isto coñécese tamén como confianza cognitiva, unha conducta compartida de comportamentos, hábitos sociais e significados compartidos sobre un espazo, baseadas en estruturas formais, as cales foron previamente producidas e lexitimadas socialmente. Do mesmo xeito, Selmi & Hirtzel (2007) afirman esa necesidade de entender as relacións da poboación con ese espazo: "*se as zonas destinadas a ser parques, son destinadas a servir á conservación de especies e de espazos ou á conservación da beleza paisaxística, elas débense acomodar aos habitantes locais que, dende hai moito tempo, ao seu modo foron socializando e dando forma a ese medio ambiente segundo as prácticas pasadas e a evidencia o do corte entre cultura e natureza*" (Selmi & Hirtzel 2007, p.10), o que se traduce nunha descompensación entre o que representou e o que pretende representar para os veciños.

Igualmente, asúmese que os espazos protexidos non son lugares illados da vida humana, senón que baixo unha perspectiva social e política, estes "*representan os arranxos institucionais que se crean a través da interacción dos organismos gubernamentais, autoridades de xestión, as organizacións de movemento ambiental, as industrias, o interese veciñal, presións externas e unha variedade doutras relacións*" (Pollock et al. 2008, p.110). Moitas veces, esta construción social non se ten en conta, dando lugar a numerosos conflitos. A poboación local ve como un ataque a súa implantación, se non se levan os procesos participativos amplamente reivindicados no novo paradigma de protección da natureza, que á súa vez é tamén unha das patas do desenvolvemento sostible. Polo tanto, Rakoto Ramiarantsoa & Rodary (2008) indican que para que as figuras de protección teñan sentido como ferramenta de conservación da natureza e sexan viables a longo prazo, teñen que cotar co recoñecemento e aceptación dos diferentes actores locais, quen ademais son os que no día a día teñen un maior contacto co territorio. Igualmente, Fiallo & Jacobson (1995) están de acordo con esa teoría, expondo que se o que se pretende é que se apoie aos espazos protexidos e á súa conservación, hai que entender ben a relación que se dá entre a poboación vivindo dentro ou nas proximidades, e o territorio en cuestión, xa que é esa poboación a que estableceu as regras de uso dos recursos anteriormente, dando lugar á súa propia forma de apropiación do medio (Mancebo 2010).

Así, o territorio resulta ser un produto social (Troitiño, 1995) e unha realidade dinámica que con maior ou menor rapidez, mostra as pulsacións da poboación que o crea. *"Ao entender o espazo como un produto social, é importante considerar que este é un proceso de ida e volta, onde o espazo creado impacta e transforma á súa vez ás persoas e ás súas relacións"* (Durand & Giménez 2010, p.61). E isto quere dicir que non só hai que coñecer esas relacións antes de declarar o espazo protexido, senón que tamén hai que seguir unha avaliación durante o proceso de creación e cando xa está finalizado, pois esas relacións son cambiantes.

■ O territorio como espazo político

Un espazo protexido asentase sobre un territorio habitado, e por iso é preciso abordar o seu significado. Por territorio enténdese un espazo físico dinámico, no que viven persoas con problemas e intereses particulares. Non é so un marco ou decorado sobre o que se desenvolven escenas de vida, senón que e o conxunto dese marco, as persoas e a súa historia, unha construción social resultado de loitas de poder de diferentes actores que actúan en función dos seus intereses (Loninger 2002). *"Os territorios son un lugar socializado na medida na que as súas características físicas e aspectos culturais que lle son atribuídos se combinan nun mesmo sistema"* (Fischer 2011, pp.31-32).

O resultado desas relacións e conflitos, unido a outros elementos como as infraestruturas, recursos, información etc., dá como produto un sentimento de pertenza a este territorio. Foronda et al. (2012) define ese sentido de pertenza territorial como o conxunto de elementos materiais e inmateriais existentes nun lugar, e susceptibles de ser diferenciados ou de actuar como forza de cohesión do mesmo configurando unha identidade. *"As sociedades e os seres humanos teñen a tendencia de delimitar unha área propia, un espazo de pertenza no que desenvolven vínculos de dominio, poder, pertenza e apropiación. Estas porcións de espazo nas que os individuos e as súas agrupacións se recoñecen como tales e son recoñecidas polos demais, constitúen os territorios (...), e o territorio conforma o marco no que se desenvolven os vínculos sociais máis importantes, entre eles, a identidade. Territorio e identidade están entrelazados dado que é a posesión dun espazo propio o que permite a un grupo social evidenciar a súa diferenza dende a construción singular dun espazo e unha forma de existir."* (Durand & Giménez

3.3. A construción social do espazo protexido

2010, p.61). Por iso unha mala implantación pode implicar unha desaparición do concepto de territorio cando se constrúe o espazo protexido.

A identidade refírese ao sentimento de pertenza e ao sistema cultural, neste caso nun territorio. É resultado dun proceso de construción a partir dun atributo cultural, ou conglomerado atributos culturais. Prodúcese unha construción da identidade a partir do territorio que se asenta baixo os eixes do medio físico, da historia e da sociedade despois dun longo proceso. Esta idea é importante, pois debería facernos reflexionar sobre o concepto temporal na construción destas figuras, ou o que é o mesmo, a necesidade de dedicarlle á planificación o tempo suficiente para comprender o que pasa no territorio e como a xente vive nel. A identidade do territorio é unha forma de obxectivación, definido de tal xeito que o singulariza, transformándoo nun obxecto propio e espacial. Pasa a ser un obxecto colectivo sobre o que se pode fundar un interese común, neste caso, a protección dos seus valores a través dunha ferramenta de ordenación.

Cando esa identificación cun territorio é forte, dá como resultado unha maior propensión a participar nos seus procesos políticos, que á súa vez dan lugar á identidade institucional (Diego Liaño & García Codron 2007). Conseguir que esa identidade institucional e a identidade previamente descrita converxan é un factor clave para a apropiación novo ente por parte da poboación local. Ter un sentimento de pertenza a ese territorio fará que os actores se impliquen máis no que nel ocorre. Mesmo se seguirá habendo conflitos e diferentes intereses, dese intercambio sairá unha identidade común.

Cando se introduce un espazo protexido, a visión sobre o territorio e a identidade con respecto ao mesmo varía. Por iso, á hora de planificalos, deben terse en conta todos eses compoñentes do territorio, especialmente o social, que ás veces pasa máis desapercibido. Hai que actuar coa poboación local para que construción física do espazo e construción mental do parque se dean ao mesmo tempo. "*A ordenación do territorio debe volver a asocialas: para xustificar a lexitimidade das súas medidas e dos seus actores, ten que atestar a existencia dun territorio que o funda, afirmar e construír o obxecto da súa intervención*" (Fourny 2008, p.103). E é aquí onde tradicionalmente se falla. A dualidade natureza – sociedade foi algo imposto por unha corrente de pensamento occidental, que vén a desaxustar a construción de natureza que tiñan as poboacións locais, pensando que dende a

administración se resolverían de mellor forma. Aínda que na teoría se fala de sa participación, na realidade non sempre é así e como resultado prodúcese un desaxuste das relacións que deran lugar á identidade do territorio.

Adquirir e participar da construción desa identidade debe conducir á apropiación do territorio. Chámase apropiación "*ao proceso psicolóxico fundamental de acción e intervención sobre o espazo para transformalo e personalízalo (. . .) que se traduce no espazo en relacións de posesión e pertenza*" (Fischer 2011, p.93). É dicir, se a poboación participa na súa construción, aporta as súas visións, formas de vida, experiencias que son diferentes, dá como resultado un espazo diferenciado que é por si mesmo un recurso. "*Considérase como un proceso de transformación dun espazo, a apropiación constitúe una modalidade de cambio caracterizada á vez como proceso conflitivo, (. . .) e un proceso que é máis de orde micro social que macro social (. . .) revélase como un proceso psíquico, que consiste en producir da diversidade (. . .) un espazo que constitúa por el mesmo un recurso*" (Fischer 2011, p.95). Un espazo pasa a ser lugar por esas ideas asociadas ao mesmo, e á súa vez créanse suxeitos locais, por participar na construción dese lugar (Siniscalchi 2007). Apropriarse del implica acceder a un recurso, a un patrimonio, un obxecto con valor (Veschambre, 2008). Esa apropiación do espazo pode ser material (por uso) pero tamén subxectiva: cognitiva (por aprendizaxe), afectiva (sentimento de pertenza) ou estatutaria, que á súa vez se divide en xurídica (recoñecemento legal) ou identitaria (cando os actores se ven recoñecidos nun espazo) (Ripoll 2006). É o segundo tipo o que nos interesa. A apropiación subxectiva é imprescindible para lexitimar a apropiación material, e para iso é necesario acudir á estratexia de marcado identitario do espazo. Isto implica utilizar sinais que lle dean estatus ao espazo onde se producen, e que mostren unha relación entre a poboación e o espazo no que se localizan. Por esta razón Bulot et al. (2006) din que o espazo é un elemento apreendido - de xeito material e simbólico – sometido aos conflitos mencionados ao longo do texto, para apropiarse del. O novo espazo protexido pasará a ser territorio cando iso se produza. "*Moitos territorios vólvense visibles soamente no momento no que constrúen un proxecto. O establecemento dun perímetro, denominación, definición de termos, palabras, expresións caracterizaran o proxecto, a elección dunha estrutura institucional portadora, a elección dun*

3.3. A construción social do espazo protexido

comité de pilotaxe, son tamén etapas polas que o territorio vai vir” (Roux et al. 2003, p.46).

A implantación da nova figura supón un cambio non só no territorio e nas categorías que o definen, senón tamén dende o punto de vista xurídico e político (Beltran & Santamarina 2016). Como di Depraz (2008a) este asume indirectamente un papel político, pois obriga aos actores locais a unha reconstrución do seu espazo político e aos habitantes a ter en conta unha imaxe política común exógena.

Se non se produce un profundo proceso de participación no que a comunicación e xestión da información sexa un dos puntais, o máis probable e que os habitantes dese territorio non incorporen ese elemento institucional “o parque” aos seus valores, senón a algo diferente e superposto á súa vida (Ojeda Rivera 1999a). De tal xeito, acaban percibíndoo como algo imposto co que teñen que convivir, dando lugar claramente á aparición de contestación e conflitos por non percibilo como “propio”. E é neste sentido onde Francia semella telo feito mellor, de tal xeito que Gómez Mendoza (1995) expón que neste país a concienciación sobre que estas figuras de protección (PNR en Francia e parque natural en España) están habitadas é maior ca no noso, atopando o éxito dos mesmos no mantemento do espazo de vida, ademais de dúas das ideas máis mencionadas ao longo do traballo: a concertación e a xestión. O mesmo di De Rojas Martínez-Parets (2006), definíndoo como unha das claves do éxito dos PNR, unha protección acordada contractualmente entre os diferentes actores implicados, ao que Garzón García & Mulero Mendigorri (2004) engaden que é un auténtico proxecto de conservación e desenvolvemento para o territorio no que se establece, feito que tamén resalta Cascos Maraña & Guerra Velasco (1999).

A construción dun espazo protexido supón tamén a construción dunha nova imaxe común cara ao exterior. Así, dende o punto de vista territorial prodúcese unha reestruturación dos marcadores de percepción para a poboación local sobre ese territorio. É dicir, cambia a percepción porque cambian os símbolos e a idea mental que previamente tiñan atribuído a ese espazo por uns novos que veñen de fóra. Comprender iso forma parte do que se entende por unha nova cultura do territorio. *“Só dende o afianzamento dunha nova cultura do territorio (Colegio de xeógrafos & AGE 2006) será posible que a racionalidade ecolóxica gañe parcelas á racionalidade económica. O uso racional dos recursos do noso planeta é a*

mellor garantía para lograr un desenvolvemento equilibrado e socialmente máis xusto, neste contexto a ordenación do territorio e a planificación ambiental son os piares fundamentais para calquera estratexia de desenvolvemento" (Troitiño Vinuesa et al. 2005, p.231).

Non participar nese proceso de construción pode facer que ese cambio na visión da poboación local non sexa paralelo ao cambio estatutario do espazo, e só dándose ao mesmo tempo se conseguirá a aceptación por parte da xente, elemento que é sumamente importante para lograr os obxectivos das políticas medio ambientais (Fiallo & Jacobson 1995).

En resumo, non só é suficiente crear e designar eses instrumentos de xestión, senón que é preciso coñecer en profundidade o territorio sobre o que se asenta, especialmente en canto a actores e intereses. Isto será fundamental para evitar a dicotomía entre “nós” poboación local e o parque “ente político e ferramenta”.

3.4 Retos

A idea de protección da natureza como eixe de desenvolvemento, así como a participación da poboación local son piares sobre os que se asenta o marco teórico, e non somos nós os primeiros en analizar estes conceptos. Numerosos investigadores que vimos citando reiteradamente (Troitiño Vinuesa et al. 2005, Depraz 2008a) teñen estudos sobre o papel destes espazos no desenvolvemento sostible así como a súa función en tanto que ferramenta de ordenación territorial, polo que no parece enriquecedor mostrar os retos que fomos atopando e cremos deberán afrontar os espazos protexidos.

3.4.1. Diferencias entre a teoría e a realidade do desenvolvemento sostible

Un das primeiras críticas que atopamos é a incapacidade de levar a cabo unha verdadeira política de conservación activa e ao mesmo tempo mellorar a calidade de vida da poboación que vive dentro dos espazos protexidos (Troitiño Vinuesa et al. 2005) xa que en numerosas ocasións o eixe ligado ao desenvolvemento sostible non se plasma na realidade, e focalízase a xestión nos aspectos máis

3.4. Retos

naturais: "*a tal medio ambiente outórgaselle un forte protagonismo no discurso correcto, pero un periférico papel real no modelo de desenvolvemento económico, en cuxo núcleo fundamental de crecemento e expansión non ten cabida porque suporía un freo demasiado potente. En función diso, o ambiental colócase nas marxes de tal modelo: por diante, como espazos naturais protexidos emprazados en comarcas periféricas para as que se orquestran eufemísticos desenvolvementos sostibles e, por detrás, como gran e metafórica escoba que barre a contaminación necesaria e inexorablemente ocasionada polo propio crecemento*" (Ojeda Rivera 2006, p.194). Aínda que a teoría semella clara, cando esta é trasladada á realidade e se analiza o resultado, fortes contradicións son apreciadas tanto no discurso como nas políticas de ordenación do territorio, así como tamén entre a territorialidade e a identidade (Fourny 2008). Isto é, danse enormes diferenzas entre o que se di e o que ao final se desenvolve en cada un dos espazos protexidos. Se a nivel científico o concepto destas figuras se viu ampliado e enriquecido polas achegas de diferentes campos, incrementando as súas funcións, na realidade moitas seguen estando guiadas baixo unha visión máis pechada e pouco integración nas políticas de ordenación do territorio (Mulero Mendigorri 2013).

3.4.2. **Carencia ou mal funcionamento dos documentos de xestión**

Fálase de planificación e xestión, pero moitos parques non contan con claras ferramentas de ordenación e xestión dos recursos, e aínda téndoos, a súa funcionalidade é reducida. "*Os instrumentos de ordenación do territorio están tendo dificultades para configurarse como marco de coordinación entre as políticas territoriais, urbanísticas, medioambientais e socioeconómicas e, polo tanto, son escasos os parques nacionais que forman parte de territorios ordenados de forma xerarquizada, coherente e global*" (Troitiño Vinuesa et al. 2005, p.259). Moitas das figuras que contan con ferramentas encamiñadas a coñecer a realidade do territorio e os recursos existentes, non deixan de ser meros textos descritivos nos que se enumeran unha serie de características, tanto naturais como socioculturais, pero carecendo dunha boa análise multidisciplinar do territorio (Casco Maraña & Guerra Velasco 1999). Como din Davoudi et al. (2009) a emerxencia de novos

métodos e enfoques na ordenación do territorio, como a planificación territorial estratéxica, a paisaxe como ferramenta de ordenación ou os espazos protexidos como ámbito predilecto do desenvolvemento e da planificación, fai que haxa que ir máis alá na xestión. Mulero Mendigorri (1999) critica que moitas veces non se fagan os documentos de planificación e ordenación coa profesionalidade que debería, pois habitualmente trátase unicamente de enumerar unha lista de leis e normas a seguir por parte dos que viven dentro, mais non se produce unha planificación e ordenación no significado literal das palabras. A isto engádese que moitas figuras non contan con eses documentos (Troitiño Vinuesa et al. 2005), fanse máis tarde do que é obrigatorio (Vila i Subirós & Pintó i Fusalba 1999) ou non se xestiona en base a eles cando os hai (Mulero Mendigorri 1999), dando lugar aos citados problemas de xestión (Suárez Japón 1999).

3.4.3. Planificación sectorial e non integral

Moitos dos problemas dos espazos protexidos prodúcense por esa falta de ordenación do territorio, porque se enfronta conservación co desenvolvemento, que deriva moitas veces dunha planificación sectorial, cando en realidade debería ser integradora e multidisciplinar (Troitiño Vinuesa et al. 2005). E así, os instrumentos de ordenación e xestión acaban tendo problemas de operatividade, sendo poucos os parques que presentan unha evolución positiva das súas características. Así mesmo, conséntase unha crecente especialización no sector turístico, dando lugar a que moitas veces se preocupen máis polos turistas e deixen de lado á poboación local (Billen et al. 2002). Canto máis se centra neses turistas, menos oportunidades hai para as outras actividades, contribuindo ao que se coñece como museización do territorio. Por iso se afirma que o turismo ten que ser unha opción, pero non a única (Campbell et al. 2008) e, no mesmo sentido, hai que dicir que en numerosas ocasións hai un exceso de afluencia de visitantes en relación coa capacidade de carga do espazo (De Rojas Martínez-Parets 2006) o que á súa vez pode dar lugar a danos nos lugares obxecto de protección.

3.4.4. Non se ten en conta á poboación nin o lado social da protección

En moitas figuras non se tivo en conta á poboación local cando se implantou sobre o territorio, conducindo a un forte rexeitamento por parte dos veciños, e como consecuencia de non participar na elaboración deses plans e/ou non ter información. Iso dá lugar a que ás veces se impoñan normas e se tomen decisións que van en contra do que se quere protexer, e mesmo a establecer figuras baixo unha categoría que en realidade non debería ser tal (De Rojas Martínez-Parets 2006). En moitos países, e diante da necesidade de cumprir con determinados estándares de protección (especialmente os referidos a superficie protexida) deron lugar ao rexurdimento de problemas que se pensaban superados (Davoudi et al. 2009). Así, en numerosos lugares e ante a demanda gubernamental de máis superficie protexida, impuxéronse novos mapas de espazos protexidos saltándose todo ese proceso participativo e de información á poboación local, e por conseguinte, sen analizar a forma de relacionarse deses veciños con ese territorio. Todo iso deu lugar a un incremento da hostilidade e a unha percepción negativa sobre a protección da natureza en xeral, e sobre a figura pola que se ven afectados en particular. Do mesmo xeito, este autor afirma que a aplicación intensiva de criterios burocrático-administrativos ambientalistas sobre territorios rurais veu a afondar nesa problemática. Falando desa concertación e participación, Mancebo (2010) di que mesmo se está fortemente estendida nos textos e valorizada nos discursos, unha vez se analiza a realidade esta non se leva a cabo na mesma medida. Afirma así que os diferentes intereses de actores acaban neutralizando as posibilidades que podería ter o espazo, e Vincent (2007) constata que moitos plans de ordenación e xestión nin sequera fan mención a esa poboación.

Igualmente, a falta de comunicación por parte dos traballadores do parque ou a linguaxe moi técnica tende a afectar negativamente á súa relación cos habitantes (Fiallo & Jacobson 1995), elemento contradictorio cando o que se busca é precisamente integrar o coñecemento local para darlle lexitimidade ao parque (Hirschnitz-Garbers & Stoll-kleemann 2010).

Do mesmo modo, tamén Troitiño Vinuesa (1995) atopa contradicións sobre os criterios utilizados na delimitación e na xestión, onde fronte ao novo paradigma

esgrimido anteriormente, favorécese a conservación pasiva e se infravalorou a realidade social da que falamos anteriormente. Isto conduce ao bloqueo dos espazos protexidos e ao forte rexeitamento por parte da poboación local. Este mesmo autor afirma que "*están sendo vistos coma un obstáculo para o desenvolvemento e non vai resultar nada fácil, salvo que se produzan profundos cambios nos modelos de xestión, convencer aos habitantes do medio rural para que acepten que desenvolvemento e protección son compatibles*" (Troitiño Vinuesa 1995, p.32). Finger-Stich & Ghimire (1997) falan de desapropiación por parte dos veciños, cando estes e a súa relación co territorio non son tidos en conta, e as decisións son tomadas dende o exterior. Compartir as responsabilidades fará que o parque sexa visto como un actor máis (Fischer 2011) e que os habitantes se sintan capaces de aportar solucións e partícipes.

3.4.5. Outros problemas de xestión

Retos importantes aos que teñen que facer fronte os espazos protexidos son tamén aqueles relacionados coa financiación e o diñeiro dispoñible para os presupostos (De Rojas Martínez-Parets 2006), igual que á falla de profesionais e técnicos para xestionalo (Mulero Mendigorri 2013) ou ó seu perfil, que en moitas ocasións están ligados unicamente á conservación tradicional. Por outra banda, Loninger (2002) critica a capacidade de xestionar a longo prazo por parte dalgúns actores, tomando decisións a curto prazo pola falla de diñeiro para crear proxectos pluri-anuais, mentres que Mulero Mendigorri & Garzón García (2005) expoñen a súa crítica sobre a insuficiente lexislación necesaria para acadar o desenvolvemento sostible a través das figuras de protección. Por último, prodúcense críticas contra a falla de integración no territorio e nas redes internacionais de espazos protexidos, así como á cooperación entre as distintas administracións, e moi especialmente á cooperación entre as diferentes tipoloxías de protección que poden afectar a un territorio.

3.5 Conclusións

A modo de resumo e conclusión do capítulo que acabamos de desenvolver pretendemos retratar a conexión entre estas figuras e a súa función como ferramenta de ordenación e de desenvolvemento, a través dos piares sobre os que se asenta o seu discurso, tendo en conta a xestión e a construción social do espazo. A teoría do desenvolvemento sostible e os diferentes eventos que se foron celebrando colocaron ao medio ambiente no centro da mesma, ata o punto no que os espazos protexidos son considerados como ferramentas para acadalo. Mais observamos que desenvolvemento sostible se emprega como un aspecto teórico para captar o apoio da xente, unha estratexia de comunicación, pero que non se leva á práctica na realidade, e cando se dá, afronta numerosas dificultades.

Esa teoría, tanto no desenvolvemento sostible como nos espazos protexidos, establece que o papel da poboación local é fundamental para lograr os obxectivos marcados. Como se observa no espazo dedicado a este tema, a concertación entre parque e veciños é un elemento imprescindible para que o parque logre os seus obxectivos. Se ben é certo que é importante, tamén se precisa dunha boa política de planificación e xestión, como vimos ao longo do capítulo, así como da existencia de documentos nos que se plasmen as accións, obxectivos, estratexias e ferramentas. Así, esta moi estendida a opinión de De Rojas Martínez-Parets (2006) *“a creación dun espazo natural protexido e a entrada en vigor dos correspondentes instrumentos de xestión non bastan para garantir a conservación do territorio ou dos valores que xustificaron a súa designación e, e na práctica, a maior parte dos espazos protexidos teñen que enfrontarse con numerosas tensións que, nos casos máis graves, poden chegar incluso a comprometer seriamente a súa eficacia e viabilidade”* (p.161).

Por último, introdúcese o concepto de territorio construído socialmente como un elemento a incorporar á planificación das figuras de protección. Isto implica unha aproximación máis social ao espazo sobre o que se asentará, preocupándonos polas relacións entre ese territorio e a poboación que o habita, co fin de mellor entender as dinámicas que nel se desenvolven. É quizais esta, a aproximación máis novidosa e menos abordada na xeografía galega, e que consideramos fundamental para o bo funcionamento das figuras de protección, co obxectivo de que a poboación

Capítulo 3. Desenvolvemento sostible e vinculación cos espazos protexidos

local non se vexa desapropiada do seu territorio e as políticas de protección logren os seus obxectivos.



PARTE II

METODOLOXÍA E ÁREAS DE ESTUDO

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



4

Metodoloxía

A formulación metodolóxica da tese comezou pola revisión bibliográfica dos documentos publicados relacionados co marco teórico, principalmente na temática de espazos protexidos, desenvolvemento sostible, planificación territorial e participación da poboación local na toma de decisións. Este proceso viuse especialmente enriquecido coa realización das diferentes estancias no estranxeiro. Primeiro na *Universidade Jèan Jaurès*, en Toulouse, entre os meses de Setembro e Decembro de 2014, e despois na *Universidade de Namibia*, entre Xaneiro e Marzo de 2016. Tanto a primeira como a segunda foron esenciais para obter unha visión máis ampla de cada un dos casos de estudo e o contexto cultural, legislativo e social no que se atopan. De igual xeito, e co fin de completar a análise do traballo cuantitativo e cualitativo, unha última estancia foi realizada entre Decembro de 2017 e Xuño de 2018 na *Universidade de Teherán*.

4.1 O método mixto

Para lograr un maior e máis profundo coñecemento dos obxectivos e cuestións propostas ao longo da tese, empregaremos a combinación de métodos cuantitativos e cualitativos, ou o que tamén se coñece como método mixto. Os primeiros datos obteranse a través de enquisas e darannos unha visión global da percepción da poboación local sobre as cuestións presentadas, mentres que os segundos (a través de entrevistas en profundidade), permitirannos explicar e intentar coñecer e comprender esa visión da poboación local, así como o lugar que ocupan no discurso

dos diferentes actores, co obxectivo de estudar se esa percepción está relacionada coa planificación e xestión dos distintos espazos protexidos.

Consideramos que o mixto é o mellor método pois permítenos:

- Entender mellor a cuestión de estudo, ter datos numéricos pero tamén analizar o porqué deses datos, a raíz das entrevistas realizadas.
- Obter unha visión da poboación local máis ampla.
- Ter datos estatísticos para despois comparalos entre os diferentes parques.
- Cubrir mellor as necesidades dos grupos marxinalizados.

Como se observa na Táboa 4.1, método cualitativo y cuantitativo presentan elementos diferentes:

Mentres no cualitativo a análise da literatura ten pouco peso, no método cuantitativo é moi importante. Así mesmo, o primeiro emprega un menor número de individuos para analizar o problema, mentres que o segundo require de máis participantes. Por outra banda, o método cuantitativo esixe un maior tempo para realizar a recollida de datos, se ben no cualitativo é menor (Creswell 2003). Ademais o tipo de preguntas son diferentes, primeiro son pechadas mentres que no segundo son abertas.

A combinación de ambos dará como resultado o método mixto, e empregándoo inténtanse recoller os aspectos máis positivos de cada un deles, ao mesmo tempo que minimizar os que se poden considerar negativos.

4.1. O método mixto

Tabla 4.1: Métodos cualitativos e cuantitativos

Proceso de investigación	Cualitativos	Cuantitativos
Fin do investigador	Entender o significado que dan individuos a un fenómeno. Indutivo.	Testar unha teoría de xeito dedutivo para aceptala ou rexeitala.
Como se emprega a literatura	Papel menor; xustificar o problema. Preguntas abertas.	Papel maior, xustificar o problema, identificar preguntas e hipótese. Preguntas pechadas.
Como se aborda ese fin	Entender a complexidade dunha soa idea. Palabras e imaxes. Poucos participantes en poucos lugares. Estudando os participantes no seu entorno.	Testar variables específicas que forman a hipótese ou as preguntas. Números. Moitos participantes en moitos sitios. Enviando ou dando instrumentos aos participantes.
Como se analizan os datos	Análise de texto ou imaxes. Temas, patróns maiores ou xeneralizacións.	Análise estatístico numérico. Rexeitar hipóteses ou determinar tamaño dos efectos.
Papel do investigador	Identifica postura persoal. Informa dos rumbos.	Nun segundo plano. Toma medidas para eliminar os rumbos.
Como se validan os datos	Empregando procedementos de validez que dependen dos participantes, o investigador ou o lector.	Empregando procedementos de validez baseados en estándares externos, como xuíces, investigacións pasadas, estatísticas.

Fonte: Adaptado de Creswell (2003)

De feito, son moitos os investigadores que salientan tanto os aspectos positivos como os que critican os negativos de cada un deles. O método cuantitativo é defendido por moitos autores, pois "*unha pequena enquisa sobre unha mostra limitada pero ben constituída pode aportar coñecementos moi finos sobre un tema preciso. Estamos entón relativamente cerca, dende o punto de vista da talla da poboación estudada, dos estudos experimentais realizados en ciencias biomédicas, en epidemioloxía ou en psicoloxía, recaendo nunha certa medida, sobre un número de suxeitos restrinxidos*" (Lebaron 2006, p.38). Mais dende a ciencia xeográfica, tamén houbo grandes críticas á aproximación cuantitativa polo seu acercamento matemático e ao seu escaso arrimo ás problemáticas sociais e territoriais. "*As demostracións matemáticas teñen valor absoluto no tempo e no espazo, pero o espazo xeográfico e os feitos xeográficos en xeral son concretos, históricos e relativos, porque aparecen sempre subordinados ao tempo e ao espazo. Por iso, dificilmente admiten análises abstractos como os que realizan os economistas, os físicos e os matemáticos*" (Higueras Arnal 2003, p.220). Por iso, a escolla do método cuantitativo permitirá facer unha comparación entre os diferentes casos de estudo, mentres que o cualitativo (a través da realización de entrevistas) permitirá aproximarse ao porqué deses resultados. Utilizando ambos procedementos búscase coñecer en profundidade a lóxica deses espazos protexidos.

No caso de estudo de Namibia, debido ás complicacións e dificultades no terreo, así como para optimizar os recursos, as enquisas foron substituídas por entrevistas informais. Foron numerosos os atrancos para realizar as primeiras, partindo da dispersión da poboación, as dificultades para ler en inglés (mesmo se é lingua oficial, a poboación fala e lee principalmente na lingua local chamada Lozi, ao igual que noutras linguas Bantús), o que levou a un cambio de estratexia para acadar os mesmos obxectivos. Por iso que a recollida de datos tivo que ser modificada unha vez máis, pasando a transcribir *in situ* o que os entrevistados respondían, para o que foi imprescindible a colaboración dun tradutor local.

Para acadar os obxectivos a través desta metodoloxía empregouse unha estratexia de triangulación (Figura 4.1) :

1. Para o caso galego e francés, decantámonos por unha estratexia de triangulación, e dicir, a etapa cuantitativa e cualitativa lévanse a cabo ao mesmo

4.1. O método mixto

tempo (etapa de investigación), sen que unha inflúa na outra, uníndose ambos na fase de interpretación. Os datos cuantitativos e cualitativos contan coa mesma importancia. Entre os elementos positivos está precisar menos tempo, mentres que os problemas poden aparecer cando haxa datos que se saian do estándar, o cal pode solucionarse dando orientacións para investigacións futuras. No caso de Francia e Galicia, a recollida de datos fíxose na mesma etapa de investigación, mais non no mesmo tempo.

2. En Namibia a estratexia foi a mesma, coa diferenza de que en lugar de empregar enquisas, o que se realizou foron entrevistas informais para obter a información, e simultaneamente tamén entrevistas en profundidade.




Figura 4.1: Estratexia

Empregar este tipo de metodoloxía permítenos aproveitar os elementos máis positivos dos métodos cualitativos e cuantitativos, reducindo as limitacións de ambos.

4.1.1. Saídas de campo

Nos tres casos de estudo, e unha vez analizada a bibliografía fíxose unha pequena incursión no terreo para ter o primeiro contacto co espazo protexido, coas

dinámicas do territorio, así como para planificar como se levaría acabo a recollida de datos. Nos tres casos, acódeuse á oficina do parque para facer unha presentación de quen é o investigador, que vai facer, e preguntar pola súa dispoñibilidade para participar no estudo. Esta primeira aproximación tivo lugar:

1. No *Parc Naturel Régional* des Causses du Quercy, entre o 27 de outubro e o 3 de novembro de 2014.
2. No Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, entre o 12 e o 16 de maio de 2015.
3. Na *Conservancy* de Salambala, entre o 8 e o 15 de febreiro de 2016.

Especialmente relevante foi a primeira saída e interacción co espazo protexido, xa que axudou a reorientar algunha das cuestións que se propoñían nas enquisas, así como a introducir algúns ítem que pasaran desapercibidos ata entrar en contacto co terreo. Do mesmo xeito, propiciaron o coñecemento de persoas que serían entrevistadas na fase cualitativa, así como información sobre eventos, historia e contactos que foron moi útiles ao longo do traballo.

4.2 Enquisas

Coas enquisas buscamos coñecer a percepción dos habitantes. É por iso que tanto as enquisas que se realizaron en Galicia como en Francia tiveron como primeira condición a premisa de que a poboación que participase neles debía habitar dentro do seu perímetro. Unha vez asegurado isto, buscouse a maior representatividade posible, tanto xeográfica como socialmente. Na práctica iso tradúcese en varios feitos: por un lado, divídese cada parque en tres grupos de municipios co fin de asegurar que toda a poboación teña posibilidades de ser escollida como suxeito a participar na enquisa. Por outra banda, búscase gardar a representatividade en canto a xénero (número aproximado de homes e de mulleres) así como no referente á idade. Todos os grupos de idade están representados (mozos, adultos e vellos).

En canto ao número de enquisas, buscamos que a mostra tivese a suficiente representatividade, para o que se empregou a fórmula proporcionada para o cálculo de mostras en poboacións finitas. En función da poboación total e do índice de

4.2. Enquisas

confianza que se desexa necesitarase un tamaño X da mostra, que á súa vez repercutirá no erro acadado. Neste caso o índice de confianza que se marca é do 95 %. "*En socioloxía, normalmente considérase que unha análise é satisfactorio cando o nivel de confianza que lle é asociado sobrepasa o 90 ou 95 %. Por debaixo, hai o risco de que sexa demasiado incerto. Por encima, será máis certo pero pode que demasiado amplo*" (Martin & De François 2012, p.39). O erro que se busca é o menor posible, por iso nos estudos sociolóxicos se intenta chegar ás 300 enquisas (número considerado mínimo dentro de unha poboación infinita). Como a nosa poboación non é infinita, e dados os recursos dispoñibles, fixemos as seguintes enquisas¹:

- Causes du Quercy: 91
- Baixa Limia – Serra do Xurés: 75
- Salambala: Non se realizaron enquisas.

Este cálculo – mostra sobre a poboación – pode facerse directamente a través dunha ventá virtual, aínda que o feito de alcanzar esa cifra non implica que estea ben feita. "*O interese dunha mostra non se pode xulgar de maneira intrínseca, en función das súas soas propiedades estatísticas pero en función da súa adecuación a unha problemática ou unha serie de interrogacións precisas. Mesmo o criterio de representatividade non é un ideal*" (Martin & De François 2012, p.26). Por iso consideramos preciso aclarar o número de participantes.

As enquisas foron realizadas en diferentes partes do territorio:

- No caso do PNR Causes du Quercy os ámbitos de delimitación que se utilizaron foron os *arrondissement*, terceiro nivel administrativo despois da rexión e o departamento no estado galo. Neste caso a rexión é Midi-Pyrénées, o departamento do Lot, e os *arrondissement* son 3 (Cahors, Figeac e Gourdon). No Anexo A.31 móstrase un mapa dos *arrondissement*s e na Figura 5.7 os pobos nos que se realizaron.
- Na Baixa Limia – Serra do Xurés a delimitación xeográfica establécese utilizando como base o concello. É por iso que as enquisas neste parque

¹No Quercy desbotamos 8 e no Xurés 6, por estar incompletas

se fixeron atendendo a seis divisións administrativas que se poden ver na Figura 5.1, divididos en tres grupos de dous municipios: Entrimo e Lobios, Muíños e Calvos de Randín, e Bande e Lobeira.

- No caso de Salambala a delimitación é máis complexa á par que a metodoloxía empregada foi diferente. Ante a imposibilidade de facer enquisas á poboación local, estas foron substituídas por entrevistas informais, que foron realizadas en dúas áreas concretas. A primeira delas entre a sede da Conservancy e o único establecemento turístico privado que hai no parque, en Ngoma, e a segunda nos arredores de Bukale, por ser un núcleo con maior poboación, e por actuar como centro de servizos. Ambas áreas permitían obter moita información empregando menos tempo e evitando exporse aos perigos da fauna salvaxe (Ngoma e Bukale). Pódese ver a súa localización na Figura 5.13.

As enquisas á súa vez poden dividirse en dous apartados ben diferenciados. O primeiro, referente aos datos dos enquisados, e un segundo que busca analizar o seu coñecemento sobre espazo protexido. Este bloque pode dividirse, ao mesmo tempo, en outros dous.

1. Percepción de que están nun espazo protexido e como é a súa actitude cara el e os efectos no seu día a día e no territorio.
2. Percepción sobre o seu papel na toma de decisións do espazo protexido e con respecto á súa xestión.

As preguntas son de dous tipos:

Por un lado pechadas, podendo responder con un si, non, non sabe (un dos elementos característicos do método cuantitativo), mais unha das preguntas é aberta (xa que é interesante ver as respostas da mostra completa). As preguntas pechadas son máis fáciles de codificar, pero as abertas poden darnos información moi valiosa para entender o porqué dalgunhas das outras respostas.

Co segundo tipo de preguntas búscase saber en que grao a poboación esta de acordo ou en desacordo coas afirmacións que se mencionan. Tamén empregamos a técnica de Likert, onde cada enquisado dará unha puntuación do 1 ao 5 en función

4.3. Entrevistas

da opinión que teña sobre as mesmas, sendo 1 nada de acordo e 5 moi de acordo. Ghiglione & Matalon (1998) din que este tipo de preguntas son moi interesantes, pois obrigan á persoa á que se lle fai a enquisa a posicionarse. Nos Anexos A.32 e A.33 pódese ver o modelo en galego.

En primeiro lugar realizáronse os cuestionarios no *Parc Natural Régional Caus-ses du Quercy*, no departamento do Lot, en Francia (entre novembro e decembro de 2014) e un ano despois, nas mesmas datas, foron realizadas no Parque da Baixa Limia – Serra do Xurés. Entre febreiro e marzo de 2016 fixéronse as entrevistas informais en Namibia.

4.3 Entrevistas

Para completar a obtención de datos realizáronse as entrevistas. Estas foron de dous tipos: informais, e semidirixidas en profundidade. Onde máis re realizaron foi en Namibia, para compensar a carencia de enquisas. No Anexo A.1 móstrase o código de cada entrevistado e o tipo de actor que é. En Salambala realizáronse en febreiro de 2016, no Xurés en novembro de 2016 e no Quercy en marzo de 2017.

- Caus-ses du Quercy: 14
- Baixa Limia – Serra do Xurés: 13
- Salambala: 22

4.3.1. Entrevistas informais

Como se menciona anteriormente, o traballo de campo realizado en Salambala obrigounos a modificar a metodoloxía orixinal de traballo.

As entrevistas informais tiveron lugar nos lugares citados, seleccionando suxeitos aleatorios e que mostrasen disposición a interactuar co investigador. Moitos deles rexeitaban a posibilidade de seren gravados, o cal dificultou a recollida de datos. Unha vez conversamos, recolleuse a información obtida nun pequeno caderno, intentando ser o máis fiel posible á transcripción da información obtida, sendo a súa duración e estrutura foi moi variable. A través de preguntas sinxelas

intentando ser o máis fiel posible aos tres bloques que nos interesaban, como no seguinte exemplo:

- Que lle vén á mente cando digo Salambala ou como recorda Salambala antes? Para coñecer a súa percepción sobre os efectos da protección.
- Participa na xestión? Para abordar a súa implicación con Salambala.
- Sabe onde está Salambala? Para saber se o asocian ao lugar no que están e as primeiras ideas que lles veñen á mente.

Estas son as preguntas orixinais, sufrindo modificacións segundo o entrevistado. Se por exemplo a persoa traballaba no sector turístico, introducíase unha pregunta gancho relacionada co mesmo para que se sentise máis comfortable, xa que a utilización deste tipo de preguntas é recomendada para crear un certo clima de confianza (Berthier 2006).

4.3.2. Entrevistas semidirixidas en profundidade

As entrevistas en profundidade son unha excelente forma de coñecer polo miúdo a visión ou percepción do entrevistado sobre un determinado tema. Como elemento negativo implican dispoñer dunha maior cantidade de tempo, tanto para a súa realización como para a transcripción e análise, pois non seguen unha estrutura marcada.

Dentro dos diferentes modelos de entrevista que hai, decantámonos polas entrevistas semidirixidas. Dado o entorno no que se desenvolvían, podían ser máis “ríxidas que as informais” pero non tanto como para facer unha “pregunta-resposta”. Así, tamén se emprega menos tempo que nunha que sexa totalmente libre, pois o entrevistador pode guíala. Ademais, como o investigador non ten un esquema estrito que seguir e o discurso do entrevistado non tende a ser lineal, pode reorientarse a entrevista cara aos aspectos que máis lle interesan, elemento importante xa se fixeron en tres linguas diferentes, permitiéndonos guiar os temas cando nos saíamos do contexto.

A entrevista en profundidade constou de varios bloques.

1. A relación co espazo protexido.

4.4. Análise de datos

2. Os obxectivos.
3. Participación da poboación na planificación e xestión.
4. Como mudaron as cousas dende que se protexeu.

Deste xeito, os grandes bloques veñen en certa media, a responder aos bloques dos cuestionarios, intentando guiar aos entrevistados co obxectivo de obter información para entendelos mellor.

4.4 Análise de datos

Para analizar os datos obtidos a través das enquisas e aqueles que resultaron da realización de entrevistas, empregamos R², un entorno de linguaxe e programación enfocado na xestión, manipulación, visualización e análise estatístico (Elosua 2011). R foi creado en 1993 por Robert Gentleman e Ross Ihaka no Departamento de Estatística da Universidade de Auckland (Nova Zelandia). Sendo unha ferramenta especialmente innovadora na análise de texto, e máis especialmente no marco das ciencias sociais.

As vantaxes da súa utilización son as seguintes:

- Linguaxe de fonte aberta.
- Compatible con plataforma cruzada.
- Relacionase con outros idiomas.
- Admite extensións.
- Flexible.
- Saídas gráficas máis completas ca outros programas.
- Hai unha ampla comunidade de usuarios.

²Empregouse a versión 3.4.0 (R Core Team R 2017)

Como se observa na listaxe anterior, as vantaxes son múltiples, o que facilita a análise de grandes cantidades de datos, sendo unha das ferramentas máis empregadas nas ciencias naturais, como o biomédica ou a física. Destaca sobre todo por ser unha fonte de linguaxe aberta distribuído baixo a licencia GNU, (General Public Licence) e por poder relacionarse con outras linguaxes. Estas características fan que o número de bibliotecas ou paquetes que os usuarios crean para se vaian engadindo aos xa existentes, aumentando as posibilidades tanto de xestión, coma análise ou saídas gráficas.

A análise realizada a través desta ferramenta foi de dous tipos, por unha banda empregamos a estatística descritiva para estudar os datos das enquisas, e por outro, a análise de texto para as entrevistas realizadas en cadanseu espazo protexido.

4.4.1. Análise descritiva

O primeiro que realizamos é unha análise descritiva dos datos das enquisas, co fin de mostrar de xeito ordenado a información obtida, agrupando por variables. Así intentaremos coñecer a percepción da poboación local sobre cada parque, analizando cada unha das preguntas realizadas nas enquisas. “ *A estatística descritiva é unha parte importante da estatística que se dedica a analizar e representar os datos. A súa finalidade é obter información, analizala, elaborala e simplificala o necesario para que poida ser interpretada cómoda e rapidamente, e polo tanto, poida empregarse eficazmente para o que se desexe*” (Contreras García et al. 2010, p.79).

En cada parque o que nos interesa é a visión global, par iso calcularemos a porcentaxe de poboación que emite cada unha das opinións. Por iso resumimos os resultados de forma efectiva, para conseguir coñecer a percepción da poboación. A análise faise atendendo a cada un dos parques, mais tamén por variables como grupos de idade, xénero, lugar de nacemento e residencia, estudos, situación laboral e sector de traballo. Analizar os diferentes grupos axudaranos a coñecer en maior detalle a relación de cada grupo de actores co espazo, un elemento fundamental segundo o noso marco teórico. Así mesmo, aportará datos sobre como participan na planificación e xestión, e como afecta ás diferentes actividades, dous dos obxectivos

4.4. Análise de datos

da tese. Por iso, as gráficas de barras serán a saída gráfica escollida, permitíndonos resumir esa información de xeito eficiente.

As librarías empregadas son as seguintes:

- *openxlsx*: emprégase para abrir, editar e escribir en documentos de Excel así como importalos en R, (Walker & Braglia 2017). Versión 4.0.17.
- *tidyer*: emprégase para ordenar e dar o formato requerido para a visualización e análise da información coa que se vai traballar. Detecta a falta de datos, fai grupos dándolle valores, divide columnas, etc. (Wickham 2017). Versión 0.8.0.
- *dplyr*: emprégase para facer unha primeira aproximación aos datos, manipularlos e resumilos. Contén as ferramentas básicas para explorar os datos, como por exemplo, seleccionar por valores, agrupar segundo unha propiedade, engadir novas variables, etc. (Wickham et al. 2018a). Versión 0.7.16.
- *ggplot2*: emprégase para a realización de gráficas, ofrecendo numerosas saídas gráficas de alta calidade. Pódese falar del como unha gramática por capas (Wickham et al. 2018b). Versión 3.0.0.
- *likert*: basease en *ggplot2*, emprégase para visualizar datos cualitativos. É a forma máis empregada para analizar se as respostas de likert se poden empregar cuantitativamente en lugar de xeito cualitativo (Bryer & Speerschneider 2016). Versión 1.3.5.
- *treemap*: librería que se utiliza para crear gráficas representando datos xerarquizados dentro dun espazo limitado, podendo representar máis dunha variable en cada unha delas (Tennekes 2017). Versión 2.4-2.

4.4.2. Análise de texto

Tradicionalmente empregouse a estadística para traballar con bases de datos e valores numéricos, pero a minería de texto permítenos estudar os datos cualitativos dunha forma cuantitativa, o que será un apoio fundamental para a análise de texto estándar. É unha ferramenta cada vez máis empregada, se ben é certo que se

leva facendo dende hai décadas, o incremento de páxinas web, datos na rede, etc, fixeron que fose gañando máis popularidade co fin de analizalos e explorarlos (Fay 2018). “A minería de textos é un campo interdisciplinario de actividades entre a minaría de datos, lingüística, estatística computación e informática. As técnicas estandarizadas son clasificacións de texto, agrupamento de texto, ontoloxía e creación de taxonomía, resumo de documentos e análise de corpus latentes” (Feinerer et al. 2008, p.1). As palabras, e máis concretamente os textos, foron empregados durante centos de anos para contar á historia, e máis alá do significado das palabras empregadas, hai información que non é tan visible. Por iso estas técnicas permiten unha aproximación diferente aos mesmos e como di Justicia de la Torre (2017) engadir valor ao que os propios documentos din, como a análise de sentimentos e ou a frecuencia de termos máis empregados.

R, a través da librería *tidytext* permítenos facer as operacións para realizar a análise. O primeiro paso para poder traballar coas entrevistas e analizalas é telas nunha mesma lingua. Como o galego aínda non está operativo para o programa, decidiuse traducir a información dos tres casos ao castelán. Unha vez temos os documentos coas entrevistas dos tres parques ou corpus, (nome que recibe o documento no que se inclúen as entrevistas dos tres parques), o primeiro que se fai é *tokenizar* o texto. Transfórmase o documento base, composto por palabras, en *tokens*, unidade de traballo. Fase necesaria para poder analizar posteriormente os datos.

Para optimizar os resultados é dado o elevado número de palabras, o que se fai é agrupalas por familias morfolóxicas. Así mesmo, elimínanse outras categorías como preposicións, artigos ou conxuncións, pois non aportan información valiosa para o estudo.

Unha vez chegamos aquí, podemos proceder á análise de texto coa axuda das seguintes librerías.

- *tm*: presenta os elementos necesarios para importar os arquivos de texto en R (Feinerer et al. 2017). Versión 0.7-3.
- *tidytext*: ferramenta para a minería de texto que permite traballar co corpus do texto, calcular frecuencias de palabras e convertilas en *tokens*. Tamén se

4.4. Análise de datos

emprega para realizar a análise sentimental (De Queiroz et al. 2018). Versión 0.1.8.

- *stringr*: permite a manipulación de caracteres, traballar en cadea, para realizar tarefas como buscar palabras e ver onde se localizan no texto, punto que empregaremos para estudar onde se localizan os termos máis empregados (Wickham & RStudio 2018) Versión 1.3.1.
- *quanteda*: permítenos realizar estatísticas sobre o texto, como contar palabras, frases, atopar palabras clave e ver onde se localizan. Tamén permite segmentar por frases, parágrafos, eliminar as palabras como artigos e preposicións, ou agrupalas por familias morfolóxicas (Benoit et al. 2018b). Versión 1.2.0.
- *readtext*: permite traballar con texto almacenado en diferentes formatos como Pdf, Word ou Zip (Benoit et al. 2018a). Versión 0.71.
- *igraph*: permite simplificar algoritmos e realizar gráficas máis sinxelas cando o volume de datos é elevado, como tende a suceder en R, e facer análise de rede (Gabor 2018). Versión 1.2.1.
- *ggraph*: é unha ampliación de *ggplot2* que nos permite elaborar novas figuras, especialmente útiles para a visualización en rede (Lin Pedersen 2018). Versión 1.0.1.
- *worldcloud*: permite visualizar a frecuencia de palabras empregadas outorgándolle maior tamaño as máis repetidas e comparar entre diferentes documentos, en forma das coñecidas nubes de palabras (Fellows 2018). Versión 2.6.

Con estas ferramentas faremos as análises que mostramos a continuación. É fundamental coñecer a frecuencia das diferentes palabras ou *tokens* e saber onde se localizan e como se relacionan entre si. Isto axudaranos a coñecer sobre que conceptos se crea o discurso de protección en cada un dos parques, e se crea unha identidade asociada aos mesmos, dous dos obxectivos marcados, así como atopar o porqué dos datos obtidos nas enquisas.

- *Tokens*

O primeiro que nos interesa coñecer é as palabras máis frecuentes no conxunto dos tres espazos protexidos. Para iso analizaremos os 20 termos que máis se repiten, e ao mesmo tempo, onde se localizan. É unha análise fundamental, pois permítenos coñecer os termos máis empregados no discurso e unha primeira aproximación ao mesmo.

- Nube de palabras

A nube de palabras permítenos ver os termos máis frecuentes en cada un dos parques, polo que é unha análise de datos relativa, xa que a base son os tres documentos dos tres espazos protexidos. Coñecido tamén como árbore de palabras (Boone et al. 2014), represéntase con cada cor, os termos máis frecuentes no texto, variando o seu tamaño en función de dita frecuencia. A maior frecuencia, maior tamaño. Igual que o punto anterior, axudaranos a observar sobre que termos (e ideas) se asenta o discurso da protección en cada un dos parques, así como a comparalos. É moi interesante, pois permítenos ir orientando a análise tradicional das entrevistas.

- Mapa de relacións

Os *tokens* poden analizarse de xeito individual como no caso anterior, ou en combinación de dous, tres, etc. O mapa de relacións basease na análise da combinación de dous *tokens*, mostrándonos a asociación entre hai entre dous termos. O resultado gráfico é unha figura onde aparecen os *tokens* máis frecuentes e con cales están unidos. É outra parte fundamental da análise de texto, pois permítenos ver relacións entre diferentes termos e ideas.

- Dispersión léxica

O último elemento que empregaremos será o índice de frecuencias léxico, ao igual que os anteriores, relativo. A través do marco teórico foron aparecendo termos que polo seu significado mostran unha maior ou menor proximidade á teoría dos espazos protexidos. Analizar con que frecuencia se empregan e onde, en cada parque, axudaranos a ter unha visión global de como se distribúen ao longo de cada

4.4. Análise de datos

discurso (Jockers 2014), se son moi ou pouco frecuentes en tódolos discursos, ou se pola contra hai unha maior concentración en determinados entrevistados. Unha vez máis, as entrevistas semidirixidas dificultan a comparación entre os diferentes espazos protexidos, pois non hai o mesmo número de preguntas nin no mesmo punto en tódolos casos.

As palabras analizadas son:

1. Axudas 2. Actividades 3. Subvención 4. Apoio 5. Concello 6. Comunidade 7. Goberno 8. Estado 9. Colaboración 10. Coherencia 11. Concertación 12. Estratexia 13. Conservación 14. Protección 15. Protexer 16. Preservación 17. Discurso 18. Propiedade 19. Tempo 20. Historia 21. Economía 22. Agricultura 23. Turismo 24. Gandería 25. Explicar 26. Proxecto 27. Identidade 28. Sentir 29. Natural 30. Conservancy 31. Rural 32. Comarca 33. Ordenación 34. Ferramenta 35. Contrato 36. Obxectivos 37. Poder 38. Animal 39. Políticos 40. Falta 41. Patrimonio 42. Beneficios 43. Diñeiro 44. Fauna 45. Paisaxe 46. Dereitos 47. Tradicións 48. Tradicional 49. Poboación 50. Xestión 51. Parque 52. Actores 53. Poboación local 54. Crecemento 55. Ingresos 56. Desenvolvemento sostible 57. Participación 58. Plan 59. Territorio 60. Apropiación 61. Colaboración 62. Información 63. Educación 64. Prohibir 65. Restricións 66. Lexislación 67. Presuposto 68. Analizar

Ver a súa frecuencia e como se distribúen axudaranos a coñecer canta proximidade hai entre o discurso teórico e real, así como as ideas sobre as que se asentán os mesmos.

■ Análise tradicional

As entrevistas foron tamén analizadas de xeito tradicional. Farase especial fincapé nos termos próximos ao marco teórico, así como palabras que mostren pertenza ou apropiación do espazo, que impliquen beneficios ou xestión conxunta dos recursos. Estas non se analizarán de forma illada, senón que se atenderá ao seu contexto dentro do discurso da persoa que fala, así como máis especificamente dentro da frase que se está a dicir.

Por último, tempos que dicir que a utilización de entrevistas semidirixidas tiña aspectos positivos, pero tamén ten certas limitacións na análise. Ao non ter todas elas a mesma estrutura, dificulta a comparación de algúns datos, como a dispersión lexica.



5

Presentación das áreas de estudo

5.1 **Baixa Limia - Serra do Xurés**

Ano de declaración : 1993

Superficie: 29.700 hectáreas

Poboación: 700 habitantes

Denominación: Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés

Categoría UICN: V

5.1.1. **Localización**

O parque natural da Baixa – Limia Serra do Xurés atópase situado no noroeste de España, ao sur da Comunidade autónoma de Galiza e máis concretamente no suroeste da provincia de Ourense, dentro da comarca da Baixa – Limia (Figura 5.1). Está composto por seis concellos: Entrimo, Lobios, Muíños, Calvos de Randín, Lobeira e Bande (os tres últimos, incorporados no 2009).

Na súa parte sur limita coa fronteira portuguesa e co Parque Nacional de Peneda Gerês. Conxuntamente forman a coñecida como Reserva da Biosfera Gerês – Xurés, e presenta, dentro da mesma, outras figuras de protección pertencentes á Rede Natura 2000 (Figura 5.2). Parte do seu territorio forma o que historicamente se coñece como a *Raia Seca*, polo feito de ser a continuación da fronteira que delimita o Miño no seu camiño cara a desembocadura entre A Guarda e Crecente, e que fai fronteira entre Galiza e Portugal.




Figura 5.1: Localización do parque natural Baixa Limia - Serra do Xurés




Figura 5.2: Figuras de protección na Baixa Limia Serra do Xurés

5.1. Baixa Limia - Serra do Xurés

Trátase dun espazo poboado dende hai milleiros de anos, sendo un dos territorios máis ricos en vestixios megalíticos do noroeste peninsular, e máis concretamente de Galiza, dos que as numerosas mámoas son un claro exemplo. Tamén conta con valiosos restos da época romana, sendo o elemento máis salientábel a calzada romana que unía Braga e Astorga, atopándose moi preto do campamento de *Aquis Querquennis* (Cabalar Fuentes 2013). Hai igualmente un patrimonio relixioso, entre igrexas e capelas, así como varias minas de Volframio vencelladas á Segunda Guerra Mundial.

Outro elemento característico son as augas termais, conferíndolle fama internacional, a Portela do Home (antiga fronteira entre Portugal e Galicia), o patrimonio ligado ao Couto Mixto (coñecido como a Andorra Galega) ou o Camiño privilexiado, zona de especial xurisdición entre Portugal e Galicia (Trillo-Santamaría & Paül 2014).

5.1.2. Medio natural

A paisaxe predominante é típica de montaña media (Figuras 5.6 e 5.5), con vales onde se leva a cabo a actividade agraria, localizándose o monte arbustivo e bosque nas zonas máis altas. Así, a poboación concéntrase en pequenos núcleos nas áreas máis baixas, quedando tradicionalmente os espazos máis elevados para o pastoreo e a produción de toxo para a cama do gando.

O Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, presenta, como xa o seu propio nome indica, dúas áreas ben diferenciadas: por unha banda temos a Serra do Xurés con altitudes que superan os 1.500 m en varios puntos (Figura 5.4), formada por materiais graníticos fracturados en bloques que foron levantados e sometidos a un forte proceso de erosión que hoxe en día é visible. Pola outra, están as zonas menos elevadas e máis planas, polas que discorren ríos tan importantes como o Limia ou o Salas, seguindo a liña de falla que atravesa o parque de norte a sur.

O clima é atlántico de transición ao mediterráneo. Presenta precipitacións abundantes durante todo o ano, habendo un período máis seco na estación de verán, sendo en inverno as precipitacións en forma de neve frecuentes. Deste xeito, e segundo a súa exposición ás inclemencias meteorolóxicas poden oscilar entre os 600 e os 1600 mm. Pola contra, as temperaturas medias non son moi elevadas (10

graos) cunhas mínimas invernais que acadan frecuentemente valores negativos e máximas que poden superar os 35 graos en verán, sendo a oscilación térmica anual moi acusada.

O feito de que se sitúe nunha zona de transición entre a rexión atlántica e a mediterránea, fai que teña unha gran variedade de flora e fauna, acadándose uns valores de representación de entre o 35 e o 45 % do total da península. Entre a fauna destacan máis de 200 tipos de vertebrados, entre os que hai que salientar 27 especies de aves protexidas pola Unión Europea. Dos mamíferos destacan o lobo, o raposo, o xabaril, o gato montés ou a londra, habendo tamén cabalos salvaxes e unha raza de vaca autóctona coñecida como cachena (Figura 5.3). Recentemente leváronse acabo reintroduccións de diferentes especies como a cabra montesa (que fora cazada ata a extinción) e a aguiá real. Entre a flora destacan os castiñeiros, carballos, xestas, carqueixas así como vexetación de ribeira. As plantacións de piñeiros están a gañar terreo, converténdose nun grave problema medioambiental, pois favorecen a proliferación de incendios.

O río máis importante é o río Limia, atravesando o parque de nordeste a suroeste, para despois verter as súas augas no Atlántico portugués. Así mesmo, o seu caudal alimenta o encoro de Lindoso, coñecido pola forte oposición veciñal no seu día á súa construción, habendo outro no norte do parque, o encoro de Salas.

5.1.3. Medio social

Os municipios que albergan o parque, que se dividen en 21 parroquias, teñen unha poboación total de 7.554 habitantes en 2017, aínda que só ao redor de 700 viven dentro dos límites do mesmo. Os datos que recollidos nas estatísticas oficiais no Instituto Galego de Estatística (IGE)¹ non teñen en conta os límites do parque, polo que a partires de agora referirémonos aos municipios que conforman a súa área de influencia socioeconómica (aqueles que teñen parte do seu territorio dentro dos límites do parque). Dende 1999 o conxunto de municipios perderon máis de 3.000 habitantes, sendo este declive cada vez maior. Así, se Galiza perdeu dende 1991 o 0,3 % da súa poboación, no conxunto de municipios do parque as cifras

¹https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201001001

5.1. Baixa Limia - Serra do Xurés

acadan o 43,1 %, sendo esa porcentaxe incluso maior en municipios coma Calvos de Randín (60 %) ou Lobios (45 %). As maiores taxas de natalidade son de 4 nacementos por cada 1000 habitantes, mentres que a taxa de mortalidade supera as 20 mortes por cada 1000 habitantes no mesmo ano (2016), sendo a máis baixa a de Entrimo cun 19,44 por mil (Instituto Galego Estatística 2018). Se analizamos os grupos idade, observamos un forte avellentamento da poboación, pois en 2017 e segundo os datos do IGE, o 53,1 % da poboación ten máis de 60 anos, mentres que o 40,9 % da poboación tiña entre os 20 e 59. Como resultado, tan só o 6 % dos habitantes teñen menos de 20 anos, cifra que é case tres veces inferior á media galega (15,8 %) que xa é de por si baixa. Estas cifras tamén son moi superiores á media no grupo de idade de maiores de 60 anos, xa que en Galiza representan o 31 %, tendo os datos máis alarmantes en Entrimo, Calvos de Randín e Lobeira, onde a poboación de maior idade supera o 50 % do total.

Como resultado dese avellentamento, tódolos municipios excepto Entrimo (19,7 por mil) superan o 20 por mil en taxa de mortalidade, mentres que ningún chega ao 4 por mil na de natalidade (o que máis ten é Entrimo, co 3,2 por mil), o que confirmar esa tendencia regresiva da poboación en 2016.

Os habitantes do parque teñen unha gran dependencia do sector primario (tanto gandeira, como da agricultura e do sector forestal). O sector servizos é importante tamén, habendo un gran número de establecementos turísticos nos concellos que o integran (aínda que non dentro do parque). De tódolos xeitos, a maioría da xente que traballa no sector terciario leva a cabo a actividade fóra dos límites do parque. Sen dúbida, destaca tamén a porcentaxe de poboación xubilada, pois é o efecto máis visible do avellentamento citado, xa que máis do 45 % da poboación atópase en idade de xubilación.

Os datos presentados para os municipios do parque mostran unha maior dependencia do sector primario ca no resto de Galicia, segundo o Censo de 2011, xa que preto de 12 de cada 100 traballadores fano nese sector. Así mesmo, tamén hai unha maior porcentaxe de persoas no sector secundario ca no resto de Galicia, aínda que a diferenza é tan só dun punto (24,4 fronte ao 25,4 %). Pola contra, a porcentaxe de poboación empregada no sector terciario é menor, pois acumula o 62,9 % do total, fronte ao 68,3 % do resto de Galicia. Hai que dicir, unha vez máis, que estes datos fan referencia ao conxunto dos municipios, e non só ao territorio

que forma parte estritamente do parque, polo que se asume que as porcentaxes difiren.

Ningunha cabeceira municipal está dentro do parque, mais entre os diferentes núcleos de poboación destaca Olelas, por ser a que mellor conserva a estrutura tradicional, así como por contar con dúas explotacións de vaca cachena, unha raza autóctona do parque. Dentro da área de influencia socioeconómica, os núcleos de poboación máis importantes e con máis servizos son Bande, Lobios e Muíños, que ademais son os que presentan un maior número de habitantes.



Figura 5.3: Vaca de raza Cachena no Xurés

5.1. Baixa Limia - Serra do Xurés



Figura 5.4: Paisaxe de Olelas



Figura 5.5: Sebes tradicionais



Figura 5.6: Aldea en Muíños

5.2 Causses du Quercy

Ano de declaración: 1998

Superficie: 185.500 hectáreas

Poboación: 32084 habitantes

Denominación: Parc Naturel régional des Causses du Quercy

Categoría UICN: 5

5.2.1. Localización

O parque natural rexional Causses du Quercy está situado no departamento francés do Lot, na rexión de Mydi - Pyrennées – Languedoc- Rouisillon. Á súa vez sitúase a uns 100 kms ao norte de Toulouse, capital rexional e a curta distancia das cidades de Cahors, Figeac e Brives, limitando ao sur co Departamento de Tarn-et-Garone e ao sureste co departamento de Aveyron (Figura 5.7).

O espazo protexido está formado por 95 municipios, dos cales 3 foron incorporados no ano 2008. Administrativamente forma parte de 3 *arrondissements*² diferentes: o de Cahors, o de Figeac e o Brives.

Atópase atravesado pola autoestrada A20 que une Toulouse co centro do país e pola liña de tren que vai de Toulouse a París, ademais doutra liña de tren que conecta Brives e Figeac. Ten unha superficie de 185.500 hectáreas e a poboación é de 32.084 habitantes en 2015.

O Parc Naturel Régional des Causses du Quercy ten un gran valor paisaxístico e cultural. Dende un rico patrimonio xeomorfolóxico no que destaca o complexo cárstico da Gouffre de Padirac, a un vasto patrimonio etnográfico, que vai dende as casas tradicionais (perfectamente conservadas) á paisaxe tradicional de sebes. Importantes son tamén as pinturas rupestres das numerosas covas como a de Pech Merle, unha das cales foi empregada como símbolo do parque.

Sen dúbida o elemento máis recoñecible a nivel internacional é Rocamadour, unha pequena vila escavada na montaña dedicada a San Amador (Rocamadour = Rocha de Amador), na que hai un complexo relixioso de enorme valor (Figura

²División administrativa francesa, nivel intermedio entre concello e departamento. Estes á súa vez forman as Rexións, que é o equivalente ás comunidades autónomas en España.




Figura 5.7: Localización das Causses du Quercy

5.2. Causses du Quercy




Figura 5.8: Figuras de protección das Causses du Quercy

5.11). A este lugar desvíanse anualmente milleiros de peregrinos mentres realizan o Camiño de Santiago, que pasa tamén polo parque. Ao igual que a Baixa Limia – Serra do Xurés, parte do seu territorio está clasificado como Rede Natura 2000, así como Reserva da Biosfera e, dende 2017, xeoparque (Figura 5.8).

5.2.2. Medio natural

A paisaxe predominante é resultado dunha forte actividade agrícola e gandeira (Figura 5.10). Os elementos máis característicos da paisaxe son as sebes de pedra que dividen o parcelario. Destacan tamén os bosques caducifolios nos espazos menos aptos para a agricultura, ben sexa pola pendente, pola calidade do solo, ou por ambas. A gran diferenza fai que se distingan catro unidades paisaxísticas, das cales as máis evidentes son os fondos de val e os promontorios calizos, ocupando o 70 % do territorio, sendo as outras o Quercy branco, o Limargue e o Terrefort (Parc Naturel Régional des Causses du Quercy 2012).

As Causses du Quercy están compostas por diferentes superficies atravesadas por profundos canóns escavados ao longo do tempo pola rede fluvial en dirección este- oeste, sendo formas planas as dominantes. Asociadas a ese tipo de materiais aparecen grutas, dolinas, estalactitas e outras morfoloxías tipicamente calcáreas, así como paleokarst.

A rede fluvial é moi importante, encargada de erosionar as rochas calcáreas e configurar esa paisaxe tan característica. Entre os principais cursos atopamos os ríos Lot e Dordogne. Menos visible, pero igual de importante é a inmensa rede fluvial subterránea, tendo na Goufre de Padirac o elemento máis espectacular de todos, unha gruta de máis de 100 metros de profundidade que é a porta de entrada a unha das covas máis grandes de Europa (Figura 5.12).

O clima é mediterráneo de interior, con temperatura media ao redor dos 12.5 graos. As temperaturas mínimas poden roldar os 2 graos en inverno e as máximas superar os 30 en verán, sendo a oscilación térmica ampla, tendo en conta que a distancia ao mar é destacable. Por outro lado, as precipitacións totais son de entre 650 mm e 950 mm, repartíndose ao longo de todo o ano, aínda que algo maiores en outono e inverno, onde poden ser incluso en forma de neve.

5.2. Causses du Quercy

A vexetación está composta por especies de tipo mediterráneo como a aciñeira, moi adaptada ás características do chan, así como a vexetación de ribeira no fondo dos vales (freixos, bidueiros, ameneiros, etc.). Nos espazos máis antropizados destaca a *pelousse*, pasto formado por herbáceas das que se alimentan os numerosos rabaños de ovellas e vacas e que é un dos elementos que lle confiren maior identidade. Entre a fauna destacan os invertebrados, con máis de 400 especies diferentes, sendo numerosos os peixes, réptiles, aves e mamíferos. Destes últimos contabilízanse 68 especies, entre as que destaca o raposo, o gato montés ou a londra.

5.2.3. Medio social

A poboación aumentou paulatinamente dende 1990, pasando de 25.401 habitantes a 30.264 en 2008, o que supuxo un incremento do 19 % (mentres que no departamento o aumento foi do 10,4 %). En 2015 contabilizábase unha poboación de 32.084 habitantes (INSSE 2018) e as proxeccións do propio parque falan de que se poderían acadar os 35.400 en 2030. Como explica o plan do parque, este incremento débese á chegada de persoas doutros territorios, especialmente de xubilados, tanto de dentro como de fóra de Francia, dándose ese maior incremento nas zonas próximas a Cahors e Figeac (máis alá dos límites do parque). A densidade é de 16 habitantes por km² (sendo en Francia 113) e o 85 % é poboación rural. Se analizamos a poboación por franxas de idade, o grupo de menores de 20 anos representa o 19,1 % da poboación, mentres que o de maiores de 60 acada o 33,8 % do total. Así, o grupo máis numeroso é o de adultos (20 – 59 anos) co 47,1 %. Unha estrutura similar á do conxunto do departamento, pois nel os menores de 20 anos representan o 20,2 % da poboación, os maiores de 60 o 31,8 % e os que teñen entre 20 e 59 anos o 48 % en 2016³.

A poboación distribúese en 95 concellos, cinco máis que cando se constituíu o parque orixinalmente (inicialmente eran 102, pero houbo fusións). Os municipios máis poboados son Gramat no norte, e Lalbenque ao sur, aínda que importantes son tamén polos servizos que alí se localizan, La Bastide – Murat (onde está a

³Tódolos datos foron obtidos a través da páxina do INSEE <https://www.insee.fr/fr/statistiques>

sede do parque) e Cajarc. A taxa de natalidade era do 7 por mil en 2016, e a de mortalidade do 13 por mil, sendo a primeira tres décimas máis baixa que a do departamento (7,3 por mil) e a de mortalidade tamén é dúas décimas máis baixa (13,1 por mil). Como resultado, temos un saldo vexetativo negativo (- 5,9%), moi similar ao do departamento, aínda que o crecemento real, como se viu no parágrafo anterior, é positivo polo aporte de poboación inmigrante (Parc Naturel Régional des Causses du Quercy 2010).

No 2008 o 16,4% da poboación traballaba no sector primario, o 20% no secundario e o 63,6% no terciario. Os últimos datos publicados (2014) falan dun 69,9% da poboación traballando no sector terciario, o 21,9% no sector secundario e o 8,68% no sector primario. Calvignac, Ginouillac, Quissac, Esclauzels, Cours, Cremps e Promilhanes son os que teñen máis do 90% da súa poboación traballando no sector terciario. Unha cifra importante, aínda que hai que ter en conta que son concellos pouco poboados, e pequenos valores absolutos representan unha porcentaxe moi alta. Do mesmo xeito, nos seguintes concellos supérase o 50% de poboación traballando no sector secundario: Sénailac – Lauzères, Saint – Simon, Bouziès, Soucirac, Issepts, Puyjourdes. Dato que tamén é sorprendente. Por último, e analizando os traballadores que realizan a súa actividade profesional no sector primario, atopamos oito concellos nos que esta actividade da traballo a máis do 35% da poboación: Durbans, Lentillac-Du-Causse, Sabadel-Lauzères, Calès, Saint – Chels, Couzou, Marcilhac-Sur-Célé e Lugagnac. Como se pode observar, trátase dun parque formado por concellos de perfil moi diferente (no Anexo A.30 pódese ver un mapa dos concellos).

Atendendo aos datos máis actuais, derivados do Plan de xestión do Quercy, temos que destacar a importancia das explotacións gandeiras, principalmente de ovino e bovino, aínda que tamén son importantes as de gando caprino e avícola. Precisamente esta última é unha das que máis recoñecemento acada, pois hai unha elevada produción de *Foie Gras*. O turismo é un elemento fundamental no espazo, derivado da riqueza paisaxística, cultural e natural, contando con numerosos recursos de recoñecemento internacional (Figura 5.9), como xa foron citados anteriormente. Por iso hai unha gran variedade de establecementos turísticos que van dende cámpings a casas rurais, hoteis e pensións.

5.2. Causses du Quercy



Figura 5.9: Saint-Cirq-Lapopie



Figura 5.10: Montfaucon



Figura 5.11: Rocamadour



Figura 5.12: Cova de Padirac

5.3 Salambala

Ano: 1998

Superficie: 930 km²

Poboación: 8.553 habitantes

Denominación: Salambala Conservancy

Categoría UICN: Non consta

5.3.1. Localización

Salambala atópase situado no nordeste de Namibia, na rexión chamada Zambezi (anteriormente coñecida como Caprivi). Esta rexión é unha das menos desenvolvidas do país, tanto en ingresos por persoa como en infraestruturas. Como se pode observar na Figura 5.13, a delimitación das fronteiras recorda a esa imaxe de 1889, onde África era repartida con escuadra e cartabón. Isto significa que a delimitación non seguiu ningún tipo de esquema físico ou social, cos problemas que iso orixinou e orixina⁴.

Salambala atópase na zona leste da rexión. Limita ao sur e sueste co Río Chobe, que aquí si fai de fronteira natural (e política) coa República de Botsuana, limitando tamén co Parque Nacional de Chobe, pertencente ao país veciño.

Atópase atravesada pola estrada nacional que une Windhoek – capital de Namibia – con Katima Mulilo – capital da rexión – e que continúa, cruzando Botsuana e Zimbabwe, ata as cataratas Victoria. É importante destacar da súa localización a presenza do paso fronteirizo de Ngoma, onde ademais se atopa a sede da *Conservancy*. Este feito dálle un valor xeostratéxico incalculable, tanto a nivel rexional como internacional.

Por último, ao igual que os outros dous casos estudo, forma parte doutras figura de protección. Salambala está no centro da reserva transfronteiriza coñecida como KAZA (Kavango – Zambezi), formada por diferentes espazos protexidos pertencentes a Angola, Zambia, Namibia, Botsuana e Cimbabue (Figura 5.14).

⁴A finais dos 90 produciuse un levantamento militar en Zambezi (antigo Caprivi) que demandaba a independencia de Namibia (Massó Guijarro 2009)

Capítulo 5. Presentación das áreas de estudo




Figura 5.13: Localización de Salambala




Figura 5.14: Figuras de protección de Salambala

Entre os valores máis importantes a destacar están as diferentes especies de animais a protexer, como os elefantes, leóns, leopardos ou hipopótamos.

5.3.2. Medio natural

A paisaxe de Salambala é moi diversa. A predominante é unha mestura de sabana con árbores dispersos (queimada anualmente dende hai centos de anos para manter os pastos dos que se alimenta o gando) e de espazos que pasan gran parte do ano mergullados pola crecida do río Chobe, especialmente na época de choivas, ademais dos espazos cultivados. En canto á xeoloxía, está composta por rochas de tipo sedimentario, que fan que a característica máis importante deste espazo sexa a o seu relevo chan. Predominan os depósitos do Kalahari (diferentes bandas de areas) que o modelado fluvial foi erosionando. O elemento principal da rede fluvial é o río Chobe, afluente do Zambezi, cun caudal moi variable en función das precipitacións (Figura 5.18).

O clima é tipicamente intertropical con dúas estacións claramente diferenciadas: unha chuviosa entre os meses xaneiro e abril (onde se acumula o 65% do total) e outra seca entre os meses de maio e decembro. As precipitacións medias roldan os 632 mm., aínda que o total é moi variable en función do ano, sendo os episodios de seca cada vez máis numerosos e prolongados.

A temperatura media rolda os 20 graos, sendo a máxima media de 29 e a mínima media de 15. Os meses máis cálidos son setembro e outubro, con 35 graos de media, e ao estar localizado dentro do espazo intertropical non sofre unha gran variación térmica.

Salambala, situado nun dos *hotpots* de maior biodiversidade do planeta, permite atopar un gran número de especies animais e vexetais. Entre os animais que se poden atopar encóntranse leóns, elefantes (Figura 5.17), xirafas, cebras, hipopótamos, crocodilos, búfalos, kudus, leopardos ou etlands. De feito, só falta o rinoceronte (pretenden reintroducilo nun futuro próximo) para contar cos *Big Five* da fauna africana. Tamén destaca pola gran variedade de aves que habitan esta rexión, podendo verse facilmente especies como a aguia pescadora (símbolo do país), o martín pescador, diferentes especies de garza, etc. Tamén hai serpes como a mamba negra, lagartos xigantes ou pangolíns.

Por último, entre a vexetación destacan diferentes especies herbáceas que forman a típica paisaxe de sabana, acompañadas de acacias de diferentes alturas, palmas e baobabs.

5.3.3. Medio social

A poboación do espazo protexido é de 8.553 persoas (2016), distribuídas nun total de 91 aldeas (Figura 5.16). As máis grandes, actuando como unha especie de “centros de servizos” son Bukalo, ao norte, e Ngoma, no sur, onde se atopa a sede física da *Conservancy* así como o paso fronteirizo con Botsuana. O espazo presenta unha maior densidade de poboación que a media do país, pois Salambala ten 9,5 hab/km² fronte aos 3,3 hab/km² de Namibia. Ante a ausencia de datos fiables, empregamos as estatísticas da rexión (Zambezi) para dar unha imaxe aproximada do que é Salambala. A media de idade sitúase nos vinte anos e a taxa de mortalidade é bastante elevada (12 por mil), tendo en conta que o virus do VIH ten unha gran incidencia no espazo protexido. Os menores de 15 anos representan o 39 % da poboación, mentres que os maiores de 60 tan só representan o 5 %. Así, o grupo máis numeroso é a poboación que vai dos 15 aos 59 anos, supoñendo o 56 % do total (Namibia Statistics Agency 2017b). Polo tanto atopámonos diante dun caso de estudo bastante diferente aos anteriores demograficamente falando. A taxa de natalidade é do 35 por mil. O 71 % da poboación vive no rural (Namibia Statistics Agency 2017a), como dicíamos no conxunto da rexión, mais unha vez feitas as saídas de campo, pódese afirmar que máis do 90 % da poboación da *Conservancy* vive no rural.

O grupo étnico predominante é o Lozi e dOs 8.553 habitantes que vive en Salambala, non todas forman parte da Comunidade, xa que para ser da mesma, toda persoa ten que cumprir unha serie de requisitos como son pertencer a unha determinada familia ou levar un determinados número de anos vivindo alí. Esta poboación divídese en pequenas comunidades dirixidas por un/unha xefe/a tribal, que a día de hoxe ostenta gran poder económico e social, pasando tódalas decisións referentes á aldea polas súas mans.

Hai que indicar unha vez máis, a falta de datos con respecto a distribución por ramas de actividade. Segundo o Anuario Intercensal de 2016, o 8 % da poboación

5.3. Salambala

da rexión vive da agricultura (era o 26 % en 2011), mentres que o 57 % era asalariado non relacionado coa agricultura. Presenta unha agricultura fundamentalmente de subsistencia, onde os cultivos (principalmente de millo) así como o gando vacún e caprino forman a base sobre a que se sustentan. A caza ilegal desapareceu a raíz da protección, mentres que a pesca (no río Chobe) segue sendo posible durante unha parte do ano. O turismo foi gañando importancia dende que se protexeu, tendo un camping con espazo para 8 tendas e un establecemento turístico con vinte casas (Figura 5.16), permitindo diversificar a economía. O turismo está focalizado na caza, safaris fotográficos e, nos últimos tempos no turismo ornitolóxico. Por último, temos que dicir que Salambala vese moi favorecida por estar ao lado do Parque Nacional de Chobe (un dos máis importantes de Botsuana) e a 100 kms das Cataratas Vitoria (un dos puntos máis visitados do continente).



Figura 5.15: Casa tradicional



Figura 5.16: Establecemento turístico Camp Chobe



Figura 5.17: Elefante pastando

5.3. Salambala



Figura 5.18: Pescador no Río Chobe



PARTE III

RESULTADOS E DISCUSIÓN

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



6

Análise de resultados

Ao longo do marco teórico vese que as tendencias das novas políticas de protección da natureza, e dos espazos protexidos en particular, van encamiñadas a reconciliarse coa poboación que neles habita. Inténtase compatibilizar a mellora da súa calidade de vida xunto coa protección do territorio no que viven. Numerosas promesas que son feitas polos xestores e administracións a diferentes niveis e actores, pero como percibiremos ao analizar as enquisas, ás veces o cumprimento dos obxectivos e a forma na que se xestiona non son iguais na teoría e na realidade. Todo isto dá lugar a aparición de visións críticas cos espazos protexidos e o xeito no que se gobernan, como xa se viu na literatura e se confirmará cos datos recollidos.

Neste capítulo móstranse os resultados do traballo de campo realizado nos tres espazos protexidos, tanto cuantitativo como cualitativo. As enquisas realizadas en España e Francia, e as entrevistas levadas a cabo nos tres países, permiten comparar os aspectos máis significativos e chegar a entender as claves do éxito e fracaso dos mesmos.

Para obter unha visión máis completa e comprensible de cada un deles, analizaranse primeiro as enquisas e despois as entrevistas, nas cales cada parque será abordado individualmente para logo comparar os resultados. A través da análise intentarase coñecer como ve a poboación local o espazo protexido no que habita e as diferencias entre cada país, e así mesmo e a través das entrevistas, coñecer o porqué deses datos.

6.1 Enquisas

Como se menciona no marco teórico, canto maior e máis profundo sexa o coñecemento sobre os diferentes actores do territorio, máis efectivas serán as estratexias que se leven a cabo para implantar e xestionar o espazo protexido. Co obxectivo de entender a percepción que a poboación local ten sobre cada un deles, analizaremos as enquisas, obtendo unha imaxe xeral de cada un dos casos analizados e resaltando os aspectos máis interesantes das respostas tanto de Galiza coma de Francia, pois como xa foi explicado na metodoloxía, no caso namibio a realización de enquisas non foi posible. Para simplificar a análise móstranse os resultados globais de cada parque, máis nos Anexos A.2 - A.25 pódense ver as porcentaxes desglosadas atendendo aos grupos mencionados na metodoloxía.

O primeiro grupo de preguntas que analizamos serán cuestións moi amplas, como por exemplo se sabe se viven dentro dunha figura de protección ou non. Parécenos importante contar con esta visión inicial, para ir máis adiante contextualizando o resto de respostas:




Figura 6.1: Vive no parque

- O primeiro que nos interesa coñecer é se a poboación que vive dentro do espazo protexido é consciente de tal feito, xa que nos parece que é unha cuestión moi interesante e que poderá ser relacionada coa xestión, e sobre todo cos procesos participativos. No Xurés, como se aprecia na Figura 6.1, o 80% das persoas responderon afirmativamente, cifra que é superior no Quercy, onde nove de cada dez habitantes din saber que residen dentro dos

6.1. Enquisas

límites do parque. Polo tanto, o grao de coñecemento é maior no caso francés ca no galego.




Figura 6.2: Tipo de protección

- Tamén é importante saber se coñecen o tipo de figura que afecta ao territorio, pois como dixemos no marco teórico, os obxectivos e estratexias varían segundo a súa tipoloxía. No Xurés o 44 % (55 % se só se ten en conta a poboación que dixo si na pregunta anterior) responde parque natural, mentres que o 14 % menciona Reserva da Biosfera ou Rede Natura 2000. Pola contra, un 6 % responde parque nacional, categoría que non existe nese espazo. No Quercy a porcentaxe de poboación que responde PNR é do 50 %, dez puntos máis que no Xurés (se só analizamos os que din saber que viven nun espazo protexido a porcentaxe sobe ao 70 %). O 11 % responde parque nacional, que como no Xurés, é unha categoría que non está presente no territorio, polo que o grao de coñecemento da figura de estudo tamén é maior en Francia que en Galiza (Figura 6.2).
- Preciso é tamén saber se a poboación que vive no parque traballa dentro do mesmo, pois pode axudarnos a entender preguntas posteriores. No Xurés dous de cada cinco habitantes din traballar dentro dos límites do mesmo, mentres que outros tantos (40 %) din traballar fóra. En Francia o 33 % da xente di traballar e vivir dentro do parque, mentres que tres de cada cinco persoas (59 %) desenvolve a súa actividade laboral fóra das Causses du Quercy (Figura 6.3).




Figura 6.3: Relación coa figura

- O coñecemento da presenza dun elemento como é o símbolo é interesante de analizar. A identificación con eles e a representación elixida pode incidir na percepción do parque, así como na apropiación da poboación. En Galiza o 23 % da poboación do parque do Xurés afirma coñecer o símbolo, fronte ao 65 % que o non. No Quercy o 44 % dos habitantes declara coñecer a súa existencia, mentres que unha de cada dúas persoas afirman non sabelo (Figura 6.3).

Como se pode observar nas respostas, e máis polo miúdo nos anexos, o maior grao de coñecemento acádase no parque do Quercy, sendo menor no Xurés.

Se preguntamos sobre as razóns polas que se declararon parques, e cal era a súa opinión, as respostas tamén son diferentes (Figura 6.4):

- O 38 % dos residentes no Xurés considera que sabe as razóns polas que se protexeu este espazo natural, fronte ao 31 % que di non sabelo. En Francia, o 38 % dos enquisados tamén saben porqué se protexeu, mentres que o 27 % di o contrario, sendo as porcentaxes moi semellantes.
- Cando se declarou o parque a maioría da poboación do Xurés tiña unha opinión neutral (41 %) ou estaba en contra (39 %) e tan só o 20 % apoiaba a declaración. No Quercy a metade dos veciños tamén tiña unha opinión neutral e as opinións a favor e en contra alcanzaban en ambos casos o 26 %, implicando polo tanto unha forte división. Vese que no Xurés a opinión era máis negativa xa de partida.

6.1. Enquisas




Figura 6.4: Actitude ante o parque

- Se a pregunta se fai referíndose á opinión de hoxe en día, vemos un aumento daquelas respostas favorables, multiplicándose por máis de dous (do 20 % pasa ao 45 %) no Xurés. Na mesma medida diminúe o dato de xente neutral (do 41 % ao 19 %), mentres que a poboación en contra mantense en valores similares (36 % fronte ao 38 % inicial), aínda que acentuándose as negativas, pois as opinións “totalmente en desacordo” dentro do bloque con opinión negativa superan o 50 %, cando inicialmente apenas representaban o 10 % do total. En Francia hai un descenso espectacular das opinións negativas, e como se observa, do 26 % inicial baixa ao 5 % actual. Este valor é extremadamente baixo, indicando que menos de unha de cada dez persoas está en contra. Así mesmo, baixa o número de persoas que se mostran neutrais (do 47 % ao 13 %) e como resultado, as opinións favorables pasaron do ser o 26 % ao 81 %. Deste xeito, supón multiplicar por tres a poboación que ve positiva a existencia do parque.

Con estes resultados, podemos dicir que se ben ámbolos parques parten dunha situación semellante en canto a coñecemento das razóns polas que se protexeron así como opinións iniciais, as respostas difiren moito se se pregunta pola actitude actual. Aínda que en ámbolos dous hai máis xente a favor cando se declarou, no Xurés a porcentaxe de xente en contra mantense en valores similares (e altos).

- Se se pregunta sobre se a protección do parque ten efectos positivos para os habitantes, a resposta máis repetida é non. O 41 % da poboación do Xurés di que non, mentres que o 33 % deles afirma o contrario. Pola contra, no Quercy o 41 % mostrase neutral, fronte ao 34 % que di ter beneficios e o 24 % que non os aprecia, vendo que as diferencias entre un e outro non son moi acentuadas. Son porcentaxes similares, aínda que máis positivos para o Quercy (Figura 6.3). Se o que analizamos é os beneficios en sectores concretos, as respostas tamén nos deixan ver algunhas diferencias interesantes (Figura 6.5):




Figura 6.5: Opinións sobre os efectos

6.1. Enquisas

- **Agricultura:** o 49 % dos habitantes do Xurés pensa que non tivo efectos positivos para o sector agrícola, o que vén a supor a metade da poboación, e tan só o 13 % opina o contrario nunha actividade primordial no modelado da súa paisaxe e nos valores a protexer. No Quercy o 43 % dos seus habitantes pensa que a agricultura se viu beneficiada trala implantación do PNR mentres que o 33 % móstrase en desacordo coa idea.
- **Sector forestal:** o sector forestal é moi importante no Xurés, de aí que para nós sexa necesario saber que opinan os habitantes. A maioría ve efectos positivos, pois segundo o 43 % dos habitantes, esta actividade mellorou dende a implantación do parque, mentres que o 16 % pensa que afectou negativamente. No caso do Quercy, o 51 % dos veciños pensan que o PNR tivo efectos positivos sobre o monte, aínda que unha porcentaxe relativamente elevada (29 %) opina que non os tivo.
- **Gandería:** a gandería é outro dos piares do modelado da paisaxe, especialmente no Xurés, onde o 45 % da poboación ve efectos negativos dende a declaración do parque. Pola contra, tan só un 17 % deles aprecia efectos positivos, cifra preocupante, xa que o que se protexe é un espazo rural, onde a actividade ten e tivo gran importancia. A percepción é moi diferente no Quercy, onde a maioría dos habitantes aprecia efectos positivos (47 %), lugar onde hai unha forte presenza de explotacións gandeiras, e onde tamén é unha actividade de profunda pegada.
- **Caza:** no Xurés, a maioría da poboación (48 %) aprecia efectos positivos, e ben podería ser polo aumento do número de animais ou pola nova regulación. Destaca tamén a porcentaxe dos que pensan que non afectou, co 38 %. Pola súa banda, no Quercy a opinión máis estendida é que non tivo efectos, e un de cada dous habitantes mostra unha opinión neutral sobre o tema. Pola contra, entre os que a teñen positiva (21 %) ou negativa (31 %), gañan os últimos, sendo o primeiro punto no que a opinión do Xurés é máis positiva ca no Quercy.
- **Turismo:** quizais sexa o turismo a actividade que pode ser máis percibida no día a día dos habitantes. Ademais, é un sector polémico onde os haxa, pois

é habitual o discurso que enfronta habitantes – visitantes e espazo vivido – espazo recreativo. No Xurés é un sector que unifica a opinión da poboación dos diferentes municipios do parque, pois o 78 % dos habitantes pensa que trala súa implantación o turismo saíu beneficiado e tan só un 4 % pensa o contrario. En Francia, o 84 % pensa que crear o parque supuxo un impulso para o turismo e tan só o 1 % di que tivo efectos negativos.

- **Ciencia:** a maioría da poboación ten unha opinión neutral sobre os efectos do parque nos valores científicos. Certamente, é un concepto difícil de cuantificar e dos menos coñecidos e visibles. Así, o 17 % da poboación responde que non tivo efectos positivos, mentres o 16 % di que si os tivo. Seis de cada sete persoas no Quercy pensan que non houbo efectos nin positivos nin negativos e dos que non se mostran neutrais, o 29 % aprecia que si tivo consecuencias favorables para a ciencia mentres que o 8 % pensa o contrario.
- **Educación:** ao igual que no caso anterior, a opinión maioritaria é neutral. No Xurés o 61 % da xente así se manifesta, mentres que outro 23 % pensa que non hai beneficios fronte ao 16 % que di velos. No Quercy o 28 % pensa que tivo beneficios, sendo a opinión maioritaria neutral (63 %).
- **Industria:** preguntar sobre este sector pode parecer inoportuno dentro dun espazo protexido, pero como ben se sabe, hai moitos tipos de industria e non ten porque estar asociada a grandes compañías ou complexos. No Xurés o 71 % da poboación ve efectos negativos fronte ao 3 % que os ve positivos. Esta porcentaxe é doada de entender porque non hai ningún núcleo de poboación grande dentro do parque. No Quercy o 62 % dos habitantes pensa que non favoreceu a industria, mentres que o 13 % si pensa que tivo efectos positivos, podendo atopar exemplos na industria artesanal que aínda sobrevive no parque.
- **Infraestruturas:** a protección acordada en cada un dos parques debería ir ligada á creación ou mellora das infraestruturas existentes. Ao igual que as anteriores preguntas, estas porcentaxes poderán entenderse mellor coas entrevistas, pois saber en que se inviste axúdanos a ter unha visión máis

6.1. Enquisas

profunda do parque. No Xurés a opinión dominante é que si houbo efectos positivos (39 %) fronte ao 25 % que non o ve así. O 38 % dos habitantes do Quercy pensa que tivo efectos positivos, aínda que a maior porcentaxe (40 %) móstrase neutral.

- **Proxección:** vender un territorio e que a poboación que vive fóra do mesmo o coñeza, é un elemento fundamental. *A priori*, podería pensarse que tan só a nivel turístico, mais tamén é relevante para o resto de actividades. No Xurés o 64 % dos habitantes pensa que houbo efectos positivos na promoción. Pola contra, o 25 % móstrase neutral e o 12 % que tivo efectos negativos. No Quercy, o 90 % dos habitantes afirman que dende que o parque é parque a proxección do mesmo aumentou. Tan só o 1 % pensa que non, polo que se pode dicir que hai unanimidade sobre esta cuestión e a capacidade do Quercy para proxectarse fóra do mesmo.
- **Flora e fauna:** ao igual que a pregunta referente ao turismo, a opinión sobre a parte máis “natural” é moi interesante. Tódolos parques teñen como un dos seus obxectivos a protección da vida salvaxe, aínda que en función da súa categoría, esta ten maior ou menor prioridade. Ver cal é a que ten sobre o papel e a que perciben os veciños resulta moi interesante. Sete de cada dez veciños do Xurés pensan que fauna e flora víronse beneficiados pola existencia do parque e tan só o 14 % opina que non. Pola contra, o 83 % dos habitantes do Quercy pensa que o parque implica unha mellora das condicións da flora e da fauna, mentres que unha cifra case insignificante de xente (3 %) pensa o contrario.
- **Ingresos:** pode ser esta a pregunta cun perfil máis “económico” de tódalas que levamos ata o momento. Ligar ingresos e parque é unha idea quizais non tan evidente, pero é un elemento interesante. No Xurés a maioría da poboación (43 %) pensa que non tivo efectos, mentres que o 35 % da poboación afirma que tivo efectos negativos e tan só o 22 % considera que o parque axudou a aumentalos. No Quercy, a maioría da xente pensa que implicou un aumento dos ingresos para os seus habitantes (58 %), sendo o 11 % da poboación a que pensa o contrario.

- Postos de traballo: para rematar con este bloque preguntamos sobre a influencia no emprego. Importante é non tan só pola cifra de traballadores, senón polo que implica no resto de preguntas (a maior número de traballadores, maior crecemento en actividades, ingresos, etc.). No Xurés, un de cada dous habitantes móstrase neutral, mentres que pola contra, o 39 % dos veciños di que implicou unha perda de postos de traballo. En Francia, un de cada dous habitantes opina que si aumentaron as oportunidades de traballo (47 %) mentres que tan só o 16 % opina o contrario.

Como se pode observar, as porcentaxes de respostas positivas son maiores no Quercy que no Xurés, pois no primeiro caso a opción “efectos negativos” nunca é a máis respondida. Tan só cando se pregunta sobre caza e infraestruturas, a opinión positiva é maior no Xurés que no Quercy. Para rematar, no Xurés a negativa é a opción máis repetida cando se pregunta sobre os efectos na gandería, agricultura, ingresos, postos de traballos e industria, dato a ter en conta para o análise das entrevistas, e que nos vai mostrando uns beneficios máis transversais no caso francés ca no galego.

Se importante é coñecer como repercute nos sectores económicos e outras actividades, interesante é tamén coñecer como foi o proceso de planificación e xestión, así como o acceso á información.




Figura 6.6: Planificación

- Saber se os habitantes coñecen a existencia dos plans de xestión é importante, pois é aí onde se marcan os obxectivos e estratexias. O 39 % da poboación do Xurés di saber que existe, fronte ao 13 % que di que non hai, e o 48 %

6.1. Enquisas

que expresa que non o sabe. No Quercy, o 57 % dos enquisados di coñecer a existencia do documento, o 3 % di non existe e o 40 % di non sabelo. O coñecemento é pois, 20 puntos superior en Francia ca en Galiza (Figura 6.6).

- Como se viu no marco teórico, unha das ideas centrais desta investigación é a necesidade de involucrar á poboación na xestión do espazo protexido. Así, no Xurés tan só o 9 % da poboación afirma ter participado en actividades relacionadas coa implantación do parque e o 65 % afirma con rotundidade que non tomou partida. No Quercy o 16 % dos habitantes di ter participado nesas actividades fronte ao 67 % que responde non. As cifras son baixas en ámbolos casos, aínda que en Francia os datos positivos dobran aos galegos, algo que nos parece esencial para entender a percepción (Figura 6.6).

E como estas dúas son cuestión xerais da participación, procedemos a analizar tamén as respostas a preguntas máis concretas (Figura 6.7).

- Desenvolvemento sostible: a primeira cuestión está ligada intrinsecamente a un dos obxectivos sobre os que se asentan estas categorías de protección, o desenvolvemento sostible. Deste xeito, no Xurés o 48 % da poboación pensa que a existencia do parque non ten repercusión, mantendo unha posición neutral. O 33 % pensa que o parque non axuda a preservar os elementos que se protexen, mentres que case quince puntos menos (19 % da poboación) pensa que si. Pola contra, no Quercy tres de cada cinco persoas opinan que dende que o parque existe, a xestión garante esa utilización a longo prazo, o 12 % pensa que isto non se produce, e un 30 % mostra unha opinión neutral.
- Restricións: outro elemento asociado aos espazos protexidos son a restricións de actividades, idea que tende a empeorar a percepción da poboación local. O 58 % da poboación do Xurés está de acordo con que a xestión implica un aumento na restrición das actividades que se poden realizar no parque e tan só o 1 % responde non, fronte ao 41 % dos que se mostran neutros. No Quercy, tamén o 54 % da poboación pensa que dende que o parque existe hai unha maior limitación de actividades, polo que a idea é compartida polos dous.




Figura 6.7: Opinións sobre a xestión

6.1. Enquisas

- Fomento do sector turístico: o turismo tende a ser moitas veces unha das actividades máis promocionadas neste tipo de figuras de protección. No Xurés, o 72 % da poboación pensa que é a actividade máis favorecida pola xestión, e no caso de estudo francés, a opinión máis estendida é a neutral (52 %), mentres que un 38 % si que está de acordo coa afirmación. Estes datos parecen significativos, pois falamos no terceiro capítulo da tendencia de moitos parques a centrarse unicamente nesta actividade.
- O obxectivo principal é o desenvolvemento socioeconómico dos habitantes: esta idea tamén forma parte do novo paradigma de protección, pero tan só o 10 % da poboación do Xurés di estar de acordo con que o parque leva a isto, mentres o 62 % móstrase neutral e o 28 % di non estar de acordo. No Quercy, unha de cada dúas persoas di estar de acordo con esta idea, mentres o 12 % se mostra en desacordo. Polo tanto, as cifras en Francia multiplican por cinco os datos galegos.
- O obxectivo principal é a flora e fauna: moitas veces asúmese que este é o obxectivo principal da xestión, pero no novo paradigma é un máis entre outros. No Xurés un de cada dous veciños móstrase neutral, e dos que si toman posición, son máis os que o fan a favor desta idea (38 %) que os que se mostran en desacordo (10 %). En Francia, un de cada dous veciños está de acordo con esta afirmación (55 %), mentres o 41 % permanece neutral e o 4 % en desacordo. A diferenza entre un e outro é de vinte puntos.
- Son parte da xestión: o 59 % da poboación do Xurés sente que non forma parte da xestión do parque, unha porcentaxe elevada tendo en conta que o que está protexido foi modelado por eles e/ou polos seus antepasados, e só un de cada catro veciños concorda coa idea. No Quercy o 52 % está en desacordo coa afirmación, mentres que un 30 % expresase de xeito neutro un de cada cinco di si sentirse parte desa xestión. De tal xeito que é no Xurés (23 %) onde máis se senten partícipes fronte ao 20 % do Quercy.
- Debe terse máis en conta a opinión dos veciños: analizada a cuestión anterior, é necesario coñecer como pensan que debería ser o seu papel na xestión. Así, tres de cada cinco veciños do Xurés opinan que deberían telos máis en

conta, fronte ao 9 % que di que non. Igualmente, no Quercy tres de cada catro persoas afirman que a súa opinión debería ser máis escoitada, fronte ao 2 % que está en desacordo, sendo unha demanda amplamente respaldada en ámbolos dous parques.

- **Información:** é outro factor clave dunha boa xestión. No Xurés o 67 % da poboación quíxase de que o parque non os informa ben, cifra enormemente superior á da xente que di o contrario (6 % do total). En Francia, o 41 % da poboación afirma que os informa ben, pero aínda así o 23 % responde o contrario. De tal modo que no Quercy os datos son máis positivos.
- **Linguaxe:** empregar unha linguaxe simple e que a poboación poida entender independentemente do seu nivel de formación ou sector de traballo é imprescindible para poder facer chegar ben a información. No Xurés, dos que non teñen unha opinión neutral (52 %), a maioría non cree que a lingua empregada sexa a adecuada (35 %) fronte ao 13 % que pensa que si. No Quercy, a maioría da poboación móstrase contenta co tipo de linguaxe empregada (79 %) e tan só o 8 % pensa o contrario. Con isto, parece que a empregada en Francia é mellor.
- **Acceso á información:** en sintonía coa pregunta anterior, a maioría da poboación no Xurés expón que non é fácil acceder á información relativa ao parque. O 63 % di que é difícil e tan só o 1 % afirma que é sinxelo. En Francia, o 69 % di que é fácil acceder a información e pola contra, tan só o 12 % se mostra en desacordo con esta premisa.
- **Actividades:** importante é saber se hai actividades nas que se potencie a participación. O 64 % da xente en Galiza pensa que non hai suficientes fórmulas para intercambiar información, ou saber o que está pasando no territorio e no parque, e tan só o 9 % da poboación pensa que si, mentres que Quercy unha de cada dúas persoas responde que si hai.
- **Estou ben informado:** expoñer unha cuestión global sobre se a poboación se sente ben informada ou non podería ser un bo resumo deste bloque. No Xurés o 72 % da xente di estar en desacordo coa idea, cifra moi diferente

6.1. Enquisas

dos que si se consideran ben informados (4 %). No Quercy hai unha forte división de opinións, presentando as tres posicións porcentaxes similares. A xente que se mostra de acordo representa o 36 % da poboación, mentres que a que se mostra en desacordo chega ao 30 %.

- Facilitade de contacto co persoal do parque: unha cuestión que consideramos moi interesante. No Xurés, un de cada dous ten unha opinión neutral, fronte ao 30 % que está en desacordo e o 17 % que di que foi doado. Como se verá na parte de análise cualitativo, estas dificultades terán unha razón de ser. No Quercy a porcentaxe que se mostra neutral ante esta pregunta é elevada (66 %) fronte ao 27 % que se mostra de acordo e o 7 % que di que non.

Ao igual que no bloque anterior, en xeral, as opinións son moi dispares entre os dous parques, sendo frecuentemente as respostas máis positivas no Quercy ca no Xurés. No caso francés, as respostas son máis próximas ao novo paradigma (grao de información, participación, linguaxe, xestión así como desenvolvemento sostible), fronte ao caso galego, que non se mostra tan cerca do mesmo.

Tamén nos pareceu interesante coñecer se iso ten repercusión en como ven o seu futuro no parque, e en que medida valoran cambiar de residencia.




Figura 6.8: Preguntas xerais

- Futuro dentro do parque: de tódalas preguntas feitas até o de agora é quizais a máis subxectiva, pero tamén a máis interesante para coñecer como pode ser o devir de ámbolos dous parques e os seus habitantes. Máis da metade da poboación do Xurés ve o seu futuro dentro dos límites do parque (51 %)

mentres que un de cada dez afirma que non (13 %). No Quercy a porcentaxe de poboación que se proxecta vivindo dentro do Quercy acada o 64 %, fronte ao 10 % que non se imaxina residindo alí no futuro (Figura 6.8).

- Que precisa: se a pregunta anterior era importante polo “cantos”, esta é importante polo “que”. Saber que precisa a poboación para asentarse definitivamente no parque pode ser unha chave importante para xestionalo. Sendo as respostas máis dadas traballo, servizos e infraestruturas, por separado ou combinadas.




Figura 6.9: Demandas dos habitantes

E para rematar, preguntamos sobre a súa participación en actividades relacionadas co medio ambiente, así como o seu grao de concienciación co mesmo, pois pode ser clave tamén para entender as respostas anteriores.

- Participación en actividades: unha vez máis o dato francés dobra ao galego (29 % fronte ao 13 %). No Xurés o 86 % di non ter participado en ningunha actividade relacionada co medio ambiente nos últimos 6 meses, o que fai que case nove de cada dez habitantes destes concellos non formen parte de saídas ao monte, charlas, proxecións ou calquera actividade relacionada coa protección. Tan só o 13 % responde afirmativamente. En Francia, o 29 % da poboación di ter participado en actividades relacionadas co medio ambiente no último medio ano, mentres que o 64 % responde negativamente a esta pregunta. Aínda que quizais pareza unha pregunta que pode aportar escasa información á hipótese inicial, é probable que unha maior participación neste

6.1. Enquisas

tipo de eventos dea lugar a un maior coñecemento da realidade do parque (Figura 6.8).

- Pertenza a organizacións: só o 4 % da xente en Galiza forma parte de organizacións ou asociacións ligadas á protección da natureza ou que fagan actividades relacionadas. Estas poden ser asociacións veciñais, ONGs a diferentes escalas, comunidades de montes, etc. En Francia a cifra que di formar parte dalgún destes organismos chega ao 16 %. A diferenza entre Xurés e Quercy é significativa, pois neste último a cifra é catro veces superior a do caso galego. Ao igual que se vía na pregunta anterior, unha maior participación pode dar lugar a unha mellor apropiación do que o parque supón (Figura 6.8).
- Grao concienciación medio ambiente: dato importante, pois isto pode axudarnos a entender tanto as enquisas como as entrevistas no seu contexto xeral. No Xurés a resposta máis repetida é tres sobre unha escala de cinco, isto quere dicir que o 38 % da poboación ten unha concienciación media. Entre un e dous sitúase o 32 % da poboación, mentres que nos valores máis altos sitúanse o 30 % dos habitantes. No Quercy o 45 % dos habitantes din estar bastante ou moi concienciado co medio ambiente, o 37 % di ter unha concienciación “media” e o 18 % di estar nada ou pouco concienciado (Figura 6.10).




Figura 6.10: Concienciación co Medio Ambiente

Como se puido ir observando ao longo das respostas, a percepción é moito máis positiva nos habitantes do Quercy que nos do Xurés, especialmente cando falamos da xestión e acceso á información. Nos anexos aparecen expostas polo miúdo as respostas atendendo a outras variables de análise, como idade, formación, etc., descubriendo determinadas pautas que se repetían en tódalas preguntas e en ámbolos parques, citándoas a continuación:

- Por idade: a menor idade, maior percepción positiva. Tanto no Xurés coma no Quercy o grupo de mozos e mozas é o que presenta porcentaxes máis positivas no conxunto de preguntas, seguido dos adultos e despois dos vellos.
- Por zona xeográfica de nacemento: a xente nada fóra do parque tende a ter unha opinión máis positiva que a que o fixo dentro do parque.
- Por zona xeográfica de residencia: no Xurés, das tres zonas analizadas, Entrimo – Lobios é a que tende a presentar porcentaxes máis negativas, sendo tamén a que máis tempo leva no parque. No Quercy, Figeac presenta sempre datos máis negativos que Cahors e Gourdon.
- Por formación: a xente con maior formación presenta opinións máis positivas, especialmente os que teñen estudos universitarios e/ou de FP. A xente sen formación ten opinións máis negativas.
- Por situación laboral: xubilados e persoas traballando no fogar presentan polo xeral, datos máis negativos, fronte a estudantes e empregados, cuxas respostas son máis positivas, aínda que en Francia as diferencias son menos acentuadas.
- Por rama de actividade: en ámbolos parques, os funcionarios son os que teñen unha opinión máis positiva, seguida de aqueles traballadores do sector terciario. O dato sorprendente atopámolo no sector primario, pois no Quercy é tan positivo como outros sectores, mentres que no Xurés presenta opinións moi negativas. Sendo este un elemento que nos parece interesante, por ser actores cunha relación moi directa co territorio.

6.1.1. Discusión

Como se pode apreciar en ámbolos casos, as respostas son bastante diferentes, debuxando cada un dos parques unha tendencia ben definida que nos vai dando pistas para entender como son percibidos polos seus habitantes.

Os veciños da Baixa Limia – Serra do Xurés mostran, na maioría de cuestións, unha opinión máis negativa que aqueles que viven nas Causses du Quercy. Xa coas primeiras preguntas, moi xerais, as respostas deixan entrever un menor grao de aceptación da nova figura así como das súas consecuencias. O grao de coñecemento dos parques, se ben é elevado nos dous casos, é dez puntos superior no caso francés, un primeiro dato a ter en conta, pois como dicíamos no marco teórico, para identificarse co parque é necesario saber que existe. E se iso era necesario, tamén o é saber baixo que tipo de protección, onde as respostas no parque francés son máis acertadas que no Xurés. Coñecer o tipo de figura é fundamental para entender o seu funcionamento e os seus obxectivos.

No marco teórico tamén lle dedicamos literatura á afondar no novo paradigma de protección, así como aos obxectivos cada vez máis amplos, á xestión, ademais de ao rol dos veciños na mesma. Segundo as respostas, parece claro que no modelo francés hai unha maior proximidade ao que a teoría reflexaba, pois o 57 % da poboación sabe que hai un documento no que se marcan os obxectivos, participando o 16 % en actividades que tiveron que ver coa súa implantación. No caso galego, esa participación é moito menor, acadando o 9 %, de tal xeito que o coñecemento do documento só chega ao 39 % da poboación. Isto é interesante, pois empezamos a ver que un dos piares dese novo paradigma, parece máis asentado en Francia que en Galiza. Se a iso engadimos que un dos dous documentos non existe, como se verá máis adiante, este parque vaise afastando cada vez máis da teoría. Entendemos que froito diso, a poboación que se mostraba de acordo cando o parque se implantou fose maior en Francia que en Galiza, a pesares de que as respostas en canto a coñecemento das razóns polas que se protexeu parecen similares.

Froito desa participación en diferente grao, as respostas con respecto aos obxectivos tamén varían segundo o parque. Así, a teoría di que estas figuras fomentan unha visión integrada do desenvolvemento dentro dos seus límites, mais o certo é

que a percepción da poboación non indica o mesmo. No Xurés, os seus habitantes ven só efectos positivos en temas que se achegan máis ao antigo paradigma, como son o incremento da fauna e da flora, o turismo, ou as infraestruturas asociadas ao mesmo. É certo que tamén na caza e no sector forestal, actividades que polo seu contexto, tamén se acercan máis a outro tipo de xestión (a caza por ser un deporte, e o sector forestal por fomentar as plantacións con especies foráneas). E sen embargo, nas outras actividades mencionadas, a visión é moi negativa (especialmente na agricultura e na gandería, sectores que consideramos claves), así como nos postos de traballo e nos ingresos. Parece pois, que hai unha tendencia a favorecer un sectores sobre outros, algo que como dicíamos, vai en contra das novas tendencias.

No Quercy a opinión é máis positiva. Tódolos sectores presentan un certo beneficio segundo a opinión da poboación local, sendo interesantes as respostas no caso da agricultura e gandería, así como na proxección exterior, turismo e postos de traballo. Semella, a primeira vista, que a poboación ve unha mellora xeneralizada en tódolos sectores, algo que si concorda máis con esas novas políticas de protección.

Se o que analizamos é o outro punto importante da tese, a relación entre parque e habitantes, as respostas tamén nos deixan ver tendencias distintas. O grao de coñecemento do símbolo do parque é moi diferente, sendo maior no Quercy. Empregar un elemento recoñecible para os habitantes, axuda a que asocien o parque cunhas determinadas ideas, punto importante, para ir construíndo unha identidade común.

Tan só o 18 % da poboación do Xurés pensa que se asegura a xestión a longo prazo dos recursos, idea central do desenvolvemento sostible, mentres que no Quercy a cifra chega ao 58 %, un dato interesante para entender como se inscriben estas figura na xestión do territorio. Na mesma liña móstranse as respostas sobre se o máis importante é o desenvolvemento socioeconómico da súa poboación, sendo os datos no Quercy, cinco veces superiores aos do caso galego. Aínda así, e tendo en conta que neste último a participación fora maior ca no Xurés, é onde a poboación se sente máis partícipe (20 % fronte ao 23 %), e é en Francia onde din querer ser escoitados con cifras máis altas. Son datos, estes, que se saen da tónica,

6.2. Entrevistas: análise estadístico

mais que poden vir dados por un maior grao de concienciación co medio ambiente e por unha necesidade clara de sentirse partícipes.

Esas diferencias no grao de participación tamén se observan cando tocamos o tema da información. As respostas en Galiza son moito máis negativas ca no caso francés, sentíndose máis e mellor informados no Quercy, onde tamén afirman que a linguaxe empregada é máis entendible, a información máis accesible, e o número de actividades para relacionarse cos xestores, maior. Este é quizais, o punto máis importante, pois parte do éxito dos espazos protexidos é resultado de boas políticas de comunicación e información, as cales son necesarias para construír e partillar a idea filosófica do parque. Destes procesos son tamén dos que nacerá a identidade do mesmo, e onde se mostrarán as diferentes relacións de cada actor co territorio, elemento que consideramos clave para entender o funcionamento do espazo, así como a maneira na que a poboación o vive.

En resumo, a poboación do Xurés ten unha peor percepción da influencia do parque nas súas vidas e actividades, a cal pode ser froito da menor participación e menor acceso á información. Por outra banda, no Quercy sucede o contrario, mostrándonos unha mellor sintonía co parque e os seus efectos. Son unhas diferenzas interesantes que podemos sintetizar nas seguintes cifras, a poboación en contra da protección dos parques baixou 21 puntos no Quercy por 3 do Xurés dende que foron declarados. Pódese intuír que esa mellor percepción pode deberse a unha maior proximidade á teoría no caso francés que no galego, aínda que para confirmalo, imos analizar as respostas cualitativas.

6.2 Entrevistas: análise estadístico

Unha vez analizadas as enquisas, pasamos a tratar os datos obtidos no traballo cualitativo. Se os datos cuantitativos foron importantes para obter unha impresión xeral da percepción tanto no Quercy coma no Xurés, este segundo apartado permitiranos comprender esas cifras e, en conxunto, atopar respostas ás preguntas presentadas na introducción.

6.2.1. Análise de Tokens

Na metodoloxía fixemos referencia á utilización da linguaxe de R para tratar os datos obtidos, e tokens é o nome que reciben as palabras cando son analizadas neste programa. Co fin de coñecer como se distribúe a información en cada caso de estudo, analizamos tanto o número de tokens (palabras) como de frases, datos que nos axudarán a ir familiarizándonos coa información das entrevistas.

Como se observa na Táboa 6.1, o caso de estudo que conta cun maior número de tokens é o Xurés, sendo igualmente o que presenta un maior número de frases. Isto pode explicarse polo maior coñecemento da lingua (galega), permitindo facer entrevistas máis profundas e complexas ca nos outros casos, obtendo así máis información, condición importante á hora de analizar os resultados. En segundo lugar por número de tokens e frases está o parque do Quercy (26752 tokens e 2388 frases). Do que menos información temos é de Namibia (21527 tokens e 1788 frases), sendo datos máis próximos aos de Francia, aínda que inferiores, dados os problemas que presentou o traballo de campo.

Unha vez temos o volume total, presentamos as 20 palabras (ou tokens) máis frecuentes ao longo do conxunto de entrevistas, co fin de obter unha visión inicial do contido e ver sobre que termos se asentan os diferentes discursos (Táboa 6.2).

Nunha primeira análise das palabras máis frecuentes, vemos que entre as 20 que máis se repiten hai moitas que non aportan información valiosa á investigación polo seu carácter neutro, como por exemplo: *si, facer, entón, cousas, ter, ser, cada, así*, ou *pode*. Claramente teñen importancia, pero para o que aquí analizamos non. Pola contra, *parque, xente, aquí, despois, agora, conservancy, anos, territorio e alí* teñen máis valor. Pode ser que nun primeiro momento non semelle interesante, pero segundo avancemos no estudo dos datos cualitativos, estas palabras serán clave para entender os piares sobre os que se asenta a base do parque. *Parque,*

Tabla 6.1: Tokens e frases

	Xurés	Quercy	Salambala
Tokens	38356	26752	21527
Frases	3029	2388	1788

Tabla 6.2: Palabras máis repetidas

Palabra	Número	Palabra	Número	Palabra	Número
Parque	602	Xente	319	Aquí	319
Si	261	Facer	233	Entón	210
Despois	182	Agora	164	Cousas	163
Conservancy	156	Fai	155	Anos	151
Ter	126	Parte	126	Territorio	124
Ser	124	Ali	122	Cada	121
Así	121	Pode	118		

xente, *conservancy* e *territorio* son elementos clave na protección da natureza e nas estratexias de conservación nas categorías V e VI analizadas, e que sustentan o marco teórico. E *aquí*, *alí*, *despois* e *agora* serán interesantes para analizar os cambios que se producen dende a declaración dos espazos protexidos e a forma na que se xestiona ese territorio.

6.2.2. Nube de palabras

Un elemento singular que nos facilita ir coñecendo e visualizando os termos sobre os que se asenta o discurso dos diferentes entrevistados é o que se chama nube de palabras, onde se destacan aqueles termos que máis se empregan. Para iso é preciso recordar que se eliminan artigos, preposicións e outras categorías que son frecuentes na nosa sintaxe pero que para o que estamos investigando non nos aporta información interesante.

Nunha primeira aproximación á Figura 6.11 e tendo en conta que cada parque está representado por unha cor diferente¹, atopamos conceptos totalmente distintos segundo o espazo que analicemos.

En primeiro lugar, hai dúas palabras que sobresaen entre as entrevistas dos tres casos de estudo. Estas son *Conservancy* (en Namibia) e *parque* en Francia, facendo referencia ao tipo de protección presente neses territorios. *Conservancy* é a denominación do espazo en Namibia e *parque* é unha parte da nomenclatura francesa (*Parc Naturel Régional*). No caso de Galiza non se repite esa preponde-

¹Vermello: Quercy. Azul: Salambala. Verde: Galiza.

6.2. Entrevistas: análise estadístico

rancia da primeira palabra, non habendo un termo que destaque sobre os demais. O feito de que en Francia e Namibia sexan esas palabras pode mostrar unha forte implantación das estruturas do parque no territorio. No caso galego, a palabra *monte* destaca sobre as demais (sen ter en conta outras que non aportan información, como adverbios), e, se ben é significativo porque é un elemento importante no parque do Xurés, esperábase unha palabra máis próxima ao espazo protexido, como por exemplo algunha das figuras de protección que se asentan sobre el ou o propio nome.

Nun segundo nivel o número de palabras cunha frecuencia similar multiplícase. É aquí onde verdadeiramente podemos comparar os diferentes espazos protexidos e o discurso no que se asenta o seu modelo.

Nas entrevistas de Galiza destacan, aínda que non tan significativamente pero si con maior frecuencia ca outras: *director, parques, PRUX, Xurés, Reserva Biosfera, naturais, veciños e vacas*.

No caso de Francia destacan os termos *concellos, territorio, proxecto, carta², elixidos³ e patrimonio*.

En Namibia repítense *beneficios, Salambala, Conservancies, xente, comunidades, elefantes, fauna salvaxe, caza, animais, goberno, ingresos e diñeiro*.

6.2.2.1. Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés

O parque do Xurés, como se dicía anteriormente, presenta certas singularidades con respecto aos outros dous casos de estudo. O primeiro elemento a destacar é que non existe ningún termo que sobresaia sobre o resto, o cal denota que non hai unha idea ou concepto coa que o parque sexa asociado. E así mesmo, vemos que non hai unha forte diferenza entre as palabras dun segundo e terceiro nivel, o que vén a reafirmar que os discursos mostran maior heteroxeneidade e non presentan un vector común sobre o que se constrúe a idea de protección.

Aínda así, para completar á análise podemos agrupar eses termos en varios conxuntos segundo a temática á que pertencen. No primeiro deles atopamos *parques, naturais, e Reserva da Biosfera*. Estes termos fan relación ao parque en si, e a dúas das categorías de protección que presenta. Apenas se fai referencia a *Rede*

²Recordamos que carta é o seu equivalente a plan.

³Traducción de élues – políticos locais.

Natura 2000, da cal tamén forma parte. A presenza das dúas categorías ten unha lectura positiva pois coñécense ambas, aínda que cuantitativamente a lectura é máis negativa, pois o valor destes termos non é elevado, xa que non se repiten máis ca outras palabras ao longo do discurso, e como se viu nas enquisas a Reserva da Biosfera non é tan coñecida.

Cando aparece o termo *parque natural* (conxuntamente) a maioría dos comentarios son negativos. Coa *Reserva da Biosfera* ocorre o mesmo, producíndose unha continua referencia á parte portuguesa e ao ben que funciona en Portugal.

Nun segundo grupo aparecen os termos *director*, *PRUX* e *veciños*. Importante é o primeiro, xa que a meirande parte dos entrevistados recriminan a súa ausencia física e mencionan como afecta ao funcionamento do parque. É unha das críticas máis repetidas ao longo das entrevistas, especialmente entre os *veciños* e os políticos, pois suxiren que a carencia do mesmo conduce a unha peor xestión. Precisamente *veciños* é un dos termos máis empregadas, relacionada en numerosas ocasións coa falta de información e participación, así como a ausencia de elementos beneficiosos para os mesmos a través da protección. Isto, dános pistas sobre o papel que xogan no Xurés en relación ao que na teoría establece o novo paradigma. O termo *PRUX* aparece reiteradamente e presenta tamén unha serie de ideas asociadas cunha forte connotación negativa, posto que o parque actualmente carece del ao ter caducado o primeiro plan. Como ser verá nas entrevistas, fai que sexa difícil presentar unha estratexia clara para a figura se non se conta cun instrumento adecuado. *Xurés* e *vacas* aparecen intimamente ligados ao parque. A raza cachena, presente na zona, é un elemento singular do espazo e o feito de que Xurés (só unha parte da nomenclatura) apareza na nube de palabras, denota unha clara identificación do parque coa parte máis montañosa e a asociación do mesmo con esa zona do territorio.

Se analizamos o mapa de conexións:

Interesante é tamén analizar as conexións entre termos (Figura 6.12). O concepto que sobresaie sobre os demais é *xente*, seguido de *parque*, que era o termo máis mencionado na nube de palabras do Quercy. Os outros termos son *director*, *falta*, *medio*, *naturais*, e *poder*. Hai palabras que por si soas non din nada, como *falta* ou *poder*, pero no contexto das entrevistas a información que facilitan é importante.

- *Xente* únese por unha banda con *vive, dentro, aquí*, e por outra con *veñen, vexan, nova, e chegar*. Estudando as entrevistas, e analizando a información que levan aparellada, sobresa a idea dunha contraposición entre a poboación que vive dentro do parque e o xeito no que o fai, a outro tipo de persoas, os xestores e visitantes, que participan da protección dunha forma diferente. Móstranos o camiño a seguir na análise das entrevistas, pois hai unha visión da poboación local diferente de como lles afecta a eles o parque e ás outras persoas.
- O termo *parque*, relacionado con *nacional, concello* e con *natural*, e este último á súa vez con *espazo*. Aparecen varias figuras mencionadas, o *parque natural* ligado ao Xurés, e o *parque nacional* ligado ao Gêrés. O primeiro conéctase con *concello* ao redor dunha idea de falta de colaboración entre ambos. Tamén ligada a esa xestión están as palabras *director* con *xeral e plan*. O que se transmite é a deficiente xestión do espazo por carecer tanto de *director* sobre o terreo como de *PRUX*, ideas que se verán no seguinte apartado con maior profundidade.
- Ligada a esa percepción sobre a xestión, aparecen os termos *falta*, unido con *pedagogía e facer*. Unha das críticas máis atopadas e a necesidade de mellorar a comunicación cos diferentes actores así como o acceso á información, no que se englobaría esa *pedagogía*.
- *Medio*, con *ambiente e rural*, ideas que teñen sentido pois o parque aséntase sobre a idea de protexer o *medio ambiente*, que á súa vez é un territorio *rural*.

Nun rango inferior, aparecen outras ideas.

- No referente á xestión e coordinación, podemos atopar varias parellas de palabras, como *xunta consultiva, partida presupostaria, mesma dirección* ou *páxina web*. Analizando a información no contexto de cada un dos discursos, predominan as críticas contra a falta dun presuposto fixo co que financiar accións para conseguir obxectivos. Tamén hai descoordinación entre os diferentes actores, tanto en discurso coma en estratexias de aí que non

6.2. Entrevistas: análise estadístico

vaian na mesma dirección, sendo pouco eficientes as reunións do órgano de goberno (*xunta consultiva*).

- Aparecen tamén críticas ás accións que se levan a cabo, por ser moi numerosas ou pouco necesarias, como a construción de *áreas recreativas*. Crítica por entender que benefician máis ao turismo que a outras actividades como a gandeira, onde se menciona *razas autóctonas*, por ser a raza Cachena propia do lugar e que presenta pouco apoio forte a outras actividades como o turismo termal (*tema termal*).
- Interesante tamén é que se fala de *Rede Natura*, outra figura de protección que afecta ao parque, e a idea que emana da parella *pedir permiso*, expresada pola poboación local queixándose sobre as restricións que o parque implica.

Por último, tamén se mencionan algúns elementos patrimoniais como o *Couto Mixto*, *aguia real* e *Aquis Querquennis*. Son interesantes, pois son elementos cos que a poboación asocia ao parque, mesmo se o citado en último lugar non está dentro dos límites. Sendo ideas que á súa vez poderían axudar a construír a súa identidade.

6.2.2.2. *Parc Naturel Régional des Causses du Quercy*

Como se observaba na Figura 6.11, despois de *parque* no caso do Quercy destacan os termos *concellos*, *territorio*, *proxecto*, *carta*, *elixidos* e *patrimonio*. Isto indícanos que os entrevistados franceses prestan especial atención á estrutura administrativa e ao xeito no que se xestiona. Non é anecdótica a presenza das palabras *elixidos* e *concellos*. A estrutura do PNR dálle unha forte importancia a estes nos órganos de consulta e xestión, xa que dos concellos e os seus políticos é a iniciativa de declarar un territorio como parque. Así mesmo, numerosos entrevistados poñen o acento na idea de colaboración entre *parque* e *concellos*. Igualmente, repiten en varias ocasións que o *parque* é unha estrutura canalizadora de axuda para os *concellos* e veciños, a pesares de non ter capacidade de financiar proxectos por el mesmo.

Outra asociación que aparece frecuentemente é a de *patrimonio* e *territorio*, xa que ambos están conectados e son a base material do parque. Como se verá nas

citas transcritas na análise convencional das entrevistas, forman parte da identidade do mesmo e son recoñecibles por parte da poboación.

Nun terceiro grupo poderían englobarse *proxecto* e *carta*. *Carta*, cun significado de plan. Coma nos exemplos anteriores, a meirande parte dos entrevistados coñecen a existencia dun plan de xestión chamado *Charte du parc*, no que se presenta un *proxecto* claro de que facer e como, cos obxectivos e estratexias, así como cos elementos máis significativos a protexer.

Por último, tamén aparecen destacadas as palabras *reunións*, *poboación*, *protección* e *rexión*. Seguindo o novo paradigma de protección da natureza, a *poboación local* volve aparecer no centro do discurso, ao mesmo nivel que a *protección* en si mesma.

Se analizamos as conexións entre os diferentes termos dános un resultado moi interesante (Figura 6.13). Entre tódalas conexións, hai seis conceptos que sobresaen sobre o resto: *parque*, *desenvolvemento*, *reunións*, *comité*, *tempo* e *parte*. Por si soas e sen analizar con que ideas se conecta pode parecer que non aportan moito, pero analizándoas en profundidade no seguinte capítulo, parecen mostrar certas tendencias no modo de comprender a figura, a súa construción e obxectivos que perseguen.

- *Parque* únese con *natural*, con *rexional* e con *educación*. Os dous primeiros termos teñen lóxica, pois forman parte da nomenclatura da figura analizada, e o termo *educación* vén a recordarnos que se trata dun obxectivo clave, así como un dos piares da estratexia de protección, e que se revelará un dos piares máis importantes como se analizará no seguinte subcapítulo.
- *Desenvolvemento* aparece ligado a *sostible* e *local*. E este último, á súa vez conectado a *poboación*. Estas conexións presentan sentido, pois uns dos obxectivos principais é o *desenvolvemento sostible*, que á súa vez se apoia na economía local. A *poboación* aparece tamén vencellada a estes termos, sendo un dos pés da xestión do parque é un dos obxectivos máis importantes do modelo.
- En canto a forma de xestión, *sindicato – mixto*, *comité sindical* e *espeleólogo*, así como *políticos locais* e *reunións públicas* aparecen conectadas. A toma

de decisións engloba a un conxunto de actores que pasan desde asociacións a *políticos*, a través de estruturas como o *sindicato mixto* e os *comités sindicais*. Neses espazos póñense en común as ideas do parque, dos veciños e dos representantes políticos.

- Igualmente aparecen ligados *territorio e rural*, por ser a base sobre a que se constrúe o proxecto - o que se quere protexer - así como *venta directa*, que como se verá no seguinte apartado, é unha estratexia económica que acabou axudando a vincular a categoría parque natural á produción, dándolle a mesma un compoñente de calidade.
- Queremos destacar tamén a palabra *tempo*, ligada ao verbo *levar*. Pode dar a impresión de que non ten relevancia, pero torna nunha das ideas fundamentais da tese. O parque, en tanto que construción social e territorio, require dun *tempo* previo de traballo coa poboación local, co fin de que administrativa e mentalmente se vaia construindo ao mesmo tempo.

Por último, *ceo negro*, *zonas húmidas*, *foie-gras e Saint Cere* aparecen tamén unidas. Neste caso, son palabras que non poden ir separadas unhas das outras, e que sen ser as máis repetidas, mostran ao noso entender, elementos patrimoniais e culturais sobre os que se asenta o parque e que forma parte da identidade.

6.2.2.3. *Conservancy de Salambala*

Como se dicía cando se presentou a nube de palabras, despois de *Conservancy* repítense termos como: *beneficios*, *Salambala*, *Conservancies*, *xente*, *comunidades*, *elefantes*, *fauna salvaxe*, *caza*, *animais*, *gobierno*, *ingresos*, e *diñeiro*.

O caso de estudo analizado en Namibia presenta certos paralelismos co parque analizado en Francia, aínda que tamén importantes diferenzas. Unha primeira análise das palabras chave móstranos un forte coñecemento do parque e o que significa, así como do territorio ao que representa. A palabra *Salambala* (nome do parque) aparece en numerosas ocasións ao longo das entrevistas. O feito de que se chame ao parque polo seu nome implica, cando menos, un alto grao de coñecemento e unha certa visibilidade no seu marco de vida. Así mesmo, aparece

o plural *Conservancies*, o cal reforza a idea de que o modelo de conservación, máis alá do caso de *Salambala* é popular.

Nun segundo grupo aparece *fauna salvaxe, elefante e caza*. Os animais son o elemento vector da protección e o patrimonio máis importante que teñen no parque. Unha das especies máis presentes é o *elefante*, que á súa vez e o que conduce a un maior número de conflitos. Sobre o seu retorno e o aproveitamento dos beneficios do mesmo xira a estratexia de conservación. E aquí onde a *caza* representa un valor importante na xeración de beneficios para a comunidade, se ben tamén hai referencias a súa vertente ilegal, como veremos máis adiante.

Importantes son as referencias aos termos *xente, comunidade e goberno*. A *comunidad*, entendida como conxunto de persoas que viven nun lugar, presenta na estrutura social do país unha forte tradición, e sobre ela recae o peso da toma de decisións no espazo no que viven. Sen ser unha administración en si mesma, si ten funcións semellantes as que podería ter un concello. Este tipo de figuras basea a súa toma de decisións nas consultas á comunidade, de aí que sexa unha palabra moi repetida e chave para a xestión. Ademais, é a comunidade a que ten propiedade dos animais que viven en *Salambala*. O termo *xente* entronca coa *comunidad* e aparece tamén ligada á xestión. Termo que está á súa vez unido a *goberno*, posto que é este a través de numerosos organismos o que dá soporte así como quen “controla” anualmente se se acadan os obxectivos marcados e a xestión é eficiente. Enténdese *goberno* como ente estatal, cuxo representante é o Ministerio de Medio Ambiente e Turismo.

En último lugar aparecen as palabras *beneficios, ingresos e diñeiro*. A primeira é un termo amplo no que se poden englobar as outras dúas, pero como se observará nas citas no capítulo seguinte, fai referencia a outros elementos como animais, turismo ou propiedade. Por último, os *ingresos* (en forma de *diñeiro*) son un elemento recorrente nas palabras da poboación local. É algo significativo e importante, indicativo de que perciben eses *beneficios* e os asocian coa protección da natureza.

Parece claro que con estes termos, hai un coñecemento do que é *Salambala* e sobre que ideas se asenta, así como o xeito no que repercute para a poboación.

Se analizamos as relacións entre palabras, os resultados semellan tan interesantes coma nas outras figuras analizadas. Como mostra a Figura 6.14, en *Salambala*

6.2. Entrevistas: análise estadístico

- *Xente* únese cos verbos *vivir, poder, ver*, así como *poboación*. Analizando en profundidade as entrevistas, os termos aparecen ligados á idea de compatibilizar a *poboación* local coa protección, sen que a súa forma de vida se vexa alterada, podendo participar da xestión e obtención de beneficios. Igual que as dúas palabras *formar parte*, vencelladas á mesma idea de inclusión da *poboación* na xestión.
- Un dos piares deste sistema é tamén superar as consecuencias do apartheid vivido ata que o país se independizou de Sudáfrica. Así, *gobierno* aparece unido a *dar e dereitos*. A idea fundamental é que a *poboación* a que se lle quitaran os *dereitos* de propiedade de animais e terra por ser negra, os gañe agora tanto legalmente como de xeito máis sentimental (apropiación).
- *Fauna e vida salvaxe, recursos naturais e caza con ilegal, furtiva e deportiva*. Este conxunto de termos refírense aos principais obxectivos e problemas desta figura de protección, pois mellorar a xestión dos *recursos naturais* (especialmente da *fauna salvaxe*) é a base da figura, da cal se beneficiará a *poboación* local. A través da *caza deportiva* lograrase obter beneficios para mellorar as condicións de vida, mentres que esa revalorización da *fauna*, ao obter beneficios, empregárase para eliminar a *caza ilegal e furtiva*.

Tamén repetidas, pero en menor media, aparecen outras ideas ligadas á xestión do espazo e aos obxectivos:

- *Xestión financeira, dar soporte, e xerar ingresos* están vencelladas aos obxectivos de Salambala. Búscase *xerar ingresos*, como se dicía anteriormente, a través da volta da *fauna salvaxe*, así como *dar soporte* para diferentes actividades vencelladas á mesma, buscando unha mellor *xestión financeira* dos recursos. *Reunión xeral* aparece aquí vinculada ao xeito no que se toman as decisións, reuníndose os comités de cada área (aldea) anualmente, para presentar os balances financeiros así como para aprobar os novos presupostos e obxectivos.
- *Empresas mixtas*, é outro dos mecanismos que establece a lexislación para *xerar ingresos*, colaborando o capital privado coa *poboación* local para xestionar diferentes actividades como o turismo ou a caza. Por iso é interesante

que saia *Chobe Camp*, xa que é primeiro establecemento turístico destas características na *conservancy*, e que dá traballo a máis de 40 persoas. Un exemplo dos beneficios que xera a conservación coa axuda da financiación privada.

Do mesmo xeito, menciónanse outras figuras de protección, como o *monte comunal* e o *parque nacional*. O primeiro, coa mesma base que á *conservancy* pero encamiñado a xestionar áreas boscosas, mentres que o segundo está ligado ao *parque nacional* de Chobe en Botsuana, e que fai fronteira con Salambala.

Así podemos ir obtendo algunhas respostas sobre a forma na que se constrúen os espazos protexidos así como os seus obxectivos e forma de xestión. Se para o Quercy termos como *territorio*, *parque*, *patrimonio* e *poboación* son importantes, ao igual que na teoría, en Salambala fálase máis de *fauna salvaxe*, *beneficios*, *caza* e *poboación local*, pois son a base sobre a que se asenta a figura. Máis, como se dicía ao comezo, no Xurés non hai uns termos que sobresaian sobre outros na maneira que si o fan os outros dous parques, dando lugar a unha maior heteroxeneidade no discurso, apuntalado sobre termos coma *PRUX*, *veciños* ou *director*.

6.2.2.4. Discusión

Esta primeira aproximación aos resultados das entrevistas axúdanos a ir fiando o discurso sobre o que se asenta a protección nos tres espazos protexidos. Entre os termos máis repetidos atopábase *parque*, *Conservancy*, *xente* ou *territorio*, palabras todas elas interesantes, pois as dúas primeiras fan referencia á figura en si mesma, e as outras dúas, a dous elementos que marcaron parte do marco teórico.

Como se vía na nube de palabras, cada parque aséntase sobre uns determinados termos, sendo uns máis próximos á teoría ca outros.

O que nos mostra o Xurés é un discurso asentado sobre palabras como *parque*, *director*, *PRUX* ou *veciños*, aínda que como se dicía na análise, cunha frecuencia moi baixa en comparación cos termos máis empregados nos outros casos. A primeira conclusión que podemos sacar é que non hai unha ou dúas ideas centrais ás que se asocie a figura, cousa que pasa tanto no Quercy coma en Salambala, algo que nos parece fundamental, como ben indicamos no marco teórico.

6.2. Entrevistas: análise estadístico

Eses termos veñen asociados a unha connotación negativa, en sintonía coas enquisas, pois fálase de *falla* de *director* e de *PRUX*, e como vimos no mapa de palabras, *xente*, un concepto implícito en tódalas figuras, vai unida a palabras como *aquí*, *alí*, *veñen*, *viven*, e *nova*, que nos marca a diferenza entre xente do parque e visitantes. A nota positiva é que termos como *monte* ou *vacas*, elementos característicos do espazo, son frecuentes. Por iso na análise convencional intentaremos coñecer con que se asocian.

No caso de Francia destaca claramente a palabra *parque*, sobresaíndo sobre as demais. Noutro nivel, como se indicaba, aparecen termos como *concello*, *territorio*, *proxecto*, *elixidos* ou *patrimonio*. O discurso móstrase aquí máis próximo á teoría, pois fálase de *parque* como un *proxecto*. Os termos *territorio* e *patrimonio* non son casuais, e como dicíamos no marco teórico, teñen unha importante carga psicolóxica, en tanto que o territorio conleva unha apropiación do mesmo. *Patrimonio*, outro dos termos que mencionábamos no terceiro capítulo, vén a mostrarnos unha das ideas sobre as que se constrúe o Quercy, sendo os *concellos* e os seus *elixidos* (políticos) unha parte fundamental da xestión. Os outros termos sobre os que se asenta o discurso son por exemplo *carta* (plan) e *proxecto*, importantes á hora da xestión, onde tamén englobamos figuras como o *Sindicato Mixto*.

Que termos coma *desenvolvemento rural* e *local* sexan frecuentes parece normal, pois os conceptos xa se entrevistaban nas enquisas. A *venta directa*, como tamén mencionamos, é unha clara mostra desta estratexia de desenvolvemento. Outras dúas ideas que queremos remarcar son a unión do parque coa *educación*, pois dá-selle unha forte importancia, e o concepto da temporalidade, xa que a implantación do parque precisou de moito *tempo* para construírse, ideas que igualmente están próximas ao que analizamos na teoría.

En Namibia, a idea da *Conservancy* apoia-se en tres eixes diferenciados, pero ao mesmo tempo moi conectadas. Por unha banda están termos coma *xente* e *comunidade*, pois deles depende solicitar a declaración do espazo e xestionalo. Outro elemento sobre o que se asenta é a *fauna salvaxe*, xa que son os animais o que se busca protexer, pero cun fin moi establecido, xerar *beneficios* para esa mesma poboación da que falamos anteriormente. Este é un concepto clave do noso marco teórico, xa que o novo paradigma e as novas figuras de protección fomentaban a súa función de ferramentas de desenvolvemento.

Deste discurso despréndense outras ideas interesantes, como son os *dereitos* ou a *caza*, termos moi repetidos. A base sobre a que se asenta Salambala é a de devolver os *dereitos* de propiedade que lle foran arrebatados á poboación local, mentres que a *caza*, un elemento ligado á historia do propio pobo, pasa a ser unha idea central do parque. Cunha boa xestión, en asociación con empresas privadas, encárganse de establecer unha caza legal que acaba substituíndo a ilegal, pois os beneficios son moito maiores. É quizais aquí onde está unha das claves que veremos en profundidade na análise convencional das entrevistas, pois interiorizar que os animais son máis valiosos se se coidan, supón todo un cambio na concepción da poboación sobre os mesmos.

En definitiva, temos tres parques construídos sobre termos e ideas diferentes, dous cun discurso máis claro (Quercy e Salambala) e outro algo máis difuso (Xurés).

6.2.3. Frecuencia de palabras

Nunha segunda etapa realizaremos un estudo por palabras clave co fin de coñecer como se distribúen no discurso realizado sobre cada espazo protexido (dispersión léxica). Ten unha misión orientadora e moi visual, pois despois de unir tódalas entrevistas nun único documento, podemos analizar como se distribúen os termos e se se repiten en todos ou algún dos entrevistados, e o grao no que o fan. Como son entrevistas semidirixidas, os resultados non son 100% comparables: aínda que os bloques son iguais, as preguntas non son exactamente as mesmas nin se desenvolven na mesma orde en todos os entrevistados. Aínda así, resulta interesante ver a preponderancia de determinadas palabras en tódolos entrevistados así como as diferencias entre cada país. A maior ou menor presenza dunhas sobre outras marcará o discurso sobre o que se asenta a figura e daranos pistas para ver as entrevistas en profundidade.

As palabras a analizar serán algunhas das que xa falamos no apartado anterior, por presentar unha maior frecuencia ao longo das diferentes entrevistas así como outras que consideramos importantes á hora de fixar o discurso, relacionadas co marco teórico no referente a xestión e obxectivos, estando citadas na metodoloxía.

Os resultados obtidos para as frecuencias de cada palabra son os seguintes:

6.2. Entrevistas: análise estadístico




Figura 6.15: Dispersión léxica 1




Figura 6.16: Dispersión léxica 2




Figura 6.17: Dispersión léxica 3




Figura 6.18: Dispersión léxica 4



Figura 6.19: Dispersión léxica 5




Figura 6.20: Dispersión léxica 6

6.2. Entrevistas: análise estadístico




Figura 6.21: Dispersión léxica 7




Figura 6.22: Dispersión léxica 8




Figura 6.23: Dispersión léxica 9




Figura 6.24: Dispersión léxica 10




Figura 6.25: Dispersión léxica 11



Figura 6.26: Dispersión léxica 12

6.2. Entrevistas: análise estadístico




Figura 6.27: Dispersión léxica 13




Figura 6.28: Dispersión léxica 14




Figura 6.29: Dispersión léxica 15




Figura 6.30: Dispersión léxica 16




Figura 6.31: Dispersión léxica 17

6.2. Entrevistas: análise estadístico

1. *Axudas*: non aparece nin en Salambala nin no Quercy, mentres que no Xurés atopámolo ao longo de todo o documento, especialmente concentrado en determinados puntos, podendo deberse á unha tradicional maior dependencia das subvencións ca nos outros países (Figura 6.15).
2. *Actividades*: ten unha presenza similar nos tres espazos, aínda que concentrada en puntos concretos (Figura 6.15).
3. *Subvención*: só aparece nas entrevistas do Xurés e concentrada en tres delas, tendo unha explicación similar á da primeira palabra (Figura 6.15).
4. *Apoio*: só aparece unha vez en Salambala, e no Xurés na metade das entrevistas, onde está ligada á necesidade de axuda por parte da administración (Figura 6.15).
5. *Concello*: no Quercy presenta unha distribución homoxénea ao longo de tódalas entrevistas, por ser un actor fundamental de comunicación entre poboación local e parque, mentres que no Xurés está presente nun menor grao. En Salambala non aparece xa que non hai este tipo de entidade, rol que adopta o termo comunidade (Figura 6.16).
6. *Comunidade*: en Salambala témola ao longo de todo o documento e con unha distribución homoxénea, xa que tódalas persoas entrevistadas mencionan este termo. Ten un papel fundamental, pois fálase de beneficios para a comunidade, e é esta a que toma decisións. No Quercy ten menor presenza, mentres que no Xurés só a atopamos dúas veces (Figura 6.16).
7. *Goberno*: en Salambala está en todo o documento, podendo ser pola relación directa entre parque e o Estado, ao cal teñen que presentar anualmente un informe de situación. No Xurés aparece dúas veces e no Quercy unha (Figura 6.16).
8. *Estado*: un termo que moitas veces se emprega como sinónimo do anterior, aparece sobre todo nas entrevistas do Quercy, pois as políticas medioambientais dependen directamente del. En Salambala aparece só unha vez e no Xurés cinco (Figura 6.16).

9. *Colaboración*: esta é unha idea que nos parecía fundamental, pero que tan só emprega un dos entrevistados no Quercy (Figura 6.17).
10. *Coherencia*: Igualmente, mentres que na teoría é un concepto clave cando falamos de políticas medioambientais, tan só aparece dúas veces nos discursos do Quercy e do Xurés e non a atopamos en Salambala (Figura 6.17).
11. *Concertación*: un termo moi teórico pero interesante, pois fai referencia ao acordo entre diferentes actores, ten unha forte implantación no Quercy nos discursos das primeiras persoas entrevistadas (xestores). Polo seu significado e por quen a emprega, como se verá analizando as entrevistas en profundidade, é indicativo da estratexia que se segue (Figura 6.17).
12. *Estratexia*: presenza baixa nos discursos dos tres parques se ben nun primeiro momento pensábase que tería unha maior relevancia (Figura 6.17).
13. *Conservación*: o termo, polas implicacións, é moi significativo. En Salambala atopámolo en todo o documento, mentres que no Quercy e no Xurés ten menor frecuencia, podendo ser porque a nivel teórico polo menos, a conservación non sobresae tanto sobre outros obxectivos (Figura 6.18).
14. *Protección*: aparece de xeito similar nos tres parques, aínda que con maior intensidade e homoxeneidade no Quercy. En Salambala ten unha menor presenza aínda que ao longo de todo o documento e no Xurés, aparece de forma espallada (Figura 6.18).
15. *Protexer*: atopámolo máis no Quercy, seguido do Xurés e Salambala. En ningún dos parques aparece cunha presenza significativa, aínda que si concentrado en determinadas entrevistas (Figura 6.18).
16. *Preservación*: aparece unha vez en Salambala e outra no Quercy. Esta ausencia xeral é indicativa do paradigma sobre o que reside o seu discurso non é o máis antigo (Figura 6.18).
17. *Discurso*: frecuencia limitada en tódolos parques, pois só o atopamos unha vez (Figura 6.19).

6.2. Entrevistas: análise estadístico

18. *Propiedade*: onde máis aparece é en Salambala, pois fálase de devolverlle a propiedade dos recursos naturais ás comunidades locais. Aparece unha vez no Xurés e ningunha no Quercy (Figura 6.19).
19. *Tempo*: é un dos termos que ten unha maior implantación nos tres parques. En tódolos casos ten unha distribución elevada e homoxénea, posto que se fala da necesidade de tempo para que a xente asimile o parque (Figura 6.19).
20. *Historia*: no Xurés é onde máis implantada está, en Francia aparece tamén pero en menor medida, e en Salambala unha única vez (Figura 6.19).
21. *Economía*: baixa presenza deste termo en tódolos parques mesmo se pensábase que era un factor clave. Tan só no Quercy desaperda maior interese (Figura 6.20).
22. *Agricultura*: considerado un puntal no deseño da paisaxe, en Salambala aparece tan só dúas veces xa que por clima, é unha actividade que ten menos presenza ca outras. Ten maior intensidade no Quercy e no Xurés, por estar máis presente e ser máis visibles os efectos na paisaxe (Figura 6.20).
23. *Turismo*: este termo é moi importante para entender a idea destes espazos protexidos. Nas entrevistas de Salambala é onde maior implantación ten e de xeito homoxéneo. O mesmo sucede co Xurés, aínda que en menor intensidade. No Quercy é significativa, pero non tan evidente e máis concentrada. Unha distribución que non presenta sorpresas, pois en Salambala é unha actividade fundamental, e o mesmo se pretende no Xurés, mentres que no Quercy outras actividades como a agricultura e gandería comparten importancia (Figura 6.20).
24. *Gandería*: no Xurés é onde máis veces a atopamos por ser unha actividade de forte arraigo no territorio. En Salambala e no Quercy non é significativo (Figura 6.20).
25. *Explicar*: un concepto clave que aparece tan só unha vez en Salambala, e con maior presenza no Xurés e no Quercy (Figura 6.21).

26. *Proxecto*: no Quercy é un dos termos máis empregados, pois fálase de parque como proxecto. Mentres que no Xurés ten unha presenza menor e en Salambala só o atopamos unha vez (Figura 6.21).
27. *Identidade*: ao igual que sucedeu con outros termos, a súa presenza é menor do esperado. Só aparece no Quercy, se ben temos que dicir que analizando as entrevistas, aparece de xeito implícito en moitas das respostas (Figura 6.21).
28. *Sentir*: escasa presenza nos tres casos de estudo (Figura 6.21).
29. *Natural*: no Xurés ten unha forte implantación no discurso, por falar constantemente de parque natural, mentres que no Quercy emprégase menos e en Namibia tan só en tres ocasións (Figura 6.22).
30. *Conservancy*: só aparece en Salambala, pois é a figura analizada (Figura 6.22).
31. *Rural*: no Xurés e no Quercy ten unha maior implantación, especialmente no primeiro, onde aparece distribuído ao longo de todo o documento. O mesmo sucede no Quercy, aínda que concentrado en varios actores. En Salambala aparece unha soa vez (Figura 6.22).
32. *Comarca*: de xeito pouco significativo aparece no Xurés, mentres que en Francia e Namibia non aparece (no último caso por non existir a figura) (Figura 6.22).
33. *Ordenación*: en Salambala non aparece e no Xurés tan só se cita unha vez. Pola contra, no Quercy ten unha maior implantación no discurso. Tendo en conta de que un dos obxectivos deste tipo de figura é dar coherencia ao que hai no territorio, dámos pistas de como se entende o parque en si mesmo (Figura 6.23).
34. *Ferramenta*: Só aparece en Salambala dúas veces (Figura 6.23).
35. *Contrato*: no Quercy aparece en tres momentos dos discursos, en Salambala nun e no Xurés en ningún. Ao igual que ferramenta, é interesante esta idea,

6.2. Entrevistas: análise estadístico

pois dá a entender, vendo o contexto, como se expón a relación entre espazo protexido e actores (Figura 6.23).

36. *Obxectivos*: está presente en tódolos parques. Aparece de xeito máis homoxéneo no caso do Xurés e tamén con maior densidade, aínda que non moi lonxe do Quercy. En Salambala ten unha menor implantación no discurso (Figura 6.23).
37. *Poder*: é un termo interesante pois, en moitos casos, o poder e quen o exerce implica a dirección na que vai a figura e as políticas que nela se realizan. Ten unha maior implantación no Quercy e no Xurés, mentres que en Salambala non se cita (Figura 6.24).
38. *Animal*: termo máis presente en Salambala, por ser a fauna unha idea central da conservancy. No Quercy non aparece e no Xurés tan só dúas veces (Figura 6.24).
39. *Políticos*: é no Xurés onde ten unha maior presenza, concentrada en determinados entrevistados. É interesante o concepto pois son actores que toman decisións sobre o territorio, inflúen na idea de espazos protexidos, no que dentro deles se fai e como se fai. En Salambala non o atopamos e no Quercy unha vez, pois traducimos políticos como elixidos (Figura 6.24).
40. *Falta*: pode parecer un termo sen sentido pero analizando ao que acompaña, dános información moi valiosa. En Salambala non aparece, mentres que onde máis o fai e de xeito máis homoxéneo é no Xurés, relacionado co director e o plan de xestión (Figura 6.24).
41. *Patrimonio*: ao igual que outros termos analizados, parécenos un concepto moi importante para entender os discursos e a concepción do espazo. En Salambala só aparece unha vez e en Galiza faino con maior frecuencia. É no Quercy onde ten maior relevancia, e vemos que se distribúe de xeito homoxéneo en todo o documento, suxerindo que pode ser un elemento sobre o que se constrúe a figura (Figura 6.25).
42. *Beneficios*: en Salambala é onde máis se menciona, mentres que no Quercy só aparece dúas veces e no Xurés presenta unha distribución intermedia. Isto

quere dicir que en Namibia a idea de protección se asenta máis sobre este concepto (Figura 6.25).

43. *Diñeiro*: este termo aparece en tódolos parques aínda que non coa mesma frecuencia. Onde maior presenza ten e de xeito máis homoxéneo é Salambala. No Xurés é significativo tamén, aínda que menos que en Namibia, e no Quercy case non aparece (Figura 6.25).
44. *Fauna*: é un elemento importante á hora de analizar calquera tipo de figura, pois é un obxectivo habitual é fortemente ligado as primeiras etapas da protección da natureza. Moitas veces é o obxectivo principal da conservación, especialmente nas figuras máis estritas de protección. É un concepto frecuentemente empregado en Salambala, polo tipo de figura que é e onde está localizado, e porque o discurso constrúese entorno a ela. No Xurés é menos frecuente e no Quercy non aparece (Figura 6.25).
45. *Paisaxe*: ao igual que fauna, en moitas figuras é un elemento importante de protección, situándose entre os obxectivos máis frecuentes, especialmente en categorías como a V e a VI. Por iso saber se está presente no discurso é fundamental. Onde maior frecuencia atopamos é no Quercy, sendo un elemento sobre o que xira o discurso de protección do parque, ao igual que o patrimonio. En Galiza é importante tamén e en Salambala apenas aparece (Figura 6.26).
46. *Dereitos*: en Salambala é onde con maior frecuencia atopamos o concepto, cunha forte intensidade en varios puntos do documento. No Quercy non aparece e no Xurés só dúas veces. É normal que se cite tanto en Namibia, pois un dos obxectivos máis importantes de Salambala é que a xente gañe o dereito de uso do territorio e dos animais que viven nel, idea sobre a que se asenta a protección (Figura 6.26).
47. *Tradicións*: aparece unha vez en Salambala e no Quercy, e ningunha no Xurés (Figura 6.26).

6.2. Entrevistas: análise estadístico

48. *Tradicional*: vinculada á palabra anterior, tan só se menciona nunha entrevista no Xurés e en dúas no Quercy. En Salambala ten unha presenza algo maior (Figura 6.26).
49. *Poboación*: é un termo que é piar do novo paradigma, pero en Salambala pouco frecuente, mentres que tanto no Quercy como no Xurés aparece ao longo de todo o texto e de tódolos discursos. É no Quercy onde ten unha distribución máis homoxénea, suxerindo que a poboación está no centro do discurso (Figura 6.27).
50. *Xestión*: e un dos conceptos analizados na tese, e mentres que en Salambala e en Xurés si ten unha maior presenza, no Quercy é menor (Figura 6.27).
51. *Parque*: No Quercy e no Xurés é a palabra que destaca sobre as demais por ser o obxecto análise de estudo. Ten unha forte implantación no discurso de todos os entrevistados. En Namibia apenas aparece, pois falamos de conservancy e non parque (Figura 6.27).
52. *Actores*: no Xurés non se mencionan e en Salambala tan só unha vez. É no Quercy onde máis se cita. Aínda que a priori aparece recollida poucas veces, que o faga no Quercy é interesante. Entender a poboación como actores do territorio é unha idea que implica unha concepción diferente de como xestionar o parque e a relación coa poboación (Figura 6.27).
53. *Poboación local*: como dixemos ao longo do marco teórico, é un concepto de singular importancia. No Quercy e no Xurés ten unha distribución similar, se ben en Francia aparece máis concentrada en algúns actores, en Galiza faino ao longo de todo o documento. Pola contra, en Salambala apenas se menciona (aquí fálase de comunidade) (Figura 6.28).
54. *Crecedemento*: No Quercy non aparece, mentres que no Xurés e Salambala aparece unha única vez. É importante esta idea e saber se se utiliza, pois vai ligada indiscutiblemente da idea de desenvolvemento sostible (Figura 6.28).
55. *Ingresos*: en Salambala é unha idea que dirixe o discurso de tódolos entrevistados, con intensidade significativa pois é un dos obxectivos principais do parque. No Quercy e no Xurés apenas se cita (Figura 6.28).

56. *Desenvolvimento sostible*: ao igual que poboación local, é unha idea clave no novo concepto de protección, mesmo se no discurso de Salambala non se cite. Pola contra, no Xurés e no Quercy si aparece, sendo moito máis frecuente no parque francés ca no galego. Igual ca outros termos, dá claves para entender como se ve o parque e sobre todo, como se xestiona e con que fins (Figura 6.28).
57. *Participación*: unha idea que a priori semella importante e interesante aparece con pouca frecuencia en tódolos parques (Figura 6.29).
58. *Plan*: a existencia dun documento onde se marquen estratexias e obxectivos é fundamental. Ten unha frecuencia similar en tódolos parques, aínda que superior no Quercy. Parece algo normal, pois a súa lexislación non permite a existencia dun PNR sen este documento, e non telo implica sancións e perder a protección (Figura 6.29).
59. *Territorio*: é un dos conceptos que presenta unha diferenza máis acusada entre as distintas figuras. Destaca especialmente no Quercy, pois a idea de parque ligado ao territorio é un dos piares sobre o que se asenta. No Xurés presenta unha menor frecuencia e en Salambala no se recolle (Figura 6.29).
60. *Apropiación*: un termo dos máis “innovadores” e quizais menos estendido nos discursos dos actores, pero que vai adquirindo maior repercusión na ordenación do territorio. É no Quercy onde ten unha maior presenza mentres que só aparece unha vez nos outros dous espazos protexidos (Figura 6.29).
61. *Colaboración*: non ten unha presenza significativa en ningún dos parques (Figura 6.30).
62. *Información*: ten unha implantación significativa nos discursos creados entorno aos tres parques, aínda que a distribución non é homoxénea. Así, sobre todo no Xurés e Salambala concéntrase en determinadas persoas, pero no Quercy atopámolo de xeito homoxéneo. Ter un acceso sinxelo á mesma mellorará a percepción (Figura 6.30).
63. *Educación*: para nós, unha das ideas máis importantes ligadas á protección da natureza en tódolos seus niveis. Onde menos se emprega é en Galiza,

6.2. Entrevistas: análise estadístico

seguida de Namibia. Pola contra, en Francia aparece ao longo do documento e con intensidades altas, o que nos mostra que sen ser a idea central do discurso no Quercy (Figura 6.30).

64. *Prohibir*: no Quercy cítase dúas veces, en Salambala e no Xurés non aparece (Figura 6.30).
65. *Restricións*: é un concepto interesante polo que implica. Onde máis presente está é no Xurés, mentres que en Salambala e no Quercy non aparece. Pola súa connotación negativa saber quen o emprega e onde é moi importante, e que sexa un termo moi empregado en Galiza axuda a entender a percepción da poboación (Figura 6.31).
66. *Lexislación*: é un elemento fundamental para o bo funcionamento dun espazo protexido. Un termo que a priori semellaba importante ten unha escasa presenza nos tres discursos analizados. Tanta, que no Quercy e no Xurés non aparecen. En Salambala si é mencionado por dúas persoas ao longo das entrevistas, pois precísase unha lexislación efectiva para que a figura se desenvolva con éxito (Figura 6.31).
67. *Presuposto*: aparece en tódolos parques, aínda que cunha intensidade baixa, sendo algo superior no Xurés (Figura 6.31).
68. *Analizar*: só aparece no Quercy, cunha única referencia (Figura 6.31).

A análise da frecuencia destas 68 palabras vén a reforzar o traballo realizado no subcapítulo anterior, confirmando que determinados termos ligados ao funcionamento dos espazos protexidos son máis frecuentes nuns casos ca noutros, a pesares de ser da mesma tipoloxía. Reafírmase a idea de que en Galiza hai un discurso máis disperso, mentres que en Francia se asenta en conceptos como paisaxe, patrimonio e territorio. En Namibia, este constrúese entorno á fauna, os beneficios e dereitos da poboación local.

6.2.3.1. Discusión

As palabras analizadas neste apartado non son casuais, senón que todas elas teñen sentido no noso marco teórico, así como nos piares das novas estratexias de conservación.

Hai algúns termos que coinciden nas tres figuras de protección, e que á súa vez, teñen unha forte presenza: *tempo, protección, obxectivos, plan, información, e reunión* teñen unha distribución “semellante” entre os tres parques, indicándonos que son conceptos amplamente establecidos nos mesmos. Un elemento que nos parece interesante, pois son termos que como indicamos no marco teórico, son de vital importancia nas novas estratexias de protección.

En Galiza destacan pola súa implantación, outros coma *axudas, subvencións, e apoio*, todas elas ligadas a como se agardaba que o parque incidise no territorio, resultados que nos parecen interesantes. *Rural* aparece por ser un territorio desas características, *turismo e gandería*, son dúas actividades fundamentais, mentres que *poboación local* é un termo amplamente presente nas novas teorías, polo que concorda perfectamente con elas. O termo *falta*, fóra de contexto pode non dicir nada, mais dentro das respostas axudará a entender a percepción da poboación.

Nun segundo grao: *concello, protección, historia, agricultura, diñeiro, xestión, desenvolvemento sostible, e territorio*. Son termos importantes, aínda que non tan representativos como os citados no bloque anterior, o que mostra que están presentes só nalgún dos actores entrevistados.

En Francia, os termos que aparecen con maior frecuencia e ao longo de todos os discurso son: *concello, Estado, concertación, protección, proxecto, rural, ordenación, contrato, patrimonio, paisaxe, poboación, parque, desenvolvemento sostible, territorio, e educación*. Algúns deles xa os mencionamos na nube de palabras e outros son novos. Considerámoslos importantes todos eles, pois son empregados pola maioría de entrevistados, máis *ordenación, contrato, paisaxe e patrimonio* son os que imos destacar. Como se dicía na teoría, atribúeselles aos parques naturais rexionais unha función de *ordenación e desenvolvemento*, que aparece fortemente recollida no discurso. Así mesmo, a forma de implantar os PNR implica unha especie de contrato entre *parque e concellos (protección contractual, tamén mencionada)* e *patrimonio e paisaxe* son dous elementos dos que

6.3. Análise convencional

se protexen, e sobre os que como se verá no seguinte bloque, se constrúe a base da protección.

Nun segundo grao aparecen: *comunidade, historia, economía, agricultura, turismo, explicar e poboación local*, que coma no caso do Xurés, teñen importancia, pero non aparecen no discurso de tódolos actores.

En Namibia, os termos que aparecen con maior uniformidade nos diferentes discursos son: *comunidade, goberno, conservación, propiedade, turismo, animal, beneficios, fauna, diñeiro, dereitos, e xestión*. Como nos outros casos, algún dos termos coincide coas palabras máis empregadas e reflexadas na nube de palabras, o que nos indica que están presentes na maioría das persoas entrevistadas. Afíanzase así a idea dun discurso marcado nos piares da *conservación da fauna* e na súa *xestión* por parte da *comunidade*. Aparece o termo *propiedade e dereitos*, pois esa poboación vivindo dentro das *Conservancies* recibe os *dereitos* para explotalos (e con eles os *animais*).

Nun segundo grao aparecen outros termos como *protección, lexislación ou educación*, que sen estar implantados en tódolos entrevistados, son frecuentes.

En resumo, vemos unha vez máis que hai determinados termos e ideas sobre as que se asenta o discurso dos entrevistados, orientándonos para a análise das entrevistas en profundidade. Os datos obtidos nesta fase, a parte de reiterar determinados conceptos asociados a cada un deles, como xa viramos na anterior, móstranos outros que sen seren tan abundantes, si aparecen nos seus discursos.

6.3 Análise convencional

Se até agora empregamos o programa R para analizar tanto as enquisas como as entrevistas, dende este punto faremos unha análise clásica dos datos cualitativos para intentar atopar resposta e apoio aos datos que viñemos obtendo. Por temáticas, intentaremos reconstruír o discurso dos actores entrevistados, e ver sobre que elementos se apoia a construción de cada parque, como se xestiona e que lugar ocupa a poboación local no discurso.

6.3.1. Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés

Como se verá a continuación, o discurso no parque do Xurés presenta acusadas diferenzas co caso do Quercy e Salambala. A pesares de ter un fondo teórico semellante e obxectivos e forma de xestión similares, a información que podemos extraer será moi diferente en cada un dos casos estudados. O que máis destaca cando se analizan as entrevistas é a visión negativa sobre o parque, en concordancia coas percepcións obtidas nas enquisas realizadas previamente. Coa axuda das entrevistas realizadas trataremos de entender sobre que piares se asenta ese discurso que *a priori*, mostra grandes diferenzas co que debería ser o dun parque natural.

A filosofía do parque natural é que se manteñan os usos e a xente, ese é o obxectivo. [Xurés7]

Podemos afirmar que inicialmente a situación foi semellante a doutras figuras, xurdindo oposición por parte dos veciños ante o novo ente. Como se irá vendo neste e nos outros espazos protexidos, está moi relacionado coa falta de participación e información. Se ben é unha situación habitual (a oposición inicial), o que o fai diferente no caso galego é que esta mantívose en porcentaxes altas co paso do tempo, como se mostraba nas enquisas.

O problema grande, así, houbo un primeiro momento de forte rechazo ó parque. Nese momento os gobernantes tiñan unha idea de que ía ser perxudicial, as prohibicións, as limitacións. A xente estaba moi sensibilizada. E bueno, houbo unha primeira época de dificultade e pouco a pouco a xente foi entendendo que podía ter as súas ventaxas. [Xurés11]

Pero para entender esa percepción por parte da poboación local, analizaremos os resultados das entrevistas agrupados en bloques. A través desta metodoloxía obteremos respostas ás cuestións presentadas.

6.3.1.1. Carencia de discurso único.

Unha das primeiras ideas que atopamos é a falta dun discurso único. A protección e o parque non se constrúen entorno a unhas ideas comúns e compartidas entre os diferentes actores. As respostas que atopamos para comprender este punto son:

- Falla criterio político e vontade xeral para entender o parque natural dende a administración

Numerosos entrevistados mencionan como punto importante a carencia dunha estratexia xeral de protección da natureza por parte dos organismos que nela se ven implicados, así como dos actores que nela participan. De feito, algúns mencionan a falla de políticas encamiñadas a desenvolver con éxito o que leva aparelado a creación dun parque natural, sendo especialmente críticos coas distintas administracións políticas sobre as que recae a súa xestión:

Hubo unha época moi boa, empezouse a mover moito. Empezaron a haber axudas para os veciños, asociacións. E a xente estaba totalmente identificada coa idea do parque como posible motor da economía da zona. Problema: falar do criterio político. [Xurés1]

Crítica que se estende aos xestores do parque:

Falta a vontade de que quen dirixe, aposte por iso. [Xurés1]

Ós gestores non se ve que lle importe. Se houbese unha persoa que lle importara, madre mía. [Xurés3]

Pero tamén á administración en xeral:

A administración responsable de manter o parque, de manter o soster, promocionalo. Nos ten abandonado. [Xurés1]

Queixas sobre a falla de implicación para que o parque funcione como tal. Transmiten a idea de que non hai unha vontade clara e real para que o presentado sobre o papel se leve á realidade do territorio.

O que non funciona é o parque. Non hai interés. Basicamente a xente do parque son funcionarios que veñen aquí, cumpren o seu horario. Non o viven, entendes. Tú cuando tes... aquí houbo un director, que era de Celanova. Que estaba aquí, mañá e tarde. Víalo no monte. Unha xente que si vivía, estaba implicado. [Xurés2]

E na mesma liña:

Pero si botan de menos, ao igual que eu como alcalde, que non haxa un pouco máis de atención. Que non se teña o parque en todas as consecuencias. É moi bonito dicirlle a Europa, temos un parque conxunto con Portugal dos máis grandes da Unión Europea, pero a nivel papel. A nivel como tal, a verdade é que hai un abandono bastante importante. [Xurés5]

Acusando aos xestores e administración de non coñecer o que pasa no territorio:

E que eu creo que moita xente descoñece que hai unha ampliación do parque, Calvos, Lobeira e Bande. Moita xente descoñece. E creo que incluso dende a sede do parque descoñecen que estamos. [Xurés9]

Así mesmo, a idea de desorganización é a máis repetida entre a xente que foi entrevistada, apuntalando os datos das enquisas. Non só en canto a obxectivos, senón a quen dirixe e como se xestiona. Isto non implica unicamente que a poboación non entenda que está a pasar no parque ou para que serve, senón que vai máis alá, afirmando que os responsables encargados de xestionar e comunicar tampouco teñen claro os procedementos a seguir.

Pero a miña pregunta é: quen xestiona o parque? Conservación da natureza? Eu xa lle puxen de manifesto que me parecía un desastre. [Xurés12]

E a isto non axudan os cambios en canto ao lugar que os espazos protexidos presentan no esquema administrativo da Xunta, utilizado como proba de non ter unha idea clara do que representan ou de que xeito xestionalo, así como o lugar que ocupan na planificación territorial.

6.3. Análise convencional

Conservación da natureza. A consellería de Medio Rural. Porque antes estaba en Medio Ambiente. Ata dá a impresión de que parece unha pelotilla. E que non saben onde ubicalo. [Xurés12]

Idea que se observa incluso en temas tan recorrentes como é o do lume, cando o entrevistado é alguén da administración.

Pero o que pasa é que ese tema non é noso. É un tema de Agricultura. Nós estamos en todos os foros que temos coa Consellería de Medio Rural, tratando que se faga un esforzo. [Xurés8]

E o mesmo pasa coa gandería, un dos piares da paisaxe do Xurés:

Tema de razas autóctonas depende da consellería de medio rural. Osea aquí, cada un ten as súas competencias. [Xurés4]

Traducíndose en ideas como a seguinte, que expresa a organización estanca na que se moven as distintas administracións. Isto limita moito as actividades que poden realizar, mesmo se a base dos parques naturais é precisamente todo o contrario, a unión de obxectivos que aparentemente son diferentes, sobre un mesmo territorio.

Si, nós somos conservación da natureza. Engonces ó que estamos máis dedicados e a conservar. O que si estamos facendo agora é facendo un esforzo en temas de promoción do espazo. É un pouco complicado, non só vamos, campañas de promoción e demais, senón tamén áreas recreativas, recuperación de zonas de baño, e todas estas moi vinculadas a espazos naturais. [Xurés8]

Desa falta de coherencia é da que os representantes políticos dos concellos sobre os que se asenta son conscientes. Entender esas eivas pode axudar a mudar o xeito no que se desenvolven as accións e mellorar o funcionamento do Xurés, e con el a percepción da poboación local.

(Coherencia) Imprescindible. Pero na mesma dirección temos que remar parque, administración, tódalas administración. E os veciños. Se cada un imos nunha dirección non imos chegar a acadar o que pretendemos. [Xurés13]

ou:

Deberíamos traballar, esa é a miña idea, máis coordinados e máis conxuntamente. Non teñen un director de parque físico que poida estar aquí, entón todo está máis limitado. Pero bueno, intentamos dialogar pero si que, eu sería das partidarias de traballar nesa liña. Unha colaboración máis directa con eles, máis comunicación.[Xurés12]

Esa falta de corpo uniforme deixa o funcionamento do parque non baixo procedementos estipulados, senón baixo relacións que pouco ou nada teñen que ver cunha estrutura administrativa estándar. Dependendo moito de iniciativas persoais, o que fai que o funcionamento do parque dependa de quen o xestione, e non se faga seguindo uns procedementos comúns:

Tivemos a sorte que no goberno do bipartito nombrouse como persoa de espazos naturais a Jose Benito Reza, que é unha persoa de Celanova. Un dos creadores do parque no seu momento, e para isto era unha persoa que tiña unha especial querencia, non? Volcouse en promovelo, dinamizalo, buscar o recoñecemento da Reserva da Biosfera. [Xurés1]

O cal permite entender a visión negativa dos habitantes, podendo extraer das súas verbas que a situación non vai mudar ata que haxa unha maior coordinación entre os diferentes axentes.

Non hai ningunha cousa que nos invite a ser optimistas con respecto á xestión actual do parque. [Xurés12]

Así, preséntase unha primeira visión un tanto negativa na que a falla de coherencia e organización son as ideas máis destacables. Para intentar entender esta visión xeral, imos ir analizando aspectos máis concretos da xestión e a descubrir a causa desa percepción.

- Unha base teórica clara

A idea inicial contrasta coas respostas que se dan cando se pregunta por que se cree que forman parte do parque. Os entrevistados teñen unha idea clara do que é un parque natural e os motivos polos que entraron. Os actores son conscientes do que unha figura deste tipo pode representar para o territorio e das súas vertentes a

6.3. Análise convencional

nivel proxección e desenvolvemento. En primeiro lugar, atribúeselle un efecto de promoción:

Para introducir o parque? Pois evidentemente, o feito en si dentro do que se lle chamaría parque natural, eso era de por si un “pedrigri” que se lle dá a unha zona. [Xurés12]

E na mesma liña:

Un elemento de distinción, que ensalzaba o territorio (...) loxicamente aquí nos viñeron cunhas expectativas que a día de hoxe non se están cumprindo nin á primeira. [Xurés3]

Así como crear un instrumento para desenvolver actividades e xestionar ese territorio con diferentes fins.

Entón eu creo que os argumentos dende o punto de vista científico e socioeconómico reuníanos todos. Entón, o que nos planteaban era crear un instrumento que potenciase todo iso e axudase a zona. [Xurés11]

Dándolle un lugar central á mellora das condicións de vida da poboación que vive dentro e as actividades que veñen realizando dende sempre, o que á vez é un pilar fundamental dos parques naturais, o desenvolvemento sostible.

A razón de que isto sexa parque é porque a xente foi cuidando ao longo dos anos este territorio. Entón tratábase de que a xente seguira ocupando o territorio, coas axudas necesarias para que conservaran unha cousa que entendíamos que tiña un valor a protexer. E ese era o obxectivo, que se fosen mantendo industrias relacionadas coa hostalería, co turismo, co forestal, co gandeiro, coa apicultura. Ese era o argumento e a estratexia. [Xurés1]

E, para certificar esa comprensión do que unha figura de este tipo é, moitos actores son capaces de poñer exemplos doutros lugares nos que si se establecen con éxito actividades asociadas á protección e á xestión dos espazos protexidos. Isto dános a entender que a crítica non é aos parques naturais e á súa filosofía en xeral, senón ao xeito no que o Xurés está xestionado. Un exemplo claro é Portugal, por tratarse dun espazo que linda co parque e que forma parte da mesma figura

(Reserva da Biosfera):

A dimensión de Portugal, este é o único Parque Nacional que ten no continente. Despois ten Azores e Madeira. En pleno continente só este. Case todos os escolares viñeron aquí, e acaban volvendo. Hai unha dimensión do outro lado. A eses niveles. [Xurés2]

O 50 % do turismo é portugués. Ti vas ao parque de alí e velo super cuidado. Velo niquelado. [Xurés2]

Por ser máis visibles as accións, son máis evidentes os efectos que teñen no outro lado da fronteira:

Axudas para as terras, para desbrozar anacos. Por que o fan en Portugal? Porque o fan, desbrozaron toda esa ladeira. Levan alí o ganado. Claro, se chega o lume non arde. [Xurés6]

Pero tamén con referencias a outros puntos de España e espazos que quedan máis lonxe en termos de distancia xeográfica:

O parque natural non está reñido coa ganadería extensiva, ao revés, é unha integración perfecta. Ti vas a Ordesa ou outros sitios, non son parques naturais, pero andan rebaños de vacas nos vales, e eso non deteriora nin moito menos os parques. Ao revés, é un mantemento excelente. Por que non aquí? [Xurés5]

E tamén a Francia, un dos outros modelos que estamos a analizar:

Ti vaite a Francia. E estamos aquí máis retrasado que non sei. Por catro que manejan todo e enriquecerse. [Xurés6]

Ou nestrouta cita, onde se fala das accións que se levan a cabo en outros espazos a través de exemplos concretos.

6.3. Análise convencional

Que era axuda tanto para os núcleos en si como para o propio monte, que debería estar máis atendido e facendo mellores cousas. As construcións dos pobos deberían ter unhas axudas para rehabilitacións e historias desas que en principio, xa digo, está un pouco na pérdida de tempo. Non se plasmaron ata o día de hoxe. Pero bueno, esperemos que veñan tempos mellores e que eso poida xurdir adiante. En definitiva, en todas as partes de Europa ou unha maioría das partes de Europa, onde hai unha figura similar, pois as poboacións que se integran teñen os seus beneficios. En España, ata día de hoxe, nalgúns si, no Xurés dende logo non. [Xurés5]

O que nos fai entender que non hai un rexeitamento frontal ao que supón un parque natural en si mesmo, senón ao que ocorre no Xurés concretamente, a como se xestiona e a como repercute na poboación.

6.3.1.2. O proceso participativo

Un primeiro elemento no que se distancia da teoría e do paradigma actual, e especialmente dos outros casos analizados, é o lugar que ocupa a poboación local na toma de decisións. Se a base teórica é que os veciños formen parte da xestión e que o acceso á información sexan unha das claves, o proceso de concertación destaca pola súa ausencia no Xurés, unha idea que recoñecen tódolos actores. Dáselle un rol moi superficial ao que ao noso entender é o eixo central deste tipo de figuras.

A toma de decisións

- A creación

A primeira idea que destaca é que o proceso de participación só se leva a cabo cando se implanta o Xurés, se ben a teoría di que o proceso participativo debe ser continuo no tempo:

Aí se contou coa opinión da maioría de todos eses núcleos. Eu precisamente me reunín con cada un deses núcleos. E deron a súa opinión, si querían ou non, e, se querían que o que é o núcleo de poboación estivera integrado ou non. [Xurés5]

Unha vez aprobada a creación, abandónase un dos piares sobre os que se asenta a categoría, e cando se fixo non se tratou de procesos “participativos” no sentido literal, senón que sería máis adecuado falar de procesos informativos. Nas seguintes citas vense a dicir que malia o proceso “participativo”, as decisións tómanse fóra:

Si, falando con xente que coincideu naquela época, que intentaron vir a explicar, o que pasa é que foron recibidos de maneira un pouco hostil, no caso incluso violenta. Entonces foi difícil. Ó final faise por decreto dende Galicia, dende Santiago. Por decreto. Pero si que houbo bastante rechazo frontal. [Xurés1]

Máis que explicarlle á xente, queríaselles implantar. Queríaselle case, dalgún xeito, obligar. Dese xeito son poucas as cousas que se consiguen, polo menos ao meu modo de ver. [Xurés5]

Como se dicía, unha vez é creado os veciños pasan a un segundo plano. Están aí, pero informalos e que participen non é unha prioridade.

Non, a día de hoxe, unha vez que hai un plan director do parque que se aprobou, coa poboación agora non se conta practicamente. O único cando houbo, digamos, a redacción do plan director que se fixo o ano pasado, si se lles comunicou aos diversos concellos para poder presentar alegacións, emendas ou propostas (...). Pero coa xente do lugar, a verdade, e que nunca máis dende entón se contou para nada. [Xurés5]
Eu si que sei que nesas zonas, previamente á inclusión do parque, si que fixeron charlas no que son esas dúas aldeas para explicarlles. [Xurés9]

Aínda así, son conscientes da súa necesidade e da importancia dos coñecementos que ten a poboación local e como poden axudar a xestionar mellor:

6.3. Análise convencional

Ti experimentas, podes falar. Deste tema non eu, calquera veciño, que a súa universidade fose a da vida, pódese plantar nunha cátedra a alguén con 20000 carreiras e masteres, pódelle explicar cunha claridade tan clara e meridiana, de que se trata este problema, esta realidade. Que creo que sobra calquera publicación, tema, tese. [Xurés12]

E isto suxírenos unha certa idea de desapropiación do espazo por parte da poboación derivada dunha idea xeneralizada (e certa) de que as decisións se toman dende fóra, impostas pola administración, ben sexa achacando as críticas a Santiago ou Ourense.

Eso que como case sempre que vén de Santiago, non é axeitado. Falta de coñecemento sobre o terreo sobre o que vas aplicar as medidas que estás deseñando nun despacho que ás veces ten os seus problemas. [Xurés1] Se está nunha oficina en Ourense. Que nunca saíades de alí, só agora. Porque vos obligan. Vesnos tu dicer como funciona esto. [Xurés6]

Sendo a administración consciente dos riscos que ese distanciamento entre poboación e decisións conleva, aínda que non se fai nada para remedialo:

O que se nota é que cando un territorio vén dende a administración, as decisións veñen de arriba cara abaixo. Eu creo que debía ser un pouco ó revés. Xente de aquí que participara un pouco máis na xestión. Na toma de decisións (...). E iso si que se nota que a xente reaciona moito mellor pois cando a xente participa máis na toma de decisións. [Xurés4]

Parece, pois, que se presenta unha dicotomía entre a teoría e o que ocorre na realidade. Se na teoría os veciños deben participar da xestión, idea que os actores entrevistados coñecen, o certo é que na práctica non se realiza.

Tú para poder protexer algo tes que ter acceso a el. Tes que poder chegar cunha motobomba. Era triste e lamentable estar esperando nunha zona e mentres ver como ardía o resto. Porque non se pode actuar aí por ser zona de protección. . . entonces, claro, ás veces. . . Sigo insistindo en que non hai máis ecoloxista que a persona que vive e aquí, e que quere o seu territorio. [Xurés13]

En resumo, temos ante nós un proceso participativo que non se mantivo no tempo, e que se caracterizou por ser máis informativo ca participativo. Así, un dos elementos cruciais como é o lugar que ocupan os veciños neste tipo figuras, queda relegado a unha idea teórica que na realidade está ausente.

- A toma de decisións e os seus órganos

Outro elemento interesante é a toma de decisións entre as diferentes administracións e á súa vez a relación cos veciños. Dende a administración autonómica faise énfase en que hai bos procedementos para xestionar mentres que as administracións locais veñen a dicir que son insuficientes. Así, hai reunións e colaboración entre o parque e os concellos, e estes forman parte de estruturas como a Xunta Consultiva:

Cos concellos tes actividades. Teñen os seus funcionamentos. Está a administración autonómica. Logo si que están por exemplo, os concellos representados na xunta Consultiva do parque. Hai actuacións que os concellos solicitan ó parque, por exemplo limpeza e mantemento. Entón, pero non hai establecidas reunións periódicas. [Xurés4]

Aínda que a periodicidade non semella a adecuada.

Reunímonos na mesa de seguimento do parque todos os alcaldes unha/dúas veces ao ano. Co xefe de servizo. Ás veces vén incluso algún director xeral, pero o resultado vén sendo o mesmo. [Xurés5]

Buscando unha maior implicación na xestión por parte dos diferentes actores:

Tamén se volcaron en que os concellos estivesen implicados. Queiras ou non é básico na xestión do territorio, da xente. E si, houbo aí medidas que se acordaron conxuntamente. Plans de emprego, por exemplo creación de emprego ligados a espazos naturais. [Xurés1]

Os concellos designan unha persoa para que os represente, e esta encárgase á súa vez de levar información á volta.

6.3. Análise convencional

Unha persoa designada polos alcaldes. E cada ano intentan facer unha reunión para comunicarnos o que fan. Pero esa reunión de pouco vale se non se fai nada. [Xurés12]

Tamén participa a poboación local a través de diferentes asociacións:

*Si, parte da poboación local forma parte da xunta consultiva. De feito están representadas as comunidades de montes, asociacións de veciños. Despois, actividades nos colexios co obxectivo de educación ambiental, na que tamén participan os concellos e colexios. [Xurés4]
Hai os patronatos, que se convoca cando se convocan e que teñen unha eficacia moi limitada. Entón é que moitas veces non se teñen axeitadamente en conta os criterios e opinión que alí se dan. [Xurés11]*

E, a pesarmos desa aparente boa colaboración, hai dificultades para obter información e reunirse cos xestores do parque. Xa nas enquisas se observaba percepcións negativas en canto a este elemento, e algunhas citas veñen a confirmalo.

Nada, incluso nós como asociación de empresarios lle temos pedido reunións. E pasan de nós. [Xurés3]

Sendo ese proceso de comunicación e información algo máis sinxelo cos alcaldes:

Nós temos tido reunións coa alcaldesa. Moi ben. Pero polo parque, non. [Xurés3]

E para volver reafirmar que non é unha crítica aos parques naturais, senón a un elemento concreto, en varias ocasións faise referencia a un antigo empregado co que a comunicación resultaba máis sinxela.

Antes estaba moi ben. Chegabas alí onde a directora e mira que queríamos aquilo. E ela dicíache. Pódese. Ou non. Non todo o que pides. Pero ela analizaba. Non te preocupes que está feito. Calquera cousa que facías e ti sabías con quen falar. [Xurés3]

Unha idea que se pode resumir na falta dunha boa estrutura na que tódolos actores estean representados, a través da cal comunicarse e informase sexa efectivo, e un lugar no que crear un verdadeiro discurso entorno ao parque.

A xestión

- O lugar da poboación local

Como se afirmaba no marco teórico, sobre os habitantes recae un rol fundamental na xestión neste tipo de figuras. Na teoría recoñécese o papel dos veciños no modelado do espazo e no labrado dos trazos que deseñan a paisaxe actual, pero ese recoñecemento desaparece unha vez se crea o parque.

O parque non o fixeron iles. Foron os veciños os que o conservaron. [Xurés3]

Esto ao mellor é máis controvertido pero eu creo que os maiores defensores do territorio, os maiores ecoloxistas do territorio son os propios veciños. [Xurés13]

Do mesmo xeito, afirmase que non se pode entender un territorio e o seu funcionamento sen ter en conta a súa poboación:

A tristeza máis grande é a riqueza que se está a perder polo camiño, baixo as copas desas árbores, nesa natureza, neses montes, toda a riqueza que hai baixo eles, que non é soamente a riqueza natural, senón a riqueza antropolóxica, humana. Que existe, que existiu. Un territorio habitado dende tempos inmemoriais. Non o digo eu, dio a pegada do tempo. Dólmenes, menires. Época megalítica, neolítica, romana. Época visigoda. Unha profunda pegada na terra, que se está intentando preservar. Pero quen a preservan? Agora mesmo os heroes son os veciños, que están aquí tódolos días vivindo. [Xurés12]

Os parques naturais están nun territorio. Neses territorios viven persoas(...). Que aí, cando viven persoas e van inversións para esos territorios, que a xente teña en conta que esa inversión non se fai sobre esas paisaxes, sobre ese territorio, que se fai sobre un patrimonio universal e que se fai sobre todos. E esa perspectiva é a que se perde. Esa é a perspectiva que non se sabe transmitir. Non interesa transmitila. [Xurés12]

Así como:

6.3. Análise convencional

Este parque natural por que se chegou a declarar parque natural? Porque durante centos e centos de anos a xente que vivíu eiqui, protexeu este entorno (...). Entonces hai que convivir, e á xente haille que deixar vivir. Deixar que poidan disfrutar do que é seu. [Xurés13]

Aínda que iso non se traduce na xestión actual do Xurés, transformándoos en actores pasivos do territorio:

A xestión dun parque é complicada. Efectivamente as propostas que se presentan ó espazo son por unha parte as necesidades que vemos nós no mesmo espazo, como xestores observamos unha serie de necesidades, pero tamén se admiten propostas de concellos ou entidades que están no territorio, que nos trasladan as súas ideas. Sempre por medio dos técnicos dos parques. [Xurés8]

E como xa se viu anteriormente, quedan relegados na toma de decisións a un papel secundario. Fálase de participación como sinónimo de información, e non é o mesmo.

Eu penso que para que ti poidas tomar decisións tes que estar ben informado. Entonces eu penso que o principal é empezar por informar ben a xente. Si traballamos con moita xente, ás veces é difícil que toda a xente. . . As decisións hai que tomalas i é complicado contentar a todo o mundo. Pero si tu os escoitas, si que moitas veces sabes de pros e contras que moitas veces ó mellor nin te deras conta porque non estás vivindo alí todos os días. Ou porque ás veces as decisións tómanse dende un despacho, un técnico que o ve maravilloso en papel pero na práctica non é. Non considero que todos teñan que tomar as decisións. Porque eso non é operativo á hora de xestionar pero si que considero que é necesario explicar e escoitar. [Xurés13]

Isto conduce a agrandar a distancia entre o ente do parque e veciños, pois son transformados en meros espectadores, cando sempre foran actores principais.

- Espazo protexido - Espazo compartimentado

O lugar da poboación local no Xurés non é o único que difire da teoría. Deste xeito, atopamos que non hai unha visión integral da súa xestión, pois cada Ad-

ministración céntrase en pequenas parcelas, se ben o ideal sería un único corpo encargado do conxunto do territorio. Se ademais a comunicación non é boa, fai imposible que haxa sinerxías e sobre todo unha visión integral do territorio:

Cada un ten as súas competencias. Gandería é de medio rural, o tema de incendios é de medio rural. Non é que haya mala coordinación, e que non depende de nós. [Xurés4]

Os informes de actividades de aquí pídesenos a nós. De feito, se alguén quere facer algún alprende para tema de ganadería, facer pastizáis no monte. O tema das cachenas, levoa gandeiría. E todo o tema de subvencións que poida ter, dependen deles. Exactamente igual co tema dos consorcios das comunidades de montes veciñais, depende de Rural. O tema de rural tamén. A nós pídesenos informes para facer un corta lume, un punto de auga. Pero despois a xestión de lumes non é nosa. [Xurés4]

E na mesma liña:

Despois a consellaría ten plans de conservación a nivel galego onde o parque entra tamén. [Xurés4]

Sen ser conscientes de que isto debería mudar para que o funcionamento sexa mellor, se ben moitos veciños si.

A administración debería de xestionalo ben. A consellería con competencias en Medio Ambiente. Ben, eso está claro. Pero as modificacións que fixeron fai pouco, ese modelo centralizado, desaparecendo case esa figura de director de parque, iso non axuda en absoluto. Dende Santiago non se van a xestionar os parques de toda Galicia, centralizadamente. Entón, fai falla esa figura de director sobre o terreo. [Xurés11]

A isto únese que a distancia coa que se aproxima ao territorio fai que moitas veces as decisións que se toman non sexan as que o territorio precisa.

6.3. Análise convencional

O que pasa despois, ás veces, non moitas veces, colisionan a idea de conservación que tes coa realidade do parque, pero vai pouco a pouco. É unha evolución, o bonito que ten é que está en evolución constante. Corrubedo é un parque, o 70 % é privado, un parque que a evolución lóxica da nosa sociedade, o abandono de terras, que cada vez se está volvendo máis espazo natural e menos de traballo. Pero bueno, unha evolución que creo que vai a ir en todos os espazos. [Xurés8]

Esta última cita mostra explicitamente a idea subxacente á xestión do parque, conformándose coa volta á naturalidade do espazo, cando os obxectivos da Categoría V non son eses. E así, con esta xestión fraccionada resulta difícil contemplalo como unha ferramenta de desenvolvemento sostible, pois hai moitas administracións dende as que se toman decisións e non están coordinadas.

- A rede de parques naturais

Pareceunos interesante analizar este novo ente, xa aprobado e que pretende ter un forte peso na forma de xestionar esta figura. Para axudar a ter unha política máis coherente e uniforme no conxunto de parques naturais de Galiza, decídese crear a Rede de Parques Naturais, cun único director establecido en Santiago.

Como a política da dirección era a creación da rede de parques naturais, se pensou que a dirección dos espazos debería estar centralizada nunha persoa. De todas formas en cada un dos parques existen técnicos, que son os que están no día a día. [Xurés8]

Preténdese dar unha imaxe común, o que podería rematar coa diversidade de criterios e heteroxeneidade coa que se aproxima a administración aos diferentes parques naturais de Galiza.

Un pouco dar a imaxe de que os parques en Galicia forman unha rede. Deso xa se leva falando moitos anos. Pero logo ó final no funcionamento de cada un, home hai cousas en común. Agora o tema de cambiar os logotipos en común, e despois a xestión de cada parque non ten nada que ver. Tamén é normal. Este parque non se parece en nada a Corrubedo. Ou as Fragas do Eume. [Xurés4]

E sobre todo homoxeneizar a xestión e o funcionamento dos mesmos para facelos máis viables.

Como cada un tiña as súas cousas diferentes, estruturas diferentes, intentouse homoxeneizar. Por exemplo no invernadoiro hai zonas de reserva e é unha reserva integral. Mentres que a zona de reserva aquí é zona de pastoreo. [Xurés4]

E na mesma liña, aproveitar as sinerxías que se poidan dar entre eles, aprendendo os un dos outros e compartindo as súas estratexias.

Entón, en principio queremos que se traballe dunha forma homoxénea, que a sinalética, o que é todo sexa máis ou menos así. E que cada parque teña información tamén de como se traballa noutros parques. [Xurés7]

Tratar de que a xestión dos espazos, tanto administrativa como promoción sexan unificadas (...). Para que sexa unha xestión máis ou menos uniforme. [Xurés8]

Aínda que sorprendentemente, eses mesmos entrevistados acaban recoñecendo que os parques naturais en Galiza son espazos moi diferentes entre si, tanto pola propiedade da terra como polas características.

Pero moi diferente xestión, porque o Invernadeiro é da Consellería. Non vive xente. Case unha finca privada. [Xurés4]

Os obxectivos son moi diferentes en conservación. O que se conserva aquí e alá. Alá temas de orquídeas e calizas. Aquí é outra historia. É moi diferentes. E onde vive xente pois xa é un tema de desenvolvemento. [Xurés4]

E do mesmo xeito, esa Rede de Parques Naturais acompañarase dunha nova lei de conservación da natureza (non aprobada cando se redactaron estas páxinas) e que busca entre os seus obxectivos homoxeneizar a figura de parque natural, con características comúns a tódolos parques.

6.3. Análise convencional

E eu creo que marca os novos criterios para a creación dun parque. De entrada, a superficie vai a ser unha das cuestións básicas (. . .). Eu creo que o mínimo para a creación dun parque son 10000ha, co cual solo agora mesmo, o único parque que resistiría sería o Xurés. Os outros, evidentemente haberá unha “transitoria” na lei, para os outros espazos, para que os que non cumplan os tal, sigan mantendo o status. Pero si, vai ser difícil declarar un espazo novo. [Xurés8]

Parece pois, un elemento necesario que se é xestionado de xeito efectivo pode dar grandes resultados, aínda que como se ve na cita anterior, os parques naturais declarados anteriormente e que non cumpran esas condicións, seguirán pertencendo a esa categoría. Do mesmo xeito, os novos requisitos (especialmente extensión) farán moi difícil que novos parques pasen a formar parte desta rede, co cal parece evidente que non está nos plans da administración potencialos como ferramenta de desenvolvemento sostible. E, sendo diferentes os que están declarados, parece difícil que tales sinerxías mencionadas poidan producirse.

- Ausencia de director

Outro elemento presente no discurso dos entrevistados e que nos invita a reflexionar sobre o lugar que ocupan os espazos protexidos dentro da política de ordenación do territorio, é a carencia de persoal especializado que traballe no Xurés, nomeadamente un director para cada parque. Unánime é a crítica a esta situación, habendo agora un único responsable que traballa en Santiago para todos os parques. Esta situación deu lugar a numerosas queixas, pois consideran os entrevistados que é un reflexo do desleixo da administración e da mala xestión.

Claro, non hai un director. [Xurés3]

Se tú nun sitio non tes director. Que importancia che ten a ti o espazo en cuestión? [Xurés12]

O problema que temos é que non hai agora mesmo ningunha dirección, ningún criterio. É dicir, o parque agora mesmo non me dice nada. [Xurés12]

Estamos fartos de pedirlle ao parque que poñan un director. [Xurés2]

Todas estas opinións conducen a outras máis xerais, non só centradas na ausencia desa figura, senón no funcionamento xeral do parque. Como se dicía anteriormente, asociase esta idea á toma de decisións dende fóra do parque, o cal tende a crear unha maior oposición.

Non hai nadie que leve o parque. Vas á oficina e non podes falar con nadie. Simplemente porque a decisión a teñen que trasladar a Ourense ou a Santiago. [Xurés1]

A verdade é que non hai ente. Que se hoxe o leva o xefe de servizo, que se mañá hai un en Santiago. Que se agora vai haber un só director para os parques naturais de toda Galicia. Despois, eu creo que eso está inventado. Se non hai unha persoa que realmente dirixa un parque destas características pois que non vai funcionar. [Xurés5]

Atopamos tamén que os actores encargados da xestión son plenamente conscientes de que iso sucede e das consecuencias que pode ter e das causas:

Pois se toman decisións aquí, claro. Dende Santiago, pois non é o mesmo. E ademais está para os 6. Entón, está fisicamente alí. [Xurés4]

Pensaron que eliminando 5 directores se aforraban cartos. [Xurés7]

O director sería o responsable. E iso interesa tamén unha persoa de libre disposición, no sentido de que se cambia de goberno, pois. Se é unha persoa independente, imaxínate que é unha praza fixa. [Xurés4]

Eses continuos cambios en función do goberno poden contribuír negativamente á materialización de diferentes políticas de conservación, alterándose cada vez que o persoal cambia, dificultando unha liña coherente no que respecta á xestión de cada parque natural en si mesmo, e á política de conservación en xeral.

Cando falamos con eses novos encargados de levar a cabo as políticas de conservación da natureza, dáse algún caso no que a traxectoria non semella excesivamente vencellada ao cargo que desempeñan.

Eu son biólogo de formación. O que pasa é que a maior parte da miña traxectoria estivo en temas pesqueiros. [Xurés8]

6.3. Análise convencional

Un elemento que incide claramente no funcionamento dos espazos protexidos, o cal unido á ausencia de director postúlase como a primeira gran crítica ao parque natural, sendo para moitos a base dos problemas de xestión, que á súa vez inciden na percepción que a poboación local ten sobre o mesmo.

■ Comunicación e educación

Se a participación da poboación local é unha das marcas distintivas desta categoría, tamén o é en igual medida como se xestiona a información do parque e o xeito no que se comunica. Como vimos nas enquisas, a maioría da poboación non valora de xeito positivo a estratexia comunicativa nin as ferramentas que se empregan, o cal será un factor clave tamén para entender o porqué das percepcións. É aquí onde a falta de director aparece ligada á estratexia comunicación:

Aquí xa tiña que partir dun director, e se houberse un director que informase do que está pasando cambiarían as cousas. Chegás alí, e non sabes con quen falar. [Xurés3]

Ponse de exemplo un antigo director, e recoñécese que a labor se realizaba correctamente e que era sinxelo obter información.

Cando funcionou foi cando estivo esa señora. O resto, se chegás aí, e non sabes a quen te dirixir, non sabes con quen falar. [Xurés3]

Mentres que a carencia de alguén ao que dirixirse, ligada ás funcións tan compartidas segundo a temática das que se falou anteriormente, xeran frustración na poboación.

Ao parque nunca fomos. Nunca vou porque que vas facer ó parque? Nunca saben nada, nunca. Vou ao ayuntamiento ou vou a Medio Rural. O parque non che vale de nada ir. [Xurés6]

As administracións son conscientes de que está a fallar, de que a información que a poboación obtén acaba distorsionada.

Entón dende aquí tamén dicía (...) que quería propoñer que aparte do PRUX, houberse foros. Por exemplo, falar de incendios. . . levar xente de incendios. Que a xente vexa. Porque ten moitas dúbidas. E a información que ten é mentira. [Xurés7]

Non hai lugares onde intercambiar opinións, o cal acaba fomentando a desinformación e unha maior oposición dos veciños ao que o parque representa.

Si. Por iso, aínda que a oficina do parque está aí. Que en principio ten a un administrativo e aos técnicos que están aí tódolos días. Así que sería fácil informarse (...). Vimos de promover tamén o que son foros así, nas que a xente poida botar fóra todas as dúbidas e todos os cabreos que teñan. Creo que é necesario. [Xurés7]

O problema aquí, na forma na que se fixeron os parques naturais (...) a Rede Natura tamén. É que para min faltan esos 5 anos de falar con eles, de dicir bueno, de darlle a información, de que mirasen como se fai noutros sitios. [Xurés7]

Mentres outro entrevistado tamén afirma a necesidade de dar esa información á poboación local, e que o sistema actual non funciona porque a xente non entende a protección:

É difícil, sabes que se te dedicas a isto, en Galicia, a terra é unha cousa moi importante. Entonces, a declaración dun espazo natural implica unhas medidas de xestión que moitas veces non son entendidas. Eu creo que ó mellor si temos que facer un esforzo en trasladar a información á poboación, que tamén é difícil. [Xurés8]

Aínda que tamén hai quen di non entender por que se dan eses problemas, xa que hai unha oficina onde informarse (cousa que non se produce noutros parques naturais):

É unha cuestión curiosa. O parque está aberto sempre. Sobre todo no Xurés. Temos unha oficina con persoal continuo (...). En este caso o Xurés ten unha oficina con persoal da administración que está precisamente para atender. Non sei cal é, onde está o tapón. [Xurés8]

6.3. Análise convencional

Ademais, a educación, outro dos pilares que aparece con frecuencia neste tipo de parques presenta unha significativa ausencia nos seus discursos. Este dato pode parecer pouco importante, pero como se verá comparando cos outros casos de estudo, ten unha forte relación coa percepción da poboación local, que como recordamos, no Quercy era máis positiva ca no Xurés.

Creo que falta pedagogía, é fundamental. Si tú non lle explicas á xente o que estás facendo, a xente lóxicamente non o entende. Pois ó mellor non entende a solta de aguías, os estudos dos morcegos, ou determinadas actuacións que se fan. E iso unha persoa do pobo non o entende cando ó mellor ten pistas que están en mal estado, e outro tipo de actuacións que para eles son máis visibles e que non se están contemplando. Entón, creo que falta pedagogía no sentido que lles hai que explicar á xente por que se fan esas actuacións. [Xurés13]

Ou:

Eu penso que falta moita educación. Que falta moita formación, porque os parques naturais poden ser unha fonte moi importante de recursos. Dende o punto de vista de que se poida formar á xente para traballar, para vivir e sobre todo para preservar. [Xurés12]

En resumo, tódolos actores (dende os veciños aos políticos, pasando polos xestores) son conscientes de que a información é fundamental, e que ter un acceso fácil a ela é imprescindible para coñecer de primeira man o que pasa no Xurés. E do mesmo xeito, son conscientes de que esa labor de comunicación non se está a levar a cabo dun xeito satisfactorio, ao igual que ocorre coa educación. A ausencia de canles axeitadas dá lugar a un proceso de desinformación e a ausencia do que mencionamos no marco teórico, a construción parella do parque en tanto que ente e en tanto que idea mental.

6.3.1.3. Obxectivos e marco de referencia

■ Obxectivos

Se por algo se caracteriza a categoría V é pola convivencia de obxectivos de protección e desenvolvemento sostible. No Xurés as enquisas realizadas deixa-

ban entrever un grao de coñecemento baixo dos obxectivos que ten o parque. Coas entrevistas, comprobamos que ese descoñecemento é real e está ligado á falta de participación na toma de decisión, así como á deficiente comunicación por parte das diferentes administracións. Así mesmo, hai unha ausencia da filosofía do desenvolvemento sostible en todo o discurso. Falando sobre os obxectivos:

Ningún, e a nivel turístico, ningún. A nivel parque, tampouco. O que estou falando é moi triste, é penoso. Pero é o comentario que se escoita aquí. [Xurés2]
Non teñen un rumbo. Ti nun negocio tes que ter unha liña, unha meta. [Xurés3]

E cando se fala coa administración, faise referencia tan só á parte natural: especies, hábitats, etc. pero non á outra metade, que engloba poboación e desenvolvemento:

E despois coa Rede Natura, hai unha serie de espazos a protexer. Hábitats que hai aquí. Hai unha serie de hábitats prioritarios. E tamén importancia da fauna que hai. É unha zona de transición entre a rexión atlántica e continental mediterránea. Entón aquí hai especies un pouco dos dous lados, entón os obxectivos un pouco son eses. [Xurés4]
Outras veces faise a reintroducción da cabra montesa ou a aguia real. [Xurés4]

E cando se mencionan os obxectivos, cítase aos veciños, fálase de métodos de compensación, axudas para determinadas actividades pero nunca é un discurso que fale dun verdadeiro desenvolvemento. De aí tamén que o termo axudas teña maior frecuencia de uso no Xurés, como vimos no apartado anterior.

Sempre se ten en conta á xente. Axudas á xente precisamente para vivir aquí, de feito a liña de axudas coa que estamos agora, bueno, dúas, unha de rede natura e outra de parques, que é para a xente que vive aquí (...). Despois axudas para temas de infraestruturas, patrimonio, temas rurais, etc. Cando se creou o PRUX tamén se crearon programas de conservación (...) un programa patrimonial para o tema de restauración. [Xurés4]

6.3. Análise convencional

Sendo o máis sorprendente que se cite a Reserva da Biosfera como figura encamiñada a conseguir os obxectivos de desenvolvemento, cando se por algo se caracterizan os parques naturais é pola inclusión da poboación e as súas actividades en convivencia coa protección.

E bueno, xa no 2009 (...) creouse a Reserva da Biosfera, que engloba xa máis a presenza humana, e todo esto. [Xurés4]

Cando se fala dos obxectivos dos parques naturais en xeral, se ben se entende que en todos eles o medio natural é diferente, en ningún momento se fala de poboación local e de obxectivos comúns, parece obvio que cada parque natural ten as súas características, pero como modelo teórico, os obxectivos deberían ser os mesmos.

Serra da Enciña hai persoas, hai dentro pobos. Ese parque desapercibido xeralmente (...) Representación da Caliza... Corrubedo, un sitio de Costa. Non vive xente pero é problemático co tema de cultivo de eucaliptos. [Xurés7]
Obxectivos de conservación teñen que marcarse en cada un distinto. Porque son unha representatividade da biodiversidade (..), no Eume o interesante son os fentos, o bosque. [Xurés7]

Tendo parques naturais cuxos obxectivos non se corresponden coa categoría.

O Monte Aloia é un parque que vén do 75 e todo o mundo ve que sería máis axeitado un parque periurbano. Porque son todo especies exóticas, alóctonas. Cada espazo, ao ter así o Invernadeiro... zona que é propiedade da Xunta, hai que aproveitalo. [Xurés7]
A forma de pensar cada un foi un pouco diferente, si. O Eume tiña claramente o bosque Atlántico a protexer, e Corrubedo é un parque e Ramsar e podía ser máis grande, coller todo o Natura 2000 e todo o ZEC do complexo húmido de Corrubedo (...). E a Serra da Enciña era a maior representación de caliza. [Xurés7]

O resultado é unha idea nada clara do que é un parque natural, que como vimos, se entronca coa ausencia de definición na Lei do 2001. Especialmente estas últimas citas mostran un pouco o que é a visión dos obxectivos dos parques naturais en

xeral, e do Xurés en particular. Por unha banda, fálase tan só da parte natural cando se citan, dato significativo especialmente cando quen responde é alguén da administración. Con esas respostas, pódese empezar a intuír a causa da oposición das veciñas, pois a diferenza dos PNR ou das *Conservancy*, o desenvolvemento socioeconómico apenas aparece no discurso. E o mesmo ocorre cando falamos con outros responsables que tamén falan unicamente da parte “natural”, deixando de lado á poboación local, atribuíndo as políticas de desenvolvemento a outros departamentos da Xunta.

En resumo, atopámonos cunha figura que se xestiona par acadar tan só unha parte dos obxectivos, deixando de lado todos aqueles que afectan á poboación e ás súas actividades. A isto axuda que o Xurés carece de un Plan Reitor de Usos e Xestión, o cal fai que eses obxectivos estean menos claros. Esta ausencia é unha das causas que axuda a entender a caótica situación na que se atopa o parque, e mesmo se é obrigatorio, non conta con un despois de ter caducado o anterior.

- Ausencia de PRUX

Un dos elementos máis significativos e que tamén nos dá pistas sobre a situación dos espazos protexido en Galiza, e especialmente no caso do Xurés, é a carencia dun PRUX que ter como base para xestionar o parque. Se ben é certo que hai un PORN aprobado, non ocorre o mesmo co documento mencionado. Isto non se produce no Quercy e en Salambala, onde é obrigatorio contar cun documento semellante, de feito se non se ten, pode levar á perda da protección. Desta situación pódese entrever tamén a pasividade da administración fronte a algo do que ela é responsable e que ao mesmo tempo considera obrigatorio para o parque. Tamén se desprende a idea da necesidade de someter aos espazos protexidos a revisións periódicas, como en Francia ou Namibia, co obxectivo de evitar que estes problemas ocorran, aínda que como vemos é a Xunta, quen ten que velar pola súa existencia, o primeiro que quite importancia ao mesmo.

O noso caducou. Estamos sen PRUG. Levamos tempo para aprobar un PRUG pero, o que temos é un PORN, que si está aprobado dende a ampliación do parque. [Xurés4]

Para suplir está situación, atopando solucións puntuais pero que non cobren as metas de xestión, pois son documentos moi xerais que non teñen a mesma

6.3. Análise convencional

aproximación que a do PRUX.

O parque coincide practicamente coa Rede Natura e está o PORN. Entón máis ou menos funciona así. Entón de momento en base ao Plan Director da Rede Natura. E despois en base ó PORN. [Xurés4]

Sendo a administración consciente do problema:

Pensamos aquí que o problema é ao non ter o PRUX. Porque o PORN é moi xenérico. Entón depende, moitas veces, así. . . para min é opinión persoal, depende do técnico que este aí. Entón se miras o PORN, á veces é moi xenérico (...). Tiña que ser algo moi sinxelo é rápido. Para que non sexa unha carga máis, a maiores para o rural.[Xurés7]

E na mesma liña:

O PRUX é o que vai arreglar moitos deses problemas que estamos tendo agora. Os PRUX teñen supremacía sobre calquer outro normativa, igual que os PORN. Co cual, todo o que se faga nun espazo natural vai a ter que estar rexido polo PRUX. As actuacións de medio rural, de turismo y demais, van a ter que ter en conta este documento. Agora non o temos, estamos traballando un pouco en base ao PORN que é o documento de creación do parque e o que marca as liñas básicas, pero necesitamos desenvolvemento, que é o que estamos a facer este ano. [Xurés8]

Fronte a esta situación, afirmase que se porá solución nun curto período de tempo. E que a totalidade de parques naturais contaran con este documento.

Se van empezar a facer os PRUX de tódolos parques. [Xurés7]

Volvendo caer en erros analizados anteriormente, pois só se informa á poboación unha vez redactado, sen participar na propia elaboración. Isto, como se mencionou no marco teórico, vai en contra do que unha figura desta categoría representa.

No PRUX, unha vez máis ou menos redactado o borrador se expón a información pública e se falará con todos os axentes sociais. A maiores, no Xurés está promovéndose a carta europea do turismo sostible. No que están máis ou menos axentes sociais, todo tipo de empresas. Na última reunión había dende casas de turismo rural, hoteis, guías, tamén había unha panadería. Unha charcutería. . . Un pouco inténtase, vender, asociar así que a xente vexa que o parque natural non só son limitacións, senón tamén hai axudas, hai subvencións, hai facilidades, hai publicidade. [Xurés7]

Aproveitando que se redactarán agora, aparentemente intentarase unificar criterios e homoxeneizar estratexias e obxectivos, así como a zonificación dentro dos parques, xa que até o de agora cada parque tiña a súa propia.

Vanse contratar a empresas así para axuda e elaboración de PRUGS. Falarase co director do PRUX, o director que leve e coordine todo o da empresa será un técnico do parque ou da estrutura territorial de Ourense. E nós estaremos en practicamente case todas as reunións para que haxa unha rede parques, para que non vaia tamén como pasou coa zonificación. Cada un, para unificar criterios, forma. [Xurés7]

E, unha vez máis deixase ver o diferentes que son os parques entre si, co cal nos volvemos preguntar se esta figura é a máis adecuada para cada un dos territorios que están baixo esta categoría.

Hai algún que vai ser máis fácil de facer. O invernadeiro é un parque que é noso. Co cual aí non vamos a ter ningún problema. O Monte Aloia rematou o PRUX no 2015 e tamén non vai a ter ningún problema, e funcionaba moi ben. O Xurés xa tivo o seu PRUX tamén, fai moitísimos anos e tampouco se conseguiu elaborar outro. [Xurés8]

Consideramos pois, dende o noso punto de vista, que a non aprobación dun elemento tan necesario e obrigatorio é a proba da importancia que para a administración representa a política de conservación da natureza, e que estaba chamada a ser o eixe vertebrador do desenvolvemento de moitas zonas rurais. E, máis alá desta apreciación, é certo que dificulta a xestión do Xurés, así como marcar ob-

6.3. Análise convencional

xectivos e estratexias para conseguilos, contribuíndo iso na percepción negativa da poboación. Así, se non hai unhas metas fixadas e un camiño para logralas, é difícil que a poboación entenda o que é e se apropie del, pois só é unha figura máis superposta ao seu cadro de vida.

6.3.1.4. Problemas

Todas estas carencias mostran, ademais dun maior rexeitamento da poboación local cara ao parque en cuestión, problemas á hora de realizar accións e estratexias para conseguir obxectivos.

- Xestión do patrimonio

Outra das ideas que aflora é a mala xestión do patrimonio, non respectando os elementos tradicionais. Patrimonio e paisaxe presentan nesta figura, igual relevancia co medio natural, cando menos na teoría.

Aquí as pontes tiráronas. Os miliarios leváronos para ó lado da carretera. O seu sitio orixinal, sacáronos e puxéronos alí e puxéronlle un merendero. [Xurés2]

Esas paisaxes que foron modeladas por parte dos veciños e as súas actividades dende que habitan o territorio tamén se ven ameazadas polas restricións, como nesta cita referente á produción gandeira.

E o ano pasado mándanos os do FOGA unha carta de que este monte non vale para as vacas. Que ten que ser praderíos. Que ten que ser pasto de herba. Dime tú para facer pastos de pastizales aquí. Si. [Xurés6]

E o mesmo ocorre co patrimonio forestal e os numerosos incendios, problema que será analizado nun bloque específico.

Pero carai, antes de gastar aproveita os cartos para que non haxa esas catástrofes como houbo. O monte. Este ano ardeu todo, pero dentro de 5 ou 6 anos o monte volve estar igual e volve pasar o mesmo. [Xurés6]

Así como a construción de encoros ao mesmo tempo que se declara o parque, algo que a priori non forma parte da mellor estratexia de conservación polos efec-

tos que ten no espazo e nos valores a protexer.

A realidade, a declaración do parque case concideu no tempo coa construción do Alto Lindoso. (...) Malia aos seus valores ambientais, xusto cando se estaba a falar da declaración do parque. (...) Un proxecto que vén do Franquismo e do Salazarismo, e cunha serie de minicentraís no río de Olelas. Máis a construción do tendido de alta tensión. Entón aí había unha falta de planificación, de acordo. [Xurés11]

Do mesmo xeito o patrimonio natural, especialmente a fauna, tamén se ven afectados por outros problemas como o veneno:

Outro problema de conservación moi grave é o do veneno. [Xurés11]

Así como a contaminación dos cursos de auga:

O problema da situación da auga no río Limia, por un lado pola construción do encoro, que anegou a parte máis baixa do val. A parte máis térmica. Ecosistemas que tiñan o seu interés. E se seguimos co tema da auga, un tema que non é do parque, pero que se xera augas arriba. O río Limia é unha alcantarilla pola mala xestión dos residuos gandeiros na chaira da Limia. [Xurés11]

E a isto únese a xestión dalgunhas especies, como o lobo ou o xabaril, e os conflitos que provocan, pero sobre todo, a introdución doutras como a aguia real ou cabra montesa. Esta última recibe críticas por tratarse dun animal externo ao parque, e que se introduce con fins cinexéticos.

Os problemas graves seguen a estar aí. E o que se fixo, bueno, mesmo o que podería facer unha iniciativa de conservación da biodiversidade, que foi a reintroducción da cabra, foi máis ben unha operación, un espectáculo, unha operación dedicada aos cazadores, non á biodiversidade. Reintroduciuse unha especie diferente, a que había aí extinguiuse. Introduciuse, podía ser bo para a biodiversidade e os depredadores. Pero agora estase a autorizar a caza. Entón, para que foi a reintroducción? [Xurés11]

6.3. Análise convencional

Ao que se une outro dos problemas que aflora a raíz da mala xestión, os problemas de uso público.

E hai outra problemática, emerxente en todos os espazos protexidos de Galicia do que non se zafan nin sequera os parques naturais. É a moda crecente das probas deportivas multitudinarias por espazos sensibles. [Xurés11]

Deste xeito e pesares dos valores que representa o parque natural, vese que a estrutura do parque e a administración non é quen de dar solucións eficientes aos problemas que xa existían anteriormente, e o que é peor, xorden outros a raíz da súa declaración e posterior xestión.

- Superposición de figuras e falta de colaboración

Un dos problemas que tamén atopamos é a falla de colaboración con outros espazos protexidos que comparten territorio co Xurés. Como se describe na metodoloxía, goza de diferentes tipoloxías de protección dentro dos seus límites. Un exemplo é a Reserva da Biosfera coa que apenas hai coordinación, o cal é sorprendente, pois a filosofía de ambos é parecida e teñen obxectivos similares.

Nada, nada. Nin consello consultivo do parque. Consello rector. Eu que eu saiba. A Reserva da Biosfera outra historia. Que é unha figura basicamente promocional. Para promocionar, a cultura, todo. Todo dunha comarca. [Xurés12].

Son ademais, espazos protexidos que obteñen financiación a través de medios diferentes e que non poñen en común.

O diñeiro o que fas é búscalo dunha maneira ou doutra. No tema da reserva hai diñeiro que ben do Estado. Entón máis que nada buscar financiación por onde se poida. Por exemplo, programas europeos. Temos participado en varios INTERREG. [Xurés4]

E a mesma falta de colaboración atopámola coa Rede Natura:

Rede natura non ten nada que ver. O leva outro servizo. A Reserva da Biosfera son os mesmos técnicos que temos no parque. A xestión é conxunta. Aparte hai un organismo da Reserva do Xurés, evidentemente nos coordinamos. Agora mesmo acaban de aprobar o potec. [Xurés8]

Un problema do que os xestores son conscientes.

No. Cada un ten a súa xestión e participamos en proxectos comúns. [Xurés4]

Así como da falla de coordinación:

A maiores, xusto cando acompañamos o que foi a nosa entrada no parque, foi tamén cando se acompañou a declaración desta zona que está incluída tamén os concellos irmaos arraianos, que forman a Reserva da Biosfera (...) so é a nivel xunta, me imaxino. (...) Houbo unha xunta da Reserva da Biosfera, cales ían ser as accións de acordo coa Reserva da Biosfera, no Gerês portugués. E sen noticias de dios. [Xurés12]

En resumo, algo tan fundamental como é a colaboración entre figuras que comparten territorio, non se aprecia. E isto, non só pode propiciar fomentar obxectivos diferentes e mesmo contraditorios, senón que tamén duplicidades e malgastar os escasos recursos cos que se dotan, o que unha vez máis mostra que a visión integradora da que viñemos falando non se dá.

- Carencia de presuposto

Precisamente os problemas económicos son un elemento recorrente nas figuras de protección, e ao igual que como se verá no Quercy, a carencia dun presuposto fixo dificulta a planificación e xestión tanto a curto prazo (anualmente) como a medio prazo. Especialmente problemático é ese medio prazo, pois impide o desenvolvemento de estratexias que precisan de tempo para ser implantadas e obter resultados que sexan visibles para a poboación, as que conducen a crear unha identidade.

Que haxa desorganización e non afrontar o tema principal que é a partida presupostaria. O que realmente debería haber e non hai. [Xurés5]

6.3. Análise convencional

E que non ten presuposto. Son partidas presupuestarias varias. [Xurés4]

E na mesma liña:

En calquer parque nacional ou natural, ten que haber unha partida presupuestaria. E definidas unhas bases de autoxestión que son inevitables para que eso funcione. Agora collemos de Europa FEDER, no, son pegotes que deberían ir a maiores. Pero o básico, o mantemento de infraestruturas, de medios de emerxencia, de bordería, de control de fauna. Eso tiña que estar controlado, e básicamente presupuestado para un bo fin. [Xurés5]

E ligado coa falta de colaboración das diferentes figuras sobre un mesmo territorio, tamén vemos que a financiación vén de partidas diferentes, polo que mesmo se pode haber coordinación, esta é complicada pola falta de coñecemento dos fondos existentes. Afírmase que o parque ten un presuposto dun millón de euros, pero a cantidade non é coñecida dende o principio do ano contable, senón que se van sumando ás partidas que se van obtendo ao longo de todo o ano, polo que unha vez máis dificulta a planificación de accións.

Hai diñeiro para subvencións, que se van aprobando ao longo do ano. Hai presuposto que establece os fondos FEDER, ao longo de ano. Este parque ten un 1 millón de euros. Non, vai sobre a marcha. Supoño que na consellería teñen establecida máis ou menos unha liña. [Xurés4]

E esa falta de presuposto tamén fai que a cantidade de diñeiro destinada aos concellos para a realización de diferentes actividades sexa mínima, actividades ou accións necesarias para que a poboación visualice de xeito máis tanxible o que se fai dende o parque.

Sí que hai unhas liñas de axuda que benefician tanto ás asociacións, como particulares como concellos. Que sacan a través do parque, que permítenos no noso caso ir recuperando patrimonio material da zona, como fornos, cruceiros. Pero bueno, recoñezo que é un período de crise e que o sufrimos en todas. [Xurés13]

No, dende a Xunta o que saen é esas liñas de axuda que son bianuales, que non salen todos os anos. É unha orden de axudas tanto para particulares, como asociacións coma concellos. Pode ser tanto para recuperación do patrimonio, rutas... digamos que é no único no que o vemos economicamente. Creo que son 50000 euros para 2016/17. 40 % este ano e 60 para o vindeiro. [Xurés13]

Este punto sumado aos anteriores, axuda a construír un relato que nos permite entender a percepción que a poboación ten do parque, así como o xeito no que se xestiona. Carecer de fondos para desenvolver estratexias e accións inflúe na visibilidade do parque para os veciños e na súa realización como ferramenta de desenvolvemento sostible, así como na creación dunha identidade entorno a eixes comúns.

■ Actividades tradicionais e protección

Unha idea recorrente que asomou nas entrevistas é a cantidade de restricións ás que se enfrontan as persoas que traballan no sector primario, o cal vai unha vez máis en contra do que unha figura deste tipo pretende promover:

E que non queda nada. Quedan os pueblos abandonados. Quen vai vir o rural. O costoso que é vivir no rural. [Xurés6]

Expoñendo incluso, a idea de deixar o seu territorio pola incompatibilidade de vivir co espazo protexido, idea que tamén aparecía nas enquisas.

Que nos queda? Coller as maletas e abandonar o país. Xa non digo vivir do rural. Se me vou, vou a outro país. [Xurés6]

E diso emanan tamén as críticas á como se xestiona e zonificou o parque, sen ter en conta aos veciños, os que modelaron esas paisaxes e os que á súa vez máis coñecemento teñen sobre o espazo.

Fixemos alegacións e pódese. Pero o principio, a parte de atrás que é Reserva da Biosfera non querían que fosen aí as vacas. Se está así é porque o coidamos nós, non porque o coidasen iles. [Xurés5]

Criticando que as decisións se toman sen ter coñecemento do territorio. Neste exemplo, móstrase unha idea relacionada co tipo de solos e cultivos que se impul-

6.3. Análise convencional

san para as explotacións gandeiras.

A nosa terra é moi acida, é arida. Pero se miras unha pradeira, sécase, paro o ano, se a herba non nace, ó ano seguinte tes que volver sementar. Que vas estar, sementando herba todos os anos? [Xurés6]

Todo isto dá como resultado un incremento da percepción negativa e que se vexa o parque como un inimigo, cando a teoría di que debería ser un aliado.

■ Incendios

Considéramos necesario dedicar un capítulo a un dos problemas máis importantes que presenta o territorio dende antes de declararse parque natural, e que a día de hoxe non obtivo solución. Numerosas actores falan disto como o gran problema e o reflexo máis visible da deficiente xestión.

Si, neste ano se carbonizan 3000h dentro dese parque, e por decirche algo, algunha das zonas máis emblemáticas dese parque botou ardendo dous días, sin ningún tipo de medio especial. Como si estivese ardendo a parte do teu xardín, da túa casa que menos queres. [Xurés5]
Eu non lle vexo obxectivo ningún. Estamos aquí, vamos darlle unha axuda. Este monte, un negocio pa 4. De PM. Dentro de 6 anos volve arder, este ano foi aquí, o pasado en cualedro. [Xurés6]

Así como este outro:

Logo, o Xurés e o Gêrés teñen un problema dende o punto de vista, gravísimo, dos lumes reiterados. Eso non se resolveu. Eu lembro cando era pequeno e ir por alí, ardendo Queguas, Olelas, a Pena de Lamán, o Monte de Santa Eufemia, a Mina das Sombras. Unha presión de incendios brutal (. . .). Entón é probable que iso este a provocar extincións locais de determinadas especies. Ese é un problema que vén de atrás, pero que a declaración do parque non a resolveu, en absoluto. [Xurés11]

A administración escúdanse en que é unha práctica tradicional ligada ao territorio e que será difícil de mudar, mesmo se se é consciente do problema.

A xente ten esa práctica asociada ao lume. Vai ser difícil. Nós temos bastante esperanza unha vez a xente vexa que actividades, que diñeiro vai ver, que se pode. [Xurés7]
O Xurés, é un parque que teñen un pouco de cultura, desde fai moito tempo, do lume. Entonces non hai a percepción do dano que se está a facer. [Xurés8]

Un paso máis alá desa crítica á “cultura do lume” refírese a como se xestiona o monte. A maioría dos entrevistados falan dos problemas de xestión, de que non está limpo e da total ausencia de políticas de prevención.

Botando palla polo monte. Cando o que había era que consérvalo e limpalo. Telo accesible. Dar axudas para limpar. Eso é o que tiña que facer. Pero aquí o parque non lle consulta a nadie. Van ás comunidades de montes para desbrozar esta zona, e punto. [Xurés3]

O mesmo que neste caso:

Se te están a apretar, apretar. Veña a arder. E despois venga aviión, brigadas alí. Non era mellor, un exemplo. No parque de Lobios, 20 persoas todo o ano tiñan o parque niquelado, e dous tractores. Xenerabas postos de traballo, tiñas á xente contenta. Pero a política deles e eso, [Xurés3]

Afirmando que se inviste máis en extinción que en prevención, algo que ademais implica un maior gasto e menor eficiencia na xestión dos recursos.

Si, eu son o que aposto pola prevención. Dende logo, a línea da Xunta dende fai moitos anos e extinción. Bueno, pois non sei cales estaremos equivocados. Pero a realidade vese. Os montes sigúense queimando, e o medio ambiente sigúese deteriorando. [Xurés5]

Como apuntala outro entrevistado:

Conviña que ardera para despois, entendes. Helicópteros para apagar os incendios. Agora a botar palla no monte. Eses 7 millóns de euros se os houberen aproveitado antes de arder, a facer postos de traballo, a faguer limpeza no monte, a coidar o monte, a apoiarnos a nós, que somos os que coidamos o monte. [Xurés6]

6.3. Análise convencional

Esa crítica á xestión do monte materialízase en exemplos como as especies utilizadas nas plantacións ou os accesos ao monte:

Podemos venderlle as motos ao persoal da cidade que non ten zorra idea do que é a zona rural do que queiramos, pero algo non funciona. Por que arde eso todo? Porque non hai accesos. Porque faltan barreiras naturais, podadas, de faixas e demais, porque non hai desbroces correspondentes nos sitios correspondentes. As especies introducidas nas vaguadas que debe haber. Non hai as limpeza, podas. [Xurés5]

Hai quen propón solucións, que van na liña das estratexias de protección como o dos espazos protexidos de Namibia, pois fálase de ter en conta aos veciños e que estes obteñan beneficios dun monte que eles mesmos coiden.

Mentres que se a maioría vive dese monte coidado, sen costarnos a maiores cartos, eles van a coidar. Non van a querer prexudicar, porque é o seu medio de vida. [Xurés5]
Como evitas esas cousa? Pois coidando o monte, digo eu. Déixano aí abandonado e despois, veña (. . .) porque ardeu, como non vai arder. E eso andabas por aquí porque había as vacas. Senón, pasa como en tódolos lados. Chégache o monte a beira das casas. [Xurés6]

Mentres que os pasos a seguir para rematar co problema parecen claros:

Ese gandeiro dende logo hai que limitarlle, impedirlle a utilización do lume e do veneno, para eliminar o lobo. Pero hai que pagarlle en caso de ataque do lobo. Ou o mesmo no caso de que unha aguia real depredara un cordeiriño. Eses gastos hai que pagarllos, rápido, a un prezo xusto. E axudar a mantelo alí. Se tes un problema deste tipo, busquemos o xeito de manexar a vexetación cerca dos campos, pero sen o lume, con axudas, con apoio. Os apicultores que hai tamén pola zona, o mantemento de todo eso. Tesllo que dar. Senón estás deixando o terreo aboado para que veñan os que intoxican sempre á opinión pública en contra da conservación. E pódese facer. Non son tantos cartos. [Xurés11]

En resumo, obsérvase unha opinión xeneralizada de que é, xunto co rol que xogan os veciños no parque, o problema máis grave do territorio. Segundo o

entrevistado, as causas son a tradición e cultura do lume ou a falta de prevención e xestión do monte. Sobre esta cuestión hai moitos debates, mais o que está claro que é a xestión non é adecuada.

6.3.1.5. Percepción

Todo o analizado anteriormente é percibido pola poboación local, tanto o positivo como o negativo, e vén a confirmar os datos que obtivemos a través das enquisas realizadas na primeira parte do traballo.

A min interésame que isto sea parque, que haxa unha reserva natural. Tal. Abstracto. Concreto. Este parque non me soluciona nada. [Xurés2]

O primeiro que temos que resaltar é que non hai unha percepción negativa dos espazos protexidos en xeral, senón do caso particular e as consecuencias que ten para a poboación. Estas citas veñen a confirmar as opinións das enquisas:

Falar do parque natural a min prodúceme tristura. [Xurés12]

E do mesmo xeito:

Dende o concello non estamos nada satisfeitos co parque. En xeral, a poboación e o concello. Digo pola xestión, o funcionamento e o que en teoría nos dicían que ía supor o parque e o que realmente está a supor. [Xurés12]

■ Críticas

Todo o analizado anteriormente dá lugar a fortes críticas por parte dos entrevistados, especialmente en certos temas. A primeira é ao papel que se lle recoñece aos veciños dentro do espazo e as consecuencias que pode ter nun futuro:

O problema non é de papeis, eu falo de persoas con nomes e apelidos, falo de territorios que teñen nomes e apelidos. Falo de que isto, dentro de 10 anos, aquí o que quedan son lobos, jabalíes, xestas, toxos e restos. Como o de Aquis Querquennis, aquí existiu unha civilización. [Xurés12]

6.3. Análise convencional

Ea mesma liña:

E os parques naturais non soamente son os arboriños, os animais, son as persoas. E a miña pregunta é, que estamos a facer por esas persoas? Se son eles os principais gardiáns dese patrimonio natural. [Xurés12]

Así mesmo hai unha percepción negativa da xestión, idea que apuntalan os datos estatísticos e que parecen comprensibles unha vez feitas as entrevistas.

Xa che digo, moi mal. E non vexo traza de que mellore. [Xurés3]

Está funcionando fatal. No único que eu vexo e que si lle dan moito bombo e publicidade. [Xurés3]

Realmente descoordinación (...). A nivel turístico vía que como se nós non existíamos nesa ampliación. [Xurés9]

Do mesmo xeito hai unha percepción negativa de como se xestiona o que en teoría é o obxectivo máis mencionado pola administración, o ligado á conservación da fauna e a flora.

Paréceme lógico que boten lobos. Pero se o bicho que ti botas causa danos, hai que pagalos. [Xurés3]

Hai que recuperar e tal, pero non me fodas. Mira que non hai cousas ben máis importantes que andar a soltar unha aguia que vale 70000/80000 euros. E que non se ve nada. E atrae o que? Vale que a Aguia real hai que guardala, pero antes haberá que gardar o patrimonio, o monte.[Xurés6]

E referíndose tamén á xestión do monte:

Por que non plantan o que hai que plantar? A carballeira, aí chegou ardendo e na carballeira como non había nada que arder. Os carballos non arden, non hai maleza. [Xurés6]

Aquí sempre a xente cortou leña para queimar. E empezaron a poñer unhas multas (...) aquí tiñan que ter algún tipo de vantaxe con respecto ó parque, non se ve nin, nin se toca, nin se percibe. [Xurés2]

Así como favorecendo determinadas actividades como a caza fronte a outras.

Si, ós cazadores si. Dan axudas para o monte e tal. Paréceme lógico. Pero despois referente ó turismo, paréceme mal. No vrao, cheo de basura. O sendeiro sen limpar. [Xurés3]
Cos cazadores pórtanse bastante ben. O resto, andando. E eu creo que tiñan que ter moito máis coidado, (...) respectar máis o medio ambiente. [Xurés3]

Os veciños son conscientes de que é preciso buscar unha posición intermedia entre protección e conservación, o que vén a ser a base do parque, pero que só queda na teoría.

Despois hai que apoiar ó rural en que. No parque? Para que veña unha cerilla e arda todo. Non hai outra alternativa case. Pero carallo. Dende o parque poderían facer máis do que fan. Botar jabalís po monte, e lobos. Que eu non estou en contra deso, pero nin tanto para un lado nin para outro. Un medio. [Xurés6]

E é o desenvolvemento económico que se sustenta en base á actividade tradicional, neste caso gandería e explotación forestal, o que máis está a sufrir as consecuencias.

Bótannos para atrás. O que queren e que marchemos. Facer todo plantacións de piñeiros e eucaliptos. [Xurés6]

Que se visualiza na falta de apoio das diferentes administracións:

O parque é como se non o tivéramos. En vez de apoiar un pouco o que hai, e en vez de. Estes incendios por que os houbo? Porque non están metidos nos montes. Os poucos que traballamos un pouco no monte, quérennos botar fóra. [Xurés6]

Xurdindo entón esa percepción que se explica no marco teórico, onde os espazos protexidos se presentan como ferramentas que establecen máis limitacións ca oportunidades para a xente que vive dentro:

Eu creo que non facía falta tanta cousa para estar a xente contenta co parque. Despois conténtase con pouca cousa. O parque só che pon problemas. [Xurés3]

6.3. Análise convencional

Eu entendo que se ti vives nun territorio no cal están limitadas as túas actuacións ou disposicións, nese territorio eu penso que ten que haber unha compensación. [Xurés12]

Este entrevistado afirma o mesmo, facendo fincapé en que a percepción empeorou dende que desapareceron diferentes axudas que viñan a compensar as limitacións derivadas da protección.

Eu penso porque desapareceu o aspecto, o que era as liñas de axudas: vías as brigadas limpando camiños, rutas, que houbera axudas para a xente que se dedicara a gandería, apicultura, hostaleira e relacionado co turismo (...) iso caeuse, e só te quedas coas limitacións. [Xurés1]

Interesante é tamén que dende as administracións se recoñece que hai esas limitacións, mais non se intentan compensar:

E pásalle á xente que vén aquí. Temos outras limitacións, pero temos outras cousas positivas. Cunha puntuación moi alta é a paisaxe e o entorno. [Xurés13]

E:
O que percibo cando falo con eles é que o parque para eles supón límites, limitacións, prohibicións, acotados os dereitos. E moitas veces non ven que eso lles repercute en positivo a eles. Esa é a sensación que falando con eles, nos dá. E falta pedagogía para saber a importancia, que hoxe calquera persoa que busque Lobios, xa lle aparece Parque Natural. É certo que ó mellor o parque natural está enfocado a un turismo, pero é que o turismo quizáis sexa o único motor ou posibilidade que teñamos para sobrevivir no rural. [Xurés13]

E o mesmo recoñecen outros veciños, argumentando que estar no parque non implica beneficios mais si restricións:

Nos vivimos dentro dun parque. Creo que somos afortunados. Porque é así, pero nós aquí como veciños, temos todas as restricións do mundo, pero non beneficios. [Xurés2]

E esta última idea pódese sintetizar nesta cita que fai referencia ás diferenzas entre a teoría e a práctica do que supón estar dentro das figuras de protección:

Todo eran vantaxes cando entramos no parque, pero onde están agora esas vantaxes. Todo o que estamos falando vén moito aí, que as palabras moi bonitas pero se non se plasman non é nada. [Xurés5]

Aínda así, dende a administración fálase de que a percepción está a mudar e que iso os vai beneficiar, especialmente noutros parques que non son o Xurés:

Ao mellor no Xurés, que é un sitio muy concreto e que temos esos problemas con cousas como o lume, ó mellor non se ve tan claro como noutros parques como en Fragas do Eume. A conflictividade que houbo hasta agora que parece que está en recesión. A xente está entendendo un pouco mellor o parque. En Corrubedo creo que está practicamente asumido. Aloia, non hai ningún tipo de problema. [Xurés8]

Aparecen pois, críticas e unha percepción negativa da xestión e do lugar que ocupan conservación e desenvolvemento na estratexia do parque, dando lugar a unha visión máis negativa ca positiva que, como ben dixemos, reafirma os resultados das enquisas.

Tamén hai que recoñecer que non toda a percepción é negativa, e hai sectores no que si repercute positivamente. Entre eles, o turismo é a caza, ideas que xa se intuían nas enquisas.

Moven moito turista. Máis no vrao que agora. [Xurés10]

E o que podemos comprobar é a importancia en si do parque natural con respecto ao turista, é muy importante. Sobre todo porque aparte dese parque natural, transfronteirizo, que iso tamén é salientable. Somos Reserva da Biosfera. [Xurés13]

E nós é certo, que no verán, aparte da xente que retorna pasar ás vacacións, temos moitísimos turistas. E iso tamén é gracias ao tema termal. Vai moi vinculado. Xa non podemos separar o tema termal e o natural. Están totalmente vinculados. [Xurés13]

6.3. Análise convencional

Pero aínda así tamén aparecen críticas a determinados factores, como a falta de promoción:

Porque eu levo 3 anos ben. Decentes. Pero é a miña conta. Porque eu pago para que me manden xente. Non porque se fixera nada a nivel promocional. [Xurés2]

E sobre todo ás infraestruturas que se ofrecen, especialmente o mantemento de aqueles traballos levados a cabo no acondicionamento de rutas ou posta en marcha de centros de recepción de turistas, así como o escaso material co que se conta para informar ao visitante.

Eu podo decirche que un 30 % dos clientes vén visitar o parque. E cando din (...) que ruta podo facer. Depende do que queira, fisicamente, e cando chegan aquí e me din, me metín nun toxal que non daba saído. Eso non pode ser. [Xurés3]
Que carecemos de infraestruturas axeitadas (...), por non ter unhas infraestruturas básicas que ofrecerlle ao visitante. Aí ten vostede o monte, pasee. Non home, non. Debería haber unhas rutas ben atendidas, mantidas, sinalizadas. [Xurés5]

E no mesmo sentido:

Centros de información sobre o parque. Pero claro, pa que compares. Territorio do parque Parque Nacional do Gêres, 1,2,3,4,5. Territorio parque Baixa Limia - Serra do Xurés, 1,2,3,4,5,6. Porque en cada concello hai que facer un. Aínda que non haxa contido para meter. [Xurés2]

O cal mostra unha escasa planificación e deficiente xestión do que unha vez máis, a nivel teórico, pretende ser unha das actividades máis importantes do Xurés.

- **Recomendacións dos veciños**

Así mesmo, pareceunos fundamental recoller as recomendacións dos veciños entrevistados, pois consideramos que pode ser un bo altofalante para darlle visibilidade ás súas reclamacións, especialmente cando coinciden coa base teórica. Un dos puntos que se destaca é o ligado á xestión do espazo protexido e a comunicación. Como se viu nalgún punto anterior, a necesidade dunha estrutura clara e un

director é unha demanda moi implantada.

Un interlocutor sobre o terreo, e que parece algo obvio.[Xurés11]

Que houbese unha persoa aquí e que os concellos tomasen a conta de que isto é un conxunto, unha comarca, non é unha finca. E a partir de aí pequiñas cousas, sensibilidade co que fan. [Xurés2]

E as demandas no referente á comunicación e á mellora da información:

Se houbese aquí outra cousa, por suposto que tamén, outra maneira de xestionar a información. [Xurés2]

Así mesmo, importantes son as apreciacións relativas á filosofía que está detrás do parque natural. Demándase unha visión clara e estruturada do que representa, unha estratexia para conseguir os obxectivos marcados polo mesmo:

Se realmente hai interese en equilibrar o territorio, loitar contra a despoboación, o abandono do rural, este é un caso que ten á man moi fácil. Un parque natural, unha Reserva da Biosfera que cun pouco de vontade e que se chama tamén cuartos, que tamén van unidas, se podería retomar o que estaba en marcha. [Xurés1]

A cuestión está en dar ese salto. Isto non vai quedar en ideas, e digamos que non vamos poder facer todo, pero vamos a empezar polo primeiro escalón e ir subindo. [Xurés5]

Construíndo un proxecto claro que envolva a tódalas administracións, transformando o parque nunha verdadeira ferramenta de desenvolvemento sostible, que non quede nunha idea vaga e que se transforme nun conxunto real de accións destinadas a conseguir os obxectivos marcados.

Falta materializar as ideas. Eu resumiría iso, falta plasmar na realidade as ideas. Son moi importantes pero si logo se levan a cabo. [Xurés5]

A cuestión está no ánimo político. Quen ten realmente os cartos de todos, e quen ten o manexo da administración de todos. Que non podemos olvidar que isto non é unha empresa privada. A administración é de todos, e os seus bens son de todos. [Xurés5]

6.3. Análise convencional

Onde a poboación local ocupe o lugar que lle outorga o novo paradigma de protección.

E para eso, precisamos que haxa unha poboación alí, unha poboación con calidade de vida. Que diga, eu estou contento de estar aquí, de que haxa este parque. Estou orgulloso de que este parque esté aquí. E que o meu traballo contribúa a eso, cara eso e o que hai que ir. [Xurés11]

E sobre todo, facer compatible a conservación da natureza co desenvolvemento económico, permitindo que a poboación residente dentro do perímetro realice as actividades que viña facendo ao longo da historia:

Demostrarlle a xente que a existencia dun parque non é prexudicial para eles. Demostrarllo con cousas que se vexan, non con promesas. Con axudas ao desenvolvemento sostible ou ao aproveitamento dos recursos naturais. Que sexa compatible con esa figura de parque. E apoiar á poboación tamén aí, senón, os problemas crónicos de lume, de veneno, de despoboamento, que tamén pérdese un mosaico de paisaxes que é importante dende o punto de vista de biodiversidade, e dende un punto de vista paisaxístico/turístico de promoción. O que fai falla é apoiar á xente que se quere quedar aí para que o faga ben. [Xurés2]

Permitíndolles aos habitantes vivir da súa actividade e non depender de métodos de compensación como axudas:

Eu o que quero é un futuro, non quero estar vivindo de subvencións. Eu quero dentro de 4 ou 5 anos poder ter unha explotación que nos diga, dáanos para vivir. Que sacan as subvencións, pero dáanos para vivir. Que é o lóxico. [Xurés5]

En resumo, unhas recomendacións que se aproximan á base teórica do que é un parque natural, e que parecen evidentes para o conxunto dos veciños, proponendo solucións e obxectivos concretos sobre os que traballar.

6.3.1.6. Síntese de ideas

Con esta análise preténdese entender o discurso que se foi creando entorno ao parque natural da Baixa Limia – Serra do Xurés, intentando afondar nas ideas que xurdiran a través dos resultados obtidos nas enquisas. Como se foi observando, esa visión negativa inicial vaise comprendendo segundo imos vendo as respostas das entrevistas.

A carencia dunha estrutura organizada dentro do parque e dun plan sobre o cal materializar as ideas parecen elementos clave para entendelo. A iso, hai que engadirlle a falta dunha persoa que lidere o proxecto sobre o terreo, o que semella limitar a comunicación. Isto repercute negativamente na construción do parque e xera un discurso diferente en cada actor, pois non hai unha visión unánime do que o Xurés é. Non se constrúe socialmente ao mesmo tempo que fai como figura.

Por último, o papel dos veciños parece estar relegado a un segundo plano, elemento este discordante coa teoría vinculada aos parques naturais. Pasan a ser actores secundarios cando precisamente se reclama que sexan os protagonistas, sen participar verdadeiramente na toma de decisións. Ao que se une un incremento das restricións, cando o que a teoría di é que o parque debe ser unha ferramenta de desenvolvemento.

6.3.2. *Parc Naturel Régional Causses du Quercy*

A través das enquisas e os resultados obtidos, resulta evidente que hai un maior grao de coñecemento do Quercy que do Xurés. Abordando as entrevistas en profundidade, tentaremos entender sobre que feitos se sustenta o éxito desta figura e como repercute nesa percepción positiva da poboación.

6.3.2.1. O Quercy: unha visión unánime

O primeiro factor que debemos destacar é o grao de coñecemento que presenta o Quercy (xa visto nas enquisas) así como a proximidade entre o concepto teórico que lle é atribuído e a realidade. Ao contrario do que pasaba no Xurés, hai unha visión homoxénea independentemente de cal sexa o actor ou sector do que proveña. A maioría considera o parque como un ente no que apoiarse para a consecución

6.3. Análise convencional

dos seus obxectivos, e cando se fala especificamente das súas funcións, todos teñen claro o que fai e cal é a súa relación con eles.

O parque é moi útil para nós porque é un socio. Non soamente financeiro, porque non ten moito diñeiro. Pero é un socio que nos acompaña nos proxectos. Que nos axuda ao nivel da loxística e ao nivel de consellos, porque non o sabemos todo. Entón o parque é moi útil. [Quercy11]

E na mesma liña exprésase esta persoa:

Acompañar aos concellos a reflexionar sobre o patrimonio rural. Nós temos un gran patrimonio, os muíños, pombais, fontes (...). O parque acompaña tamén aos concellos a xestionar mellor ese patrimonio excepcional. Porque é o que fai tamén o valor e interese turístico do departamento. Porque o turista é economía tamén. [Quercy14]

Falando de sinerxías e elementos que dan a entender que a percepción é positiva. Empréganse expresións que mostran que hai unha colaboración entre o Quercy e outros actores. Algúns exemplos que se utilizan para definir ao PNR son termos cunha forte carga simbólica como é o termo socio:

Unha impresión moi positiva. Un socio con Cobaldor (asociación de veciños), (...) o que é importante, hai o atractivo turístico, ben seguro, pero hai o atractivo para o emprego tamén. [Quercy11]

O PNR encárgase de axudar a desenvolver diferentes accións que resultan visibles para a poboación:

O parque ao nivel concello e ao nivel asociacións axúdanos. (...) Nos arredores hai moitos dolmens. Entón o parque financiou, pagou, un percorrido de interpretación de 5 dolmens ao redor da aldea. [Quercy11]

Unha colaboración que se ve facilitada por unha converxencia de ideas sobre o territorio, dando lugar a unha estratexia única e integradora.

A mentalidade cambiou. Hai unha converxencia de intereses, porque o espírito se abriu de tódolos lados (...) hai un comité especial que segue iso, unha instancia. E o parque propúxonos asociarnos, en tanto que á toma de decisións dese comité. Cos diferentes actores, concellos, representantes dos cazadores, tamén é zona de caza, asociacións de protección da natureza, hai moitos participantes. E nós estamos asociados directamente a esa parte. [Quercy5]

Que xera sinerxías e loita por intereses comúns:

Verdadeiramente hai sinerxías que contribúen a uns e outros. [Quercy5]

Todas estas expresións mostran de primeira man a visión que os diferentes actores teñen do mesmo. Cítanse exemplo de actividades que fixeron conxuntamente e das interaccións entre obxectivos que se producen. O parque é un lugar de encontro onde converxen os intereses de cada un deles, para despois dirixirse cara unha mesma dirección.

E nós, o Sindicato, estamos aí para aplicar o programa regulamentario e o programa de acción (...) e fixemos convenios, por exemplo para mellorar o coñecemento do karst. Facer obras e identificar, no proxecto está o Parque Rexional. E o noso proxecto concorre co plan do parque. Estamos verdadeiramente imbricados o un e o outro. [Quercy5]

Mostran tamén participación na elaboración do plan sobre o que se basea a xestión. Sendo esta posta en común de ideas un elemento fundamental para crear unha visión única, como se menciona no marco teórico.

Nós estivemos asociados á elaboración do plan, en tanto que espeleólogos e cidadáns, son sensibles a esas situacións. Despois hai accións concretas nas que traballamos co parque. Temos intereses comúns (...). É gañador, gañador (...) algo bidireccional. [Quercy5]

Un elemento que tamén se repite en varias entrevistas é a definición do Quercy como un nexa, unha canle de comunicación entre os veciños e municipios que o forman para con outras estruturas territoriais, ben sexa a rexión, o Estado, ou

6.3. Análise convencional

incluso a Unión Europea.

Tamén nos axuda a través de subvencións que van buscar a Europa ou á rexión ou á comunidade de concellos. Axúdanos para salvar ese patrimonio. Entón o parque é un pouco o nexo entre Europa, a rexión e o concello. Para transmitir, para axudar a ese concello. [Quercy8]

Dando unha visión de conxunto e proxectando o territorio como un todo, a pesar das súas diferenzas:

É unha forma de protección do carácter rural e de dar un pouco un sentido ao parque de maneira que teñamos cousas homoxéneas no conxunto do parque. [Quercy7]

Construíndo sobre esta idea un ente unido aos habitantes, poñendo en común as súas vivencias pasadas para construír un novo territorio, apoiado na parte natural, pero tamén no desenvolvemento sostible.

(A súa función é) dar un tipo de homoxeneidade, un tipo de significación común. Porque senón cada territorio desenvolve o seu propio mundo. E o parque, non sendo el un concello, nin unha comunidade de concellos, nin un sindicato... ten como función, sobre reflexións que tamén son económicas, que non se ocupa só das árbores e a auga, hai tamén a toda a parte económica, a parte cultural. É dicir, a cultura sobre un territorio común. Ten unha forma de xuntar, de darlle sentido a todo iso. E sobrepasa a dimensión naturalista dun parque. [Quercy12]

Dándolle coherencia á nova figura:

Para facer algo coherente co hábitat clásico do parque. [Quercy9]

Entorno aos elementos que os diferencian e sobre os que poder apoiar a nova identidade. Para min é unha forma de, como dicir, de xuntar elementos dun territorio que poden desaparecer. [Quercy12]

Que á súa vez axuda a expandir a idea do que é e de sobre que se constrúe.

Para que o parque nos axude a mellor facer entender, a mellor integrar este patrimonio excepcional. [Quercy14]

En definitiva, creando unha identidade común na que os habitantes se sintan reflexados e partícipes e coa que se sintan identificados.

Si, o parque é de todas formas unha cousa boa. Permite ter coherencia e unha mentalidade común. Senón a xente fai o que lle dese a gana. Constrúen como lles dá a gana. Hai zonas menos protexidas, casas. E así dá unha identidade. E a xente cando chega alí vén rapidamente que hai unha identidade. [Quercy9]

E, ao mesmo tempo, xerando conciencia de que é un espazo protexido diferentes doutros.

O modelo de PNR é máis complicado porque non é coercitivo. Está máis nunha aproximación de pedagogía e de implicación dos actores. Adhesión, diríamos. É máis “a cenoria que o asno”, un plus de adhesión. E é máis complicado porque leva tempo. Para que haxa constatación de que sexa compartido entre os diferentes actores do territorio. E os puntos de vista deben ser diferentes entre un habitante que viviu sempre alí e un habitante que leva alí 3 ou 4 anos e veu instalarse, por razóns profesionais. Polo que sexa. Pero tamén relacións diferentes entre por exemplo agricultores e outra xente que ten outra relación coa natureza e medio ambiente, e todo iso. [Quercy1]

Atopar que a poboación e os diferentes actores teñen unha visión clara de que é o Quercy e das súas funcións e obxectivos é un factor a ter en conta, e entendemos que ese coñecemento axuda a que a percepción sexa máis positiva. Así, que sexa definido coma un “compañeiro de viaxe” cun destino común fai entender que se comparte unha mesma visión sobre o territorio, sendo precisamente ese discurso único o que axuda a construír a identidade do novo espazo.

6.3.2.2. Un proceso de construción único

Un elemento dos máis singulares nos PNR é a forma na que se establecen. Aínda que é unha figura de categoría V e neles a poboación que vive dentro ten

6.3. Análise convencional

moito que decidir, son os concellos os que se teñen que agrupar para solicitar a creación da figura, co apoio da poboación local.

- Aproximación *bottom – up*

Dos veciños e dos responsables sae a necesidade de protexer os parques naturais rexionais, que se transmite ao goberno, fronte aos parques nacionais que son impostos dende o Estado, como recollemos nas seguintes afirmacións.

Sobre a apropiación do territorio. O parque, na base, é unha demanda dos políticos e da poboación. [Quercy2]

O que quere dicir que non é algo que veña imposto dende o Estado, factor este que tende a reducir a conflictividade.

A concertación aumenta de vez en vez. Mentres que o PNR son as colectividades as que se reúnen e deciden. Nós imos facer un parque. Non tes protección estrita. É só a que se decide no plan e é todo o tempo un diálogo co territorio e en calquera momento os concellos poden dicir: eu paro, recomezamos. Mentres que no parque nacional non. Son dúas aproximacións diferentes. [Quercy2]

As seguintes citas volven falar de diálogo, cunha especial referencia aos concellos e aos políticos que nelas desenvolven as súas funcións. Territorio, diálogo e partillar decisións forman parte do discurso.

A creación dun parque é unha iniciativa rexional. É un territorio. As colectividades din: nós pensamos que sería ben que houbera un parque. Os concellos reagrupanse e din, a esta escala. Somos un territorio rural, temos un patrimonio sobresaínte, hai fragilidades, pensamos que o parque pode ser un bo motivo para nós (...) Que concellos? E despois sobre que proxecto? E todo ese proceso de construción de proxecto faise en concertación coas colectividades, os políticos, os comités dos concellos, pero tamén co privado. As empresas, os agricultores, os artesáns, as asociacións locais, etc. Os habitantes. É verdadeiramente unha concertación. [Quercy1]

Por iso tamén son conscientes de que non tódolos municipios de Francia poden formar parte de estruturas coma esta. Hai que cumprir unhas determinadas características e pasar por unha serie de análises que certifiquen que merece ser protexido. Á súa vez axuda tamén a que a rede de PNR sexa coherente e que un mesmo tipo de figura non teña baixo a súa denominación territorios que presenten obxectivos diferentes, elemento que non atopamos en Galiza.

Non todo o mundo pode entrar no parque. (...) O parque é un medio de transmisión entre Europa, a rexión, o departamento e a comunidade de concellos e os concellos. Entón, todo esa estruturas subvencionan ó parque que permite acoller a 20 traballadores. 20 encargados de misión, con xente moi boa. Nós estamos alí para axudar á xente a reflexionar, a ir no sentido dos nosos valores e tamén para dicirlle. Se tedes ese proxecto para rehabilitar esa casa bonita, iremos buscar diñeiro a Europa, a rexión. Axudamos á xente a desenvolverse. [Quercy14]

Un elemento no que se diferencia de Galiza, pois nese caso cada parque era diferente.

- O primeiro punto necesario é ter un marco de referencia ao que aterse para xestionar.

En Francia chámase *Charte*, nomenclatura que podería traducirse por plan. Nel faise un diagnóstico do territorio e márcanse os obxectivos a realizar, así como as accións e estratexias para acadalos, sendo a súa existencia obrigatoria.

Teñen o plan e está ligado ao territorio. É o territorio quen vai elaborar ese plan. O parque anima, cando nos poñemos de acordo sobre os obxectivos, á vez alcanzables, e a vez ambiciosos. [Quercy5]

O feito de estar elaborado dende abaixo, dende o propio territorio do parque, fai que sexa máis preciso o diagnóstico e obxectivos, e dá lugar a unha unidade de criterios á hora de actuar sustentado nun marco de referencia sobre o que apoiarse.

6.3. Análise convencional

Eu penso que o territorio do parque está sen dúbida mellor preservado que se non estivese con ese status. Porque polo menos hai un plan que impón sobre os concellos e ao cal deben facer referencia. Teñen que apoiarse sobre o plan. É dicir, en termos de ordenación, (...) planificación, deben ter en conta o plan. [Quercy1]

Así como a existencia duns mesmos valores:

Temos o plan de adhesión. Se nos comprometemos é para ir no mesmo sentido. [Quercy6]

Por iso quería que o concello formase parte do parque. Integrar os valores e desenvolver o que se cita no plan. [Quercy14]

O plan, unido á lexislación, emprégase para regular o funcionamento do parque, especialmente se algún dos actores vai en contra do marcado na mesma.

Teño que dicir que é a nosa guía e témola todo o tempo na cabeza (O plan). Se traballamos cun concello e comeza a dicir. Eu co Medio Ambiente, dáme igual, dicimos señor. Que! Non imos ir nunha dirección na que non vaia o plan. [Quercy2]

Outro factor importante é que se non se cumpre coa lexislación ou obxectivos, pode retirarse a protección. De feito xa hai casos de parques aos que se lle quitou, mostrando que contar cunha avaliación periódica é necesario para saber como está a funcionar.

Durante anos houbo accións que eran completamente contrarias ao plan. O parque perdera a súa visión do territorio, a súa categoría parque. E vólvena ter dende hai 2 ou 3 anos. [Quercy1]

Igualmente, cando se xestiona non se fai por imposición, mantense a colaboración, o diálogo, dúas das palabras máis repetidas ao longo das entrevistas, co fin de escoitar a tódolos actores.

Hai un principio, pero despois hai conversacións e negociacións. Pero polo menos xa mostra uns obxectivos e visións comúns. Dámonos isto como obxectivo. E dende ese feito hai unha atención máis forte, dos políticos e dos habitantes ao seu territorio para a preservación. Pero ese é un combate de tódolos días.[Quercy1]

E na mesma liña:

De feito, é un diálogo. Ao mesmo tempo ese plan son grandes impresións. Non é a biblia. Entón cando miramos un parque, a grandes trazos, é un territorio. Un parque é un territorio particular. [Quercy1]

Elemento no que tamén se vai diferenciando do caso do Xurés, cuxo PRUX está caducado, e esa posta en común de ideas non se dá.

- A toma de decisións: un órgano de representación no que os diferentes actores se poden expresar.

Unha das palabras clave nos PNR é a concertación, a toma de decisións conxuntamente entre xestores, poboación e representantes dos municipios. Tódolos municipios teñen representantes que se reúnen aproximadamente entre tres e catro veces ao ano para marcar obxectivos, estratexias e facer balance do que se conseguiu no período anterior, sendo o comité sindical o órgano de decisión:

Está o Estado que non é membro pero participa, sostén financeiramente. O prefecto, o subprefecto e todo iso. E iso, este comité sindical mixto, é el quen vai tomar as decisións. Entón é un espazo de diálogo e intercambio entre o departamento, os concellos e rexión. E de reencontro tamén de políticas. A rexión ten tal política, o concello ten tal política. O parque ten un papel de facer conxuntamente. Entón hai ese espazo que é un espazo de diálogo. [Quercy1]

E na mesma liña resálintase as funcións do comité sindical, como órgano de encontro onde partillar visións e tomar decisións. Aquí temos as declaracións dun responsable dun concello.

6.3. Análise convencional

Entón, a eses dous títulos asisto a reunión do parque. Asisto ao que chamamos Comité Sindical, a organización xeral do parque co presuposto, a contabilidade, as accións que se levan a cabo. E a nós, pídennos opinión. E asisto a reunións dunha parte que chamamos “vida do territorio”. Alí falamos máis da cultura, do patrimonio, das actividades que son organizadas polo parque. [Quercy11]

Tamén se realizan outro tipo de eventos nos que se abre o parque á poboación local co fin de fomentar a súa participación. Ao nivel do parque digamos que hai unha práctica que se fai a través desas reunións do territorio. Que fan? Poñen en evidencia a palabra do que chamamos entre aspas, sociedade civil. [Quercy12]

Así, a existencia deses foros permite coñecer as demandas da poboación local e mostrar as súas dúbidas e preocupacións, aínda que será un elemento que analizaremos máis adiante.

Informar. Ver se a xente quere facelo ou non. Diso hai necesidade (...) sobre todo en desenvolvemento económico, porque ti non podes facer moita cousa ti só. [Quercy2]

A existencia destas reunións, ademais de garantir a participación e a toma de decisións dende niveis máis baixos, axuda a transmitir unha idea máis homoxénea do que o parque é, e a mellorar a comunicación e o acceso á información, o que fará habitantes máis conscientes dos valores que representa. Deste xeito, a construción en tanto que ente e idea mental irase facendo ao mesmo tempo que a súa implantación.

- Obxectivos que non só teñen que ver coa protección estrita da natureza.

Outro punto que debemos destacar é a existencia dunha visión ampla da protección, atendendo a elementos que sobrepasan as ideas ligadas ao primeiro paradigma. Complementábase o desenvolvemento económico coa conservación, dando lugar a valiosas alianzas, que resultarán clave para entender o éxito dos PNR.

Non queremos ser os indios na reserva. [Quercy8]

Así, menciónanse eses diferentes elementos a ter en conta, superando a visión clásica de hábitats e especies e facendo fincapé en conceptos máis próximos ao novo paradigma como o son patrimonio, paisaxe ou poboación local.

E que se interesa tanto na cuestión do patrimonio, como paisaxe, patrimonio natural e cultural. E que se interesa igualmente na xente que vive alí. É importante. A miúdo dicimos que dentro dun parque nos ocupamos das pequenas bolboretas, de libélulas, dos muros e non, é importante tamén facer cousas coa xente. De valorizar por exemplo as boas prácticas de, por exemplo, os artesáns, carpinteiros, canteiros, que fan esforzos, que se inscriben nunha lóxica de desenvolvemento sostible, etc. Valorizalos. E dicir, se todos teñen ese tipo de prácticas virtuosas a demanda do territorio, habería que preservalo mellor. E ao mesmo tempo vivo e dinámico. [Quercy1]

E outros como a calidade de vida e o benestar:

Diría que o parque está aí para defender a natureza, a calidade de vida, o patrimonio, a cultura desta zona xeográfica. [Quercy11]

Sen esquecer a compoñente natural:

Traballamos coas augas superficiais. E o parque sobre todo coas subterráneas. De feito. Temos accións en común. [Quercy4]

Así mesmo, o patrimonio forma un dos eixes fundamentais destes obxectivos e que á súa vez é un dos elementos cos que máis se identifica a poboación.

O ano pasado desfrutamos dun programa de rehabilitación. Subvencionados a non sei, ao 40 % os traballos (...) non se pode dicir que non sirva para nada, desfrutamos diso (...) desfrutamos dunha axuda que pasou polo parque. Teríamos esa axuda doutro organismo se non estivese o parque? Non sabemos. É o parque quen se ocupou. [Quercy4]

E na mesma dirección:

6.3. Análise convencional

O que vexo é a rehabilitación do pequeno patrimonio, dos muros... hai moitos. Despois, nós, persoalmente, eu véxoo no medio ambiente ao redor, pero para nós non cambiou moito. Pode ser, si, un turismo máis de natureza, camiñatas. [Quercy9]

Outro elemento que atopamos singular, non por ser novidoso senón por levalo á práctica, e o sentido de parque como espazo de innovación. Algo que consideramos necesario para que o territorio vaia desenvolvéndose e adaptándose ás novas realidades, evitando que quede aletargado nun estado prístino contrario a eses parques que son xestionados coma museos.

E despois nos PNR algo interesante é o que se chama misión experimentación. No noso código xenético debemos intentar cousas todo o tempo. E iso é rico. Exactamente. Por exemplo en concertación é iso. [Quercy1]

Por último, fálase do desenvolvemento sustentábel como un eixe común entorno ao que facer xirar o Quercy, a través do cal canalizar tódalas políticas levadas a cabo.

É o parque quen desenvolve unha política de diferentes tipos. Económica, cultural, social... con tódalas ambigüidades de maior importancia dunhas con respecto ás outras. Entón o parque dá pistas de reflexión sobre as que somos levados para reflexionar, traballar, elixir e facer proposicións. [Quercy12]

Por iso é interesante esta cita que mostra que o parque non é contrario ao desenvolvemento económico, sendo en si mesmo unha ferramenta de ordenación do territorio.

E despois o parque, entre os valores que defende, non está contra o desenvolvemento económico. Pode haber desenvolvemento económico razoado. E que quere dicir desenvolvemento?, non é só o parque quen o dirixe, pero intentamos ao nivel do parque e do departamento un Esquema de Coherencia Territorial (...) que quere dicir que estamos intentando facer leis para dicir, esta zona permanecerá agrícola, non faremos de todo en todas partes. [Quercy14]

En resumo, atopámonos cun parque que non é imposto dende o goberno, senón que vén promovido por entidades máis próximas á poboación local. Esas entidades virán a compartir uns valores comúns reflexados nun plan no que tamén participan, e onde se fixan o conxunto de obxectivos a seguir, converténdose nunha verdadeira ferramenta de planificación e desenvolvemento sostible.

- Consciencia de que é un modelo diferente a outros.

A diferenza doutro tipo de figuras como son os parques nacionais ou as reservas integrais, os PNR implican unha protección menos forte e ao mesmo tempo teñen menos restricións:

No modelo francés hai parques nacionais que son un pouco diferentes, cunha regulamentación máis forte e con máis limitacións. [Quercy1]

Diferenciándose tamén no proceso de planificación:

En Francia a diferenza entre Parque Nacional e natural rexional? (...) Son dous modelos moi diferentes. No parque nacional é o Estado que di: hai un estado excepcional de biodiversidade que hai que protexer. E protexémolo estritamente. Cunha zona tampón ó redor. Pero alí o certo é que é unha pequena talla. A concertación aumenta de vez en vez. Mentres que no PNR son as colectividadeas as que se reúnen e deciden. Nós imos facer un parque. Non tes protección estrita. É só a que se decide no plan e é todo o tempo un diálogo co territorio. [Quercy2]

E nos obxectivos:

En Italia son un pouco así. Lugares nos que a economía e o social ou a educación non están ou practicamente non están integrados na reflexión do parque. Son como un tipo de reserva natural. [Quercy12]

Consideramos importante facer mención especificamente á toma de conciencia das diferenzas entre unha categoría de protección e outra, dado que moitas veces aínda que se reflexa na lexislación, non se traspón á xestión e ao discurso real, como semellaba ocorren no Xurés.

En definitiva, atopámonos ante unha figura que ten na concertación entre diferentes actores unha das chaves do seu éxito. Contar cunha lexislación adecuada e

6.3. Análise convencional

un plan de xestión actualizado son factores fundamentais para entender a súa prosperidade, sen esquecer que verdadeiramente é comprendida como unha ferramenta de ordenación do territorio a través da cal se intenta dar unha visión de conxunto ao territorio sobre o que se asenta.

6.3.2.3. Información e educación: claves no éxito

Como citamos no marco teórico, a comunicación é clave no bo funcionamento do parque e na mellor comprensión do que está a pasar dentro dos seus límites. Neste senso o novo paradigma e a Categoría V en particular, poñen o punto de mira sobre a participación e a forma de relacionarse coa poboación local. A través das enquisas vimos que había unha percepción boa tanto da xestión estritamente falando, como da información que a poboación tiña, e os seguintes parágrafos axudarannos a entender o porqué.

- Unha boa estrutura interna:

O parque goza a ollos dos entrevistados dun bo funcionamento interno, o que permite que sexa sinxelo comunicarse con el e obter a axuda que precisen, especialmente dende os concellos.

Temos reunións regulares co parque. [Quercy14]

E os representantes do parque así o confirman tamén:

Cos políticos traballamos todo o tempo, porque nós como parque non temos poder de facer. O que se chama no dereito francés, competencias propias. Son os concellos e as colectividade de concello os que teñen competencias propias. Se hai que ir sobre as estradas, son eles quen teñen dereito a facelo. [Quercy2]

Este entrevistado di que manteñen unha boa relación cos concellos, e que son estes os que levan a información aos veciños, facendo de canle de comunicación entre o Quercy e os habitantes.

Como temos boa relación, non é algo que estea lonxe. [Quercy7]

Recoñecendo que os concellos xogan un papel fundamental na transmisión de información, sendo un nexa de unión:

Próximos cos concellos. Somos nós quen fai o nexa coa poboación. Pero son próximos cos concellos. E cos actores económicos (...). Nós por exemplo temos a alguén que nos fai a programación cultural, pero el traballa tamén co parque. [Quercy8]

Ademais o parque conta con expertos en cada temática, o cal fai sinxelo saber a quen acudir cando se precisa algo.

En cada materia, teñen a alguén que está especializado. Cando temos un problema de urbanismo, hai. Están especializados. [Quercy6]

E no mesmo sentido:

Falamos co parque para saber que podemos facer e que non podemos facer. E despois o parque tamén nos axuda a obter subvencións. Non son organismos que nos financian pero axúdannos a obter financiación. [Quercy8]

Afirmando dende fóra que a organización é boa:

Está moi ben estruturado. [Quercy8]

Esta cita é a que mellor resume esa percepción, apuntando a esa dinámica xeral, sinalando a causa de que o PNR funcione ben. Como este non ten tanta autoridade como un departamento ou concello, en tanto que administración, ten que desenvolver unha estratexia para manter o equilibrio entre os diferentes actores e políticas do Quercy, para que todos eles o apoiem. E este apoio só se consegue a través da posta en marcha de obxectivos comúns e unha boa comunicación.

6.3. Análise convencional

Funciona bastante ben. No parque natural hai unha dinámica bastante boa interna, hai críticas sobre como o parque funciona ou non. Pero atopo que hai unha boa dinámica. A xente implicada a nivel das diferentes direccións do parque teñen unha técnica de actuar. Penso que hai un verdadeiro traballo de fondo levado a cabo polo parque. Sobre unha forma que non corresponde exactamente ao que un departamento ou comunidade de concellos ou concellos podería levar a cabo. Porque de feito o parque é un espazo multiforme. O norte e o sur xa non é o mesmo territorio, ten autoridades pero non ten unha autoridade administrativa recoñecida. Entón ten un camiño que debe atopar sempre unha especie de equilibrio entre as diferentes administracións. E depende financeiramente dos outros. [Quercy12]

Por iso unha boa estrutura é imprescindible, formada por un amplo abanico de profesionais con coñecementos sobre tódalas políticas que se desenvolven dentro do parque, así como unha boa estratexia de comunicación que lles permita enviar mensaxes coherentes sobre o que fan e accesibles a tódolos públicos, e que á súa vez repercutirá nunha máis fácil construción dunha identidade común.

- Canles de comunicación

Hai tamén unha estrutura marcada de comunicación na que cando o parque non é quen de chegar aos veciños, estes comunícanse con el a través dos concellos. Isto fai que sexa máis áxil, e resalta a labor dos municipios como un eslavón importante entre a figura de protección e os habitantes. Os seguintes veciños e representantes así o afirman, o cal nos axuda a entender esas percepcións positivas das enquisas.

Imos primeiro ó concello, e despois ó parque. Os paneis, non lle dixemos nada ó parque. Falamos co concello, o concello intenta ver o que poden facer (...) O concello non ten vocación de distribuír axudas para o que sexa. É a administración local a que ten que transmitir se hai un problema. Non vamos ó parque. Imos ó concello. E el ó parque. [Quercy4]

Reiterando esa cadea parque – concello – habitantes.

Hai moita comunicación entre os concellos e o parque, iso é seguro. E o concello comunícase con nós. [Quercy9]

Con exemplos particulares coma este.

Si, claro. Podemos contactar sempre, chamar. Non nos sentimos illados. Aínda que non haxa intercambios diarios ou semanais, dese lado sabemos que se hai algún problema. Unha cousa que nos interpela, que non se atopa. Un problema. Imos ó parque. Sabemos que sempre podemos ter un interlocutor. Intercambio, conversación. Atoparse. [Quercy13]

Ou neste onde se menciona o contacto directo co ente:

Ó parque, chamámolo para ter consellos no referente ao medio ambiente. Cando queremos facer muros de pedra. Rehabilitalos, eles teñen consellos, consignas. [Quercy9]

Ou a experiencia deste outro entrevistado.

Cos meus compañeiros políticos, falo do que aprendín na reunión. Transmíto a información e despois facemos baixala á poboación. Hai un “xornal” municipal é aí facemos aparecer a información. No boletín, que sae cada 3 meses. E despois oralmente, como agora, falamos. [Quercy11]

Pero non só se trata de acudir aos concellos, senón que tamén hai outro tipo de eventos e de actividades destinadas á comunicar, que serven de lugar de encontro onde mostrar que fai o parque e onde os veciños poden expresarse.

Non é unha reunión exactamente. Un evento. Despois ao nivel cultural hai as noites do parque. Ao redor de temas patrimoniais, de temas, e ben. Alí a poboación, sobre todo en inverno participa moito. Hai conferencias, espectáculos. A xente vén. [Quercy6]

En resumo, se os datos das enquisas reflexaban que había un grao de coñecemento bastante elevado do que acontecía no parque, coas entrevistas podemos deducir que se debe a boa comunicación entre o Quercy e concellos, e entre concellos e poboación, e cando se dá, tamén entre veciños e membros do parque.

- A educación, obxectivo central.

6.3. Análise convencional

Atopamos no papel concedido a educación un elemento clave para entender a boa percepción e o alto grao de coñecemento por parte dos habitantes. No Quercy concretamente, e nos PNR en xeral, a educación é un obxectivo fundamental que ten unha forte presenza nos seus discursos. Por esa razón para nós, é unha das ideas que explica a visión que a poboación local ten do parque, así como o vehículo para transmitir as ideas sobre as que se asenta e construír unha identidade común:

Fixemos educación, e cando dicimos educación é pedagogía, e para todas as idades. Para todo tipo de poboación. Á vez ós que viven alí, ós que veñen de vacacións, ós que están de paso. Turistas. Fixemos accións, que poden ser saídas, visitas, conferencias, proxeccións (...). [Quercy1]

A través de diferentes estratexias:

Na cuestión de educación e sensibilización, o que diría é o mínimo ou o máximo (...). É necesario que fagamos educación, proxectos de sensibilización sobre moitas cousas, todo o tempo. [Quercy2]

Mostrando os entrevistados o importante que é para eles a educación, polo que representa no futuro do territorio, volvendo ás ideas vencelladas ao desenvolvemento sostible.

Para min a educación e a xuventude son moi importantes porque son o futuro. E todo o que facemos en conservación do territorio, nas estrelas, e todo iso. Ten que ser en nexo con iso. [Quercy8]

Con exemplos concretos nas escolas:

É despois hai unha última cousa que para min é moi interesante. É a parte educativa. Porque o parque leva a cabo accións coas escolas. [Quercy6]

En xeral o parque implícase moito na educación, e é bo, e é moi bo eh. Mesmo en verán, nas fosfaterías, hai actividades para axudarlle aos nenos a buscar fósiles. [Quercy8]

Así como outras actividades:

Invitamos ao parque tódolos anos, como ao Estado e ao departamento. E el díxonos de participar na limpeza de antigas covas que no século XX se utilizaron para sacar fosfatos. E despois para meter lixo. Xa fixemos operacións co parque. Nós promoviámolas e o parque axudaba, ou o parque, ou a axencia de augas, ou a rexión promovía e nós intervínhamos como espeleólogos e mesturamos un pouco co gran público para facer esa acción. [Quercy5]

Ferramenta que axuda a transmitir ideas e a establecer un discurso homoxéneo dentro do parque, facilitando unha visión uniforme e mellora do coñecemento:

Ós nenos levámoslos a coñecer mellor o seu territorio, a comprender o seu medio. A valorizar as boas prácticas. Para que posteriormente todos compartan o mesmo estado de espírito para o seu territorio. E esa é unha acción que levamos a cabo, cando eu estaba, e que continúa pero moi regularmente. É dicir, que tódalas semanas. [Quercy1]

O que para nós é clave, é que non é algo que se fai en momentos puntuais ou ao inicio, senón que se mantén ao longo do tempo, como un eixe vertebrador sobre o que construír o proxecto.

Aínda reforzamos as accións. Seguimos un programa educativo. Tivemos exemplos interesantes cos nenos, nas clases. Que traballaron no cadro escolar. Nós formamos ós educadores. Non temos educadores propios (no parque) pero o conxunto de educadores do territorio, formámoslos, e facemos programas que propomos ás escolas. [Quercy3]

Especialmente interesante resulta esta idea, xa que moitas veces a educación só forma parte dos primeiros pasos dun espazo protexido, ao igual que a participación, mais despois de implantarse ou cando xa está asentado, deixa de ser importante. Por iso, analizados os datos das enquisas e atendendo ás opinións dos entrevistados, a educación preséntase como un dos obxectivos centrais do PNR, que ademais é fundamental nesa boa percepción e alto grao de coñecemento.

6.3.2.4. O proceso de concertación

Esa boa estratexia de comunicación e participación, unida a entender á educación como un dos obxectivos prioritarios, así como a estrutura interna do parque e a súa base teórica na que habitantes e concellos forman parte da toma de decisións, fan da concertación un dos termos clave para entender os PNR e o seu éxito, entendendo o Quercy coma un contrato co territorio.

Como resultado desa forte labor de participación e comunicación así como das labores propias dos xestores, a maioría das opinións son positivas (como así o indicaban as enquisas), aínda que tamén haxa comentarios negativos. Entre algunha das citas que podemos mostrar para entender esa boa percepción están, por exemplo, aquelas relacionadas coa sensibilización da poboación do Quercy.

Eu creo que a xente está máis ben contenta co que se fai. Dos eventos, da toma de conciencia sobre certos temas. Penso que o parque é un plus. Non creo que non haxa xente contenta. Pode ser puntualmente por un problema polo que se ve concernido e que pensa que o parque non está a altura, pero non. [Quercy13]

Ou con valoracións sobre o Quercy:

Si, dese lado fan cousas ben. E penso que moven á xente, que se moven, que sensibilizan á xente. [Quercy13]

E no mesmo sentido:

Eu non fun criticado cando entramos no parque. Todo o mundo ten conciencia do interese? Non estou completamente convencido. Aquí empeza polos políticos o papel de convencer porque estamos xa para iso, convencer á poboación do interese de ir neste sentido ou no outro. [Quercy14]

Así como nas súas repercusións positivas tanto no territorio en xeral, coma na paisaxe en particular.

Pero vémolos en tanto que espectadores e habitantes. Penso que é un pouco limitante pero que ao final de todo, percibimos que dá un plus á vila, sobre o cal ás veces non pensamos. E igualmente, protexe o noso territorio. [Quercy8]

Eu creo con respecto ao territorio e o parque natural. Á vez será preservar a dimensión patrimonial, humana, cultural, territorial, xeolóxica, paisaxística. O parque fixo moi bos traballos coa paisaxe. Pero un tema maior será como desenvolver o circo filosófico sobre o cal a noción de parque se construíu nos tempos que veñen. [Quercy12]

Visión positiva tamén porque se ocupa doutros temas cando o Estado non o fai. Non hai competencia, senón que vén a suplir as carencias:

O parque axúdanos moito a permanecer como estamos, a crear cousas locais. Pola contra, a nosa administración non está. Afortunadamente está o parque. [Quercy8]

Atopando opinións que o afirman:

Non teño unha idea negativa do parque. Estou contento con cousas, con outras non. [Quercy4]

Hainos que están contentos e outros que o están menos. Á xente de forma xeral non lle gusta as limitacións. É un pouco limitante en certas cousas. Non podemos facer o que nos de a gana. [Quercy8]

Tamén hai quen se mostra neutral, dicindo que para eles pasaba desapercibido, por descoñecemento ou porque as súas accións non lles son visibles.

Despois, unha parte da poboación e verdade que, cando falamos de parque, saben que están no parque porque o vemos aos lados das carreteras. Cando entras no parque. Despois a finalidade, non só iso, nos eventos. É verdade que cando fai eventos ou a presidenta do parque fala, si. Pero no día a día non falamos do parque normalmente. [Quercy7]

E na mesma liña :

Sabía que o parque estaba alí pero non estaba sensibilizado. [Quercy7]

6.3. Análise convencional

Así como:

Para nós é un pouco contradictorio. Penso que deberíamos protexer máis os espazos e as compañías. Despois é certo que mantén os camiños, e a iso non se lle pode quitar importancia. Despois ao nivel de turismo supoño que medrou algo dentro. Despois ao nivel de agricultura, pois, non temos verdadeiramente restricións. [Quercy10]

Parece que sen ser unha visión unánime, si que se dá unha percepción moito máis positiva ca no Xurés, e entendemos que tódolos puntos analizados previamente e nos que ven claras diferencias co caso galego, axudan a que o parque sexa visto como un socio e non coma un inimigo.

6.3.2.5. Construción dunha identidade ligada ao patrimonio

Outro dos elementos que consideramos interesantes é que asociado ao Quercy consegue crearse unha representación mental do que é o parque, unha visión de conxunto, de apropiación do espazo e sentimento de orgullo e pertenza ao mesmo. A través da estrutura mencionada, do xeito no que se toman as decisións, e tamén marcar como eixes prioritarios a comunicación e a educación, a poboación asimila as ideas do parque e aprópiase do que representan. Fálase duns valores asociados ao Quercy:

Os valores do parque son os nosos. [Quercy14]

E:

É preciso que gardemos as nosas especificades, o que fai os nosos valores, os nosos valores patrimoniais e naturais. [Quercy14]

E tamén se cita o concepto de identidade, ao que lle dedicamos parte do marco teórico, sendo un dos puntos que apuntala o éxito do modelo.

A verdadeira cuestión de hoxe en día é como creamos unha identidade. Mesmo se é temporal. Como eu me recoñezo aquí, cos outros? Sobre que base? Non será sobre a base da lingua occitana. Non será sobre a base das nosas orixes porque eu veño do norte, de outras partes. Que nos vai meter en común? [Quercy12]

Esta identidade constrúese a través de elementos en común que se asimilan como propios, no sentido de propiedade, que pertencen á poboación.

Creo que efectivamente os lotois, tomaron conciencia da súa riqueza patrimonial. [Quercy14]

Sendo o patrimonio o nexos de unión e a base sobre a que se desenvolve a identidade.

Pouco a pouco, porque é longo facer entrar na conciencia iso. Pouco a pouco, dunha maneira intelixente. Non sei se o somos, pero intentamos selo. Dunha maneira pragmática, razoada, facer comprender á xente que o interese xeral pasa pola preservación do patrimonio porque é o que nos transmitiron os nosos ancestros. O noso deber como políticos é transmitilo. Aos nosos nenos, porque se temos casas bonitas do século doce é porque se prestou atención. [Quercy14]

Tendo aquí outro exemplo:

Conseguiron lentamente federar unha especie de sinerxías, todo o mundo, ao redor do parque, da protección e do medio ambiente. E do pequeno patrimonio. Do ceo estrelado. [Quercy8]

Mencionando elementos concretos e visibles para a poboación:

Pode que unha mestura entre a parte rochosa, os valados e as árbores. Iso tocoume porque penso que había unha amalgama interesante. O outro, foi as edificacións, que son pequenas, como os muros, extremadamente sofisticada. As pequenas casas, as pequenas granxas. Hai outros territorios en Francia que son feos. [Quercy12]

6.3. Análise convencional

Fórmase esa idea conxunta de propiedade, de sentimento de pertenza en torno a uns valores e elementos nos que a poboación se ve representada.

O parque funciona grazas aos outros. O feito de non ter poder con respecto ao estado que vai dicir. É así, é unha obrigaón. O parque non o fai. Constrúese. E cando evoquei o plan, é unha adhesión (...) o parque xogou esa carta con respecto a outros. Podemos escribir a páxina conxuntamente. Hai a posibilidade. E penso que o fixemos. [Quercy5]

E esa imaxe constrúese sobre símbolos, que xa nas enquisas se viu que eran recoñecibles pola poboación. Podemos falar de paisaxe en xeral, de patrimonio, pero tamén de elementos concretos, como pode ser o símbolo elixido para o parque.

A imaxe do parque é a man de Pech Merle. A man do home a través do tempo. Hoxe en día sabemos que o home de cromagnon era tan intelixente coma nós (...). Iso (a man) representa ese nexo interxeracional. [Quercy5]

Así mesmo, construíuse baixo elementos do territorio cos que se identifica a xente, que son visibles, un espazo ao cal ligarse e no que identificarse. De feito o uso do termo territorio é moi frecuente, como se viu na análise de palabras.

E para nós o xeoparque é un recoñecemento ao noso territorio, estamos apegados. Somos lotoises. Apegados a este territorio. [Quercy5]

Unha identidade do territorio que se apoia tamén no nome, pois as Causses son un elemento xeográfico perfectamente visible ao longo do Quercy:

Eu persoalmente, agora non estaría en contra. Dá unha identidade. As Causses, os muíños, os palomares, os muros de pedra (...) hai que preservar. Hai que preservar. Coidar o que nos queda. [Quercy9]

Pero tamén unha identidade ligada ao patrimonio construído e á paisaxe:

E ademais temos moita sorte porque temos pequeno patrimonio. Non sei se o viches. Temos as cabanas de pedra. [Quercy8]

Que se constrúe entorno a elementos recoñecibles, coma Rocamadour.

O Quercy si, porque hai unha tradición. Por exemplo o foie grass é algo tradicional. Máis de 100 anos. E como Rocamadour trae xente. Pois. E como buscamos, o sol, o mar. A xente que fai o esforzo de vir aquí de vacacións non busca só Rocamadour. Busca o territorio, buscan o queixo. Sempre nos preguntan para visitar aldeas, que hai para visitar. Entón, nós indicámoslle sempre que o territorio. [Quercy9]

Ao camiño de Santiago:

Despois, temos o camiño de Santiago que pasa por aquí. [Quercy8]

Á xeoloxía:

Porque os fosfateros do quercy a nivel paleontoloxía a nivel mundial é enorme. Moitos estratotipos do terciario. Despois o Lot-Celé e o terceiro lugar de concentración de covas con debuxos de Francia. Se collemos o mapa de Europa está o Perigord, o sector de Altamira, ese sector. Estamos nese patrimonio. Estamos tamén no galo-romano. É rico. Temos a Goufre de Padirac, temos Pech Merle. [Quercy5]

Ou á auga:

A xente está apegada a auga, ao patrimonio. Somos un territorio rural. A imaxe do parque é moi favorable. [Quercy5]

Aínda que o exemplo máis sorprendente é interesante de patrimonialización atopámolo na construción da identidade do Quercy baixo a idea do “ceo negro”. Un concepto inexistente cando se creou o parque é que se converteu nun dos puntos cos que se identifica a poboación local:

Do ceo estrelado fai 30 anos ninguén falaba. E todo o mundo, cada vez máis concellos apagan as luces á noite. E o ceo convértese en patrimonio. [Quercy8]

A través do conxunto de actividades que se foron mostrando na análise, dende reunións á educación, pasando pola colaboración parque-concellos, conseguiuase que a xente se unise á idea de apagar as luces para eliminar a contaminación

6.3. Análise convencional

luminosa. E con iso, favorecer a observación do ceo durante a noite, elemento que co tempo a xente foi patrimonializando. O proceso levado a cabo foi semellante ao de creación do Quercy, comezando polas reunións:

Temos reunións locais. Porque nós, Limognes, somos parte das vilas que optaron pola distinción ceo negro, apagar a luz ás noites. [Quercy6]

E desenvolveuse unha estratexia de comunicación e participación que foi tocando diferentes niveis, primeiro concellos, despois habitantes, escolas, etc.

Traballamos (...) durante bastante tempo só os políticos. E só despois baixamos ao nivel (poboación). Fíxose verdadeiramente gradualmente. Os primeiros anos só os concellos. Intentamos ver como acompañalos. Tocamos aos habitantes vía concellos (...). Entón comezamos por buscar 1-2 concellos que quixesen poñer en práctica unha extensión. Traballamos por partes. Concentrámonos primeiro cos políticos, consellos municipais. Fixemos reunións públicas. Falouse cos habitantes. [Quercy3]

Co tempo e con esas accións continuas de comunicación e información, conseguiuase crear esa imaxe de patrimonio, e que os habitantes se identificasen con el.

Hai, dalgún xeito, un sentimento de orgullo porque foron os primeiros (...). Non pasou tanto tempo, e volvendo, pouco a pouco, pouco a pouco, que finalmente vaise facer apropiar de forma sola, de forma natural. (...) E despois a un momento dado, para os habitantes no 2013-14 empezamos a dicir, fai falla que pasemos ao hábitat superior. E a partir das tendas, empezamos a distribuír de forma ampla, eventos. Empezamos a fortalecer os eventos con esa temática. E reforzamos os útiles educativos para os escolares. Tocando ós nenos e ás familias. [Quercy3]

E para iso, precísanse os mesmos elementos que para patrimonializar o parque, como por exemplo educación.

Fomos indo por pequenas partes, políticos, alumnos, e ampliouse. E a día de hoxe, globalmente é un patrimonio de aquí. Chegamos a ese punto no que é un patrimonio do mesmo tipo que as igrexas. [Quercy3]

E traballo durante un longo período de tempo, pois é un proceso complexo e que require da escala temporal axeitada.

É necesario o tempo e a regularidade. Non hai que ir moi rápido. Ao principio empezamos por pequenas partes e nun momento, de xeito só, a miña compañeira que montou un programa educativo para os escolares, empezamos a facer formacións para os hostaleiros. Nun momento hai que abrillo, pero iso faise só. Está talmente apropiado que aos políticos, á xente, parécelles natural facer accións desa natureza. [Quercy3]

Tempo necesario para que os habitantes o valoricen e o sintan seu:

*Aquí, os habitantes, a diferenza doutros territorios onde vin a mesma evolución, están sobre esa idea de protección, valorización, redución de economía. Aquí estamos sobre un camiño de patrimonialización da noite. Construíuse con tal xeito e tal apropiación que hoxe en día, os habitantes e os elixidos, ven esa noite como algo identitario. E iso construíuse en 12 anos. [Quercy3]
En 12 anos a noite aquí converteuse nun patrimonio. A xente está orgullosa. [Quercy3]*

No mesmo sentido e aínda que non se considera patrimonio, a venta directa tamén axuda á construción desa identidade, pois os produtores do parque poden vender deste xeito a identidade de calidade e prestixio. Produce cohesión, fixa poboación e da consistencia ao PNR, e non só como lugar natural cos seus valores intrínsecos, paisaxísticos e patrimoniais, senón tamén con novas posibilidades económicas que van ligadas ao prestixio da marca do parque como espazo natural e como fornecedor de “produtos naturais e ecolóxicos”.

Eran cousas que facíamos cando era pequena. Ir buscar o leite á granxa que estaba a un km. Os ovos a outro lado. Despois as grandes superficies, centros comerciais. E a xente foi alí, pouco a pouco. E agora volvemos a cousas máis locais, a xente volve. [Quercy13]

6.3. Análise convencional

Necesitan ver á xente que produce as cenorias, os polos, o leite. Algo que volve, pero hai un traballo que é feito tamén ao nivel do parque, ao nivel dos medios de comunicación. Un iogur non debe facer non sei cantos miles de kms antes de chegar a vosa mesa. É certo que hai cousas que foron feitas nese sentido, e a xente entende. E cambia a percepción. Resensibilizamos á xente. [Quercy13]

Así como:

Dá unha alternativa ao consumidor. Pode elixir o produto (...). E despois a venta directa ten outro que é poder, podemos dicir que en estruturas máis pequenas, non temos necesidade de grandes explotacións para facer unha profesión con beneficios. [Quercy4]

Finalmente debemos apuntar que esa construción mental, ese discurso é un elemento cambiante no tempo. De tal xeito, e con poboación movéndose continuamente, faise fincapé na necesidade de ir adaptando o discurso e as políticas aos novos veciños, para que a xente se vexa representada e identificada no parque.

Sempre houbo unha forma de apropiarse do espazo. E recoñecerse nun espazo que cambia. Unha das preguntas ás que o parque vai ter que responder é o tema menos evidente da cuestión da pertenza. A xente circula enormemente. Pasa dun lugar a outro. A noción. Chegan momentos nos que son vidas hidropónicas como a gandería. Dá igual onde nazamos, chega con ser o que queremos atopar. [Quercy12]

En resumo, a través da participación, da educación e da inversión en comunicación, non só se consegue ter unha imaxe positiva no territorio (como se vía nas enquisas), senón que se produce o punto que é clave para o éxito do parque: a poboación pasa a ser consciente do que representa esa protección e dos valores que implica, así como considerarse partícipe da mesma, xa que sempre se vai coidar mais algo que se sente como propio que algo que se sente como alleo. E é aquí onde o patrimonio e a identidade creada entorno a el xogaron un papel fundamental.

6.3.2.6. Problemas

Como en todo tipo de figuras de protección, e como se viu no Xurés ou se verá en Salambala, sempre hai problemas ou elementos que deberían funcionar mellor. Ningún modelo está exento disto e ser adaptativo revélase fundamental para afrontar eses puntos negativos.

Un exemplo de debilidade que foi transformada en fortaleza pode ser a falla de recursos financeiros. Os PNR non contan con diñeiro de seu para realizar proxectos e estes fanse en colaboración con outros organismos:

O parque debería ter recursos financeiros, ser autónomo. E que puidésemos levar a cabo programas de acción, honestamente, en función das demandas que veñan (...) e o mesmo en desenvolvemento local. En desenvolvemento local gustaríame dicir (...) temos diñeiro. Sabemos como facelo. Vámosvos axudar. Pero pola contra, se o facedes con nós ten que haber unha aproximación medioambiental. Ten que haber concertación. Senón, non vos axudamos. Ah de acordo. E así, aumentamos a calidade e facemos boas cousas. [Quercy2]

Na mesma tónica:

Eu traballaba no parque (...) o que eu facía cando estaba alí, non tiñamos poder regulamentario. Non tiñamos diñeiro. De feito, é da axencia de augas, da rexión, do departamento, da colectividade. Van cada vez. Esa debilidade e a que fai o poder. Estamos condenados a convencer, a explicar. [Quercy5]

Así como:

Despois o problema que penso que teñen no parque é que non teñen medios financeiros para facer cousas. (...) E despois, o outro problema que hai hoxe en día, é que é xestionado por políticos que defenden máis os seus intereses que os intereses comúns. E iso fai que a verdadeira natureza do parque non sexa respectada. [Quercy10]

E por iso se potencian outras actividades que suplen a falla de diñeiro:

6.3. Análise convencional

Nós non financiamos directamente, somos financiados para axudarvos a montar proxectos. A ir buscar financiamento. Pero non financiamos. Entón, todo iso, é necesario que sexa comprendido. E localmente, como non financiamos directamente, non temos moita visibilidade. Entón, aos habitantes, hai que dicirlle que fai o parque. Ven o educativo, das escolas. Hai que comunicar ben, pero non é fácil. [Quercy1]

Esa carencia fixo que se estreitasen os lazos entre os diferentes actores e se mellorase a comunicación. Moitos dos entrevistados referíanse ao parque como un ente que os axudaba na busca de financiación, e tamén fixo que mellorase a colaboración. Por outra banda, non ter esa capacidade de financiar, fixo que os seus traballadores se visen obrigados a informar sobre as fontes onde obter eses recursos, favorecendo os procesos informativos e de comunicación.

A falla de medios tamén fai que non se chegue a comunicar ben a toda a xente:

Despois outra dificultade, hai unha parte de poboación como en todo proceso de concertación que non sabes como tocar. Sería preciso un presuposto de comunicación moi importante para comunicar por todas parte para facer xornais. Non temos diñeiro. [Quercy2]

Como así o verifica este entrevistado:

Non hai verdadeiramente. Non temos cousas de máis porque estemos no parque. Non temos cousas de menos porque estemos no parque. Ao nivel da venda directa, non nos axudan. [Quercy10]

Aínda que as críticas tamén afectan a cuestión máis concretas, como á limpeza das cunetas:

Por exemplo, en abril-maio, o parque prohibe coller as herbas da cuneta. Hai mariquiñas. Hai de que deixalas nacer e desenvolverse. Puxeron paneis. E a xente quéixase. [Quercy9]

Á paisaxe a ás construcións:

En relación á paisaxe, da protección da paisaxe. Ao nivel de estrutura, iso non lles impide construír por todas partes. [Quercy10]

Ou á agricultura:

Unha cousa é o que nos din con palabras bonitas e outra cousa é o que fan realmente. É dicir, din que o fan dunha determinada maneira e doutro lado fan máis pola agricultura industrial e compañías (...) que para os labregos. [Quercy10]

Se continúa así, a agricultura, teremos problemas para seguir. Nós que somos os actores, pero a evolución da paisaxe, somos quen a fixemos evolucionar. [Quercy4]

Pero mesmo os que teñen opinións negativas, tamén recoñecen elementos positivos:

Despois, non hai só que criticar ao parque. Aporta cousas importantes para o turismo, para o mantemento de camiños, pero atopo que é algo contradictorio. [Quercy10]

Pequenas críticas algunhas, máis asentadas outras, pero que nos dá a coñecer un modelo que até o de agora, segundo os datos cualitativos e cuantitativos, presenta un menor rexeitamento que o Xurés e unha maior proximidade ao novo paradigma.

6.3.2.7. Síntese de ideas

A diferenza do modelo anterior, atopámonos cunha categoría sobre a que a poboación local ten unha percepción positiva. As entrevistas realizadas permitíronnos coñecer en profundidade o porqué desta valoración, que non se debe a unha causa única, senón a un conxunto de elementos.

Por unha banda, hai unha estrutura de xestión que funciona axeitadamente, así como colaboración entre as distintas administracións, dando como resultado unha visión uniforme do que significa o parque. Outro elemento significativo é a existencia dun verdadeiro documento no que se elabora unha estratexia integral de ordenación do territorio e desenvolvemento, apoiado nunha lexislación que se cumpre e nuns obxectivos compartidos entre tódolos actores.

Así mesmo, os concellos e a poboación participan directamente na planificación. Para declarar un PNR é preciso que o soliciten os concellos, e estes fano tendo en conta á poboación local. Para iso hai unha forte estratexia de comunicación,

6.3. Análise convencional

participación e educación, que dá como resultado habitantes mellor informados e que coñecen o que pasa no seu territorio.

Por último, e quizais máis importante, hai unha construción da idea de parque ao redor do territorio e do patrimonio, apoiada en tódolos elementos citados anteriormente. Isto facilita que a poboación se vexa identificada co Quercy e asuma os seus valores, pois séntese partícipe da súa construción e propietaria do que se protexe.

6.3.3. *Conservancy de Salambala*

No primeiro punto analizaremos a percepción da poboación local, que vén a substituír as enquisas que non se realizaron en Salambala. Unha vez nos atopamos no parque e como así se fai constar na metodoloxía, a realización de enquisas non foi posible dadas as dificultades lingüísticas e do terreo. Para adaptarnos a este problema, decidimos realizar pequenas entrevistas cos veciños, contando coa axuda dun interprete que manexaba tanto inglés como a lingua local. Destas entrevistas, resumimos neste apartado a información máis relevante. Estas foron algunhas das súas respostas⁴.

6.3.3.1. Poboación local e percepción da *conservancy*

Nas seguintes páxinas expoñemos as respostas que deron os veciños entrevistados en substitución dos cuestionarios. Con elas podemos sacar varias conclusións sobre a relación entre o parque e a poboación.

- Sentimento de pertenza

O primeiro punto analizado é o sentimento de pertenza e alto grao de coñecemento do parque, sabendo en todo momento o que é, falando da “súa” *Conservancy*, o que demostra unha certa proximidade á figura, como se pode apreciar nas seguintes respostas.

Si, a nosa Conservancy, Salambala. [Salambala22]

⁴A información pasou por dúas traducións. Lozi – Inglés, e despois Inglés – Galego.

Pertencemos á Conservancy. [Salambala19]

Si, a nosa Conservancy. Está en Ngoma (...). Onde estamos agora. [Salambala16]

Salambala? Ah si, a Conservancy. En Ngoma. Axúdanos moito. [Salambala21]

Con respostas moi positivas que relacionan a súa actividade á Salambala:

É a nosa (Conservancy). Vendo produtos da nosa Conservancy á xente (...) a Conservancy é a mellor. [Salambala9]

Vendo produtos da nosa Conservancy á xente que pasa. Hai moitos turistas. [Salambala17]

A maioría da poboación asocia Salambala á *Conservancy*, e ao tipo de protección que ten. Moitos dos entrevistados saben localizar onde está, ou fan referencia a Ngoma, lugar no que está a sede da mesma e dende onde se centralizan as accións que se fan no terreo. Isto denota unha presenza nas súas vidas diarias, así como identificación de Salambala con ese territorio.

- Fauna salvaxe e identidade

Atopamos unha constante presenza dun elemento que se repite en tódalas entrevistas, a referencia á vida salvaxe. Poderíase dicir, como se verá cando se analicen as entrevistas en profundidade, que os animais son o elemento sobre o que se construíu a idea de Salambala.

Temos animais, pero non demasiados. Na parte leste hai moitos. [Salambala9]

E lígase a existencia desa fauna ao incremento dos ingresos:

Tamén se beneficia dos ingresos da Conservancy. [Salambala8]

Así como do traballo:

6.3. Análise convencional

Máis traballos, e na Conservancy tamén están empregando xente. Está ben. [Salambala8]

A existencia do espazo protexido supón tamén unha diminución da caza ilegal, pois enténdese que ter fauna é máis rentable que tela morta.

Hai menos caza ilegal e máis animais. A xente vén ver os nosos animais. [Salambala17]

E reafírmase a idea do incremento do volume de animais:

Cada vez temos máis animais salvaxes. [Salambala21]

Sáíndo da poboación a necesidade de ter máis.

Fáltanos o rinoceronte para ter os 5 grandes. [Salambala17]

Parece claro que a utilización dos plurais e pronomes posesivos cando se fala dos animais é síntoma dun sentimento de propiedade. Semella tamén que son conscientes do que implican eses animais nas súas vidas e dos beneficios que poden xerar para a súa economía. Precisamente, esa ligazón entre vida salvaxe é desenvolvemento é outro dos puntos que sobresaen.

- Unha protección que xera beneficios

Entendemos que ese sentimento de propiedade así como os beneficios derivados da mesma fan que a poboación local acepte mellor a protección da natureza, sendo numerosos os beneficios citados, especialmente aos que son máis visibles. As referencias anteriores a “os nosos animais” ou “temos máis animais” considérase unha desas repercusións positivas da protección:

Si, dan beneficios. [Salambala13]

Axúdanos a ter máis beneficios. [Salambala17]

Algo que é moi recorrente nas súas respostas é a incidencia nos postos de traballo, quizais porque despois dos animais, é o elemento máis "tanxible".

34 persoas locais (empregados), (...) é bo para os locais. Temos 20 habitacións. 40 persoas se está cheo completamente. [Salambala10]

E tamén ligándoos a unha actividade de gran relevancia, o turismo, e a como repercute na súa economía.

Máis traballo, máis turismo. [Salambala19]

Hai máis traballo. Teño un traballo grazas a ela. [Salambala17]

Temos mais turistas. Temos máis beneficios. [Salambala16]

Onde hai que recalcar que eses postos de traballo non só veñen do turismo, pois a *Conservancy* encárgase de formar tamén gardas que controlan a caza furtiva, xente que contabiliza o número de animais para facer inventarios, ou os administradores do parque.

Máis traballos, e na Conservancy tamén están empregando xente. Está ben. [Salambala8]

Por último, tamén se ve un beneficio derivado de todas esas actuacións e que é á súa vez un dos obxectivos máis importantes de Salambala: a redución da caza ilegal. A poboación ve aos animais como algo que ten máis valor vivo ca morto, e cambia a súa concepción dos mesmos: pasan de ser unha ameaza a ser un elemento que lles axuda a ter ingresos:

Se coidamos os nosos animais, teremos máis beneficios. [Salambala16]

Si, está ben, máis traballos. Dende que a Conservancy empezou a operar non houbo máis caza ilegal, hai máis control. [Salambala8]

Dándose conta de que a caza regulada dá máis beneficios ca ilegal.

6.3. Análise convencional

Si, pola caza podemos xerar 1.4 millóns con certas especies. 1,8 millóns se son outras. Cos proxectos, teremos máis turistas e chegaremos ata 2,5 millóns de beneficios. [Salambala11]

Máis non tódalas opinións son unánimes, e o feito de convivir cada vez con especies tan perigosas supón que haxa moita poboación que se mostre pouco favorable á súa presenza, cuestión que se desenvolverá ao longo deste capítulo:

Hai moitos máis animais e beneficios, pero tamén máis conflitos. [Salambala15]

Con fortes críticas aos elefantes que atacan os seus cultivos e leóns atacando o seu gando.

Viven fóra (da alambrada). E atacan á xente e ós cultivos. [Salambala14]

Si, especialmente nesta época do ano cando a xente cultiva o millo e cousas así. Un problema enorme. [Salambala14]

Temos problemas cos nosos elefantes, comen os cultivos. [Salambala15]

Cada vez hai máis ataques de elefantes aos cultivos, de crocodilos ao gando, agora os leóns. [Salambala18]

O cal dá lugar a que a xente se queixe e solicite maneiras de compensar os danos que sofren:

Se matan a nosa maneira de vivir, que imos facer? [Salambala18]

É difícil obter o diñeiro. Non pagan o que deben. [Salambala18]

Destas respostas pódese entrever que a percepción é positiva, pois dá oportunidades de traballo a través da caza, do turismo e da propia *Conservancy*, froito da protección de Salambala e o incremento de animais. Aínda así, hai fortes críticas polo incremento no número de ataques a colleitas e gando.

- Implicación da comunidade: concepto central da protección

O concepto “traballo coa comunidade”, coa poboación local é frecuente ao longo dos discursos. Varios dos entrevistados falan da colaboración entre *Conservancy* e xente, así como da súa intervención nos procesos de participación.

Traballan coa comunidade. [Salambala13]

Fan cousas para a comunidade. [Salambala16]

O mesmo que as seguintes citas reflexan de forma máis concreta, referíndose os propios entrevistados ás súas experiencias persoais:

Estiven nas reunións cando a promoveron. [Salambala15]

Preguntáronnos sobre a planificación e zonificación. [Salambala17]

En resumo, intentamos suplir a carencia de enquisas con pequenas entrevistas que nos desen unha visión xeral, e atopamos en Salambala unha poboación que se mostra na súa maioría contenta coa protección, pois observa beneficios derivados dela. Igualmente a *Conservancy* axudou a crear unha idea de propiedade colectiva sobre a fauna, falando os habitantes dos “seus animais” e da “súa *Conservancy*”, aínda que tamén hai poboación que se mostra en contra e non ve os beneficios, para a cal a fauna é un perigo. E por último, intúese unha idea de estrutura próxima ao terreo, de poboación informada e tomando decisións.

Recoñecemos polas dificultades atopadas, que é complexo comparar eses datos cos dos outros parques, por iso para coñecer en profundidade o funcionamento do modelo e darlle sentido as respostas obtidas anteriormente, analizamos ás entrevistas en profundidade.

6.3.3.2. Idea e significado desta figura

O resultado das entrevistas en profundidade permítenos coñecer como un país do sur ten un dos modelos de protección da natureza con maior recoñecemento e

6.3. Análise convencional

que mellores resultados está dando tanto en termos medio ambientais como sociais e económicos. Para entendelo, e tamén as informacións obtidas da poboación local, fixemos as entrevistas en profundidade, sendo a máis importante delas a realizada á persoa⁵ que puxo en marcha este modelo tan innovador no continente africano.

Afirma que foron os seus estudos en Australia, despois de obter unha bolsa do goberno deste país para formarse, os que fixeron que á volta á Namibia se decatase de que podía implantar unha adaptación do modelo australiano no país:

Fun ao norte en Australia. E toda a miña idea de conservación e turismo veu porque cada época de vacacións, non me podía permitir volver, tiña que ir e camiñar polo parque, facer o meu par de estudos e volver. E así foi como coñecín un montón de comunidades aborixes, e algunhas veces tiña que estar semanas con eles en proxectos. E a maioría destes proxectos estaban relacionados co turismo e a conservación. Entón estiven alí, e estudiei. Amaba o parque. Gustábame a xente, gustábame a forma na que o goberno traballa coa xente, gustábame o modo de meter á xente indíxena na conservación. [Salambala1]

Dándose conta da realidade na que vivía a poboación rural en Namibia mentres traballaba como tradutora. Entendeu que as súas comunidades locais tamén podían unir conservación e desenvolvemento baixo unha mesma figura.

(Pensei en) Ter ás comunidades participando no turismo. Porque un montón de turistas ían a esas áreas e (as comunidades) non estaban implicadas en ningún ingreso. [Salambala1]

Por iso tamén di que a súa experiencia non só vén do que estudou e das súas investigacións en Australia, senón de traballar coa poboación local en diferentes proxectos en Namibia, unindo conservación e desenvolvemento.

Moitas das miñas experiencias veñen da práctica porque estaba traballando coas comunidades no campo durante moitos anos, pero tamén da exposición ao que vin en outros países. [Salambala1]

Importante é saber o porqué, xa que poucas veces se pode falar con quen implementa o modelo, pero interesante resulta tamén ver que representa para

⁵Maxi Louis, directora de NACSO

os entrevistados unha *Conservancy*. Polas respostas, queda claro que non é un espazo protexido do vello paradigma centrado na fauna, senón que presenta unha aproximación máis social, da que agroman tres ideas importantes.

- Implicación da poboación local

A primeira idea que xorde está ligada a un dos elementos dos que vimos falando ao longo de toda a tese, a necesidade de que a poboación local participe na toma de decisións e sinta o espazo protexido como seu.

Para min a Conservancy é unha organización institucional e social onde as comunidades poden verdadeiramente ter unha palabra sobre os seus recursos. Poden tomar decisións sobre os recursos na súa parte de terra. [Salambala1]

- Apropriación e conexión emocional co espazo en si mesmo, sentíndose parte del

Idea que entronca coa necesidade de sentirse identificado co territorio que habitan e construír mentalmente o espazo protexido ao mesmo tempo que se establece como ente legal e administrativo, facendo propietarios á xente que vive nel.

E para facer iso teñen que ter, emocionalmente teñen que participar desas decisións. Isto é unha paisaxe de terras abertas. E nunha paisaxe de terras abertas non podes, non é a granxa comercial de alguén. É para todos, e teñen que empezar a tomar decisións ao redor diso. Ese é o que eu entendo a nivel local o que unha Conservancy é. [Salambala1]

- Empregar as *Conservancies* como ferramenta de educación e desenvolvemento

6.3. Análise convencional

Pero dende o punto de vista da conservación, porque son unha conservacionista, eu véxoo como unha oportunidade onde ti abres as paisaxes para á conservación. E como Namibia ten esas paisaxes abertas por que non as vamos a usar? Pero non estamos cambiando os estilos de vida da xente. Non cambiamos a forma na que a xente vive. Estamos engadindo valor ecolóxico. Tomamos tanto do medio ambiente que vexo as conservancies como unha forma de traelo de volta. Unha ferramenta para educar á xente en temas como... como xestionas? Como conservas? Como te aseguras de que devolves o que destruímos? [Salambala1]

E no mesmo sentido:

Unha ferramenta que está sendo usada pola xente para engadir valor ao que están facendo, pero vivindo a súa vida normal. Non teñen que cambiar. [Salambala1]

Mentres outra entrevistada completa a definición afirmando que están encamiñadas á xerar beneficios para as comunidades locais, así como gañar dereitos sobre o territorio (que lle foran quitados durante o *Apartheid*) e sobre os cales se falou na teoría.

Verdadeiramente é unha área de granxas. É unha área onde a xente está vivindo e decidiron ter o status de Conservancy para ter beneficios da caza e do turismo. Hai algunhas áreas onde o sentido da conservación non é moi estrito. [Salambala5]

Ao que engade:

Traballar coas comunidades rurais para regañar dereitos sobre os recursos naturais. Ter maior control e beneficios deses recursos naturais. Así que as Conservancies son un medio. [Salambala5]

Poderíamos dicir que xa só nestas citas aparecen reflexadas as ideas centrais das categorías de protección V e VI, así como os eixes do novo paradigma de protección da natureza: poboación local tomando decisións sobre os espazos protexidos nos que viven e combinando protección con beneficios para os residentes.

E para que iso funcione, o primeiro no que se fai fincapé é a existencia dunha lexislación clara onde se especifique o que son e para que serven, así como o seu

funcionamento. Esta lexislación é coa que van xogar os xestores para xustificar a posta en marcha destas políticas de protección da natureza en unión coas políticas de desenvolvemento.

Para min outra das cousas nas que cría, e que é difícil se ves dun país como o noso onde a xente estaba moi oprimida, o cambio que tes que facer debe vir cunha base legal. Necesitas unha base legal e cando vin a emenda desta acta foi como ah, esta é unha oportunidade. Agora podes facer algo. Así que cando negocias co goberno ou algunha cousa, sempre usas iso como unha forma de dicir: prometestes isto e deberiades facelo. [Salambala1]

Idea que reafirma outra entrevistada:

Penso que o éxito disto é que hai unha lexislación, que o goberno de aquí que deu dereitos ás comunidades rurais, e que noutros países non lle deron dereitos ás comunidades. Por exemplo en Zambia, non importa canto intentes levalas ao terreo, porque non hai lexislación. [Salambala5]

Engadindo:

Aquí o noso goberno deu dereitos totais na caza deportiva e nas empresas mixtas do sector turístico ás comunidades. E a elas mesmas para establecer dereitos sobre o turismo nas Conservancies. [Salambala5]

Así, tendo a lexislación na man e sabendo o que se pode facer e o que non, lanzouse un estudo para coñecer que espazos podían ser os primeiros en explorar este tipo de protección. Isto vén a vincular protección coa investigación, elemento que tamén é importante neste tipo de categorías.

6.3. Análise convencional

Nos noventa, cando primeiro había un gran estudo, facendo un cuestionario ecolóxico. Fixemos moitos outros. Estudos sociais, para asegurarnos de que non cometíamos erros. E estas ideas baseadas nos estudos, nos resultados, eran perfectos para Salambala, Torra (...), queríamos utilizalas como pilotos pero con acordo. Non foron forzadas. Así que vimos a idea con eles e dixemos, isto é o que queremos facer con vós, tíos. [Salambala1]

E isto implica que antes de declarar os novos espazos protexidos hai unha análise en profundidade de que territorios son merecedores de ter protección en base a cuestións científicas e sociais, pero indo da man dunha lexislación que poña á comunidade no centro da toma de decisións, da planificación e xestión das conservancies.

En resumo, expórtase un modelo de Australia coas modificacións necesarias para o novo entorno, apostando porque a poboación local tome decisións dende o primeiro momento, co obxectivo de que se impliquen emocionalmente dende o principio e obteñan beneficios, apoiado por unha lexislación específica que garanta os seus dereitos.

6.3.3.3. Poboación local: obxectivo central

Como se dicía anteriormente, é un parque no que os habitantes son un piar tan importante como poden selo os animais, a flora ou as paisaxes a protexer. É máis, son un obxectivo en si mesmos, en concordancia co paradigma actual.

Un espazo protexido que pon á poboación local no centro da conservación. Participación na toma de decisións. [Salambala1]

E isto demóstrase por ser a comunidade a encargada de decidir se quere ou non crear un espazo protexido deste tipo, e demandar ao goberno iniciar o proceso de declaración do mesmo.

Ás primeiras (Conservancies) fomos nós e eles fixéronse cargo. Agora, tómano doutras. Van é ven esta Conservancy, e tamén queren unha conservancy. Entón o Ministerio vén e axuda co proceso. Pero en termos de tomar a decisión de se queren formar unha Conservancy ou non, é unha decisión que toman eles. [Salambala1]

Así, as decisións tómanse nos comités da *Conservancy*, representado cada un destes a unha aldea, que á súa vez se encárgan de comunicar ao resto da comunidade as decisións tomadas.

A estrutura do equipo depende de onde esteas. Por exemplo as Conservancies do noroeste de Kunene, onde a poboación é moito máis pequena e están por toda a paisaxe, usan o que chaman representación de área. Unha área é representada por un par de persoas. Van xuntos e forman un bi – comité nunha Conservancy. [Salambala1]

Eses comités son elementos centrais da xestión e toma de decisións, pois sendo unha sociedade máis tradicional ca nos outros parques estudados, os membros dese comité fan tamén unha labor de comunicación que resulta esencial.

Se tes un comité forte, elixido polos membros e que representa ós membros, e ven o seu papel representando. Entón funcionará ben. Se tes un xestor forte, que empuxa, que é un campión para involucrar á comunidade, entón terás... pero a miúdo os comités son elixidos e despois cánsanse, ou están ocupados e teñen outras cousas que facer, van ás reunións e despois esquécense. Pode que nas Conservancies, o nivel de conexión e compartir información e toma de decisións por parte dos membros sexa débil. É débil. [Salambala5]

En Salambala o funcionamento é semellante.

Aproximadamente a Conservancy de Salambala está formada por 90 aldeas, máis ou menos. De acordo coa estrutura de Salambala, temos o comité de xestión de 32 membros. E forman o comité de xestión. Hai 6 membros executivos encargados das actividades do día a día da Conservancy. Temos tres membros adicionais (...) e diso agora mesmo temos 35 ou 36 empregos. [Salambala3]

6.3. Análise convencional

Un modelo que parece moi efectivo pola proximidade cos habitantes, pero vai depender das habilidades deses representantes e do seu compromiso, que esa información chegue ben ou non ao resto da comunidade, e polo tanto, que a toma de decisións e participación sexa efectiva.

Coas áreas penso que funciona moito mellor. Esa xente con comités de área volve (á aldea) e a retroalimentación é maior. Non é perfecta. Nalgunhas áreas, como en calquera organización, ás veces tes xente forte, ás veces feble. [Salambala1]

Pero non sempre todo é positivo, pois como resultado de cederlle todas as decisións ás comunidades locais, en ocasións atópanse fronte a poboacións que demandan converterse en *Conservancy*, mesmo se dende a administración e ONGs saben que non van ser rendibles en termos de beneficios para a comunidade que persigue esa declaración.

Unha vez aprobado o espazo protexido faise un seguimento: analízase anualmente a percepción da xente, se se logran os obxectivos ou como evolucionan as cifras de vida salvaxe.

Está funcionando? Están chegando os beneficios ás comunidades? E se chegan, está a xente contenta? E fixemos un estudo sobre iso, moita xente está feliz. Queren ter conservación e tamén ver beneficios dela para eles. [Salambala1]

E é tamén a poboación local a que xestiona eses espazos protexidos, despois de ser formados a través de programas de colaboración co goberno e diferentes organismos e ONG's, así como a redacción dos plans de xestión, nos que se fixan os obxectivos e camiños para acadalos.

*As Conservancies teñen o que chamamos *Aware Life, Management And Utilisation Plan*. Tamén algúns plans nacionais que mostran que áreas teñen, ou que actividades compartidas, que obxectivos. [Salambala2]*

Por iso se esixe que estes plans estean redactados antes da súa declaración, para probar que non se vai quedar nun parque de papel e que ten unha lóxica, unha capacidade de xestión e uns medios para acadar os obxectivos fixados.

Porque non só son importantes para a Conservancy. Son tamén un requirimento para o Ministerio de Medio Ambiente. Cando se crea unha Conservancy hai que mostrarlle ao ministerio que estás interesado na vida salvaxe. Que estás interesado na xestión da vida salvaxe. Como planeas manexar esa vida salvaxe. Como planeas asegurar as necesidades da vida salvaxe. Como coidala. Como planeas asegurar os beneficios aprobados e compartilos cos membros. Como aseguras que hai temas monetarios, que estás utilizando axentes policiais, mitigando os conflitos entre humanos e vida salvaxe. Non podes estar só esperando coidar a vida salvaxe para ter beneficios. Pero sen dar soporte ás comunidades que están vivindo coa vida salvaxe, ti tamén tes que facer fronte aos custos. Se estás en contacto hai un custo, para o gando, que será atacado por leóns, ou comidos por crocodilos, ou as túas cercas danadas por elefantes, hipopótamos ou outras especies. [Salambala2]

E ao igual que no caso dos PNR franceses, se non se acadan os obxectivos, a certificación pódelle ser retirada.

Temos o que a goberno chama o Procesos Operativos Estándar, que se desenvolve en caso de que a Conservancy non faga as cousas da forma en que se espera sexan feitas. Hai uns pasos que o goberno seguira e que poden levar a suprimir a Conservancy. [Salambala2]

Así mesmo, os xestores locais están axudados por diferentes organismos, cando a capacidade de xestión ou de saber facer é baixa. Isto ocorre sobre todo ao principio, e especialmente nas primeiras conservancies rexistradas por mor da falta de acceso da poboación local á formación superior.

Penso que o que atoparás neste programa e que eu aprecio é que as ONGs non sentimos que teñamos que defender o programa. É un programa do goberno. Estamos intentando dar soporte. Pero sabemos que non é perfecto. E o que buscamos é como melloralo. [Salambala5]

Esta axuda dáse en diferentes ámbitos, tanto por organismos estatais como por outro tipo de asociacións:

6.3. Análise convencional

Somos guiados polo noso Ministerio. O Ministerio dános esas cotas de acordo co que o xerente dicía. En función das patrullas, do número de animais que teñamos. O goberno dános unha cota. A comunidade implicase cando temos a gran reunión, chamada reunión xeral anual. Nesa reunión xeral anual a comunidade está implicada, onde lle dan o poder aos comités de xestión. Porque aquí na oficina, o comité de xestión, só propoñemos un presuposto. A comunidade aproba o presuposto. Así é como están implicados. [Salambala4]

Axudándoos coa xestión e a formación, a través de diferentes cursos e experiencias prácticas. Aquí, a entrevistada fala dalgún deses organismos:

Dan Información. O ministerio de Medio Mmbiente, o IDCRN, WWF (...) e outros intentan dar soporte técnico, formación, workshops. (E ensinan) Como xestionar tamén. [Salambala4]

- Na xestión económica

Formación en xestión financeira e asegurando que teñen un bo sistema para xestión financeira nas súas Conservancies, que saben como manter as cousas ben, saben como producir balances financeiros, que saben como presentar estados financeiros aos membros. Saben preparar presupostos e de que axustan as liñas de gasto. [Salambala2]

- Na gobernanza

Soporte á gobernanza, á construción de capacidade institucional. Axudamos coa elección de comités, coa formación dos novos comités, coas reunións anuais, coa xestión da financiación. Damos soporte para que a xestión da financiación sexa boa. Gobernanza en financiación, porque podes ter unha boa xestión financeira pero a gobernanza de quen decide como se usa o diñeiro é a cuestión crítica (...). Traballamos coa xestión de recursos naturais así que é máis asistir á Conservancy, para ter os datos para ser capaces de ter acceso as cotas de caza, para probar que o volume de vida salvaxe se está incrementando. Pero tamén para que a xente entenda cal é o status dos recursos naturais. Entón formamos gardas, facemos contas de caza, damos asistencia monetaria para a vida salvaxe. [Salambala5]

- Emprender actividades económicas

Traballamos no desenvolvemento de empresas e na xeración de ingresos dende os recursos naturais. E iso é maiormente a través de Join Ventures co sector privado no turismo e na caza de trofeo. Neses dous, pero tamén coas plantas e outra cousas, artesanía. [Salambala5]

- No regulamento interno e tesourería

(Salambala) Está na revisión da súa constitución. E estamos axudándoos coa revisión da constitución. E algo que promovemos é que teñan diferentes contas. Unha é a conta da comunidade co diñeiro que entra, e outra na que o comité só recibe diñeiro para operacións. [Salambala5]

En resumo, como se observa a través das respostas, a protección xira ao redor da poboación local, tanto nos obxectivos como na xestión. A través da implicación da comunidade e os mecanismos para representala (comités) conséguese achegar a toma de decisións ao nivel máis baixo. Da poboación local depende tamén pedir a declaración da *Conservancy*, para a cal teñen que contar cun plan de xestión, así como demostrar que teñen capacidade técnica para cumprir os obxectivos. Capacidade esta, que se acada coa formación propiciada polo goberno e outros actores. Como ocorría en Francia, hai unha revisión (anual) do plan, un elemento que ao igual que no Quercy, consideramos fundamental para mellorar a xestión e que se sustenta nunha lexislación clara. Entendemos que esa participación desde o inicio, axuda a asimilar as ideas do novo ente e a familiarizarse co que representa.

6.3.3.4. Outros obxectivos

Tendo en conta esa aproximación tan social da figura, é de entender que o desenvolvemento sostible sexa o eixe que module as actividades que se promocionan nas *Conservancies*. De feito, unha alta porcentaxe dos entrevistados emprega a palabra ferramenta para referirse ao parque. Ao contrario do que moitos outras figuras, sobre todo en países do *norte*, Salambala e as *conservancies* en xeral, presentan un amplo conxunto de obxectivos que non abarcan protección e desenvolvemento de xeito separado senón que se entrelazan nunha única estratexia.

6.3. Análise convencional

É un programa con múltiples facetas. Non tes que facer fronte só á conservación, tes que facer fronte ao desenvolvemento comunitario, á educación, conservación, negocios. [Salambala1]

E aquí temos tamén os mesmos obxectivos explicados en primeira persoa por parte dun dos membros do comité de Salambala. Xerar beneficios a través do regreso da fauna ao parque, mellorando a súa xestión.

Dende os nosos obxectivos e ánimos ao formar a Conservancy foi: número un, xeración de ingresos; número dous, oportunidades de traballo e o retorno da fauna salvaxe á área. Que a xente puidese beneficiarse deses recursos naturais e desa fauna salvaxe. Iso é o que Salambala é. [Salambala3]

E desas ideas extráese o obxectivo de desenvolvemento sostible:

Estamos intentando introducir sistemas que sexan compatibles co que pasa agora, pero se hai algo que fose vello e tivese sentido traerémolo para formar parte dese sistema. Para min un obxectivo é manter as cousas en equilibrio. Mirar o que temos agora, facelo actual, e facelo valioso. Sistema para min é unha palabra importante. [Salambala1]

Todo iso apoiándose na educación, outro dos piares do novo paradigma e que para este tipo de figura resulta fundamental, pois axuda a partillar os valores da figura.

As Conservancies son unha ferramenta. Tamén vexo unha oportunidade para educar. Imos a escolas aquí, aínda temos un centro ecolóxico do que aprender. Sentarme non me vai axudar, teño que saír fóra e aprender diso. Véxoo como un lugar onde tomar conciencia, onde a xente aínda pode valorar e apreciar a natureza. [Salambala1]

Pero sobre todo, e en liña co dito anteriormente, o obxectivo de xerar un sentimento de propiedade sobre o territorio e a vida salvaxe, que á súa vez axude a incrementar o volume de fauna por ser vista esta como propiedade dos habitantes.

(Os beneficios non son) suficientes para pagar operacións, salarios, pode que (para facer) algún proxecto aquí e acolá. Sabes. Traer electricidade a unha aldea un ano, o próximo ano pode que poñer auga noutra. Pequenas cousas como esa. Pero non é suficiente para dar diñeiro a todos para que cada membro teña algo. Pero o obxectivo principal da Conservancy non é o diñeiro, suponse que é aumentar o control da xente sobre os recursos naturais. Así que o que espero é que o énfase non se centrase demasiado no diñeiro e que se non hai diñeiro, a xente diga, que pasa. Espero que sexa máis profundo ca iso. A apreciación da Conservancy tamén ten que ver con valores culturais. [Salambala5]

Obxectivo este que se consegue a través da devolución dos dereitos sobre o espazo e os animais á comunidade, os cales lles foran quitados no *apartheid*.

Tiña máis que ver con axudar á xente a volver gañar control. [Salambala5]

E para conseguir todos estes obxectivos citados, un factor que resulta clave é a coordinación entre diferentes actores, sempre en colaboración coa poboación local. As *Conservancies* confían no saber facer dos veciños e nos seus coñecementos, traballando localmente. Un elemento fundamental nas estratexias de conservación.

Coordinación. (...) Nunca terás unha boa política a través de catro países. Esta idea de KAZA (...). Pero o que podes facer é traballar ao nivel máis local con comunidades que están compartindo culturas, vida salvaxe, os mesmos problemas. E déixaos a eles atopar formas de traballar conxuntamente para mellorar a xestión de recursos da vida salvaxe. Aínda que as políticas non estean alí, atoparán formas para traballar. Iso é o que se estivo facendo en Salambala. [Salambala5]

En definitiva, un conxunto de obxectivos que van máis alá da mera protección de especies, e que se asenta sobre a base de que a poboación local se apropie da fauna e do territorio. A través da súa valorización e da implantación de actividades compatibles coa protección, establécese unha estratexia de desenvolvemento que acaba xerando beneficios e coa que a poboación se identifica.

6.3.3.5. Os beneficios: elemento central do discurso

Xerar beneficios é, xunto coa apropiación por parte da poboación do Salambala, o obxectivo que presenta maiores esforzos dende a *Conservancy*. De feito esa apropiación, por ser algo intanxible, é máis difícil de conseguir se a poboación non ve elementos ao seu redor que lle repercutan positivamente.

Como di esta entrevistada, os beneficios son importantes para xerar unha visión positiva da figura, tanto os tanxibles coma os intanxibles:

Ao que tamén mirei foi ós beneficios tanxibles: diñeiro, carne, turismo, ingresos que teñen directamente da vida salvaxe, que se poden medir. E despois mirei ós beneficios intanxibles, por exemplo, se a vida salvaxe os facía felices, patrimonio para os nenos, así que tamén intentei centrarme en outros beneficios, non só financeiros. E foi interesante ver os beneficios intanxibles. Tiñan unha influencia grande con respecto ás actitudes. O que tamén ten sentido. [Salambala6]

As palabras deste actor concordan coas respostas dadas previamente pola poboación local:

O nivel de vida na nosa xente mellorou. E dende a formación da conservancy estanse beneficiando máis. Hai menos problemas. [Salambala4]

En primeiro lugar hai que destacar que non se pretende alterar o funcionamento das comunidades locais para obter eses beneficios, fálase simplemente de mellorar a xestión.

Creo que xeralmente están engadindo beneficios ao que as comunidades veñen facendo. A Conservancy non está para cambiar os estilos de vida da poboación local. A Conservancy non diría parade de facer a vosa maneira tradicional de facer as cousas e pasádevos á conservación. É un beneficio engadido. [Salambala1]

Só se busca axudar á poboación a mellorar a súa calidade de vida apoiándose nunha mellor xestión dos recursos naturais.

A Conservancy non é só conservación, tamén trae desenvolvemento á comunidade a través de calquera servizo prestado que queira traballar coa comunidade nesa área. [Salambala2]

E esa calidade de vida implica melloras económicas, pero tamén no medio ambiente:

Non sei a forma en España, pero a Conservancy son beneficios financeiros. Se as comunidades forman unha Conservancy é para coidar a natureza. É tamén moi importante porque un, coidas a fauna. A fauna non só é elefantes, rinocerontes ou leóns. A fauna é cada organismo vivo. Bolboretas, paxaros. Pode ser bosques, pode ser terras inundables que proporcionan áreas para descansar, áreas onde a xente pode ir e relaxarse. Tamén unha boa atmosfera. (...) Bo para o medio ambiente. Un bosque limpo, limpa o medio ambiente. [Salambala2]

Así, ligar o coidado e protección da fauna á obtención de beneficios é un xeito de facer visible que o incremento do volume de animais permite mellorar a calidade de vida das persoas, e crear conciencia de que o aumento da fauna é máis positivo que a súa desaparición, vendo que coidar implica gañar a medio e longo prazo, fronte á caza ilegal que só xera ingresos a curto prazo.

Así que o que a Conservancy trae é o beneficio da fauna coa que vivimos dentro da área da Conservancy. Mesmo se non formas parte da Conservancy, tamén tes esa fauna, pero non terás ningún beneficio. Entón, o asunto para eles, cando forman unha Conservancy, é que saben como demandar beneficios chegando a acordos con calquera que teña unha empresa de turismo. [Salambala2]

Eses beneficios poden visualizarse de moitos xeitos, como por exemplo:

- Empregos

A Conservancy tamén crea oportunidades de traballo. A xente traballa nos seus lodges, a xente traballa no uso sustentábel e tamén hai gardas que están agora patrullando, xente na oficina. [Salambala2]

- Diñeiro

6.3. Análise convencional

Diñeiro que se reinveste na *Conservancy*, derivado das actividades que nela se realizan, ben sexa caza, turismo ou subvencións.

E tamén ven eses beneficios a través das oportunidades de traballo e do diñeiro gastado dentro desas Conservancies. Tamén o diñeiro é unha proba de que mellora a economía desa área. Por exemplo se a Conservancy fai un millón namibio de dólares, ese millón é gastado principalmente pola xente desa área. [Salambala2]

- Diñeiro para solventar problemas coa fauna

Diñeiro que tamén se emprega para compensar as posibles perdas derivadas desa protección.

Hai unha cantidade de diñeiro que se paga aos granxeiros se perden o seu gando, danos nos cultivos, ou alguén é asasinado pola vida salvaxe. Unha certa cantidade, pero non é equivalente á perda. Pero non o chamamos compensación, chamámolo contrarrestar (...). Intentas equilibrar as perdas individuais dende os beneficios xerais. [Salambala2] Porque antes da Conservancy, cando a súa comida era destruída non tiñan completamente nada, pero agora cando é destruída, tes algo. Hai unha compensación. Ou cando lle matan o gando. [Salambala4]

- Educación e sanidade

Beneficios que se ven na mellora da educación, con novas escolas ou bolsas para estudantes cuxas familias non poden permitirse facelo por si mesmas.

Tamén para os estudantes. Os que o fixeron mellor e que son dunha familia que non os pode axudar a estudar, non a todos, dámoslle, axudámolos. Tamén facemos informes. Se alguén de noite está moi enfermo ou é unha persoa maior, ofrecemos transporte ao hospital. E incluso nos enterros ou funerais, se non teñen transporte. [Salambala4]

- Outros investimentos

Así como inversións en actividades de concienciación da necesidade de protexer o territorio:

Facer campañas de limpeza co noso medio ambiente. Limpamos a zona de auga aquí, e as escolas. Implicamos este ano 10 escolas e intentamos limpar a área total. Todas esas cousas son beneficio. [Salambala4]

En definitiva, créase un círculo que xera beneficios para a poboación e o territorio. E a poboación, ela mesma, inviste en proxectos que xeren valor engadido e melloren a calidade de vida.

Podo dicir que este edificio foi construído cos beneficios que foron xerados pola caza. Tamén ese hostal. [Salambala4]

Ou:

Temos 930km e 90 aldeas e as que están ao redor de Salambala. Cando utilizamos a distribución de beneficios, se damos 10 dólares, dámoslos a cada área. Non os podemos dar a cada persoa individual. Os nosos plans son que cando damos distribución de beneficios a certas comunidades. Normalmente utilizámoslos para animalos a facer proxectos viables. Que se poden ver ou tocar nas súas áreas. [Salambala3]

Así, aínda que parece complexo, a idea final podería resumirse nunha suma de beneficios que se van apoiando como capas, uns sobre outros. O feito de volver ter dereitos sobre a fauna, fai que se sinta máis en propiedade. Ao valorarse, coidase máis e como resultado dese coidado, aumenta o volume. É ese incremento e esa maior preocupación a que se emprega como estratexia de desenvolvemento, establecendo actividades paralelas como o turismo e a caza, que acaban xerando beneficios económicos, postos de traballo e infraestruturas como resultado desa unión e mellor xestión.

6.3.3.6. Apropiación

A evolución do número de conservancies é indicativo do éxito deste programa. Con pouco máis de 20 anos de existencia, e tendo en conta que é unha adhesión voluntaria das comunidades locais, as cifras de espazos multiplicáronse por 20, o

6.3. Análise convencional

que supón un ritmo de crecemento de 4 espazos protexidos novos deste tipo por ano.

Empezamos 3 ou 4. Agora temos 82 ou 83 por todo o país. [Salambala1]

O seu incremento implica un maior control do territorio e da fauna por parte da poboación local. E, para o control e apropiación fose algo máis que material, foi preciso seguir varios pasos. O primeiro foi algo do que xa falamos, que a comunidade se sentise beneficiada.

Primeiro, darlle máis control. Segundo, aumentar beneficios. Os beneficios son verdadeiramente secundarios. A primeira cousa é a de deixarlles ter control, algo ao redor do orgullo. Esta é a nosa área. Penso que as primeiras conservancies movíanse por iso, non se movían por diñeiro. [Salambala5]

Empregar proxectos piloto resultou fundamental. Houbo un efecto contaxio que propiciou que outras comunidades quixesen ter o seu propio espazo protexido.

Se algo é bo, a xente sempre quere formar parte. Se ti ves, si. A xente está xestionando a súa vida salvaxe, e estanse beneficiando. Tes o mesmo e non nos estamos beneficiando, anima aos outros a ter unha Conservancy. Así podes tamén xestionar e beneficiarte diso. [Salambala1]

As comunidades buscan sentirse partícipes, ver que teñen beneficios e que toman decisións. E iso conséguese con procesos participativos nos que se lles dá voz, así como dándolles responsabilidades de xestión. Ámbalas ideas fan que se apropien dos seus valores e do que a *Conservancy* representa.

20 anos atrás cando íamos a unha Conservancy e había un conflito coa fauna salvaxe: eran eles contra nós. Estábamos nunha reunión e dicían. Son os vosos elefantes, dádenos o diñeiro, son os vosos leóns. Iso realmente reverteuse ao que é a propiedade agora. E a razón pola que senten esa propiedade é porque poden ver o valor. [Salambala1]

E como xa se mencionaba no Quercy, implica tempo, pois non é algo que se consiga simplemente cunha nova lei ou repartindo diñeiro.

Leva tempo. E leva moito traballo. [Salambala1]

E na mesma liña:

Síntome moi orgullosa, porque moita xente chega a ver as cousas agora. Pero para os que o fixemos, non é algo que poidas fixar en 2 anos. Non é algo que poidas fixar en 5 anos. E podo contarche que incluso despois de 20 ou 24 anos, aínda vexo retos. [Salambala1]

Non só é cuestión de tempo, senón tamén de ter capacidade para adaptarse a diferentes situacións e diversos públicos, ser adaptativos. Por iso coñecer o medio e os actores locais é fundamental, así como organizar eventos nos que se poñan en común ideas, obxectivos, temores, etc, para buscar intereses e obxectivos comúns.

Tes que traballar sobre elas constantemente e necesitas ser moi adaptativo. Non podes dicir, ok, vamos manter isto así. [Salambala1]

Hai que ser adaptativos porque cada sociedade é diferente, mesmo cada comunidade:

O que puidiches aprender é que non hai só unha cousa que se axusta. Tes que enfrontarte a tantas ideas diferentes. [Salambala1]

Nesa apropiación faise visible o cambio en relación coa fauna salvaxe, que só daba problemas e agora dá beneficios é algo fundamental. O cambio de percepción é imprescindible para entender o éxito.

Tamén reduce a caza ilegal. Porque tes unha boa relación cos parques. Unha boa relación cos veciños. Se te beneficias da fauna salvaxe ti tamén intentas xestionar a fauna salvaxe. Se sae fóra do parque nacional e vai ás súas zonas de conservación, nas súas zonas comunais, intentan controlar porque saben que poden ter beneficios. Pero en caso de que a xente non se beneficie, matarán parte desa vida salvaxe. [Salambala2]

E na mesma liña vai esta idea da presenza histórica dos animais, asociados á cultura existente, á identidade tradicional do territorio, ligándoos agora co futuro

6.3. Análise convencional

e coa mellora da calidade de vida.

O que é increíble con Salambala é que hai 20 anos, antes de que a Conservancy fose establecida, os animais en Chobe ían ata o río e paraban alí. De vez en cando tes elefantes vindo, pero non era o tipo de movemento que ti ves agora. Así que o que se necesitaba era que a xente quixese tolerar a vida salvaxe e reducir o furtivismo, a caza ilegal. E con iso os animais volveron. E hai un estudo que pode ensinarche da migración da cebra. Sóache? Esas cebras que veñen a través de Chobe e despois entran en Salambala. E despois en Luzeze, Icalo. Esas Conservancies. E cada ano móvense máis e máis lonxe (...). Non é a migración máis grande das cebras, esa é aínda a do Serengetti, pero é a máis longa. As cebras viaxan miles de quilómetros ata o Zambezi e volven. Normalmente van ata a fronteira de Salambala. O ano pasado entraron en Luzeze tamén. E agora tivemos unha reunión en Ziconga a semana pasada. E dicían que o seu soño era que as cebras volvesen porque hai algúns anciáns que recordaban que adoitaba haber cebras alí. E diso fai moitos anos. [Salambala5]

Outro factor que igualmente se revelou importante no proceso de apropiación é o nome elixido para a figura. Elixir unha nomenclatura que xa existise e tivese unha imaxe mental na poboación local é fundamental, xa que diminúe o sentimento de imposición ante o novo ente, pois facilita que a poboación a sinta coma súa. Esta é a explicación do nome de Salambala.

Debemos dicir de Salambala que o nome vén dunha parella. O home era Bala e a muller Sala. Xuntaron os nomes en Salambala. A Chaira de Salambala. (...) E decidiron chamarlle Salambala Conservancy. [Salambala3]

Tamén foi fundamental a lexislación mencionada nun punto anterior, pois supón un impulso para a construción da identidade, ao ter unha normativa sobre a que apoiarse e que postula unha mesma visión. Así como que os diferentes actores presenten un mesmo discurso favorecendo a unión entorno a un proxecto. Ter un único discurso implica facer máis visible a mensaxe, mellorar a comunicación e a

transmisión de información.

Estamos todos conectados a través de NACSO. Tendo esa organización en rede e tendo numerosas organizacións todas coa mesma visión, traballando xuntos e cerca. Nós non competimos (...) se vas a unha comunidade e dis isto é IRDCN, isto é WWF, isto é NACSO. Para eles todos estamos dando soporte á mesma cousa. [Salambala5]

Unha apropiación que se pode resumir como un proceso de construción a través da participación diferentes actores, unha estratexia secuencial e a través da poboación local, e como se resume nesta entrevista, un conxunto de capas que se van superpoñendo.

Penso que o excitante deste programa é que implica, é que o vexo como un conxunto de capas que empezou con dar dereitos sobre a caza deportiva. Despois veu o turismo (e os seus beneficios). Unha capa máis sobre iso. [Salambala5]

En resumo, constrúese unha identidade sobre a base da fauna salvaxe e o seu aproveitamento. A poboación, tomando decisións e vendo que obtén beneficios, asume con maior facilidade os valores que se desprenden dende o parque, pois participan da súa implantación, sendo os beneficios algo clave para visibilizar a necesidade de protexer.

6.3.3.7. A caza: unha actividade regulada

Este é quizais o elemento que *a priori* pode resultar máis difícil de entender por parecer contrario á protección da natureza, pero baixo este sistema e regulándoa, Namibia foi quen de incrementar a poboación de fauna salvaxe nos últimos 20 anos, sendo unha excepción no continente africano. Resulta especialmente significativo que este incremento non se circunscribe só aos espazos protexidos en si mesmos, senón que se expande fóra dos seus límites.

A preocupación polos animais e o descenso da caza ilegal está asentada nos seus discursos. Aceptar a caza selectiva na que despois de seren formados, os xestores elixen os animais abatibles, non só fai que se eliminen os individuos menos valiosos, senón que os beneficios da actividade repercuten incrementando os ingresos da comunidade. A isto únese a contratación das persoas que asisten

6.3. Análise convencional

aos cazadores, así como aqueles gardas que vixían ao longo de todo o ano que non se haxa episodios de caza ilegal ou os traballadores dos establecementos nos que se aloxan, converténdose nunha verdadeira industria.

Por unha banda, os impulsores das *Conservancies* tamén son conscientes das críticas externas.

